



CENTRO RAMÓN PIÑEIRO

PARA A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES

*A cera que vai... Andar no tren...
a cera. Andar mal do tellado. Andar no tren que...
do pan de millo. Botar pan ó caldo. C...*

CADERNOS DE FRASEOLOXÍA GALEGA

8

2006

ISSN 1698-7861

Santiago de Compostela

*de dubiaas a... Ser da primeira apañada...
nitas que poñen fóra. Ser da primeira apañada...
de cocer en branco. Ser un can me...*

XUNTA DE GALICIA

Edita Xunta de Galicia
Secretaría Xeral de Política Lingüística
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Secretaría Xeral de Política Lingüística

MARÍA SOL LÓPEZ MARTÍNEZ

Coordinador científico do CIRP

MANUEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ

Director Técnico de Lingüística

GUILLERMO ROJO SÁNCHEZ

Estrada Santiago-Noia, Km.3. A Barcia. 15896 Santiago de Compostela.

Tfno. +34 981 542 684 Fax. +34 981 542 553

Enderezo electrónico paremias@cirp.es
<http://www.cirp.es>

Autor Varios

Título *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 8

ISSN: 1698-7861 (Cadernos de Fraseoloxía Galega)

ISSN: 1698-787X (Biblioteca fraseolóxica do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades)

D.L. VG-1302-2004

Imprime: Grafínova, S.A.



CADERNOS DE FRASEOLOXÍA GALEGA 8

2006

XUNTA DE GALICIA

CADERNOS DE FRASEOLOXÍA GALEGA

Director: Xesús Ferro Ruibal
Secretaria: María Álvarez de la Granja

CONSELLO CIENTÍFICO

María Álvarez de la Granja (Universidade de Santiago de Compostela)
Javier Calzacorta Elorza (Euskaltzaindia. Real Academia de la Lengua Vasca)
Maria Conca i Martínez (Universitat de València)
Xermán Conde Tarrío (Universidade de Santiago de Compostela)
Gloria Corpas Pastor (Universidad de Málaga)
Xosé María Gómez Clemente (Universidade de Vigo)
Luís González García (Universidade da Coruña)
M^aIsabel González Rey (Universidade de Santiago de Compostela)
Ángel Iglesias Ovejero (Université d'Orléans)
Joan Martí i Castell (Institut d'Estudis Catalans)
Carmen Mellado Blanco (Universidade de Santiago de Compostela)
Valerii Mokienko (Sankt-Peterbúrgskii Gosudárstvennii Universitet)
António Nogueira Santos (Portugal)
Fernando Varela Iglesias (Universität Wien)
Alberto Zuluaga Ospina (Universität Tübingen)

CONSELLO DE REDACCIÓN

Xesús Ferro Ruibal
Leopoldo Cañizo Durán
Ana García Lozano
Carme López Taboada
Ramón Anxo Martíns Seixo
María do Rosario Soto Arias
Cristina Veiga Novoa
Beatriz Vizcaino Pena

Cadernos de Fraseoloxía Galega, revista de investigación fraseolóxica, está redactada en lingua galega porque, en primeiro lugar, pretende estimular a recolla e investigación da fraseoloxía galega e da fraseoloxía universal en Galicia; pero tamén porque forma parte dun proxecto social de normalización da lingua propia de Galicia. Importantes fraseólogos de Europa e de América colaboran xenerosamente neste proxecto de ecoloxía lingüística publicando en galego traballos inéditos nesta revista, que chega xa gratuitamente á cincuenta dos máis importantes fraseólogos do mundo e, en intercambio, a tódalas bibliotecas universitarias de España e Portugal. Chegará tamén a tódalas outras bibliotecas universitarias que o soliciten en intercambio. Os números anteriores, xa esgotados, poden baixarse íntegramente en formato PDF da Rede en <http://www.cirp.es/cdn/index.html>.

Cadernos de Fraseoloxía Galega, revista de investigación fraseolóxica, está redactada en lingua gallega porque, en primer lugar, pretende estimular la recogida e investigación de la fraseología gallega y universal en Galicia; pero también porque forma parte de un proyecto social de normalización de la lengua propia de Galicia. Importantes fraseólogos de Europa y de América colaboran generosamente en este proyecto de ecología lingüística publicando en gallego trabajos inéditos en esta revista, que ya llega gratuitamente a cincuenta de los más importantes fraseólogos del mundo y, en intercambio, a todas las bibliotecas universitarias de España y Portugal. Llegará también a las demás bibliotecas universitarias que lo soliciten en intercambio. Los números anteriores, ya agotados, pueden descargarse íntegramente en formato PDF de Internet en <http://www.cirp.es/cdn/index.html>.

Cadernos de Fraseoloxía Galega, review of phraseological research, is edited in Galician language, firstly because it aims at promoting the collection and research of both Galician and universal phraseology in Galicia, but also because it is part of a social project of normalization of the autochthonous language of Galicia. Important European and American phraseologists generously contribute to this project of linguistic ecology by publishing unpublished works in Galician in this review, which is already received at no cost by fifty of the most important phraseologists in the world and, as an exchange, by all Spanish and Portuguese university libraries. It will also be received by those university libraries which apply for it in exchange. The previous numbers, already sold out, can be entirely downloaded on PDF format from the Internet at <http://www.cirp.es/cdn/index.html>.

Presentación

O oitavo volume de *Cadernos de Fraseoloxía Galega* conta con oito estudos taxonómicos ou fraseográficos entre os que se inclúen: *Entón, zé unha colocación ou non?: análise contrastiva das colocacións*, de Margarita Alonso Ramos; *Tesouro de fraseoloxía como problema semántico e lexicográfico*, de Anatolij Baránov e Dmitrij Dobrovol'skij; *Significacións gramaticais e sentidos colocacionais: ¿máis ca unha simple coincidencia?*, de Xavier Blanco Escoda; *O acrónimo fraseolóxico*, de Mario García-Page e *Problemas relacionados coa determinación da forma “canónica” nunha base de datos de refráns franceses (DicAuPro)*, de René Klein.

A comparación bilingüe está presente co traballo de Antonio Nogueira Santos (*Fraseoloxía comparada portugués-inglés: ‘cão/gato’ – ‘dog/cat’*); as cuestións da implicitación e implicación volven con datos de Ana Acuña (*Relacións entre a literatura popular e a fraseoloxía. Novas achegas*); e para a didáctica M^a Isabel González Rey enfoca o tema da presenza da fraseoloxía no Marco común de referencia (*A fraseodidáctica e o Marco europeo común de referencia para as linguas*).

Na sección de recadativas ofrécese un corpus que organiza ideoloxicamente mais de 9.000 *Locucións e fórmulas comparativas ou elativas galegas*, de Xesús Ferro Ruibal. Segue a edición dun manuscrito menor do gran paremiólogo galego Vicente Llópiz (*‘Paremijs selectas’. Un manuscrito bonaerense (1956) de Vicente Llópiz Méndez*) en edición de Xesús Ferro Ruibal e de Cristina Veiga Novoa. Remata esta sección coas *Frases feitas do Cachafeiro (Forcarei)* de Margarita López Barreiro.

A sección de recensións analiza catro obras. Carmen Mellado analiza *Fraseoloxía contrastiva. Con exemplos tomados del alemán, español, francés e italiano*, de R. Almela, E. Ramón e G. Wotjak. Cristina Veiga reseña *Figurative Language: Cross-cultural and Cross-linguistic Perspectives*, de Dmitrij Dobrovol'skij e Elisabeth Piirainen. Leopoldo Cañizo Durán dá conta da obra colectiva *La creatividad en el lenguaje: colocaciones idiomáticas y fraseología*, da que foron promotores e editores J. Luque Durán e D. Pamies Bertrán. Por último, Xesús Ferro Ruibal dá noticia de *Proverbs: a handbook*, de Wolfgang Mieder.

Esta última sección complétase coa de NOVAS na que se dá noticia de libros e artigos chegados á Redacción, do contido do número de *Proverbium* deste ano e mais do Congreso

Internacional de Fraseoloxía en Compostela, que se abre nos días en que este número de CFG sae á rúa.

Neste número están representadas as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo; a Autónoma de Barcelona, a UNED; a Universidade Católica de Lovaina en Bélxica, a Universidade Estatal de Moscova e a Academia Rusa das Ciencias. Ademais, conta coa colaboración do fraseólogo portugués Antonio Nogueira Santos, e, naturalmente, dos investigadores do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (Santiago de Compostela).

Cadernos de Fraseoloxía Galega agradece as colaboracións recibidas e mailas que xa se anuncian e agradece tamén a atención con que a reciben diferentes investigadores e Universidades de Europa e América. E, como os números anteriores xa están esgotados, informa que se poden baixar íntegros en formato PDF da nosa páxina na Rede <http://www.cirp.es/cdn/cfg/cfg.html>.

As colaboracións para o vindeiro número deberán estar na Redacción antes do 30 de abril do 2007. Como a conversión de formatos entre diferentes procesadores de texto non sempre é doada, CFG solícítalles ós futuros colaboradores que se atean estritamente ás normas de estilo, que se inclúen ó final deste número (pp. 365-366).

O Consello de Redacción

Índice

ESTUDOS	11
ACUÑA, Ana. <i>Relacións entre a literatura popular e a fraseoloxía. Novas achegas</i>	13
ALONSO RAMOS, Margarita. <i>Entón, ¿é unha colocación ou non?: análise contrastiva das colocacións</i>	29
BARÁNOV, Anatolij e DOBROVOL'SKIJ, Dmitrij. <i>Tesouro de fraseoloxía como problema semántico e lexicográfico</i>	45
BLANCO ESCODA, Xavier. <i>Significacións gramaticais e sentidos colocacionais: ¿máis ca unha simple coincidencia?</i>	95
GARCÍA-PAGE, Mario. <i>O acrónimo fraseolóxico</i>	111
GONZÁLEZ REY, M ^a Isabel. <i>A fraseodidáctica e o Marco europeo común de referencia para as linguas</i>	123
KLEIN, Jean René. <i>Problemas relacionados coa determinación da forma «canónica» nunha base de datos de refráns franceses (DicAuPro)</i>	147
NOGUEIRA SANTOS, Antonio. <i>Fraseoloxía comparada portugués- inglés: cão/gato-dog/cat</i>	165
RECADÁDIVAS	177
FERRO RUIBAL, Xesús. <i>Locucións e fórmulas comparativas ou elativas galegas</i>	179
FERRO RUIBAL, Xesús e VEIGA NOVOA, Cristina. <i>'Paremijs selectas'. Un manuscrito bonaerense (1956) de Vicente Llópiç Méndez</i>	265
LÓPEZ BARREIRO, Margarita. <i>Frases feitas do Cachafeiro (Forcarei)</i>	317

RECENSIONES.....	329
ALMELA, R., RAMÓN, E. E WOTJAK, G. (eds.): <i>Fraseología contrastiva. Con ejemplos tomados del alemán, español, francés e italiano.</i> Por Carmen Mellado Blanco.....	331
DOBROVOL'SKIJ, D. e PIIRAINEN, E.: <i>Figurative Language: Cross-cultural and Cross-linguistic Perspectives.</i> Por Cristina Veiga Nova.....	334
LUQUE DURÁN, J. de D. e PAMIES BERTRÁN, A. (eds.): <i>La creatividad en el lenguaje: colocaciones idiomáticas y fraseología.</i> Por Leopoldo Cañizo Durán.....	337
MIEDER, Wolfgang: <i>Proverbs: a handbook.</i> Por Xesús Ferro Ruibal..	340
NOVAS	343
<i>Congreso Internacional de Fraseoloxía e Paremioloxía.....</i>	345
<i>Libros, separatas e revistas recibidas na Redacción.....</i>	352

Relacións entre a literatura popular e a fraseoloxía. Novas achegas

Ana Acuña¹

Universidade de Vigo

Neste artigo pretendemos mostrar as relacións entre determinados xéneros da literatura popular e algunhas unidades fraseolóxicas.

Palabras clave: fraseoloxía, literatura popular.

We aim to show in this paper the connections between certain types of folk literature and some phraseological units.

Key words: phraseology, popular literature.

1. Introducción

En traballos anteriores aproximámonos ás relacións entre distintos xéneros da literatura popular. Por unha banda, ocupámonos (Acuña 1999) dos xéneros que puideron crear ensalmos, isto é, das cantigas, romances, contos, oracións, refráns, xogos ou outras formas de poesía popular que acabaron usándose como recitados con función terapéutica. Por outra, conectamos (Acuña 2006) contos, cantigas, refráns e ditos a través do motivo da “cepa torta”.

Nas páxinas que seguen imos deternos en dous xéneros da literatura popular (conto e romance) estreitamente vinculados con unidades da fraseoloxía (fórmulas, locucións e refráns).

¹ A autora desexa agradecer a axuda dos profesores M^a Álvarez de la Granja, X. Ferro Ruibal, J. L. Garrosa Gude e R. Martíns Seixo, e tamén do Museo de Pontevedra, que nos permitiu consultar o valioso material do médico J. Casal y Lois.

Seguindo os estudos de V. Mokienko e do profesor X. Ferro, a relación entre a literatura popular e a fraseoloxía pode considerarse como de implicitación ou explicitación, é dicir,

a compresión da fábula en proverbio, do proverbio en locución e da locución en palabra (fenómeno que el denomina implicación), e o proceso inverso da dilatación da palabra en locución, da locución en proverbio e deste en fábula (que denomina explicitación). (...) Implicidade é a tendencia do fraseoloxismo (e tamén de fábulas, proverbios e semellantes) á diminución do número dos compoñentes ata quedar nun só lexema (...) Explicitidade é a tendencia do fraseoloxismo (e tamén dun só lexema) ó aumento da cantidade dos compoñentes. (Mokienko 2000: 14)

Tendo en conta as dificultades para distinguir se estamos diante dunha implicación ou dunha explicitación, X. Ferro (2004: 72) indica que é “doado detectar que se trata de implicación, cando nun lugar de Galicia detectámo-la forma plena e noutros só se usa a forma comprimida co consabido aumento de desmotivación que a achega á arbitrariedade do signo lingüístico”.

Isto é o que puido ocorrer cos exemplos que imos expoñer neste artigo, pois os nosos informantes² só coñecen a unidade fraseolóxica e non son conscientes do elo coa literatura popular.

2. Do conto á unidade fraseolóxica

“No remate dun bo número de contos populares en galego atópase un refrán que alude ao que se vén de narrar ou resume o seu significado” (Blanco 2000: 220), por iso é habitual que os contos, por un proceso de implicación, permanezan en unidades fraseolóxicas.

A miúdo só se coñece un dos extremos: ou ben a unidade fraseolóxica ou ben o conto. Dado que os nosos informantes só saben do fraseoloxismo, citaremos primeiro este para despois buscar a súa filiación na literatura popular.

2.1. *Morte negra vaite ó forno*

Morte negra vaite ao forno ou *morte negra* é unha unidade fraseolóxica empregada actualmente para referirse a aquelas persoas (sobre todo nenos) ou animais que non fan cousas do noso agrado. Segundo a nosa informante, é unha “palabra para que [alguén] marche”.

En galego esta fórmula carece de extensión³ e só a atopamos no concello de Marín. Con todo, consérvanse en castelán variantes da expresión dende G. Correas (1627: 326):

² Todos eles naturais do municipio de Marín (Pontevedra).

Muerte pelada, acá está mi marido tras la cama
La muerte pelada, tras la puerta cata
Muerte pelada veis allí a mi marido detrás de la albarda.

Ata o famoso artista J. Sabina (*Los Andes On Line*, 24 de abril de 2004) declaraba sobre unha droga “ni probarla, es la muerte pelada”.

Repárese nos adxectivos que acompañan á morte. Estes explícanse recorrendo ao conto cuxas versións, como veremos, atenden a diversidade de cualificativos segundo a morte teña aparencia de galiña negra ou pelada.

2.2. O conto

A unidade fraseolóxica *morte negra vaite ao forno* é a frase final dun conto do tipo AT 1354 (Aarne e Thompson 1995: 236). Este narra “a morte do vello matrimonio. A muller co esposo enfermo: -Que a morte me leve a min, e non a el. Cando a morte chega sinálalle o esposo.”

Aínda que nós non o escoitamos entre os nosos informantes marinenses, o conto mantense vivo tal e como se recolle nas colectáneas de C. Noia (2002), L. Carré (1968) e L. Prieto (1958). Reproducimos as versións máis recentes, coñecidas como “morte ao forno” (Noia 2002: 287-289):

Había na miña terra un matrimonio, el chamábase Andrés e ela Marica. Andrés quixo saber se Marica lle quería, e un día díxolle:

-Marica, eu vou morrer e ti quedas soa. ¿Ti hasme de gardar luito ou haste de enguedellar con outro?

-¿Que cousas dis, Andrés! ¿Por que vas morrer? Ti aínda es novo.

-Si, Marica, si, eu vou morrer. Seino certo.

-¿E logo que viches?

-Vin a Santa Compañía enriba da porta ont´á noite cando viña prá casa.

-¿Riba da porta? Logo, ou virán por ti ou virán por min.

-¿Non, muller, non! Era por min, porque meu compadre do Outeiro que iba ca Santa Compañía sinalou cara min e dixo non sei qué cousa.

-Pois, mira: vaste agochar no forno, e cando veña a morte eu dígolle que non estás na casa.

-Dacordo, Marica.

Pro el foi pilla-lo galo negro que estaba no galiñeiro e foino mollar ben mollado nun regato qu´había tras da casa. Deixouno alí, veu e meteuse no forno. Cando o galo chegou á porta da casa naquela estrana figura, Marica pensou que era a morte e empezou a berrar:

-¿Morte negra, vaite ó forno! ¡Morte negra, vaite ó forno!

³ En Gondomar (parroquia de Vilaza), segundo información que recolle X. Collazo Pazó e que nos transmite R. Martíns Seixo, existe a unidade *Morte ao forno, que alá está Xoán* co significado de ‘o que nos faltaba’, ‘que parvada me estás a contar’.

(Vilar de Banzas, Serra de Outes, A Coruña. Isolina Campos de 76 anos en 2000)

Noutras versión a morte denomínase “morte pelada”:

Era un matrimonio que se quería moito, pero a muller que sempre lle decía ó home que quería ela morrer diante. E el que decía:

-Bueno, pois e..., teño que saber se é verdá ou se non é verdá que queres morrer diante, vamos a ver.

E un día que lle dixo:

-Esta noite vén a morte, disque buscarnos ou a ti ou a min.

E ela que lle dixo:

-Pois, mira, a morte disque é así da feitura dunha galiña, e disque é tamén pelada. E mira, pra que non nos encontre, non imos ir para cama.

E ela que lle dixo:

-¿E logho como imos facer?

E que lle dixo:

-Pois ti vas pró poleiro das ghaliñas e eu vou pro forno.

Cada un vai pró seu sitio. E or dous caladiños, a ver se así non os encontran.

E a ghaliña, que xa estaba bastante esplumada, el aínda a esplumou máis.

Pero, claro, despois el foi pró forno e ela mandouna pró poleiro das ghaliñas.

Pero a ghaliña iba po poleiro, que non iba para o forno. E ela, ó que veu que a morte que iba pra onda ela, que lle decía:

-¡Morte pelada, catá no forno que aquí non hai nada!

E despois el que lle dixo:

-Bueno, e esa era a que quería morrer diante de min... ¡Mira, mira como a manda pra o forno!

(Filgueira – Cerdedo, Pontevedra. Manuela Simal de 84 anos en 2001)

En Portugal (Da Silva Soromenho 1986: 72) localízase o conto coa mesma designación da morte como “pelada”⁴:

Duma ocasião era uma mulher, que estava casada com o marido e depois dizia prò marido:

-Ai homem, eu quero-te tão bem, eu quero-te tanto que nem calculas o bem que eu te quero! Se algum dia vier a morte, que venha e leve-me a min e fiques tu cá!

O homem –ela andava sempre com aquela cantiga, sempre a dezer aquilo- o home, um dia:

-Deixa estar, que eu hei-de saber se isso é verdade!

Agarrou um peru! Quando foi à noute, agarrou um peru e depenou o peru vivo.

Tirou as penas todas ao peru vivo e pôs-se atrás da porta, ali coiso. E dantes, entigamente, os homens tinham uma besta e botavam a albarda debaixo da

⁴ Non obstante, non se coñece a expresión final na fraseoloxía lusa.

mesa grande. Despois ele botou o peru detrás da porta, depenado vivo e foi-se meter debaixo da albarda.

-Ai, eu, que não sei o qu'ali vem –assim a fugir com medo- ai, eu, que não sei o que ali vem!

Daí a nada, o peru vem aos trambulhões cá prò meio da casa. Ela estava ao pé do lume, assim como alí está a minha parenta:

-Ai, morte pelada, não me leves a min! Leva aquele que está além debaixo da albarda!

(Portalegre)

A literatura en lingua castelá (Agúndez García 2004: 39-50) móstranos máis variedade na adxectivación da morte. Esta, á parte de pelada, pode ser “amarga”⁵:

Otro dice que quería mucho... Una mujer que quería mucho al marido. (...) dice que una quería mucho al marido-, y le decía:

-Ay, hijo de mi alma. Si tú te fueras a morir un día y yo viera la muerte venir, yo me ponía delante.

Decía:

-Pues entonces muy bien, hija. ¡Ay que ver lo que me quiere mi mujer! Dice que como yo me fuera a morir, que se ponía ella delante, y que nada, que no, que la muerte no llegaba a mí.

Bueno. Pues un compadre va y le dijo que iba a venir la muerte. Y entonces ella cogió y le dijo al marido:

-Tú te metes en ese arcón –un arcón grande que había.

Se metió en el arcón. Dice:

-Pues esta noche viene la muerte por mí ya.

Dice:

-Pues ahí te quedas, encerradito ahí.

Pero el compadre le metió un pollo pelado por la puerta, con una luz en la cabeza. Y el pollo: “¡Ahhh...!” , por toda la casa. Y le decía ella:

-¡Ay muerte amarga, mi marido metido en el arca!”

(El Palomar-Paradas)

Desta pequena mostra xorde un interrogante: por que na unidade fraseolóxica galega triunfaría o modificador “negra” fronte a “pelada”?

O adxectivo “negra” unido á morte, tal e como aparece na fórmula recollida en Marín, designou un dos andazos máis graves de todo o mundo: a peste bubónica ou peste negra. Aínda que se sitúa no século XIV, a visión no século XIX continuaba sendo terrorífica: “La peste bubónica, la peste negra, es, sin disputa, la enfermedad epidémica más terrible de todos cuantos azotes han diezclado al género humano desde tiempo inmemorial. La antigüedad de este mal es remotísima.” (*Diario de Pontevedra*, 17 de agosto de 1899).

⁵ Rodríguez Marín (1926: 312) engade “[Muerte] canina [ahí está mi marido detrás de la cortina]”.

Dado que esta pandemia se reflectiu nas manifestacións artísticas e literarias, sería a experiencia da doenza a que influiría na denominación da morte como “negra” no conto e na unidade fraseolóxica? Sexa como for, o sintagma “morte negra” aparece unido en numerosas cantigas populares. Escollemos unha da *Parroquia de Velle* (1936: 295):

*Eu ben vin estar á morte
n-un parral comendo uvas
Vaite de ahí, morte negra,
desamparo das viudas.*

E mesmo se descobre en *Follas Novas* (Castro 2004: 699):

*Morte negra, morte negra,
cura de dores e engaños:
¿por qué non máta-las mozas
antes que as maten os anos?*

A morte negra, irmá da morte branca, é aquela que non avisa pero a que vén facer o seu traballo verdadeiro e inexorable (Reigosa 1999: 116-118). Por iso, o lugar ao que se quere enviar a morte na fórmula *morte negra vaite ó forno* non é arbitrario. En efecto, o forno é o lugar curativo por excelencia da medicina popular e nel introducíanse as persoas enfermas para quedar limpas da doenza. “En algunos casos la práctica es arrojar en su interior la ropa o los remedios a los que quedó adherida la enfermedad, que, de ese modo, es destruida” (Mariño Ferro 1985: 163).

3. O romanceiro e a fraseoloxía

As relacións entre os romances e as unidades fraseolóxicas da nosa mostra son, claramente, de implicación. Noutroora, os romances debían estar tan espallados que, con só citar o nome do protagonista, se actualizaba o relato poético. Non era estraño, pois, o trasvasamento de personaxes da literatura popular para a fraseoloxía e mesmo para a literatura “cultura”. Pénsese, neste sentido, nos aleluías (pregos de cores con estampas) que F. García Lorca recuperou para *Amor de Don Perlimplín con Belisa en su jardín*.

Porén, “co paso do tempo a parte implícita vaise esvaecendo na memoria colectiva das novas xeracións e, se alguén rescata a parte omitida, poden resultar dúas unidades xa distintas. A implicación produce un escurecemento e desmotivación da unidade fraseolóxica e este é un feito moi característico do proceso” (Ferro 2004: 72-73), de aí que xa non se relacionen as unidades fraseolóxicas cos romances dos que proceden.

3.1. Do romance de cego á unidade fraseolóxica

Ser máis parvo ca Pichote é unha locución, abondo estendida en Galicia⁶, que designa a unha persoa moi parva. Tamén aparece inserida nos dicionarios fraseolóxicos casteláns e no dicionario da RAE *más tonto que Pichote*.

Pero quen era este Pichote, personaxe de tanta sona noutras rexións de España ata o punto de ser un alcume común e aparecer incluído⁷ entre os “picados del mal de la tontería” (Montoto y Rautenstrauch 1912: 309)?

A resposta atopámola entre os romances de cego que gardaba o médico pontevedrés J. Casal y Lois e que conserva o Museo de Pontevedra. En efecto, entre os seus “cantares de ciego de asunto amoroso” encóntrase unha folla voandeira debuxada e escrita co seguinte texto:

*La boda de Juan Pichote / con su esposa moño al trote
y lo que le sucedió en el primer parto que tuvo*

*Si me escuchan atentos / voy á explicarles,
un chiste muy gracioso / para alegrarlos*

*En una gran boda, / y esto es muy cierto,
salieron nueve cojos, / y veintium tuertos.*

*Era la cocinera / doña Cotorra,
que llevaba unos pelos / como una zorra.*

*Repartiendo los dulces / salió un jiboso,
que llevaba en la jiba / la fuente del Coso.*

*Tan grande era la jiba / que, aunque derecho,
de un jibazo á la novia / la cascó un pecho.*

*Cuatro pucheros viejos / y dos fiambreras,
bailaban en la boda / las habaneras.*

*Mucho vestido blanco, / mucha vasquiña,
y los piojos bailaban / la marusiña.*

*Tocaron el el baile / flautas, violones,
catorce zapateros / con los porrones.*

*El novio por la noche / fué tan zopenco,
que hizo llevar á todos / el cabezuelo.*

*El novio la petaca / con mucho agrado
le dio á la novia y dijo: / -Echa un cigarro*

⁶ Información que debemos ao profesor X. Ferro Ruibal.

⁷ J. de D. Luque, A. Pamies e F. J. Manjón citan Pichote entre os nomes propios (reais ou imaxinarios) “que ilustran la idiotiez” en español . Ademais sinalan paralelos en francés, italiano e inglés (1996: 5).

*La novia le contesta: /-De Monteagudo,
de papel no lo gasto / que fumo puro*

*y cuánto que me gusta, /válgame el cielo,
el día que no fumo / me desconsuelo.*

*La novia al poco tiempo / ya se afligía,
y ansias por la mañana /ella tenía.*

*Dijo el médico que era / un buen hartazo,
que á menudo la dieran / buen jeringazo.*

*Dándola lavativas / soltó tres p..
que mató a la comadre / y á dos horneros.*

*La duró el embarazo / catorce meses,
y por fin parió un chico / cascando nueces.*

*Asistieron al parto / Pedro Pichote,
Don Andrés Culo Roto / con Moño al trote.*

*De las enaguas de ella / al niño le hizo,
una gorra con flecos / para el bautizo.*

*A la iglesia acudieron / nueve muchachos,
á bautizar al niño todos borrachos.*

*Entraron seis peladas / y siete cojos,
Un sordo, nueve tueritos / y diez jibosos.*

*Viendo esta gente el cura, /dejó el hisopo,
y escapó de la iglesia / á buscar otro.*

*Tanto se asustó el cura /que sus sobrinas,
dicen que se ha marchado /á Filipinas.*

*A su casa volvieron /al pobre niño,
á mudarle pañales con gran cariño.*

*Le pusieron un traje /muy arreglado,
con un plumero verde / y otro encarnado.*

*Su abuela le decía /con arte y maña:
-Tú eres el más hermoso / que hay en España.*

*Pareces á tu padre / todo en lo fino,
lo mismo que parece / la leche al vino.*

*Le gastó en los fajeros / cual Don Quijote,
al pobrecito novio / todo su dote*

*Doce varas de lienzo /gastó de pronto,
para hacer un culero / y aun salió corto.*

*De la capa del novio / hizo pañales,
y un gorro para el niño / con cuatro ojales.*

*Le dejó al pobre novio / con gran sonrisa,
con el parto primero / ya sin camisa.*

*Sólo para las presas / gastó lo menos,
veintinueve gallinas / y seis carneros.*

*Y el novio la decía / muy afligido:
-Todo lo de mi casa / lo has concluido*

*Me has vendido la blusa, / manta y calzones,
no vivo más contigo; / y á estas razones*

*le dio un palo su suegra, / con tanto acierto,
que sino es por la ceja / le deja tuerto.*

*A la novia le dieron / dos malas ganas,
y al gato que tenía / le entró tercianas.*

*La madre con la hija / estando solas,
Tenían á menudo / sus merendolas.*

*Comían buenas magras / rico escabeche,
y también les gustaba / café con leche.*

*Al yerno le mandaban / con un pimiento
á trabajar al campo, / siempre contento*

*Y al yerno por la noche / le regañaba,
le hacía un cariñito / y le engañaba.*

*Le decía mañosa: / -Entre estas cestas,
Te guardo un gran puchero / de farinetas.*

*Estoy de noche y día / hilando estopa,
porque pienso muy pronto / comprarte repa [sic]*

*Ciento veinte madejas / tengo ya hilado,
así que está mi cuerpo / ya disipado.*

*De este modo al marido esto decía
y el pobre Juan Pelayo / se lo creía.*

*Cuando éste se iba al campo / de madrugada,
un albañil mancebo / la festejaba*

*El albañil entraba / siempre corriendo,
y este joven la hacía algún remiendo.*

*Un día su marido / junto á la cama,
se encontró la picleta, / paleta y llana.*

*Voy á mirar la casa, / dijo el marido,
que al albañil sin duda / le has escondido.*

*Su mujer le contesta: / -Calla, tronera,
es que viene á taparme / las ratoneras.*

*Remiendos me tiene hechos / más de cincuenta,
y ayer al medio día /le dí la cuenta.*

*Aquí concluye el chiste / tan divertido,
si alguna falta tiene / perdón os pido.*

*Mañana por las plazas / saldré unos ratos,
á vender los romances, / tres por seis cuartos.*

FIN

(Madrid.- Imprenta Universal, Cabestreros, 5)

Aínda que o prego non contén o ano da publicación, obtivemos unha referencia cronolóxica nunha librería virtual⁸ que vendía un folio semellante coa seguinte explicación: “Chiste gracioso y divertido en el que se declara la boda de Pedro Pichote con su esposa Moño Altrote (...) Ap. 1860”

Esa indicación permitiríanos datar a unidade fraseolóxica a partir do romance de cego. A. Sánchez Romeralo (1978: 217) ofrécenos máis exemplos de versos recollidos e usados dende antigo polas tres grandes ramas da tradición oral (refraneiro, cancionero e romanceiro), pero semella que “el romance fuera anterior y el cantarcillo surgiese de él por desprendimiento, pasando desde entonces a vivir con vida autónoma dentro de la tradición lírica”.

3.2. Do romance burlesco á unidade fraseolóxica

Outro personaxe do corpus fraseolóxico é Xan Guindán. Na fala de Marín está viva a fórmula *Xan Guindán quérese casar e non ten a muller buscada*. Segundo nos explicaron “díselle a quen quere faser unha cousa e non pode”. Así, se “un neno quere faser unha cousa dos maiores, díselle ‘ah, mira p’ aí, Xan Guindán quérese casar e non ten a muller buscada’”⁹.

A nosa informante ignora quen é este Xan Guindán, pero é doado identificalo como protagonista dun romance burlesco. En palabras de X. R. Mariño Ferro e C. Bernárdez (2002: 349-350) é “un morto de fame, quere casar cunha moza tamén miserenta. Ao final ela recapacita e déixao plantado o día da voda.” Velaí unha das numerosas versións que existen deste romance en toda Galicia:

O Xan Guindán quere casar e non ten a muller buscada

⁸ Trátase da Librería Antiquaria. Els Gnoms Psicocleptòmans (véxase a páxina <http://www.elsgnoms.com/Gnoms/133.html>)

⁹ Respectamos a variedade da lingua galega (dialectalismos e vulgarismos) usada polos informantes.

foille facer o amor á filla da tía Xoana.
-Boas noites, tía Xoana. ¿Onde lle vai a rapaza?
-Vai buscar o gas prá noite xa me parece que tarda.
E logo entrou a nena pola porta para dentro.
-Boas noites, Xan Guindán, tráíote no pensamento.
-Non sei se o dirás de risa mais eu dígocho de veras
xa fai un pouqueniño que estou eiquí quentando as canelas.
-¿E logo tes moito frío? ¡Ai, nunca Dios che me dera!;
Non sei se me irás quecer agora prá primavera.
-Xa sabes que son soliño non teño con quen partir,
eu riqueza non a teño pero habemos de vivir
-Teño unha cabra moi boa e tres ovellas preñadas;
tamén teño unha galiña pon ovos prás torradas.
A cabra éche moi boa téncheme catro cabirtos,
Mentras dous están mamando os outros andan a brincos.
Xa che fixen o amor non teño máis que decir,
Se me queres dimo axiña que me quero ir durmir.
-Eu casar ben me casaba pero tamén che hei contar,
quero facer unha saia, téñoche a lan por fiar,
os zapatos todos rotos, o pano todo furado;
se tes cartos cómprame outro casámonos de contado.
Fixeron as municións como alí se acostubraba
e leváronllas ao cura que llas lese de contado.
O cura logo llas leu no ofertorio da misa,
á xente que había dentro todo lle sirveu de risa.
Todos din que é boa moza todos lle din que servía
Chegou á porta da ilesia díxolle que non quería.
Xan Guindán quedou tan teso como as vergas de un canizo
deu a volta para a casa tan siquera adiós lle dixo.
O cura quedou pasmado que nunca tal lle pasou
caieulle o libro da man coa risa que lle pegou.
O padriño e a madriña, o cura e o sacristán
Encheron o corpo de risa cos feitos de Xan Guindán.
(Versión de Cotobade)

Quizais a difusión do romance transformase a Xan Guindán (cuxo nome varía entre Dingán, Xindrán, Ghindán ou Quintán) no Xan Guindallo da cantiga popular, tal e como compila R. Cabanillas (1951: 134):

*A muller do Xan Guindallo
é unha tola baltruteira,
arrastróu a Xan Guindallo
debaixo da borralleira.*

4. Remate

Son numerosos os estudos que relacionan o corpus fraseolóxico coas cantigas, pois

Parece indiscutible que o cancionero popular galego tivo no refraneiro unha fonte importante para a creación de cantigas e que, doutra banda, o refraneiro apoiouse nas cantigas populares para difundirse e, ás veces, tomounas como modelos formais ou conceptuais. (Blanco 2000: 230).

Non obstante, serían necesarias novas análises sobre a vinculación entre a narrativa de tradición oral, a lírica popular e a fraseoloxía. Os matrimonios deste artigo veñen a sumarse a tódolos demais personaxes que, na nosa cultura, se atopan en contos, romances, cantigas e unidades fraseolóxicas. Referímonos aos contos protagonizados por un criado, un xastre, a preguiza e a raposa. Velaí unha mostra:

- A locución referente ao criado *non saír da cepa torta* ou *non pasar da cepa torta* (co significado de non progresar, estar estancado) atópase no conto (Acuña 2006: 2).

Era un xornaleiro que tiña un criado. Bueno, mandouno cavare, sería na viña.

En cando cheghaba a noite:

-A onde cheghache, Pedro?

-A sepa torta, mi amo.

Cheghaba outro día, mandouno outra ves traballare. Cheghou de volta:

-A onde cheghache, Pedro?

-A sepa torta, mi amo.

Dúas veses. Ás tres volveulle disire. Foi pa traballare, ó traballo outra ves.

Cheghou de volta:

-A onde cheghache, Pedro?

-A sepa torta, mi amo.

-Pero Pedro, sempre á sepa torta?

-Mire mi amo: pan barolento, sardiña do ballón e viño de vinaghre, O traballa, Pedro non¹⁰.

- O refrán relativo ao xastre “na casa do rico que fai mala vida, puntada longa e acabar axiña; na casa do probe que dá do que tén, puntada corta e apretala ben” (Zamora Mosquera 1972: 144)¹¹ atópase na antoloxía narrativa de L. Carré (1968: 234).

O xastre tiña unha fame que alampaba, a vella da casa que era unha miserenta, dáballe unha cunquiña de papas tan rariñas que levaban mais auga que fariña; o xastre nin sabía primeiro como facer, mas, logo argallou unha maraña, e cando comenzou de novo o seu traballo, púxose a coser moi de lixeiro con pontadas longas e prendendo pouco, a vella reparou en como facía, e dislle:

-E logo, hom, cómo é que coses tan de lixeiro; así non vai ben e como é o mandado.

-Siñora, -dixo daquela o xastre,- eu cósolle sempre asegún como, e como as súas papas cocen lixeiras que mesmamente parecen o repinico de unha muiñeira, lixeiro coso eu, mas, tamén seille coser mais amodo, como se lle

¹⁰ Estas frases finais tamén deron lugar a unidades fraseolóxicas.

¹¹ F. Zamora Mosquera, 1972: 144

estila na miña terra onde as papas non cocen tan apresada, e son mestas, como broa, con bó leite de por riba.

-E daquela cómo lles fan, hom, pra que cózan amodo?

-Bótanlle boas presas de fariña.

A vella de tal oír fixo unha papas ben mestas, botoulles leite, e o xastre comeu a fartar, estonces coseu ben de modo como é o mandado.

- A fórmula referente á raposa *Pitos serán pero óleme a can*¹² preséntase en moitas versións do conto (Pisón, Lourenzo e Ferreira 1999: 46-47).

O raposo achegouse á dona das galiñas, e reparando na que estaba máis mantida, díxolle:

-Hoxe lévoche esta.

-Ai, home, esta non ma leves, que lle teño moito aquel -dixo a muller-; volve a mañá, que che hei deixar outras ben mellores.

E ao outro día volveu o raposo e viu que a muller lle deixara un cesto emborcado. Así que se puxo a dar voltas arredor do cesto, uliscando como fan os da súa raza, antes de atreverse coa comida.

-Óleme a can, galiñas serán -rosmaba.

Mais con todo puido a fame que levaba, e levantou o cesto.

E saíronlle dous cans, que todo era ladrar e babexar.

E mentres corría diante deles, o raposo ía dicindo:

*-¡Arriba pernas, / arriba zancas,
que neste mundo / todas son trampas!¹³*

- A fórmula dialóxica cuxa protagonista é a preguiza “Preguiza ¿queres o caldo? – Quero / –Vai pol-a cunca / –¡Ay! Non o quero” (Parga Sanjurjo 1911: 254-255) reproduce o diálogo do relato (Carré 1968: 179-180).

Ela era unha picariña sempre avacoada, que se non movía por cousa; sua nai sempre a berrar con ela, e, ela vaiche boa...

Unha noite, dormexaba no escano acarón da lareira, e a nai prâ espilir decíalle:

-Abre os ollíños, Preguiza!, -remusgando ela sen lle facer caso:

-Miña nai, non póodo!

-Abre os ollíños, Preguiza!

-Miña nai, non póodo!

Mas, como a vella tiña moita sabencia, engadiu:

-Toma unha cunca de gregos, -e daquela a rapaciña acordou atallando:

-A velos?

¹² Gippini Escoda (1991: 113). En Marín é común a fórmula *cheirar a can* para indicar desconfianza. Trátase dunha redución de *Galiñas serán pero chéirame a can* (incluída, xunto co conto base, nos *Dichos y refranes* de José Casal y Lois).

¹³ Estas frases finais tamén se fixaron en unidades fraseolóxicas. Véxase I. Rielo Carballo (1989: 191) e X. Ferro (1987: 229).

*E disque que a nai a tal ver, sacoulle unha cunca de caldo, e poñéndolla nas
más demandou:*

-Preguiciña, queres pan?

-Si señora, si mo dan, -dixo a nena.

-Pois vai pillal-o coitelo.

*-Aaaa!, señora, daquela non llo quero, -e a nai tamén para a insinar non lle deu
o pan e fíxo a pasar sen ele.*

Para comprobar como se porteñen todos estes exemplos resulta imprescindible coñecer e manexar fontes non estritamente literarias nin fraseolóxicas co fin de entender, en toda a súa extensión, algunhas das características máis importantes da literatura oral e saber así que razóns externas inflúen na conservación ou perda deste patrimonio (Garrosa 2003: 52).

Polo tanto, cómpre un estudo global xa reclamado por L. Carré Alvarellos (1968: 92), certo que “de obrar así, o labor faise máis traballoso, mas o coñecemento conquistado é máis compro e perfecto”.

5. Bibliografía

- AARNE, A. e THOMPSON, S. (1995): *Los tipos del cuento folklórico. Una clasificación*. Academia Scientiarum Fennica, Helsinki.
- ACUÑA, A. (1999): “O concepto e imaxe da poesía máxico-ritual dentro e fóra de Galicia” en *Actas do V Congreso Internacional de Estudos Galegos*. O Castro, Sada, 1085-1111.
- (2006): “Relacións entre distintos xéneros de literatura popular: o motivo da cepa torta” en *Culturas Populares. Revista Electrónica* 1 (enero-abril), 15 pp.
- AGÚNDEZ GARCÍA, J. L. (2004): “Cuentos populares andaluces (XIII)” en *Revista de Folklore* 278,2004,39-50.
- BERNÁRDEZ, C. e MARÍÑO FERRO, X. R. (2002): *Romanceiro en lingua galega*. Xerais, Vigo.
- BLANCO, D. (2000): “Do refrán á cantiga” en *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor X. Alonso Montero*. Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, II, 203-233.
- CABANILLAS, R. (1951): *Antifona da cantiga*. Galaxia, Vigo.
- CARRÉ ALVARELLOS, L. (1968): *Contos populares da Galiza*. Museu de Etnografía e História Junta Distrital do Porto, Porto.
- CASTRO, R. (2004): *Obra completa*. Fundación Rosalía de Castro, Padrón.
- CORREAS, G. (1627>1992): *Vocabulario de refranes y frases proverbiales*. Visor Libros, Madrid.
- FERNÁNDEZ HERMIDA, V., LOPEZ CUEVILLAS, F. e LORENZO FERNÁNDEZ, X. (1936): *Parroquia de Velle*. Seminario de Estudos Galegos, Santiago de Compostela.
- FERRO RUIBAL, X. (1987): *Refraneiro galego básico*. Galaxia, Vigo.
- (2004): “Explicitación e implicación fraseolóxica: notas galegas” en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 6,2004,57-80.

- GARROSA GUDE, J. L. (2003): “Huellas del romance de la *Pérdida de don Beltrán* en las *Relaciones Topográficas* de Felipe II” en *eHumanista*, vol 3,2003,49-56.
- GIPPINI ESCODA, E. (1991): *Refraneiro Galego (Escolma)*. Edición do Castro, Sada.
- LUQUE DURÁN, J. de D., PAMIES BERTRÁN, A. e MANJÓN POZAS, F.J. (1996): “El léxico denigratorio relativo al intelecto: estudio contrastivo” en *Sendebarr* 7,1996,13.
- MARIÑO FERRO, X. R. (1985): *La medicina popular interpretada* I. Xerais, Vigo.
- MONTOTO y RAUTENSTRAUCH, L. (1912): *Personajes, personas y personillas que corren por las tierras de ambas Castillas*. Librería de San José, Sevilla.
- MOKIENKO, V. (2000): *Fraseoloxía eslava*. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades - Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.
- NOIA CAMPOS, C. (2002): *Contos galegos de tradición oral*. Nigratea, Vigo.
- PARGA SANJURJO, A. (1911): “Refranes gallegos” en *Boletín de la Real Academia Gallega* 46,1911,254-255.
- PISÓN, X., LOURENZO, M. e FERREIRA, I. (1999): *Contos do Valadouro*. A Nosa Terra, Vigo.
- PRIETO RODRÍGUEZ, L. (1985): *Contos vianeses*. Galaxia, Vigo.
- REIGOSA, A., MIRANDA, X. e CUBA, X. R. (1999): *Diccionario dos seres míticos*. Xerais, Vigo.
- RIELO CARBALLO, I. (1989): *Canciós galegas*. Diputación de Lugo, Lugo.
- RODRIGUEZ MARIN, F. (1926): *Más de 21. 000 Refranes Castellanos no contenidos en la copiosa colección del Maestro Gonzalo Correas*. Tipografía de la «Revista de Archivos, bibliotecas y Museos», Madrid.
- SANCHEZ ROMERALO, A. (ed.) (1978): *Romancero tradicional de las lenguas hispánicas*, tomo IX. Gredos, Madrid.
- SOROMENHO, A. DA SILVA e CARATÃO SOROMENHO, P. (1986): *Contos populares portugueses (Inéditos)*. Estudo, coordenação e classificação por Alda da Silva Soromenho e Paulo Caratão Soromenho, II vol.. Centro de Estudos Geográficos / Instituto Nacional de Investigação Científica, Lisboa.
- ZAMORA MOSQUERA, F. (1972): *Refráns e ditos populares galegos*. Galaxia, Vigo.

Entón, ¿é unha colocación ou non?: análise contrastiva das colocacións¹

Margarita Alonso Ramos²

Universidade da Coruña

Neste traballo preséntanse algunhas reflexións sobre a escasa utilidade do debate teórico de se unha expresión dada é unha colocación ou non. Defenderase unha visión esencialmente práctica, desde a posición do lexicógrafo que desenvolve un dicionario de colocacións no que o punto de referencia debe ser un aprendiz dunha segunda lingua. Serán, polo tanto, a perspectiva da produción e a perspectiva contrastiva as que guiarán esta exposición. Así mesmo tratarase de ofrecer unha solución ó tratamento lexicográfico bilingüe das colocacións no marco da Lexicoloxía explicativa e combinatoria.

Palabras clave: lexicoloxía, colocación, aprendiz segunda lingua.

Some considerations on the low usefulness of the theoretical debate about a particular expression being a collocation or not are presented in this paper. An essentially practical view from the position of the lexicographer who develops a dictionary of collocations for which the point of reference must be a second language learner will be defended. The production and the contrastive perspectives will therefore guide this presentation. Furthermore, a solution to the bilingual lexicographical treatment of collocations will be attempted in the framework of explanatory and combinatorial lexicology.

Key words: lexicology, collocation, second language learner.

¹ Este traballo enmárcase no proxecto de investigación HUM2005-08052-C02-02 financiado polo Ministerio de Educación e Ciencia.

² Tradución de Beatriz Vizcaíno Pena.

1. Introducción

No ámbito hispano, a bibliografía sobre as colocacións pasou de ser case inexistente a ocupar un posto relevante no índice de temas tratados en fraseoloxía e fóra dela³. Con todo, a noción de colocación dista moito de recibir unha definición unanimemente aceptada. Moitas destas referencias xiran arredor das clasificacións entre as diferentes expresións fraseolóxicas, das diferenzas entre un tipo e outro de expresión fraseolóxica, do medio de trazar unha fronteira entre os distintos tipos, segundo os diferentes autores e, en definitiva, de preguntarse, como reza o título deste traballo: *entón, esta expresión ¿é unha colocación ou non?* Ante tal pregunta, algúns responden defendendo o contínuum existente entre os diferentes tipos de expresións fraseolóxicas⁴. Outros, entre os que me incluío, prefiren pensar nunha división neta entre os diferentes tipos. Nos últimos anos, existe certa tendencia a asignar un carácter gradual a todo aquilo que non é doado de delimitar. Así, por exemplo, o feito de que exista debate sobre se unha expresión dada é unha colocación ou unha locución non debe levar necesariamente a atribuí-la inexistencia de fronteiras precisas, senón, quizais, a concluír que os criterios e as definicións que utilizamos para distinguilas non eran os axeitados. Noutras palabras, creo que é posible definir uns criterios para decidir se unha expresión dada é ou non unha colocación. Se outro autor utiliza outros criterios que, aplicados a esa expresión, producen uns resultados diferentes, non quere dicir que non existan fronteiras entre as expresións fraseolóxicas, que o carácter fraseolóxico sexa gradual, senón que os criterios son diferentes e máis nada.

Neste traballo, non quero abundar no debate terminolóxico que, malia ser necesario nunha fase da investigación, debe cede-lo paso a unha fase de desenvolvemento, é dicir, de descrición de feitos. Non achegarei, polo tanto, ningunha definición de *colocación*, pero si intentarei contestar máis tarde a pregunta do título. Para podermos comprende-las liñas que seguen, limitareime, polo momento, a dicir que interpreto as colocacións no sentido de Hausmann e no de Mel'čuk⁵. Así, dende este enfoque

³ A modo de ilustración, dous números especiais da revista *Lingüística española actual* foron dedicados ó tema das colocacións, un deles aparecido en 2001 e outro, en 2002, onde aparecen, entre outros, Bosque (2001), Corpas Pastor (2001) e Koike (2002). Como resultado dos traballos presentados no Congreso sobre Léxico e Gramática celebrado en Lugo en 2000 son varias as publicacións sobre o tema: *vide* Castillo (2002) e Ferrando (2002). En traballos máis recentes como Luque Durán e Pamies Bertrán (2005) e Alonso Ramos (ed.) (2006) pódense atopar tamén varios estudos centrados nas colocacións. Non faltan tampouco as monografías, como a de Koike (2001) e Muñiz (2004).

⁴ Son bastante ilustrativas deste enfoque gradualista as seguintes palabras de Herbst (1996: 385): *«It is perfectly obvious that this area of linguistic description is a classic example of gradience. Any attempt to define collocation in this narrow sense [= definición de Hausmann] can thus only be aiming at defining a kind of prototype of collocation, recognizing the gradience character of the combination»*. No ámbito español, autores como Penadés (1995) ou Ruiz Gurillo (1998) tamén se inclinaron polo enfoque gradualista.

⁵ A bibliografía sobre as colocacións destes autores é amplísima. A modo de ilustración, *vide* Mel'čuk (1995, 1998, 2001, 2006), por unha parte, e Hausmann (1979, 1989, 1997, 1998), entre outros.

diremos que, por exemplo, *comportamiento intachable* é unha colocación do español, onde o nome é a *base* da colocación e o adxectivo, o *colocativo*. A postura que defenderei aquí é esencialmente práctica, dende o punto de vista do lexicógrafo que desenvolve un dicionario de colocacións. Tomarei como punto de referencia un usuario (especialmente un aprendiz dunha segunda lingua) dun dicionario de colocacións dunha lingua dada. Así ante a pregunta de se unha expresión é ou non unha colocación, a única vía para atopala resposta é centrarse na visión do que aprende unha segunda lingua. Polo tanto, teremos que verificar se o aprendiz necesita ou non atopar unha expresión dada no dicionario e, en caso afirmativo, decidir onde describila para que a poida atopar. A perspectiva do contraste entre linguas é unha boa ferramenta para descubri-las colocacións. Como Hausmann (1997: 284) sinalou, «*dans une langue étrangère presque tout est différent, presque tout est idiomatique. C'est le parallélisme qui est l'exception, non la spécificité*». Por suposto, as colocacións son sempre colocacións, independentemente de que os falantes sexan nativos ou non. O que acontece é que os falantes nativos non sempre son conscientes do carácter particular dunha expresión dada, precisamente porque son nativos e dominan a súa lingua con tódolos seus automatismos. Non obstante, mesmo o falante nativo percibe a fraseoloxización dunha expresión dada, en canto se lle pon na perspectiva da produción ou da codificación. Serán, polo tanto, a perspectiva da produción e a perspectiva contrastiva as que guiarán esta exposición.

O noso marco teórico é a lexicoloxía explicativa e combinatoria (Mel'čuk *et al.* 1995) que é o compoñente léxico da Teoría Sentido-Texto (Mel'čuk 1997, entre outros). Dende ese marco, estamos a desenvolver-lo *Diccionario de Colocaciones del Español* (de agora en diante DiCE)⁶. Non presentarei aquí este proxecto, pero si será o noso pano de fondo (*vide* Alonso Ramos e Sanromán 2000; Alonso Ramos 2003, 2004, 2005, 2006).

A estrutura do traballo é a seguinte. Na sección 2, abordarei as colocacións como un fenómeno de codificación. Intentarei mostrar que gran parte do debate terminolóxico é inútil se se parte da perspectiva da produción ou codificación. Na sección 3, porei de relevo o contraste entre colocacións mesmo de linguas próximas como son o francés, o portugués e mailo español. Tratarei de ofrecer unha solución ó tratamento lexicográfico bilingüe das colocacións na sección 4 e, por último, presentarei as conclusións e a resposta á pregunta formulada no título.

⁶ Os inicios do DiCE remóntanse a 1999. Recibiu financiamento de diferentes proxectos de investigación: BFF2002-04226-C03-01 (Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía e Feder), PGDIT02PXIB30501PR e PGIDITPXIC101401PN (Xunta de Galicia). Existe unha «demo» ou prototipo do que pode ser un dicionario de colocacións do español dende 2004. Así, nos seguintes enderezos electrónicos, <<http://www.dicesp.com>> ou <<http://dicesp.cesga.es>>, pódense consultar dez nomes de sentimento, cos seus diferentes sentidos: *admiración, alegría, amistad, cariño, celos, dolor, enemistad, gana, orgullo e sospecha*.

2. Cuestionamento dos trazos usados para caracteriza-las colocacións

Son varias as nocións que xiran ó redor das colocacións. Termos como *predictibilidade*, *composicionalidade*, *opacidade/transparencia semántica*, *restricións léxicas* vs. *restricións semánticas*, etc. sobrevoan moitas das referencias bibliográficas que mencionabamos ó principio. Como xa dixen, non quixera entrar no debate terminolóxico, senón só mostrar con algúns exemplos como podemos enfoca-la descrición dunha expresión dada como colocación ou non.

2.1. ¿Son as colocacións *impredicibles*?

Un dos trazos que se adoitan usar para caracteriza-las colocacións é o seu carácter impredicible. Así, para Hausmann (1998), unha combinación é predicible se responde ás regras do sistema e, en cambio, é impredicible se as restricións da súa combinatoria non se explican por medio das leis gramaticais e semánticas. Entón, ¿que acontece con, por exemplo, *comportamiento intachable*? ¿é ou non impredicible? Para contestar, temos que analizar que entendemos por «explica-las restricións da súa combinatoria». Poderíase pensar que as colocacións son conformes ás leis do sistema, como fai Muñiz (2004), no sentido de que existe unha unidade léxica (UL) na lingua como *intachable* que significa '[comportamento] tan bo que non pode ser criticado' e que se combina coa UL *comportamiento*, *conducta* e poucos nomes máis. Aínda así, dende a perspectiva da produción, compróbase que a selección de *intachable* non é libre, posto que non podemos seleccionar libremente o adxectivo para expresar dito sentido. En efecto, *comportamiento intachable* é unha combinación restrinxida, posto que o mesmo sentido 'tan bo que non pode ser criticado' se expresa como *intachable* cando se predica de comportamentos, pero non cando se fala de *gusto* (*impecable*) ou de *honor* (*inmaculado*), por exemplo. Dende ese punto de vista, a combinación *comportamiento intachable* pode considerarse como impredicible, posto que non se pode predicir como se vai expresar un sentido dado. O que querería subliñar aquí é que só se pode valorar se unha combinación é impredicible ou non dende a perspectiva da codificación.

2.2. ¿Son as colocacións *transparentes*?

Algunhas si e outras non, pero o que importa é que a transparencia ou a opacidade semántica non é pertinente para caracterizar unha expresión dada como colocación. Non obstante, algúns autores basean a súa descrición na transparencia. Así, Grossmann e Tutin (2003: 8) clasifican as colocacións en *opacas* (*peur bleue*), *transparentes* (*avoir faim*) e *regulares* (*désespoir affreux*). Os dous primeiros tipos inclúen colocacións impredicibles, mentres que o terceiro tipo se refire a combinacións cun sentido deducible e parecen predicibles, pero a predición baséase en regras semánticas deducidas *a posteriori*. Así, por exemplo, o adxectivo francés *affreux* serve para intensificar nomes de sentimento de polaridade negativa, pero non todos: *une affreuse tristesse* ('unha tristura horrorosa'), *un désespoir affreux* ('un desespero horroroso'), pero non **un abattement affreux* ('un abatemento horroroso') (Grossman e Tutin 2003: 16). Quizais si se poida atopar unha regra semántica que explique por que cuns nomes si e con outros non. Agora ben, hai que preguntarse sobre a utilidade de tal regra: ¿onde

podería formularse de modo que servise a un usuario dun dicionario para poder elixir-la boa combinación en cada caso? Ata que a resposta estea clara, na lexicoloxía explicativa e combinatoria optouse por asignar-lo colocativo a cada base no seu artigo lexicográfico. Esa posición non impide que se teñan en conta posibles xeneralizacións, pero sempre despois da descrición previa dos feitos.

Como ben sinala Netzlaff (2005: 12-13), a transparencia dunha colocación depende, entre outras cousas, da proximidade entre as linguas en cuestión. A transparencia atangue á análise, á descodificación. Así, unha expresión dada pode ser máis ou menos transparente para un suxeito, nativo ou non, dependendo de se coñece o sentido que ten o colocativo en coocorrencia con esa base. Por exemplo, Muñiz (2004: 140) sinala que a combinación *salvar un obstáculo* é transparente para quen coñeza o sentido do verbo nesa colocación. Evidentemente, se é transparente, débese coñecer-lo sentido de cada un dos constituíntes. Agora ben, mesmo se o dicionario xeral non inclúe unha acepción do verbo *salvar* con ese sentido, o que distingue a combinación *salvar un obstáculo* de *salvar un niño* é que só a primeira está orientada dende o nome. Unha vez máis, a orientación só se percibe dende a produción. Ó codificar unha colocación pártese necesariamente da base posto que a realización do sentido do colocativo depende funcionalmente da base.

2.3. ¿Son as colocacións *restrinxidas semanticamente*?

De novo, hai que contestar que algunhas si e que outras non. A orientación que acabamos de mostrar que caracteriza as colocacións determina tamén a dirección dende onde aborda-la combinación léxica. Así, unha combinación como *balar una oveja* (exemplo de Muñiz, 2004) ou *el barco atraca* (exemplo de Blanco, neste volume) son restrinxidas semanticamente. Se se toma o verbo como punto de partida, a combinación ten pouco de impredecible. Dende a definición do verbo *balar*, obsérvase que o seu primeiro argumento está restrinxido semanticamente a ‘ovella’. Pódese dicir que *balar una oveja* é composicional no sentido de que o seu significado global se entende a partir da unión do significado de verbo e nome. De acordo, pero se se parte, en cambio, do nome *oveja*, vese máis claramente que *balar una oveja* é unha combinación que debe estar mencionada e descrita na entrada lexicográfica de *oveja*. Non é necesariamente predicible cal vai se-lo verbo que selecciona este nome para expresa-lo sentido ‘emiti-lo son característico’. Un aprendiz de español pode coñecer-lo nome *oveja*, pero non *balar* e non ten outro medio de atopalo que na entrada do nome. O mesmo acontece con *atracar* e *barco*: non é evidente como un aprendiz de español pode atopar que é o que fan as embarcacións cando se achegan á costa, se non se inclúe o verbo *atracar* baixo a entrada do nome *barco* ou de *embarcación*.

A pesar de que *balar una oveja* está semanticamente condicionada, mentres que, por exemplo, *estribar el problema* só está lexicamente condicionada, ámbalas dúas combinacións poden ser descritas lexicograficamente do mesmo modo, é dicir, ámbalas dúas poden ter-lo rango de colocacións. É certo que as colocacións constitúen, prototipicamente, un fenómeno de natureza esencialmente léxica, non semántica: o colocativo é seleccionado lexicamente pola base. Non se trata dunha decisión do falante: é a lingua a que lle esixe ó falante que se se quere expresar ‘son típico

producido polas ovellas' se diga *balar*. Da mesma maneira que se exige seleccionar *estribar* para expresa-lo sentido aproximado 'consistir', dito de *problema*. Outra cuestión é que a definición dos colocativos «explique» a combinatoria coas súas bases ou non. É certo que a definición de *balar* se pode demarcar máis facilmente que a de *estribar*, pero dende a perspectiva da produción, nos dous casos se parte do nome e é na súa entrada lexicográfica onde debe ser descrita a combinación co verbo⁷.

A cuestión de fondo aquí é a distinción entre *restricións semánticas* e *restricións léxicas*, latente en *Redes* (Bosque 2004). Pódese chegar a pensar que se trata só dunha diferenza de grao entre «un verbo como *matar*, que exige un objeto animado ('vivo') y otro como *enhebrar*, que pide un objeto 'enhebrable'» (Muñiz 2004: 89). Non obstante, dende o meu punto de vista, a gran diferenza, de natureza e non de grao, entre *matar una persona* e *enhebrar una aguja* é que na entrada lexicográfica de *aguja*, debo mencionar que se fai con ela, pero na entrada de *persona* (ou tódolos nomes tipificados semanticamente como 'persoa' ou 'ser vivo'), non teño por que mencionar *matar*. A combinación *enhebrar una aguja* é unha combinación restrinxida, semanticamente, pero restrinxida ó cabo, polo que debo consigna-la no dicionario. A selección de *enhebrar* non é libre, debido ó seu sentido extremadamente preciso. Xustamente, no *Redes*, *enhebrar* constitúe unha entrada, así como *estribar*, pero non *matar*.

2.4. As colocacións son un fenómeno de codificación

Na lexicoloxía explicativa e combinatoria, tódalas expresións fraseolóxicas son consideradas dende o punto de vista da produción ou da codificación. Así, ante as preguntas que acabamos de formular aquí, no enfoque que seguimos, a pregunta é diferente: ¿como debemos describir lexicograficamente unha expresión para que poida ser seleccionada e empregada de maneira correcta? No fenómeno das colocacións é onde se percibe máis claramente que a perspectiva da codificación é a máis reveladora, en especial dende unha óptica contrastiva. Non é por casualidade que as colocacións son chamadas *idioms of encoding* (Makkai 1972). Os criterios para identificalas, para describilas e para aprendelas deben estar baseados na produción e non na comprensión. Dende o punto de vista da comprensión, algunhas colocacións poden ser máis ou menos transparentes. Así, *miedo cerval* ou *peur bleue* serán, respectivamente, pouco transparentes para un aprendiz de español⁸ ou para un aprendiz de francés; non obstante, *vino blanco* ou o seu equivalente francés *vin blanc* son completamente transparentes. En cambio, dende o punto de vista da produción, o falante non nativo non pode prever cando un colocativo coincide co seu equivalente en lingua materna e cando non: *vin rouge* pero *vino tinto* non **vino rojo*. Na sección seguinte, abordarei as

⁷ V. Alonso Ramos (2002 e 2003b), sobre as definicións das unidades léxicas colocativas

⁸ De feito non só para os aprendices de español. A maioría dos meus alumnos de Filoloxía, mesmo os de doutoramento, descoñecen o significado de *miedo cerval* que, con todo, parece aínda en uso: unha busca en Google de «*miedo cerval*» produce 10.200 ocorrencias.

colocacións en contraste, centrándonos en tres linguas románicas: francés, portugués e español.

3. Colocacións dende un enfoque contrastivo

Como dicíamos ó principio, a óptica contrastiva permite sacar á luz a fraseoloxización ou falta de liberdade na combinatoria das unidades léxicas, fraseoloxización que pasa máis desapercibida se só se ten en conta a descrición monolingüe. Escollín tres linguas románicas para amosar que, mesmo entre linguas próximas, non é evidente a selección do colocativo correcto en cada caso. Limitareime a expoñer uns poucos exemplos que ilustren as diferentes situacións que se poden dar.

3.1. Proximidade entre as tres linguas

Esta é a situación máis frecuente para estas tres linguas. Podemos traducir palabra por palabra tanto as bases como os colocativos. Na seguinte presentación de exemplos, ofrezco unha notación funcional para mostrar que a un sentido dado lle corresponden varios modos de expresarse en coocurrencia coa base. Máis tarde, veremos que dende a lexicoloxía explicativa e combinatoria dispoñemos dunha ferramenta especializada en representa-las colocacións. O sentido aproximado do colocativo será expresado con comiñas simples, mentres que a base e o colocativo están en cursiva. A orde das bases é sempre español, francés e portugués. Véxanse os seguintes exemplos:

1. ‘funcionar’ (*reloj/montre/relógio*) = es. *andar*, fr. *marcher*, po. *andar*
2. ‘aplicar’ (*tortura/torture/tortura*) = es. *someter*, fr. *soumettre*, po. *submeter*
3. ‘recibir con agrado’ (*consejo/conseil/conselho*) = es. *aceptar*, fr. *accepter*, po. *aceitar*

3.2. Falsos amigos

A proximidade entre as tres linguas facilita a abundancia destas «trampas» para os aprendices. É frecuente que existan dúas unidades léxicas moi semellantes entre dúas linguas, pero con significados distintos. Así, aínda que en francés tamén existe o adxectivo *énorme*, non pode usarse como colocativo intensificador. Por exemplo:

4. ‘intenso’ (*ganas/envie*) = es. *enormes*, fr. **énorme*

Para ese sentido, o francés escollería máis ben o adxectivo *folle*, ‘tola’, que tamén se podería traducir directamente ó español. Con respecto ó portugués, temos un caso parecido:

5. ‘intenso’ (*ganas/vontade*) = es. *espantosas*, po. **espantosa*

O portugués tamén dispón do adxectivo *espantoso*, pero non se pode usar como intensificador. Neste caso, o portugués coincide con outro dos colocativos seleccionados polo español, *enorme*. Como vemos, un sentido pode ser expresado de varios modos en colocación. Así, en español son varios os adxectivos que expresan a intensificación do nome *ganas*: entre outros, *enormes*, *espantosas*, *locas*, etc.

A coincidencia entre colocativos de distintas linguas non é previsible. En ocasións, existen as dúas unidades léxicas co mesmo significado aproximadamente, pero só unha se utiliza en coocorrenza cunha base dada. Por exemplo, en portugués existe o verbo *desnatar*, co significado ‘quitarlle a nata ó leite’ e non obstante, o modo de expresar ‘sen graxa’ dito do leite, non é, como en español *desnatado*, senón *magro*. En cambio, en español, reservamos este adxectivo para aplicalo ó nome *carne*.

3.3. Cada lingua, un colocativo distinto

A pesar das semellanzas, tamén se atopan casos en que as tres linguas optan por colocativos distintos. Vexamos algúns exemplos:

6. ‘facer’ (*alarido/hurlement/alarido*) = es. *dar*, fr. *pousser* (lit. ‘lanzar’), po. *fazer*
7. ‘repoñer’ (*gasolina/essence/gasolina*) = es. *poner*, *echar*⁹, fr. *faire*, *prendre*, po. *meter*
8. ‘moi cociñado’ (*bistec/steak/bife*) = es. *bien hecho*, fr. *ben cuit*, po. *bem passado*

3.4. Emparellamentos de linguas

Nas nosas tres linguas, dáse con frecuencia o caso de que dúas delas coinciden na súa selección do colocativo. Na primeira das seguintes series de exemplos, o español e o portugués coinciden; na segunda, é o francés o que se emparella co portugués e na terceira, por último, é o portugués o que discrepa.

9. a. ‘facer’ (*visita/visite/visita*) = es. *hacer*, fr. *rendre* (lit. ‘devolver’), po. *fazer*
b. ‘realiza-las funcións’ (*papel/rôle/papel*) = es. *desempeñar*, fr. *jouer*, (lit. ‘xogar’) po. *desempenhar*
10. a. ‘deducir’ (*conclusión/conclusion/conclusão*) = es. *sacar*, fr. *tirer*, po. *tirar*
b. ‘intentar que alguén abra’ (*puerta*) = es. *llamar*, fr. *frapper*, po. *bater*
11. a. ‘facer’ (*foto/photo/foto*) = es. *hacer*¹⁰, fr. *faire*, po. *tirar*
b. ‘causar’ (*envidia/envie/inveja*) = es. *dar*, fr. *donner*, po. *meter*

⁹ Segundo Camiña e Muñiz (2006), nalgúns zonas de Galicia dise tamén *hacer gasolina* e en Perú, *colocar gasolina*.

¹⁰ Este colocativo sería o escollido por defecto, pero de feito, en España, son moitos os verbos seleccionados polo nome *foto*: entre outros *sacar*, *tirar*, *tomar*, *disparar*. No español falado de Galicia, é usual tamén o verbo *quitar*.

3.5. Desaxustes

Ata agora vimos casos de coincidencias e de diferenzas entre as linguas, todas máis ou menos fáciles de tratar. Maior problema presentan os desaxustes existentes cando nunha lingua temos unha colocación, pero noutra só temos unha UL. Este é o caso, mencionado por Blanco (neste volume), do desaxuste na colocación francesa *tomber amoureux*, que se traduce por unha soa UL tanto en español (*enamorarse*) coma en portugués (*namorarse*).

Outro tipo de desaxuste atópase cando unha colocación presenta unha estrutura actancial diferente á doutra colocación equivalente semanticamente na outra lingua. Por exemplo, as nosas tres linguas poden optar por *tener* ou *ter* ou *avoir* para expresar ‘sentir odio’. O problema estriba en que en español e en portugués, *temos odio* [a alguén], mentres que en francés, *teñen* [a alguén] *en odio* (*avoir quelqu’un en haine*).

A revisión que acabo de facer non é máis ca unha pequena mostra das diferentes situacións que podemos atopar en canto adoptámo-la óptica contrastiva, necesaria tanto para o ensino ou a aprendizaxe de linguas como para a tradución (humana ou automática). Na sección que segue, amosarei algunhas das ferramentas descritivas utilizadas na lexicoloxía explicativa e combinatoria que nos permiten encara-lo tratamento bilingüe das colocacións mellor provistos que só cun dicionario bilingüe tradicional.

4. Tratamento bilingüe das colocacións

As colocacións non adoitan estar moi ben descritas nos dicionarios bilingües, especialmente no que atinxe ó español, o que non é casual, dado o desaxuste terminolóxico e conceptual que existe aínda na lingüística teórica. O tratamento das colocacións nun dicionario bilingüe caracterízase xeralmente pola falta de criterios. Na maioría dos casos, o equivalente dunha colocación aparece na entrada do colocativo, co que dificulta o acceso á información para o aprendiz da lingua que descoñece cal é o colocativo. Outra dificultade radica en que as colocacións aparecen mesturadas frecuentemente entre as locucións e os exemplos de tradución, sen advertir ó usuario dos diferentes tipos de combinacións¹¹.

Dende a lexicoloxía explicativa e combinatoria, non se emprendeu ata o momento ningún dicionario bilingüe, pero si se deseñou un novo modelo de dicionario bilingüe capacitado para poder trata-las colocacións¹². Como xa anunciei máis arriba, neste marco dispónse dunha ferramenta especialmente deseñada para trata-la selección

¹¹ Vide Alonso Ramos (2001) para unha análise do tratamento das colocacións nun dicionario bilingüe español-francés. Tamén en Netzlaff (2005) pode consultarse a análise dalgúns dicionarios bilingües.

¹² Malia que aínda non se trata máis ca do deseño dun modelo de dicionario bilingüe, xa hai bastantes referencias bibliográficas dentro deste marco teórico que abordan este tema: Meyer (1990), Iordanskaja e Mel’čuk (1997), Mel’čuk e Wanner (2001), Alonso Ramos (2001), Mel’čuk (2006).

restrinxida: as *funcións léxicas* (V. Mel'čuk 1996, entre outros). Unha función léxica (FL) modeliza a relación existente entre dúas unidades léxicas onde unha delas, a base da colocación, chamada *palabra chave*, controla a elección léxica da outra, o colocativo. Así, por exemplo, a FL Oper₁ codifica a relación existente entre os seguintes pares de nomes e verbos: es. *dar un alarido*, fr. *pousser un hurlement* e po. *fazer um alarido*. Nestas colocacións, o colocativo funciona como verbo de apoio do nome predicativo (V. Alonso Ramos 2004).

As FFLL preséntanse como unha interlingua útil para a tradución, especialmente para a tradución automática (V. Heylen *et al.* 1994; Mel'čuk 2006). Así, ante unha colocación como *dar un alarido*, o primeiro paso será reducila á súa representación mediante unha FL: Oper₁ (*alarido*). A continuación tradúcese a palabra chave da colocación á lingua meta, francés ou portugués: Oper₁ (*hurlement*) ou Oper₁ (*alarido*). A última fase consiste en selecciona-lo valor da FL: fr. *pousser* ou po. *fazer*. As FFLL permiten calcula-lo equivalente de cada colocación, xa que como Blanco (neste volume) sinala, as colocacións non se traducen propiamente falando, senón que se calculan. Esta peculiaridade das colocacións propiciou o deseño dun novo modelo de dicionario bilingüe que consta de tres partes: 1) unha parte monolingüe da lingua de orixe (L_{orixe}) coa descrición das colocacións; 2) unha parte monolingüe da lingua meta (L_{meta}) coa lingua de orixe como metalingua, igualmente con tódalas colocacións; e 3) unha parte bilingüe L_{orixe} => L_{meta} na que as colocacións non están presentes. Na parte bilingüe establécese a correspondencia entre as bases das colocacións. Así, se un falante de francés quere saber como se di en español *pousser un hurlement*, debe determinar que a expresión xira arredor do nome *hurlement*. No dicionario de francés, atopará a colocación descrita pola FL Oper₁. Despois, debe buscar na parte bilingüe cál é a UL española equivalente. Unha vez atopada a UL do español, *alarido*, pode consultar un dicionario monolingüe como o DiCE. Aí consultará a entrada *alarido* e atopará unha glosa en francés do colocativo buscado, *dar* e *soltar*, xunto coa FL¹³.

A situación non sempre é tan sinxela, xa que mesmo atopa-la equivalencia da base pode presentar certas dificultades (V. Alonso Ramos 2001, sobre a tradución do nome do sentimento francés *peine* ó español). Con todo, o enfoque de dividi-la parte puramente de tradución das bases da parte do cálculo dos colocativos é válido para tódolos casos, mesmo os difíciles. Gustaríanos exemplificalo cos casos de desaxuste que presentamos na sección anterior.

Empecemos polo caso da diferenza entre a estrutura actancial entre dúas colocacións semanticamente equivalentes: *avoir [quelqu'un] en haine* e *tener odio [a alguien]*. Este desaxuste é moi doado de resolver coa ferramenta das FL. Imaxinemos un dicionario bilingüe francés=>español con tres partes, como o acabamos de formular. No

¹³ Tal e como estamos a desenvolve-lo DiCE, as glosas dos colocativos están escritas en español, pero poden ser facilmente adaptadas á lingua de orixe dun potencial dicionario bilingüe.

dicionario monolingüe francés a colocación *avoir* [quelqu’un] *en haine* sería descrita por medio da FL seguinte baixo a entrada de *haine*:

Labor₁₂ = *avoir* [N en ~]

Os índices actanciais indican que o experimentador funciona como suxeito gramatical do verbo, mentres que o obxecto do odio funciona como o seu primeiro complemento. A parte bilingüe establecería a equivalencia entre *haine* e *odio*. A colocación equivalente en español atópase no DiCE baixo a entrada de *odio*:

Oper₁ = *tener* [~ a N]

As regras de paráfrases subxacentes á ferramenta das FL establecen a equivalencia semántica entre ámbalas dúas funcións, que só se diferencian pola estrutura actancial.

O segundo caso de desaxuste que mencionamos é máis difícil de resolver. Trátase de poñer en correspondencia unha colocación nunha lingua cunha UL na outra. Por exemplo, o dicionario ten que axudar a traducir ó español a colocación *tomber amoureux*, como en *Jean est tombé amoureux de Marie dès qu’il l’a vue*. O verbo *tomber* aparecería baixo a entrada do adxectivo *amoureux*, mediante a FL que tería como glosa ‘empezar a estar’:

IncepPred = *tomber* [~]

Á súa vez, o adxectivo *amoureux* é o valor da FL A₁(*amour*), que describe o atributo típico para o que sente amor. Unha vez reducida a colocación ó nome *amour* como palabra clave, pode ir ó dicionario bilingüe para atopalo equivalente español, *amor*. No DiCE, o usuario poderá atopar baixo o lema AMOR, a seguinte FL, á que lle achegámo-la glosa ‘empezar a sentir’:

IncepOper₁(*amor*) = // *enamorarse*

As dúas barras diagonais significan que se trata dun valor fusionado, posto que o valor da FL non se combina coa palabra clave. Como vemos, a paráfrase entre os sentidos codificados pola FL IncepPred e pola FL IncepOper₁ pode formularse por medio dunha regra universal (Mel’čuk 1992): ‘empezar a estar namorado [= A₁(*amor*)]’ é unha paráfrase de ‘empezar a sentir amor’.

5. Conclusións

Despois destas breves reflexións sobre as colocacións dende unha perspectiva contrastiva e de produción, é posible encara-la pregunta do título: unha expresión dada, ¿é unha colocación ou non? Con medo a defraudar algún lector, empezarei dicindo que quizais a resposta non sexa moi importante porque tal vez a pregunta non estea de todo ben formulada. Dado que defendín que o punto de referencia que debe guiar a descrición lexicográfica das colocacións é o aprendiz dunha segunda lingua, o que debe preocuparnos non é tanto se unha expresión dada é ou non unha colocación, senón onde e como podemos describir esa expresión para que un usuario poida seleccionala e usala correctamente.

Así, ante unha expresión como, por exemplo, *abrir el grifo*, tan transparente semanticamente, tan pouco fixada sintacticamente e, en definitiva, tan trivial aparentemente, o que un lexicógrafo debe preguntarse non é tanto que etiqueta asignarlle (*colocación regular, combinación léxica sistemática, etc.*), senón onde poderá dá-la información a alguén que queira saber que se di en español para expresar-lo sentido ‘usar unha billa’. A única vía para atopalo verbo *abrir* será darllo na entrada de *grifo*. Un falante de inglés que queira saber como se di en español *to turn the faucet (tap) on* só poderá atopala correspondencia con *abrir el grifo* pasando pola descripción da entrada do nome. Mesmo en francés, onde o nome *robinet* se combina tamén co verbo *ouvrir*, debemos describi-la correspondencia co español a través do nome porque o usuario non pode prever cando a correspondencia é ou non palabra por palabra. Deste modo, nun dicionario como o DiCE, atoparíamos baixo a entrada de *grifo* unha pequena descripción, que non é outra cousa que unha FL, aínda que formulada en lingua natural:

‘usar’ = *abrir* [ART ~]

‘deixar de usar’ = *cerrar* [ART ~]

Esta descripción non impide a entrada lexicográfica para a UL *abrir*, onde se poderá describir con maior precisión o sentido deste verbo, pero o usuario só irá a esta entrada cando queira analiza-la combinación *abrir el grifo*, non cando a queira producir.

En cambio, unha expresión como *abrir los ojos* [a alguen] debe ser descrita nunha entrada propia (aínda que por razóns didácticas se pode reenviar dende o verbo e dende o nome). Mesmo se metaforicamente a expresión se pode entender, o sentido global non inclúe nin o sentido do verbo nin o do nome. Non é posible describi-lo sentido aproximado ‘desenganar’ a través da entrada de *ojos* nin tampouco da entrada de *abrir*.

En definitiva, se se quere obstinadamente unha resposta á pregunta do título, a que podo ofrecer aquí é a seguinte: toda expresión formada por dúas unidades léxicas que poida ser descrita por unha FL na entrada dunha delas será considerada, dende un modo operativo, unha colocación.

Referencias bibliográficas

- ALONSO RAMOS, M. (2001): “Construction d’une base de données des collocations bilingues français-espagnol”, en *Langages*, 153, pp. 5-27.
- (2002): “Colocaciones y contorno de la definición lexicográfica”, en *Lingüística española actual*, 24, 1, pp. 63-96.
- (2003a): “Hacia un Diccionario de Colocaciones del español y su codificación” en M.A. Martí et al. (eds.), *Lexicografía computacional y semántica*, Barcelona, Edicions de l’Universitat de Barcelona, pp. 11-34.
- (2003b): “La nature des collocatifs: leur statut en tant qu’unités lexicales”, en F. Grossmann y A. Tutin (eds.), *Les collocations : analyse et traitement*, Travaux et Recherches en Linguistique appliquée, Amsterdam, Editions De Werelt, pp. 45-60.

- (2004a): “Elaboración del Diccionario de colocaciones del español y sus aplicaciones”, en P. Bataner y J. de Cesaris (eds.), *De Lexicographia. Actes del I Symposium Internacional de Lexicografía*, Barcelona, IULA y Edicions Petició, pp. 149-162.
- (2004b): *Las construcciones con verbo de apoyo*, Madrid, Visor Libros.
- (2005): “Semantic Description of Collocations in a Lexical Database”, en F. Kiefer et al. (eds.), *Papers in Computational Lexicography COMPLEX 2005*, Budapest, Linguistics Institute and Hungarian Academy of Sciences, pp. 17-27.
- (2006): “Glosas para las colocaciones en el Diccionario de colocaciones del español”, en M. Alonso Ramos (ed.), *Diccionario y fraseología (Anexo da Revista de Lexicografía)*, Coruña, Universidade da Coruña.
- (ed.) (2006): *Diccionario y fraseología (Anexo da Revista de Lexicografía)*, Coruña, Universidade da Coruña.
- ALONSO RAMOS, M. e SANROMÁN, B. (2000): “Construcción de una base de datos de colocaciones léxicas”, *Revista de la Sociedad Española de Procesamiento del Lenguaje natural*, 24, pp. 97-98.
- BOSQUE, I. (2001): “Sobre el concepto de *colocación* y sus límites”, *Lingüística española actual*, 23,1, pp. 9-40.
- (dir.) (2004): REDES. *Diccionario combinatorio del español contemporáneo*, Madrid, S.M.
- BLANCO, X. (2006): “Significaciones gramaticales y sentidos colocacionales. ¿Más que una mera coincidencia? ”, en *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, 8. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Santiago de Compostela. Xunta de Galicia.
- CAMIÑA, S.e MUÑIZ, E. (2006): “Sobre la necesidad de marcar las colocaciones en los diccionarios”, en M. Alonso Ramos (ed.), *Diccionario y fraseología (Anexo da Revista de Lexicografía)*, Coruña, Universidade da Coruña.
- CASTILLO CARBALLO, M. A. (2002): “El aspecto colocacional en la producción lexicográfica”, en A. Veiga et al. (eds.), *Léxico y Gramática*, *Linguas e Lingüística* 3, Lugo, Tris Tram.
- CORPAS PASTOR, G. (2001): “Apuntes para el estudio de la colocación”, *Lingüística española actual*, 23,1, pp. 41-56.
- FERRANDO, V. (2002): “Colocaciones y compuestos sintagmáticos: dos fenómenos colindantes”, en A. Veiga et al. (eds.), *Léxico y Gramática*, *Linguas e Lingüística* 3, Lugo, Tris Tram, pp. 99-107.
- GROSSMANN, F. e TUTIN, A. (2003): “Quelques pistes pour le traitement des collocations”, en F. Grossmann y A. Tutin (eds.), *Les collocations : analyse et traitement, Travaux et Recherches en Linguistique appliquée*, Amsterdam, Editions De Werelt, pp. 5-21.
- HAUSMANN, F. J. (1979), “Un dictionnaire des collocations est-il possible?”, *Travaux de littérature et de linguistique de l’Université de Strasbourg*, 17, 1, pp.187-195.

- (1989), "Le dictionnaire de collocations", en F. J. Hausmann *et al.* (eds.), *Wörterbücher – Dictionaries – Dictionnaires*, vol. 1, Berlin, de Gruyter, pp. 1010-1019.
- (1997), "Tout est idiomatique dans les langues", en M. Martins-Baltar (ed.), *La locution entre langue et usages*, Fontenay/St. Cloud, ENS Éditions, pp. 277-290.
- (1998), "O dicionario de colocacións. Criterios de organización", en X. Ferro Ruibal (coord.), *Actas do I Coloquio Galego de Fraseoloxía*, Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro, Xunta de Galicia, pp. 63-82.
- HERBST, T. (1996), "What are collocations –sandy beaches or false teeth?", *English Studies*, 77, 4, pp. 379-393.
- HEYLEN, D., MAXWELL, K.G. e VERHAGEN, M. (1994): "Lexical Functions and Machine Translation", *COLING*, Japón, pp. 1240-1244.
- IODANSKAJA, L. e MEL'ČUK, I. (1997): "Le corps humain en russe et en français. Vers un Dictionnaire explicatif et combinatoire bilingue", *Cahiers de Lexicologie*, 70, 1, pp. 103-135.
- KOIKE, K. (2001): *Colocaciones léxicas en español actual: estudio formal y léxico-semántico*, Alcalá de Henares, Universidad de Alcalá y Takushoku University.
- (2002): "Comportamientos semánticos en las colocaciones léxicas", *Lingüística española actual*, 24, 1, pp. 5-23.
- LUQUE DURÁN, J. e PAMIES BERTRÁN, A. (eds.) (2005): *La creatividad en el lenguaje: colocaciones idiomáticas y fraseología*, Granada, Granada Lingüística y Método Ediciones.
- MAKKAI, A. (1972): *Idiom Structure in English*, The Hague: Mouton.
- MEYER, I. (1990): "Interlingual Meaning-Text Lexicography: Towards a New Type of Dictionary for Translation", en J. Steele (ed.), *Meaning-Text Theory: Linguistics, Lexicography, and Applications*, Ottawa, University of Ottawa, pp. 175-270.
- MEL'ČUK, I. (1992): "Paraphrase et lexique: la théorie Sens-Texte et le Dictionnaire explicatif et combinatoire", en Mel'čuk et al., *Dictionnaire explicatif et combinatoire du français contemporain. Recherches lexico-sémantiques III*, Montréal, Les Presses de l'Université de Montréal, pp. 9-58.
- (1995): "Phrasemes in Language and Phraseology in Linguistics", en M. Everaert, E.-J. van der Linden, A. Schenk and R. Schreuder (eds), *Idioms. Structural and Psychological Perspectives*, Hillsdale, N.J.—Hove, Lawrence Erlbaum Associates, pp. 167-232.
- (1996): "Lexical Functions: A Tool for the Description of Lexical Relations in the Lexicon", en L. Wanner (ed.), *Lexical Functions in Lexicography and Natural Language Processing*, Amsterdam/Philadelphia, John Benjamins, pp. 37-102.
- (1997): *Vers une linguistique Sens-Texte. Leçon inaugurale*, Paris, Collège de France.
- (1998): "Collocations and Lexical Functions", en A.P. Cowie (ed.), *Phraseology. Theory, Analysis, and Applications*, Oxford, Clarendon Press, pp. 23-53.

- (2001): “Fraseología y Diccionario en la Lingüística moderna”, en I. Uzcanga Vivar, E. Llamas Pombo & J.M. Pérez Velasco (eds.), *Presencia y Renovación de la Lingüística francesa*, Salamanca, Ediciones Universidad Salamanca, pp. 267-310.
- (2006): “Colocaciones en el Diccionario”, en M. Alonso Ramos (ed.), *Diccionario y fraseología* (Anexo da *Revista de Lexicografía*), Coruña, Universidade da Coruña.
- MEL’ČUK, I. A., CLAS, A. e POLGUÈRE, A. (1995): *Introduction à la lexicologie explicative et combinatoire*, Louvain-la-Neuve, Duculot.
- MEL’ČUK I. e WANNER, L. (2001): “Towards a Lexicographic Approach to Lexical Transfer in Machine Translation (Illustrated by the German-Russian Language Pair)”, *Machine Translation Journal*, 16, 1, pp. 21-87.
- MUÑIZ, E. (2004): *El concepto de 'colocación' en español*, tesis de doctorado, Santiago de Compostela, Universidad de Santiago de Compostela.
- NETZLAFF, M. (2005): *La collocation adjectif – adverbe et son traitement lexicographique Français – Allemand – Espagnol*, tesis de doctorado, Nuremberg, Universidad de Erlangen-Nuremberg.
- PENADÉS, I. (1995): “Las expresiones fijas desde los conceptos centro y periferia de los lingüistas praguenses”, en M. Casas Gómez (ed.), *I Jornadas de Lingüística*, Cádiz, Universidad de Cádiz, pp. 91-134.
- RUIZ GURILLO, L. (1998): “Una clasificación no discreta de las unidades fraseológicas del español”, en G. Wotjak (ed.), *Estudios de fraseología y fraseografía del español actual*, Frankfurt, Lingüística Iberoamericana, pp. 13-37.

Tesouro de fraseoloxía como problema semántico e lexicográfico

Anatolij Baránov e Dmitrij Dobrovol'skij¹

Academia Rusa das Ciencias e Universidade Estatal de Moscova/Academia Rusa das Ciencias

No artigo descríbese a elaboración do *Tesouro da fraseoloxía rusa moderna*, cunha estrutura de rede semántica. Descríbense os problemas derivados da heteroxeneidade do plano de contido do fraseoloxismo e da función discursiva do mesmo. Nun apartado especial preséntanse os principios da diferenciación estilística do material. No anexo achégase a sinopse do *Tesouro*.

Palabras clave: fraseoloxía, ruso moderno, tesouro.

This paper describes the making of the *Thesaurus of Modern Russian Phraseology*, which has a semantic network structure. The problems deriving from the heterogeneity of the content plane of idioms and their discursive function are also explained in detail. The criteria for the stylistic differentiation of the material are presented in a special section. In the annex, a synopsis of the *Thesaurus* is provided.

Key words: Phraseology, Modern Russian, Thesaurus.

A xeito de introdución

Unha das peculiaridades máis importantes da Escola Semántica de Moscova radica na ausencia dunha delimitación precisa entre os traballos propiamente lexicográficos e as investigacións na área da semántica teórica². No caso ideal, o dicionario preséntase como un conxunto de datos lexicográficos baseados nunha teoría semántica con fundamento científico e debidamente verificada. De feito, o último proxecto lexicográfico deste tipo, o *Novo dicionario sinonímico de lingua rusa*, está formado por unha serie estruturada de artigos científicos acerca dos campos semánticos seleccionados (véxase Noss 2004).

¹ Tradución de Ekaterina Guerbek

² Tal e como está representada nas obras de Iu.D.Apresían e os seus colegas.

A tarefa de construír un Tesouro de fraseoloxía rusa moderna tamén esixiu resolver toda unha serie de tarefas científicas que son máis propias da teoría da fraseoloxía que da práctica lexicográfica. Así, moitos problemas que poderían parecer puramente teóricos resultaron ser esenciais dende o punto de vista práctico e son precisamente tales problemas teóricos de elaboración os que se examinan no presente artigo.

1. Teses xerais

Durante a elaboración do Tesouro batemos coa tarefa de describi-la fraseoloxía rusa moderna dende o punto de vista ideográfico. Tal necesidade débese ó feito de que as descrições ideográficas suficientemente completas de fraseoloxismos están ausentes tanto na práctica universal como na rusa.

O Tesouro está formado por catro partes básicas: a Sinopse, a Lenda, o Tesouro propiamente dito (fraseoloxismos distribuídos por campos semánticos, con exemplos) e os Índices. Unha parte especial do Tesouro está constituída polo Anexo no que se indican as principais fontes dos exemplos.

Este Tesouro foi construído de modo indutivo, é dicir, non a partir dun esquema lóxico abstracto e cara ós fraseoloxismos, senón dende os fraseoloxismos cara ós campos semánticos (para máis información véxase Baránov e Dobrovol'skij 1992; véxase tamén máis abaixo este artigo). O traballo está baseado nun material lingüístico absolutamente novo para a fraseoloxía rusa. A aplicación do modo indutivo para a construción do mesmo está máis xustificada para a fraseoloxía que para o léxico normal, xa que moitos campos semánticos postulados a priori poden estar totalmente ausentes na fraseoloxía. Polo tanto, partindo dun esquema puramente lóxico é imposible predici-la existencia duns ou outros campos na fraseoloxía.

Cómpre considerar como unha das peculiaridades da estrutura do Tesouro a ausencia do conseguente esquema arboriforme de taxons, o que reflicte a estrutura natural da semántica da fraseoloxía, dado que, en xeral, esta non está organizada segundo un principio xerárquico senón segundo un principio de rede³ (porén, existen excepcións coma os taxons TEMPO e CANTIDADE). As relacións entre os taxons maniféstanse en forma de referencias paradigmáticas (aspecto que trataremos con máis detalle no apartado 2), do que se deduce que non hai unha orde motivada de posición duns taxons respecto dos outros. Noutras palabras, nese caso son posibles solucións puramente técnicas, que carezan de motivación substancial seria.

Así mesmo, unha das peculiaridades importantes do noso achegamento é a división do taxon entre a parte central e a periferia, o que dá conta da idea xeral de que a semántica da lingua natural non se basea en contraposicións, é dicir, en oposicións organizadas segundo o principio de “si-non”, senón en escalas organizadas segundo un principio

³ Notemos que a organización realizada segundo o principio de rede semántica caracteriza a todo o léxico en xeral (a este respecto, son interesantes os debates sobre estes problemas nos límites da tradición do conexionismo de Fodor e Pylyshyn 1988).

gradual; é dicir, a unidade léxica pode pertencer en maior ou menor medida a un campo semántico ou a outro.

Temos debatido sobre a concepción da fraseoloxía, que serve de base teórica para o Tesouro, en distintos traballos, entre os que se atopan: Baránov e Dobrovol'skij 1992, 1995, 1996, 1998, 1999a, 1999b, 2003 e 2005; Dobrovol'skij 1995 e 1996). Consideremos a continuación algunhas teses que forman o fundamento da concepción teórica do Tesouro.

2. Estrutura: o Tesouro como unha rede semántica

A rede é un obxecto formal, unha metalinguaxe especial de descrición e investigación das propiedades da lingua-obxecto. A rede semántica utilízase para a representación do plano de contido das formas lingüísticas e en xeral está formada por nós e polas relacións semánticas que os unen. A diferenza dunha árbore, a rede semántica non está orientada, carece de estrutura xerárquica, é dicir, carece de nós de vértice (que dominan sobre os demais) e de nós terminais (finais). En función do tipo de relacións semánticas entre os nós, poden existir relacións de herdanza de propiedades semánticas, relacións causais, etc.

En xeral, a semántica da lingua natural non está organizada segundo o principio de “árbore” senón segundo o de rede, aínda así, algúns fragmentos do sistema léxico poden ser ordenados en forma de árbore, como por exemplo os termos de parentesco, os nomes de flores, de hortalizas, de froitas, de animais, etc. A estrutura de “árbore” pode atoparse tamén nalgúns fragmentos do Tesouro, como nos campos de TEMPO e CANTIDADE. Desta maneira, non se pode considera-lo Tesouro como unha rede semántica en sentido estrito; este fórmase empiricamente, máis ben, como unha multitude de árbores vinculadas entre si, podendo ser consideradas as relacións entre as mesmas como relacións entre os nós na rede. A estrutura xerárquica das árbores, como regra, é bastante sinxela. A súa profundidade raras veces supera os 3 ou 4 niveis e cada árbore, cos seus nós relacionados semanticamente, forma un **taxon** do Tesouro. Polo tanto, pódese dicir que o Tesouro representa tamén un conxunto de taxons ordenados segundo unhas características bastante arbitrarias.

Agora ben, o Tesouro non representa unha árbore unificada, senón un conxunto de diferentes taxons, moitos dos cales teñen estrutura de árbore. Os taxons arboriformes conteñen unha parte radical na que están incluídos os fraseoloxismos de semántica moi xeral, ademais dos fraseoloxismos para os cales non se atopou ningún subtaxon especial dentro dos límites do dito taxon arboriforme. Por exemplo, na raíz do taxon ESPAZO, LUGAR, atopáronse tanto os fraseoloxismos:

<i>мать сыра земля</i>	<i>terra nai húmida</i>	‘terra’
<i>этот свет</i>	<i>este mundo</i>	‘mundo’

que se caracterizan por unha semántica espacial bastante ampla, como tamén os fraseoloxismos con significados máis concretos:

<i>в головах</i>	<i>nas cabezas</i>	‘no cabezal da cama’
<i>за бугром</i>	<i>tralo montecelo</i>	‘no estranxeiro’
<i>под открытым небом</i>	<i>baixo o ceo aberto</i>	‘fóra de calquera local’, etc.

As estruturas tradicionais dos Tesouros, tal e como están presentadas nos dicionarios de Roget, Dornseif, Hallig e Wartburg, son unha solución de compromiso, unha función de proxección da rede na árbore, que leva unhas alteracións inevitables. Polo tanto, nos Tesouros, as referencias "horizontais" son inevitables (cf. o Tesouro de Roget). No noso Tesouro, as relacións entre os taxons exprésanse mediante un complexo de referencias paradigmáticas. Outro modo de reflecti-las relacións de rede na fraseoloxía é a división do taxon entre a parte central e a periférica.

Nos Tesouros de busca de información, que forman o fundamento das linguaxes de busca de información, distínguense polo xeral tres tipos básicos da relacións paradigmáticas: as relacións “xénero-especie”, as relacións antónimas e as asociativas. Dado que é difícil formaliza-la distinción das relacións asociativas e tendo en conta que isto pode levar a unha arbitrariedade absoluta no proceso de creación dun sistema de referencias paradigmáticas, procuramos orientarnos ás relacións entre o xénero e a especie e ás súas modificacións. Notemos que as relacións antónimas xunto cunha parte das relacións entre o xénero e a especie están fixadas na propia estrutura dos taxons do Tesouro. Por exemplo, a relación de antonimia está presente nos nomes dos taxons: BEN - MAL, POBREZA - RIQUEZA, MOVEMENTO - PARADA e IMPORTANCIA - INSIGNIFICANCIA. Isto significa que neles se distinguen uns subtaxons que conteñen fraseoloxismos cos semas antónimos correspondentes.

No Tesouro están reflectidos os seguintes tipos de relacións paradigmáticas: a relación de **inclusión**, que implica que os fraseoloxismos co significado máis “particular” se colocan nos taxons que lles corresponden e que se fan remisións cara a estes dende os taxons cos significados máis xerais. Por exemplo, os fraseoloxismos:

<i>до седых волос</i>	<i>ata os pelos brancos</i>	‘ata a vellez’
<i>старая гвардия</i>	<i>a garda vella</i>	‘xente de antes, valoración positiva’
<i>старая дева</i>	<i>a virxe vella</i>	‘solteirona’
<i>мышинный жеребчик</i>	<i>cabaliño de cor gris rata</i>	‘vello moceiro’
<i>старой закваски</i>	<i>de fermento vello</i>	‘de educación e de hábitos de antes, valoración

positiva’,

están incluídos no taxon VELLEZ, ó mesmo tempo que se realiza unha remisión dende o taxon de sentido máis xeral HAI MOITO TEMPO cara ó taxon VELLEZ. Unha grande parte das remisións deste tipo, dirixidas cara a outros taxons, conteñen os campos INTENSIFICADORES DE CARÁCTER XERAL, BEN e MAL. Isto é debido a que significados como ‘moi / intensamente’, ‘ben’ e ‘mal’ están presentes na semántica dunha gran parte de fraseoloxismos distribuídos por taxons moi diferentes. Está claro que as remisións motivadas pola relación de inclusión son unidrixidas, xa que a propia relación de inclusión é asimétrica.

As clásicas relacións entre o xénero e a especie diferéncianse das relacións de inclusión unicamente en que a categoría X é de xénero respecto das categorías Y, ..., Z. Como exemplo de relacións entre xénero e especie achegáremo-los taxons CASTIGO e EXECUCIÓN. Dado que a EXECUCIÓN:

<i>высшая мера [наказания]</i>	<i>a medida suprema [de castigo]</i>	‘pena capital’
<i>пустить в расход (кого-л.)</i>	<i>lanzar á liquidación (a alguén)</i>	‘fusilar; eliminar, liquidar’
<i>поставить к стенке (кого-л.)</i>	<i>colocar á parede (a alguén)</i>	‘fusilar’

é unha especie de CASTIGO, no taxon CASTIGO... hai unha remisión á EXECUCIÓN, pero non ó revés.

Nalgúns casos non se reflicte a relación lóxico-semántica incondicional entre os taxons, senón, máis ben, a probabilista. Neste caso pódese falar da relación de **intersección polo extensional**. Por exemplo, algúns fraseoloxismos do taxon VELLO, do tipo:

<i>сдать в архив (кого-л./что-л.)</i>	<i>entregar ó arquivo (a alguén, algo)</i>	‘considerar vello, anticuado, inútil’
<i>выдавший виды</i>	<i>o que veu vistas</i>	‘vello, gastado (un obxecto)’
<i>пропахнуть нафталином</i>	<i>encherse de cheiro a naftalina</i>	‘ser vello, anticuado’
<i>в обед сто лет</i>	<i>cen anos á hora de comer</i>	‘dise dunha persoa de idade moi avanzada’

poden utilizarse en referencia ás persoas vellas (aínda que non é obrigatorio). Noutras palabras, unha parte do extensional do taxon VELLO crúzase cunha parte do extensional do taxon VELLEZ e viceversa, algúns fraseoloxismos do taxon VELLEZ como:

<i>старая гвардия</i>	<i>a garda vella</i>	‘xente de antes, valoración positiva’
<i>старой закваски</i>	<i>de fermento vello</i>	‘de educación, de hábitos de antes, valoración positiva’,

nalgúns contextos, non prestan atención á vellez da persoa senón ás súas ideas, normas e valores, que se interpretan como anticuados. En tales casos realizáronse unhas remisións simétricas.

No modo que eliximos para organiza-lo Tesouro, as relacións de rede explícanse non só polas referencias paradigmáticas senón tamén mediante a duplicación do fraseoloxismo en diferentes taxons. Isto pode indicar tanto que o fraseoloxismo se utiliza nestes taxons en significados distintos, como que, utilizado no mesmo significado, ten presentes uns semas diferentes no seu plano de contido. Por exemplo, a fórmula de fala

<i>снова(-)здорово</i>	<i>de novo(-) ola</i>	‘dise cando volve aparecer algún problema, algunha dificultade’
------------------------	-----------------------	---

contén na súa semántica os compoñentes ‘outra vez, de repetición’ e ‘problemas, dificultades’. Polo tanto, colócase nos taxons DE NOVO, OUTRA VEZ e DIFICULTADES:

No Tesouro non están presentadas as relacións entre taxons que reflicten coñecementos sobre o mundo e que non aparecen con regularidade en significados fraseolóxicos (neste caso, porén, pode haber excepcións, cf. as relacións de xénero e especie). Por exemplo, a guerra ou a enfermidade poden levar á morte, e sen embargo, nos fraseoloxismos non é regular tal coincidencia da semántica da enfermidade e da morte, así como tampouco da guerra e da morte. Desta maneira, os coñecementos extralingüísticos non se fixan nas referencias se non están apoiados pola semántica dos fraseoloxismos correspondentes. Non obstante, se un fraseoloxismo reúne no seu significado a idea da guerra e a idea da morte, daquela colócase nos taxons correspondentes, tal e como sucede no exemplo seguinte: *сложитъ голову quita-la cabeza e poñela abaixo* ‘morrer’.

Do dito anteriormente dedúcese que nas referencias dun taxon ó outro só se explicita unha pequena parte das relacións semánticas que existen entre os campos semánticos dos fraseoloxismos. Sen embargo, as relacións que se distinguen, en certa maneira

forman unha liña principal que permite ver con máis precisión as principais relacións semánticas entre grupos de fraseoloxismos.

3. Consideracións sobre a heteroxeneidade do plano de contido do fraseoloxismo

Na semántica moderna chegou a ser un tópico afirmar que o plano do contido das expresións lingüísticas é heteroxéneo dende o punto de vista do valor dos seus compoñentes vistos por separado (Apresión 1995, Páducheva 1977 e Wierzbicka 1972). Isto tamén afecta plenamente ós fraseoloxismos. Por exemplo, o fraseoloxismo *бежать как крысы с [тонущего] корабля*, *fuxir coma as ratas dun barco [que está a afundir]* contén na súa semántica os compoñentes ‘fuxida, ida’ e ‘aleivosía, traizón’, que se perciben como heteroxéneos polo seu valor. Xulgando polos contextos do tipo do exemplo que se cita a continuación, este fraseoloxismo emprégase nunha situación na que a xente, ó percibir que o perigo se achega, abandona o lugar perigoso que durante moito tempo lles servira como fonte de recursos de calquera tipo, o que se interpreta como traizón:

*Все, что так кропотливо и любовно создавал, собирал по крупницам и отшлифовывал Гордеев, развалится в один момент, рухнет, как карточный домик. Жалко до слез. И перед Гордеевым стыдно, не выдержали первых же трудностей, трусили, **разбежались, как крысы с корабля**. [А. Маринина. Мужские игры]*

*Todo o que Gordéev creara con tanta meticulosidade e agarimo, recompilándoo a pouquiños e pulíndoo, destruírase nun intre, derrubárase como un castelo de naipes. Dá mágoa ata chorar. E dá vergoña ante Gordéev, xa que non aguantaron as primeiras dificultades que apareceron, acovardáronse, fuxiron cada un ó seu lado, **coma as ratas dun barco**. [A. Marínina. Xogos masculinos]*

No plano do contido deste fraseoloxismo distínguense un compoñente propiamente proposicional e a súa interpretación. Precisamente neste caso (aínda que non sempre, nin moito menos) o compoñente proposicional resulta ser máis importante dende o punto de vista comunicativo, mentres que a interpretación é secundaria. Unha boa descrición ideográfica ten que tomar en conta semellante heteroxeneidade.

Dende o punto de vista teórico, unha heteroxeneidade deste tipo pode ser considerada como o reflexo da heteroxeneidade do contido da unidade máis grande: o enunciado, que se divide en afirmacións, presuposicións e consecuencias; en tema e rema; no dado e no novo, etc. Tal estruturación é necesaria, xa que o contido do comunicado ten que ser “empaquetado” nunha estrutura lineal. Aínda que están claros os fundamentos teóricos de tal organización do plano do contido da lingua, isto case nunca foi exposto debidamente na lexicografía práctica. No noso Tesouro intentamos dividi-lo taxon en parte central e periférica. Na parte central atópanse aqueles fraseoloxismos nos que o compoñente semántico do plano de contido ten valor e é importante dende o punto de vista comunicativo, mentres que na parte periférica atópanse os fraseoloxismos que

están relacionados coa semántica do taxon en cuestión, mais non de forma directa, senón a través dunhas consecuencias, presuposicións, semas periféricos e facultativos.

En canto ó exemplo xa examinado do fraseoloxismo *бежать как крысы с [тонущего] корабля* fuxir como as ratas dun barco que está a afundir, este principio de organización do Tesouro funciona de tal maneira que este fraseoloxismo se atopa en dous taxons diferentes: na parte central do taxon IDA (A PÉ), IDA (EN TRANSPORTE), FUXIDA e na periferia do taxon ALEIVOSÍA, TRAIZÓN, PERFIDIA, VILEZA. Na semántica do fraseoloxismo que estamos a considerar, o sema 'ida (a pé)' resulta ser máis importante có sema 'aleivosía'. Isto demostrase, por exemplo, mediante unha proba que consiste na introdución do fraseoloxismo nun contexto de prohibición: a frase *Нельзя бежать как крысы с тонущего корабля!* Non se pode fuxir coma as ratas dun barco que está a afundir! interprétase máis ben como unha prohibición de marchar, xa que en dita situación a partida sería unha traizón.

Analicemos un exemplo que en certa forma é contrario ó anterior:

<i>грести под себя</i>	<i>remar (alguén) para debaixo de si</i>	'procurar distribuí-los bens coa maior vantaxe para un mesmo, en prexuízo dos outros beneficiarios'
------------------------	--	--

Este fraseoloxismo está presentado na parte central do taxon INMORALIDADE, DESHONESTIDADE; VILEZA e na periferia do taxon OBTENCIÓN DE BENS MATERIAIS. Intuitivamente é evidente que cando se emprega este fraseoloxismo, o sema 'inmoralidade' é o foco de atención e polo tanto ten máis valor que o sema 'obtenção de bens materiais'. Esta intuición confirmase mediante a introdución deste fraseoloxismo nun contexto de prohibición: a frase *Перестань, наконец, грести под себя!* Deixa dunha vez de remar para debaixo de ti! non se entende tanto como unha prohibición para a obtención de bens materiais, senón como unha esixencia dunha distribución adecuada deles (segundo o criterio do que fala).

O fraseoloxismo:

<i>у X-а [все] как у людей</i>	<i>X teno [todo] como ten a xente</i>	'X vive como lle corresponde, e non peor, segundo o seu status social'
--------------------------------	---	--

atópase na parte central dos taxons CONFORMIDADE COA SÚA POSICIÓN SOCIAL, COA NORMA DE STATUS e CONFORMIDADE CUN PATRÓN, CUN MODELO, e ademais na parte periférica do taxon PROSPERIDADE, NON-POBREZA. A razón é que a característica concreta, segundo a cal X se atopa entre a xente denominada polo fraseoloxismo, non está obrigatoriamente relacionada cos recursos materiais. Desta maneira, o sema 'prosperidade, non-pobreza' resulta ser unha das posibles consecuencias semánticas.

Nalgúns casos a inclusión do fraseoloxismo na periferia do taxon explícase polo carácter facultativo do sema correspondente. Por exemplo, o fraseoloxismo:

на вес золота

a peso de ouro

‘moi importante, moi valorado e, probablemente, difícil de atopar’

está incluído na parte central do taxon IMPORTANCIA, SIGNIFICACIÓN, VALOR e na parte periférica do taxon POUCO, A MENOR PARTE, INSUFICIENTE, NON MOITO. O motivo de tal decisión dedúcese do significado de dito fraseoloxismo: ‘algo considérase como de gran valor e a consecuencia disto a miúdo resulta ser insuficiente’. Mentres o sema ‘gran valor’ é central e non se neutraliza en ningún dos posibles contextos, o sema ‘insuficiente’, introducido polo compoñente da interpretación ‘a miúdo’, está lonxe de realizarse en tódolos contextos; cf. (1), onde a idea de escaseza, probablemente, está presente, e (2), onde esta idea non está.

(1) *Времена-то, сам знаешь, какие наступают! Литературе вроде как вольную дают... Теперь люди с моим уровнем критического мышления на вес золота будут!* [Ю. Поляков. *Козленок в молоке*]

“Xa sabes que tempo está a chegar! Parece que lle dan liberdade á literatura... Agora a xente do meu nivel de razoamento crítico será a peso de ouro!” [Iu. Poliakov. *Cabrito no leite*]

(2) *Повернувшись окончательно к воротам, Анискин пошел так величественно, словно каждый свой шаг ценил на вес золота; отворив калитку, вышел на улицу, застегнув одну пуговицу на рубашке, заложив руки за спину.* [В. Липатов. *Панка Волошина*]

“Aniskin volveuse definitivamente cara ó portalón e púxose a andar cunha maxestosidade coma se valorase cada paso a peso de ouro; abriu o poxigo e saíu á rúa abrochando un botón da camisa e cruzando as mans no lombo.” [V.Lipatov. *Panka Volóshina*]

A atribución dun fraseoloxismo á periferia dun taxon pode estar relacionada non só co grao de valor dun ou doutro sema senón tamén co feito de que o significado do fraseoloxismo está correlacionado de maneiras diferentes coa semántica do campo en cuestión (representada polo conxunto de descritores no título do taxon).

Ás veces, a distribución de fraseoloxismos entre as partes central e periférica do taxon non ten un carácter substancial senón puramente técnico. Se para un grupo grande de fraseoloxismos un dos semas significativos era trivial e outro (igual de significativo) era non trivial, é dicir, non era común para todo o grupo, daquela segundo os semas non triviais estes fraseoloxismos colócanse nas partes centrais dos taxons correspondentes, mentres que, segundo o sema trivial, colócanse na periferia. Por

exemplo, o grupo de fraseoloxismos seguintes, unidos pola idea CALQUERA, ELIXIDO ARBITRARIAMENTE, están incluídos na periferia deste taxon:

<i>где ни попадя</i>	<i>onde cadre</i>	‘en todas partes sen distinción nin criterio’
<i>когда придется</i>	<i>cando cadre</i>	‘nos momentos non elixidos con criterio senón que xurdan’
<i>сколько [душе] угодно</i>	<i>canto se desexe [a alma]</i>	‘moito, ilimitado’

Sendo así, tamén se atopan nas partes centrais dos taxons ESPAZO (subtaxon NUN LUGAR ARBITRARIO – *где ни попадя*), TEMPO (subtaxon NUN MOMENTO INDETERMINADO NO PASADO OU NO FUTURO – *когда придется*), CANTIDADE (subtaxon MOITO, MAIOR PARTE, SUFICIENTE, DEMAIS – *сколько [душе] угодно*).

Como demostra o resultado do noso traballo, existen casos nos que os fraseoloxismos só se colocan nas partes periféricas dos taxons. Isto está relacionado co feito de que a fraseoloxía, a diferenza do léxico xeral da lingua natural, está lonxe de cubrir totalmente tódolos campos semánticos posibles. Cando un fraseoloxismo se coloca só na parte periférica dun taxon significa que o compoñente semántico central do seu significado resulta ser único na fraseoloxía. Noutras palabras, para este fraseoloxismo non se atopa unha cantidade suficiente de “parellas” que puidesen formar un taxon separado e independente. Por exemplo, o fraseoloxismo:

<i>язык сломаешь</i>	<i>vas rompe-la lingua</i>	‘dise de algo difícil de pronunciar, pola súa lonxitude ou por algunhas combinacións raras de sons’
----------------------	----------------------------	---

está presentado só na periferia dos taxons FALA e DIFICULTADES, DESGUSTOS, DESGRAZA, PROBLEMA. Isto débese a que no centro da semántica deste fraseoloxismo está o compoñente ‘difícil de pronunciar’, que non se distinguiu como taxon no Tesouro, posto que non hai máis fraseoloxismos que denominen algo difícil de pronunciar. Así, as ideas máis próximas ó sema central resultan ser ‘fala’ e ‘dificultades’.

Á parte da distribución dos fraseoloxismos entre as partes central e periférica dos taxons, no Tesouro utilízase tamén o sistema de referencias paradigmáticas. En primeiro lugar, as referencias paradigmáticas definen a estrutura de rede da fraseoloxía. Porén, elas tamén permiten transmitir a heteroxeneidade do plano do contido duns fraseoloxismos ou doutros. Por exemplo, os fraseoloxismos do taxon RIQUEZA,

BENESTAR ECONÓMICO conteñen na súa estrutura semántica o compoñente trivial ‘moito’, xa que a riqueza supón unha cantidade importante dalgúns recursos materiais. En principio, habería que duplicalos por completo no taxon MOITO, MAIOR PARTE, SUFICIENTE, DEMAIS pero tanto tecnicamente como esencialmente isto é incómodo, así que no taxon MOITO, MAIOR PARTE, etc. inclúese unha remisión ó taxon RIQUEZA, BENESTAR ECONÓMICO.

4. Consideracións sobre a función discursiva do fraseoloxismo

Os glosarios dos dicionarios fraseolóxicos modernos non toman en absoluto en consideración un grupo concreto de fraseoloxismos moi importante tanto dende o punto de vista teórico como dende o punto de vista práctico, dado o seu significado estreitamente relacionado co discurso e coa situación comunicativa. No Tesouro, os fraseoloxismos deste tipo están colocados nunha zona especial dun taxon, chamada “Fórmulas de discurso”.

Téñense en conta fraseoloxismos como:

<i>старость не радость</i>	<i>A vellez non é unha ledicia</i>	‘dise dunha persoa vella con intención de xustificar algunha dificultade ou comportamento seu pola súa vellez’
<i>не гони лошадей</i>	<i>Non lles arrees ós cabalos</i>	‘non te apresures’
<i>избави бог</i>	<i>Deus salve</i>	‘Deus me (te, etc.) salve diso’
<i>дурак или родом так?</i>	<i>É/Es parvo ou nacido así?</i>	‘dise para expresar que alguén é parvo, en 2ª ou 3ª persoa’
<i>поживем – увидим</i>	<i>Viviremos e veremos</i>	‘verase co tempo’
<i>как только так сразу</i>	<i>Nada máis que, daquela, de inmediato</i>	‘dise a modo de promesa de facer algo inmediatamente despois de que suceda algo’

que, a diferenza dos fraseoloxismos:

<i>коломенская верста</i>	<i>verstá⁴ de Kolomna</i>	‘persoa moi alta’
<i>пить горькую</i>	<i>bebe-la amarga</i>	‘beber vodka’
<i>принимать в штыки</i>	<i>recibir coas baionetas</i>	‘darlle un trato profundamente negativo (a algo ou alguén)’

están máis estreitamente relacionados cos factores concretos da situación comunicativa. Así, o fraseoloxismo *старость не радость* *A vellez non é unha ledicia* pode utilizarse como comentario de fala feito respecto dalgunhas accións que unha persoa concreta realice nalgúns situacións comunicativas. Podería ser algo como ‘valorando a situación dada o falante explica as dificultades que acaba de ter alguén pola súa vellez’. Cf. os contextos dos tipos (3) e (4).

(3) – <...> *Соскучился, выпил, может быть, лишнего... Много ли такому старичку требуется! – Да-а-а, – присоединилась к ее мнению кассирша, – Старость не радость... Пойдемте, девушки, в помещение!..* [Л. Лагин. “Старик Хоттабыч”]

“– [...] *Aborreceuse, pode ser que bebera demais... Acaso necesita moito un velliño así! – Si-i-i –a caixeira compartiu a súa opinión–. A vellez non é unha ledicia... Vamos, mozas, para dentro do local!..*” [L.Laguin. *O vello Khottábich*]

(4) *Теперь припоминаю, – солгал Энэн, – да, именно, передавала вашу записку. Простите, совсем забыл. – Старость не радость, – вздохнула Варвара Владиславовна, – я теперь лечусь у гомеопата, чудеса делает, вдохнул в меня новую жизнь.* [И. Грекова. “Кафедра”].

“*Agora lembro –mentiu Enen–, si, exacto, paseille a súa nota. Desculpe, esqueciao totalmente. –A vellez non é unha ledicia– suspirou Varvara Vladislávovna–, agora estou nun tratamento homeopático, o homeópata fai milagres, deume unha nova vida.*” [I.Grékova. *Cátedra*].

A referencia que se fai respecto da situación anterior indica con claridade a dependencia discursiva do fraseoloxismo *старость не радость* *A vellez non é unha ledicia*. É fácil ver que tal referencia está ausente nos fraseoloxismos:

до седых волос *ata os cabelos brancos* ‘ata a vellez’

⁴ *Verstá* é unha antiga medida rusa de lonxitude equivalente a 1,06 km aproximadamente. Nota da tradutora.

<i>старая дева</i>	<i>a virxe vella</i>	‘solteirona’
<i>на краю могилы</i>	<i>ó borde da tumba</i>	‘a punto de morrer’
<i>божий одуванчик</i>	“ <i>soprantiño</i> ” ⁵ <i>de Deus</i>	‘persoa vella e fráxil’
<i>пропахнуть нафталином</i>	<i>encherse de cheiro a naftalina</i>	‘ser vello, anticuado’

Desta maneira, a característica do fraseoloxismo *старость не радость*, por uns parámetros puramente semánticos (é dicir, a súa atribución ó campo semántico VELLEZ, xunto cos outros fraseoloxismos citados), resulta ser insuficiente para a descrición da súa función discursiva.

Para as fórmulas discursivas é propio o carácter fixo da forza ilocutiva, asegurada pola súa forma, que é inicial, de caso nominativo.

Por exemplo, se comparamos dous fraseoloxismos como:

<i>и куда только смотрит (кто-л.)?</i>	<i>e para onde mira (alguén)?</i>	‘dise cando alguén (persoa ou institución con autoridade) debería prestar atención e actuar con respecto dunha infracción, un delito, un desorde, etc. que, segundo lle parece ó falante, pasa desapercibido’
<i>блоха в кармане и вошь на аркане (у кого-л.)</i>	<i>(ter alguén) unha pulga no peto e un piollo no lazo</i> ⁶	‘non ter nada, ser moi pobre’

veremos que o primeiro se emprega só nas preguntas retóricas, mentres que o segundo admite diferentes contextos ilocutivos. Cf. (a) pregunta retórica e (b) contexto de narración:

(a) – *Спасибо еще, что нас на* “–*Hai que dar grazas [a Deus, ó*

⁵ Ofrecemos aquí para o nome de flor, en lugar do seu significado literal “dente de león”, “mexacán”, a tradución da súa forma interna, xa que esta ten valor na formación do fraseoloxismo: o nome ruso desta planta está formado coa raíz de significado “soprar”, que describe a súa fragilidade, xa que cando a flor está branca pódese facela voar cun sopro. A fragilidade da flor compárase coa fragilidade dunha persoa vella. N. da T.

⁶ As palabras subliñadas son as que teñen forma de caso nominativo no texto ruso. N. da T.

таможне не трясли. – А чего нас трясти? Разве не видно, что у нас блоха в кармане и вошь на аркане?

(b) – *Этот кот так себе на уме, что не знаешь, чего от него ждать. Жаль только, что у его нового хозяина блоха в кармане да вошь на аркане, а то б я с него за этого кота и сто баксов слупил бы.*

destino] que non nos sacudiron na aduana. –E para que sacudirnos? Acaso non se ve que só temos unha pulga no peto e un piollo no lazo?”

“–Este gato anda ó seu, non sabes que agardar del. Ó único que dá pena é que o seu novo dono só ten unha pulga no peto e un piollo no lazo, que se non eu xa lle tería sacudido cen dólares por este gato.”

Por esta razón, só o primeiro fraseoloxismo se atribúe ás fórmulas discursivas.

As fórmulas discursivas poden ser definidas en xeral como fraseoloxismos de distintos tipos estruturais, funcionalmente equivalentes a un enunciado con forza ilocutiva fixa. A definición ofrecida forma o núcleo da clase das fórmulas discursivas. Na periferia colócanse algúns fraseoloxismos que non se utilizan de xeito autónomo, senón que constitúen elementos sintacticamente independentes dos enunciados, moitos deles situados na categoría das fórmulas-comentarios da fala (para máis información véxase Baránov e Dobrovol'skij 2003).

Cómpre tamén destacar que unha mesma expresión pode utilizarse tanto como fórmula discursiva como coa función de fraseoloxismo non formulaico. Así:

*ни тпру ни ну [ни
кукареку]*

*nin xo nin arre [nin
quiquiriquí]*

‘estar atascado algún asunto; ser ignorante en algo’

é unha fórmula discursiva nun contexto do tipo:

– Начальство подгоняет, заказчики обрывают телефон, мол, мы вам сделали предоплату, а где обещанная программа? А у нас все застряло, ни тпру ни ну.

“–Os xefes métennos présa, os clientes case nos rompen o teléfono co ‘xa os pagamos por adiantado e onde está o programa que nos prometestes?’. E nós témolo todo atascado, nin xo nin arre”.

Aquí represéntase a idea de ‘fracaso’; non obstante, en exemplos como *Он в этих делах ни тпру ни ну* “*el é nin xo nin arre nestas cousas*”, está claramente presente o uso non formulaico, co significado de ‘descoñecemento’.

5. Os principios de diferenciación estilística do material

Nos dicionarios, a cualificación estilística das palabras limítase tradicionalmente polas notas estilísticas, temporais, territoriais e tamén expresivo-emocionais. Este último tipo

de nota (*bromeante*⁷, *irónico*, *desaprobador*, *desprezativo*, *inxurioso* e semellantes) refírese á característica do acto discursivo e, en menor medida, ó significado propiamente léxico. Debido a isto, as notas deste tipo non se utilizan no Tesouro e tampouco están presentes as notas territoriais de tipo *rexional*, *dialectal*, *ruso meridional*, etc. Isto explícase polo feito de que os recompiladores non dispoñían de datos fiables sobre a distribución territorial dos fraseoloxismos.

Desta maneira, das notas tradicionais, no Tesouro están presentes notas de dous tipos: as temporais e as estilísticas. Ademais diso, propóñense dous tipos máis de notas: as notas discursivas e os operadores de rexistro (véxanse máis abaixo).

As notas estilísticas, que tradicionalmente se utilizan nos dicionarios xerais, resultan non ser de todo adecuadas nunha descrición lexicográfica de fraseoloxismos. Isto está relacionado con toda unha serie de factores. A teoría da estilística non está posta a nivel operacional, é dicir, non existen algoritmos precisos de atribución de notas estilísticas e ademais, mesmo se existise un sistema ideal de notas estilísticas para dicionarios xerais monolingües, sería pouco probable o seu sinxelo traslado á área de fraseoloxía. O feito é que a fraseoloxía e a paremioloxía posúen un status especial dende o punto de vista estilístico, forman unha “figura” sobre o fondo do léxico normal: os fraseoloxismos e as paremias están estilisticamente marcadas, é dicir, a fraseoloxía (agás as colocacións), en contraposición ó léxico “neutro”, é máis metafórica, máis coloquial, a miúdo ofrece un xogo lingüístico, etc.

Se para o léxico normal o rexistro neutro resulta se-la norma, para a fraseoloxía a norma consiste nun rexistro máis rebaixado, aproximadamente correspondente ó nivel que tradicionalmente está marcado nos dicionarios como *coloquial*. O principio xeral de economía, empregado durante a recompilación de dicionarios, implica que a maior parte do glosario dun dicionario non reciba ningunha nota. Normalmente, a maior parte do léxico é estilisticamente neutro e polo tanto non está marcada de ningunha maneira. Para os dicionarios fraseolóxicos, o uso das notas estándar implicaría que a maior parte do glosario recibise a nota *coloquial* ou semellantes, como sucede en exemplos como:

<i>спать без задних ног</i>	<i>durmir sen pernas traseiras</i>	‘durmir moi profundamente’
<i>перемывать косточки (кому-л.)</i>	<i>lavarlle os osiños (a alguén)</i>	‘murmurar sobre alguén’

Noutras palabras, se actuamos consecuentemente, son precisamente tales fraseoloxismos, dende o punto de vista sistémico, os que non deben recibir ningunha nota no dicionario fraseolóxico. Por outra banda, no inventario de notas dun dicionario de fraseoloxía ten que ser introducida a nota *neutro*, cf. fraseoloxismos como:

⁷ Os nomes desta nota do Tesouro e das seguintes preséntanse no texto orixinal tal e como están no Tesouro, é dicir, na forma abreviada común dos dicionarios rusos. Na tradución achegámo-la forma completa. N. da T.

<i>для ровного счета</i>	<i>para o cálculo exacto</i>	‘para completar un número redondo ou, ás veces, calquera número’
<i>на каждом шагу</i>	<i>a cada paso</i>	‘con moita frecuencia; en todas partes’
<i>знать себе цену</i>	<i>sabe-lo prezo de un mesmo</i>	‘non ser demasiado modesto’

Precisamente tal estratexia foi realizada no *Tesouro da lingua rusa moderna*. Pasemos a expoñela.

O cambio sistémico xeral cara a un carácter coloquial e metafórico leva a que algunhas notas, características dos dicionarios monolingües de ruso habituais, sexan pouco eficaces e nada económicas para a descrición da fraseoloxía. Unha destas notas é a *coloquial*, xa que a maioría dos fraseoloxismos son coloquiais. A nota *coloquial* (se conservámo-lo seu significado tradicional consolidado) tería que ser atribuída case á maioría dos fraseoloxismos, o que contradí a lóxica da colocación das notas estilísticas nos dicionarios: marca-lo que está destacado por algunhas propiedades estilísticas e que polo tanto se distingue da maioría dos lexemas. Se empregásemos esta nota cun significado distinto do tradicional (algo como “estilisticamente máis rebaixado que o estilo de discurso coloquial entendido como é habitual”) apenas tería sentido xa que levaría a unha polisemia da nota non desexada.

De seguirmos a lóxica da colocación dunha nota baseada na idea de economía, daquela, ás peculiaridades do material da fraseoloxía correspóndelles, en maior grao, unha descrición que elixa como o “punto cero”, non marcado mediante ningunha nota especial, o matiz estilístico de fraseoloxismos como:

<i>[успеть/прибыть] к шапочному разбору</i>	<i>[chegar a tempo / vir] para a recollida de gorros</i>	‘chegar moi tarde, cando algo xa se acaba’
<i>[крепок] задним умом</i>	<i>[forte] coa intelixencia traseira</i>	‘razoa ben pero xa é tarde, había que razoar antes’, etc.

Estes fraseoloxismos empréganse en situacións que teñen un estilo de discurso típico da comunicación cotiá. Na achega que se propón, ós fraseoloxismos propiamente neutros desde o punto de vista estilístico, como:

<i>в сыновья годиться (кому-л.)</i>	<i>ser apto para ser fillo (de alguén)</i>	‘te-la correspondente diferenza de idade’
-------------------------------------	--	---

(é dicir, ós fraseoloxismos situados nun chanzo máis arriba se contamos dende o “cero” elixido) cómpre atribuírlles a nota *neutro*, mentres que ós fraseoloxismos que ocupen o chanzo inmediatamente inferior ó “cero”, correspóndelles a nota *rebaixado*. Cf., por exemplo:

<i>за бугром</i>	<i>tralo montecelo</i>	‘no estranxeiro’
<i>куда ни плюнь</i>	<i>cuspas onde cuspas</i>	‘en todas partes, valoración desprezativa’

O cambio sistémico xeral cara o carácter coloquial e rebaixado leva á necesidade dunha descrición máis diferenciada dos medios para rebaixa-lo rexistro do discurso. De aí a necesidade do uso de todo un complexo de notas estilísticas: *rebaixado*, *brusco*, *indecente*, *obsceno*, en combinación cunhas notas discursivas como *argot* e temporais do tipo de *arcaico* (véxase máis abaixo).

Na esfera da fraseoloxía, a nota “cero estilístico” non é necesariamente só a característica dos fraseoloxismos coloquiais, o “cero” é unha desviación do estilo neutro do discurso, ben cara ó rebaixado (en particular, por conta das palabras coloquiais que forman parte do fraseoloxismo), ben cara ó evidente carácter metafórico do discurso. Por exemplo:

<i>сбиться с ног</i>	<i>caer alguén dos seus pés</i>	‘cansarse ó buscar algo ou a alguén ou tratando de solucionar algún asunto que requiriu trafegar moito’
<i>мчатся на всех парусах</i>	<i>correr con tódalas velas</i>	‘ir rápido e con ilusión’

non son *rebaixados*, pero tampouco *neutros*, isto é o “cero estilístico”, unha imaxe evidente e ben percibida. A eles precisamente atribuímo-lo “estándar” da fraseoloxía.

De aí dedúcese que os fraseoloxismos estilisticamente neutrais (nota *neutro*) son fraseoloxismos cunha forma interna descolorida ou fraseoloxismos que non teñen análogos que estean formados por unha única palabra e polo tanto non se perciban como metafóricos. Cf.:

<i>сойти с ума</i>	<i>baixar da mente</i>	‘tolear’
<i>божья коровка</i>	<i>vaquiña de deus</i>	‘xoaniña’
<i>павлиний глаз</i>	<i>ollo de pavo real</i>	‘especie de bolboreta, <i>Inachis io L.</i> ’

O propio concepto do estilo está relacionado coa idea da selección, e se non existe unha equivalencia normal formada por unha única palabra, daquela tampouco hai elección entre os rexistros estilísticos.

Cómpre cualificar de innovación teórica a clasificación das notas do Tesouro en temporais, propiamente estilísticas (de rexistro), discursivas e operadores de rexistro. A continuación, analizaremos máis detalladamente cada un destes grupos:

Notas temporais. En xeral, o glosario do Tesouro está orientado á lingua moderna, polo que non se incluíron fraseoloxismos como:

<i>семо и овамо</i>	<i>para aquí e para alí</i>	‘en todas partes’
<i>выписывать мыслете</i>	<i>escribi-la letra M</i>	‘dise dun un borracho que vai facendo eses’
<i>охулки на руку не класть</i>	<i>non poñer unha blasfemia enriba da man</i>	‘non deixar escapa-lo seu propio proveito’
<i>подбитый ветром</i>	<i>forrado co vento</i>	‘dise dunha prenda de abrigo demasiado lixeira’

xa que só se atopan nas obras dalgúns autores e moi raras veces. Ó mesmo tempo, os fraseoloxismos seguintes e outros semellantes están incluídos no glosario:

<i>с/от молодых/молодых ногтей</i>	<i>dende as uñas novas (=xoves)</i>	‘dende idade moi temperá’
<i>волиебный фонарь</i>	<i>lanterna máxica</i>	‘xogo antigo que consistía en alumear obxectos cunha lanterna’

Isto débese a que se atopan nas obras de varios autores modernos (polo menos nos cörpera de textos que utilizamos). Tales fraseoloxismos recibían a nota temporal *arcaico*. É natural o feito de que os fraseoloxismos arcaicos poidan ser utilizados nas obras periodísticas, artísticas e na fala coloquial modernas para crear un efecto artístico específico. Ademais, atribúeselles tamén ás notas temporais a nota *soviético*, para designa-los fraseoloxismos da época soviética, para o cal se teñen en conta os fraseoloxismos que representaban un modo de denominación de determinadas realidades, específico de dita época:

<i>чёрная суббота</i>	<i>sábado negro</i>	‘un dos sábados que se declaraban laborais oficialmente’
-----------------------	---------------------	--

<i>страна чудес [и членов КПСС]</i>	<i>país das marabillas [e dos membros do PCUS]</i>	‘estado soviético’
<i>родина слонов</i>	<i>patria dos elefantes</i>	‘estado soviético’
<i>страна дураков</i>	<i>país dos parvos</i>	‘estado soviético’

Nunha serie de casos, márcanse como soviéticos os fraseoloxismos que tamén se utilizaban, cun significado parecido, no período presoviético e que sen embargo se asocian agora, na conciencia lingüística, precisamente co período soviético. Por exemplo, o fraseoloxismo *куда надо а onde cómpre*, co significado de ‘á Policía, ó Departamento de Seguridade, etc.’ atópase mesmo nos textos de F.M.Dostoevski.

Notas estilísticas. Dentro da serie de notas estilísticas (de rexistro) utilízanse tanto as tradicionais como as que se introducen por primeira vez neste dicionario:

- alto

<i>пыль веков</i>	<i>po dos séculos</i>	‘un toque do tempo pasado; aplícase a algo moi antigo’
<i>[да] минут/минет чаши сия (кого-л.)</i>	<i>que este cáliz non lle toque (a alguén)</i>	‘que non lle toque a alguén algunha desgraza’
<i>с нами крестная сила</i>	<i>a forza da cruz está conosco</i>	‘exclamación equivalente a “vállame Deus”’

- neutro

<i>отчаянные головы</i>	<i>cabezas desesperadas</i>	‘persoas audaces’
<i>вызвать огонь на себя</i>	<i>chama-lo fogo cara a si mesmo</i>	‘afronta-las críticas ou responsabilidades, etc., posiblemente desviándoas dos outros’
<i>на каждом шагу</i>	<i>a cada paso</i>	‘con moita frecuencia, en todas partes’
<i>знать себе цену</i>	<i>sabe-lo prezo de si mesmo</i>	‘non ser demasiado modesto’

- ausencia significativa de nota

<i>до победного</i>	<i>ata o[in]tre] triunfante</i>	‘ata solucionar algún asunto por completo; ata moi tarde, sen preve-lo momento de finalizar’
<i>как из пушки</i>	<i>como dun canón</i>	‘dise dun son moi alto e repentino’
<i>медвежий угол</i>	<i>recanto de oso</i>	‘lugar moi afastado e pouco poboado’
▪ rebaixado		
<i>разлюли-малина</i>	<i>Razliuli⁸-framboesa</i>	‘vida libre e boa’
<i>метать икру</i>	<i>lanzar caviar</i>	‘estar preocupado, temer algo’
<i>я с тобой свиной вместе не пас</i>	<i>non teño apacentado porcós contigo</i>	‘díselle á persoa que se comporta co falante de forma demasiado familiar’
<i>гуляй, Вася!</i>	<i>vaite de paseo, Vasia⁹</i>	‘dise cando non se quere atender unha persoa, tanto directamente a el como el mesmo queixándose deste feito’
▪ brusco		
<i>в задницу</i>	<i>ó traseiro</i>	‘dise como blasfemia’
<i>к свиньям собачьим</i>	<i>ós porcós caninos</i>	‘dise como blasfemia’
<i>в дерьме [быть/сидеть/оказаться...]</i>	<i>na merda [estar/estar sentado/atoparse]</i>	‘estar nunha situación mala’
<i>к едрене фене</i>	<i>ó cu malo¹⁰</i>	‘dise como blasfemia’

⁸ *Razliuli* é unha palabra que carece de significado léxico, é propia das cantigas folclóricas. N. da T.

⁹ *Vasia* é nome masculino hipocorístico de *Vasilii*. N. da T.

▪ indecente

<i>[сидеть...] не отрывая жопы</i>	<i>[estar sentado...] sen despega-lo cu</i>	‘estar moi concentrado nunha ocupación, principalmente sentado, levando así moito tempo’
<i>ни бзднуть ни пёрнуть (где-л.)</i>	<i>nin botar un peido nin botar un aire (nalgunha parte)</i>	‘estar nunha situación difícil, por falta de tempo, de espazo, por exceso de ocupacións ou preocupacións’

▪ obsceno

<i>хуй с маслом</i>	<i>carallo con manteiga</i>	‘non vas recibir nada (do falante ou doutra parte)’
<i>к ебене/ебени фене</i>	<i>Ó cu fodido¹¹</i>	‘dise como blasfemia’

A nota *rebaixado* non se refire a tódolos fraseoloxismos rebaixados, xa que tamén son rebaixados os fraseoloxismos bruscos, indecentes e obscenos, senón que se refire a aqueles fraseoloxismos que, sen seren neutros nin tampouco “ceros” (no sentido indicado máis arriba), empréganse principalmente en situacións dun estilo de discurso algo máis rebaixado en comparación co estilo da comunicación cotiá e non se atribúen nin ás expresións bruscas, nin ás indecentes, nin ás obscenas. Así, o fraseoloxismo:

<i>с полтинка</i>	<i>cunha media patada</i>	‘con moita facilidade (dise para poñer algo en marcha, etc.)’
-------------------	---------------------------	---

percíbese como rebaixado en relación ó estándar coloquial, sen ser brusco e menos obsceno. Notemos que a situación de uso dos fraseoloxismos rebaixados (a nota *rebaixado* e outras de estilos inferiores) a miúdo vai acompañada de xestos que non están ben vistos na comunicación normalizada. Así, o uso do fraseoloxismo:

<i>ни бум-бум (кто-л. в чём-</i>	<i>nin “bum-bum!” (alguén de</i>	‘non saber nada alguén de
----------------------------------	----------------------------------	---------------------------

¹⁰ As dúas palabras son de argot, aquí achegámo-las súas posibles equivalencias semánticas (que non se perciben así por tódolos falantes, e menos pola xente culta, que non adoita coñecer estes significados aínda que coñeza a blasfemia). N. da T.

¹¹ Véxase a nota anterior, con respecto ó substantivo deste dito. N. da T.

л.) *algo* *algo'*

vai acompañado con frecuencia dun xesto característico: un golpe cos cotenos dos dedos na superficie da mesa.

Notas discursivas. Pódense denominar como discursivas as notas *libresco*, *periodístico*, *argot*, *ideoloxía soviética*, *popular e vulgar*, xa que non caracterizan un rexistro de lingua en sentido estrito, senón unhas peculiaridades específicas de denominación nunha sublinguaxe concreta. Noutras palabras, tales fraseoloxismos entran no conxunto de prácticas discursivas propias de esferas específicas do uso da lingua.

Nos dicionarios monolingües, á nota *vulgar* atribúenselle tradicionalmente dous significados diferentes: 1) característica da fala da xente que carece de formación e 2) característica dun rexistro estilístico inferior a *coloquial*. No Tesouro, esta nota emprégase só co primeiro significado (é dicir, caracteriza a fala semianalfabeta ou estilizada como tal), e polo tanto interprétase aquí só como discursiva e non como de rexistro. Cf. os seguintes fraseoloxismos:

<i>незнамо когдa</i>	<i>non sabido cando</i>	'non se sabe cando'
<i>чай гоняТЬ</i>	<i>arrea-los téis</i>	'tomar té durante moito tempo e en moita cantidade'
<i>всю дорогу</i>	<i>durante todo o camiño</i>	'durante todo o tempo'
<i>давать пешиака</i>	<i>da-lo peón</i>	'emprender unha marcha longa a pé'
<i>хорошая мысль приходит опосля</i>	<i>a boa idea vén despois</i>	'dise cando a alguén se lle ocorre algo importante pero xa é tarde para aplicalo'

Notemos que aínda que as notas discursivas se combinan coas de rexistro, particularmente as combinacións “ \emptyset ¹² vulgar”, “*rebaixado vulgar*”, “*brusco vulgar*” e semellantes son teoricamente admisibles, e aínda que na práctica predominan as combinacións co “cero estilístico”, os casos “*rebaixado vulgar*” son dificilmente separables dos “ \emptyset vulgar”. En canto ós fraseoloxismos que teñen as notas de rexistro *brusco*, *indecente*, *obsceno*, son tan expresivos dadas as súas características estilísticas que resulta difícil valoralos como pertencentes a algún tipo especial de discurso.

¹² Con este signo márcase o “cero estilístico” nos casos en que está claramente contraposto a outras notas.

Coa nota *periodístico* márcanse aqueles fraseoloxismos que son característicos dos textos xornalísticos, que practicamente non se atopan na lingua coloquial e que en moi raras ocasións se descubren na lingua da literatura artística en contextos non relacionados coa interpretación. Por exemplo, os fraseoloxismos:

город на Неве *cidade sobre o Neva* ‘San Petersburgo’

*страна восходящего
солнца* *país do sol nacente* ‘Xapón’

representan uns modelos típicos de expresións periodísticas. Á par da nota *periodístico* tamén se utilizou a nota plenamente tradicional *libresco* coa que se marcan os fraseoloxismos característicos da linguaxe escrita en xeral, e non só das obras periodísticas.

Por exemplo:

рядиться в тогу *disfrazarse coa toga* ‘intentar pasar por alguén importante (ou por un profesional, por un experto, etc.) e crearse a reputación correspondente, sen moito fundamento para iso’

двуликий Янус *Ianis de dúas caras* ‘persoa falsa, hipócrita’

*истина в
последней/конечной
инстанции* *a verdade na súa última
instancia* ‘dise dunha afirmación feita con máis seguridade e ambición das debidas’

Esta mesma nota utilizouse para fraseoloxismos ou expresións oficinescas como:

в плане *en plan* ‘a modo de’
в таком разрезе *neste corte* ‘dende esta perspectiva,
neste enfoque’

O uso de corpus textuais no proceso de atribución das notas *libresco* e *periodístico* permitiu orientarse a parámetros puramente cuantitativos (é dicir, á frecuencia relativa dos fraseoloxismos correspondentes).

A esfera de acción da nota *ideoloxía soviética* crúzase a miúdo coa esfera de acción da nota temporal *soviético* (nestes casos non se marca, é dicir, a combinación "*ideoloxía soviética, soviético*" non existe neste Tesouro). Este tipo de cruces son naturais, xa que esta clase de discurso pertence á historia. Porén, hai unha serie de casos nos que os fraseoloxismos característicos da época soviética poden non levar unha carga ideolóxica. Algúns destes fraseoloxismos reciben a nota "*soviético periodístico*"; Cf.:

голубой экран *pantalla azul clara* ‘televisión’

*[одна] шестая часть
суши* *[unha] sexta parte da terra
firme* ‘URSS’

Poden servir de exemplo de expresións que reciben a nota *ideoloxía soviética* fraseoloxismos como:

опиум для народа *opio para o pobo* ‘relixión’

*продажная девка
империализма* *moza vendible (=rameira)
do imperialismo* ‘así se lles chamou, en certos momentos, á xenética e tamén á cibernética’

школа коммунизма *escola de comunismo* ‘actividade ou traballo que pretendía ou debía inculcar (directa ou indirectamente) os valores comunistas ós seus participantes’

A nota *argot* atribúeselles non só a fraseoloxismos como:

лгать горбатого *moldea-lo xorobado* ‘mentir, dar información falsa, finxir (a miúdo con obxectivo de sacar algún proveito); pasar por parvo, divertirse, facer bromas’

знать дуру *arrea-la parva* ‘dicir estupideces, mentir’

склеить ласты *pega-las aletas xuntas* ‘morrer’

(nestes casos a nota *argot* utilízase con frecuencia en combinación coas notas de rexistro *rebaixado* e *brusco*), senón tamén a fraseoloxismos como os seguintes, que se empregan nas xergas profesionais (neste caso, na militar):

груз 300 *carga 300* ‘os feridos’

коктейль Молотова *cocktail Molotov* ‘un determinado explosivo’

Existe unha serie de notas discursivas nas que se emprega tamén a nota *popular* para caracterizar fraseoloxismos como:

<i>ехать в Тулу со своим самоваром</i>	<i>ir (alguén) a Tula co seu propio samovar</i> ¹³	‘ir a un sitio levando cousas que alí hai en abundancia’
<i>по усам текло, а в рот не попало</i>	<i>correu polo bigote pero non entrou na boca</i>	‘non se puido sacar proveito de algo, aínda que era posible’
<i>знать свой шесток</i>	<i>saber cal é a túa (súa, nosa, vosa) percha</i> ¹⁴	‘un ten que darse conta do sitio que lle corresponde na sociedade en xeral, nun acto ou situación concretos, etc. (normalmente trátase dunha posición social relativamente baixa respecto doutras)’
<i>[семь вёрст] киселя хлебать (куда-л.)</i>	<i>[a sete verstás] a come-lo kisel</i>	‘ir a algún sitio moi afastado para facer cousas que se poderían facer moito máis preto’

Operadores de rexistro. Nos operadores de rexistro inclúense as notas *eufemismo* e *disfemismo*, que representan un tipo especial de notas que caracteriza un cambio de forma do fraseoloxismo. Este cambio leva ó traslado do mesmo dende un rexistro estilístico de fala a outro: ben cara ó ascenso de rexistro estilístico (*eufemismo*), ben cara á súa baixada (*disfemismo*). Tradicionalmente cualifícanse como eufemismos tamén as expresións que representan unhas denominacións alternativas dalgunhas entidades tabuizadas. No sentido estrito da palabra, os eufemismos deste tipo non son operadores de rexistro, porén, rendendo tributo á tradición, denominámoslos coa mesma nota e considerámoslos en conxunto. Desta maneira, a nota *eufemismo* caracteriza a dúas clases principais de fraseoloxismos: 1) os fraseoloxismos utilizados en lugar dos obscenos, e 2) os fraseoloxismos utilizados en lugar das denominacións tabuizadas directas. Denominaremo-lo primeiro tipo “eufemismos do obsceno” e o segundo “eufemismos do tabuizado”. Os eufemismos do obsceno son anáforas no sentido en que remiten á expresión obscena correspondente, presente na consciencia lingüística dos

¹³ Samovar é un recipiente típico ruso para facer té. A cidade de Tula noutroira tiña fama polos samovares que alí se fabricaban. N. da T.

¹⁴ Cf. o dito ruso *Всяк сверчок знай свой шесток* cada grilo ten que saber cal é a súa percha co mesmo significado. N. da T.

falantes nativos. Os eufemismos do tabuizado carecen desta propiedade, xa que denominan, dun modo alternativo, un concepto ou unha realidade tabuizados.

A nota *eufemismo* emprégase no Tesouro referíndose ós eufemismos do obsceno só para aqueles fraseoloxismos que na conciencia do falante ruso nativo se relacionan coas expresións obscenas correspondentes, e ó mesmo tempo, esta expresión obscena percíbese como a principal e non como unha variante obscena inventada artificialmente. Por esta razón, por exemplo, o seguinte fraseoloxismo:

<i>пристать/прилипнуть</i>	<i>apegarse/adherirse coma</i>	‘estar pedindo ou dicindo
<i>как банный лист (к кому-л.)</i>	<i>unha folla de bania (a alguén)¹⁵</i>	algo con perseveranza’

está marcado como *rebaixado*, pero non como *eufemismo*, aínda que algúns falantes nativos rusos o relacionan coa forma:

<i>пристать/прилипнуть</i>	<i>apegarse/adherirse como</i>	‘estar pedindo ou dicindo
<i>как банный лист к жопе</i>	<i>unha folla de bania ó cu</i>	algo con perseveranza’

Máis alá dos límites da fraseoloxía, pode servir de analoxía o verbo *накрыться*¹⁶ co significado figurado ‘fracasar, non prosperar, romperse’ e semellantes. Na conciencia dos falantes nativos, este verbo non se relaciona co fraseoloxismo obsceno (*низдой накрыться, cubrirse coa cona*) e polo tanto non se percibe como eufemismo. A nota *eufemismo* (como eufemismo do obsceno) combínase a miúdo con notas estilísticas, como por exemplo:

<i>[сидеть...] не отрывая задницы/зада – груб. эвф.</i>	<i>[estar sentado...] sen despega-lo traseiro/pousadoiro</i>	‘estar moi concentrado nunha ocupación, principalmente sentado, levando así moito tempo’.
---	--	---

Os eufemismos do segundo grupo, os eufemismos do tabuizado, pertencen, en primeiro lugar, ós taxons MORTE e SEXO, xa que estas dúas esferas están tabuizadas na cultura europea. Examinémolo no exemplo do campo conceptual MORTE. Moitos fraseoloxismos nos que está presentada a re-designación da morte e dos fenómenos que a acompañan, teñen que ser cualificados como eufemismos, é dicir, como denominacións indirectas, que, en maior ou menor medida, lle quitan ó falante a responsabilidade do dito, da mención a esta área prohibida. Porén, non tódalas denominacións indirectas no campo semántico MORTE se atribúen ós eufemismos, nin moito menos. Non se pode chamar eufemismos ás denominacións indirectas nas que o

¹⁵ Na *bania* rusa (especie de sauna, con vapor húmido) úsanse ramas de bidueiro para golpear o corpo conseguindo mellor efecto de limpeza e relax. N. da T.

¹⁶ O seu significado recto é ‘cubrirse’. N. da T.

concepto MORTE e os fenómenos relacionados con el se transmiten a través das situacións que provocan risa:

сыграть в ящик *xogar á caixa* ‘morrer’

склеить ласты *pega-las aletas xuntas* ‘morrer’

кеды выставить *poñe-los tenis diante* ‘morrer’

Neste caso elimínase a tabuización da propia categoría MORTE. A forma interna que provoca risa está lonxe de implicar que o falante queira eludi-la responsabilidade por dirixirse á categoría tabuizada. Ó revés, o traslado da categoría MORTE á esfera humorística, a súa “carnavalización”, permítelle ó falante non preocuparse das posibles “sancións”. Noutras palabras, a peculiar “protección”, típica para os eufemismos do campo conceptual MORTE, está ausente nos fraseoloxismos que teñen a forma interna humorística.

O mesmo pode aplicarse tamén ós eufemismos do tabuizado da área conceptual SEXO. Os fraseoloxismos cunha forma interna humorística tampouco se perciben como eufemismos:

поставить на корягу (кого-л.) *poñer sobre o toco (a alguén)* ‘realiza-lo acto sexual en calidade do participante activo (e non o pasivo); por extensión, humillar, poñer nunha situación de desvantaxe, tratar con prepotencia’

поставить на четыре кости (кого-л.) *poñer (a alguén) sobre os catro ósos* ‘realiza-lo acto sexual en calidade do participante activo (e non o pasivo); por extensión, humillar, poñer nunha situación de desvantaxe, tratar con prepotencia’

гонять лысого *arrea-lo calvo* ‘practica-la masturbación masculina’

натянуть (кого-л.) по самые помидоры *estirar a alguén mesmo ata os tomates* ‘realiza-lo acto sexual en calidade do participante activo (e non o pasivo); por

extensión, humillar, poñer nunha situación de desvantaxe, tratar con prepotencia'

Outra cousa é que nesta esfera conceptual a idea de “protección” non é relevante.

O segundo factor que inflúe no status do fraseoloxismo como eufemismo do tabuizado é o grao de convencionalidade da denominación. É ben sabido que co tempo os eufemismos perden a súa forza alegórica e con frecuencia vense tabuizados. Pódese considerar como exemplo deste tipo a palabra *уборная*, ‘retrete’, utilizado antes como eufemismo e ulteriormente substituído polo préstamo *туалет*¹⁷. Cf. tamén a palabra *сортир* ‘retrete, latrina’, que noutrora tamén era eufemismo, igual que a palabra *уборная*. Na esfera da fraseoloxía, pertencen ós fenómenos de deseufemización parcial os fraseoloxismos co compoñente *хер*, ‘carallo’, que, sendo menos bruscos que os propios fraseoloxismos obscenos, resultan ser substancialmente máis bruscos cós fraseoloxismos co compoñente *хрен*, ‘ravo’.

Cando a denominación indirecta chega a ser habitual, xa non se percibe como un intento de evita-la denominación directa da entidade tabuizada. Debido a isto, os fraseoloxismos do campo MORTE, como os seguintes, non se marcan como eufemismos:

<i>отдать богу душу</i>	<i>entregarlle a alma a Deus</i>
<i>господь прибрал (кого-л.)</i>	<i>Deus acolleuno (a alguén)</i>
<i>уйти в лучший мир</i>	<i>irse ó mellor mundo</i>
<i>закрывать глаза навеки</i>	<i>pecha-los ollos para sempre</i>
<i>приказать долго жить</i>	<i>ordenar que vivamos moito</i>

Ó mesmo tempo, os fraseoloxismos como:

<i>груз 200</i>	<i>carga 200</i>	‘os mortos’
<i>черный тюльпан</i>	<i>tulipán negro</i>	‘avión que transporta os militares mortos á patria’

¹⁷ Pronunciado como /tualet/; préstamo do francés, *toilette*. N. da T.

cualifícanse como eufemismos, xa que se perciben como un intento de escaparse da denominación directa da entidade tabuizada, debido a que neles está utilizada unha denominación nova e inesperada.

A substitución eufemística a miúdo leva non só ó cambio dos parámetros pragmáticos senón tamén a unhas consecuencias semanticamente impracticables. Así, os exemplos seguintes son posibles só cando se refiren a nomes animados:

<i>послать... на букву “х”</i>	<i>mandar... á letra “x”¹⁸</i>	‘Mandar ó carallo (expresión algo suavizada)’
<i>послать... на три буквы</i>	<i>mandar... a tres letras</i>	‘Mandar ó carallo (expresión algo suavizada)’
<i>послать на хутор бабочек ловить</i>	<i>mandar ó casarío a cazar bolboretas</i>	‘Mandar ó carallo (expresión algo suavizada)’

Por exemplo, non se pode dicir **послать работу на букву “х”/на три буквы/на хутор бабочек ловить manda-lo traballo á letra “x” / a tres letras / ó casarío a cazar bolboretas*, aínda que as formas análogas co fraseoloxismo obsceno sexan plenamente normais, cf. *послать работу на хуй manda-lo traballo ó carallo*. Segundo parece, esta prohibición está relacionada co feito de que o eufemismo se emprega neste caso para a descrición do propio acto de insultar, mentres que cando estes fraseoloxismos se utilizan respecto das denominacións dos obxectos inanimados, o acto de insultar non se dá. Está claro que en casos semellantes, os fraseoloxismos correspondentes preséntase como lemas independentes.

A nota *eufemismo*, en certo sentido, está contraposta á nota *disfemismo*, e caracteriza a aqueles fraseoloxismos que sendo obscenos ou bruscos se perciben como derivados dos fraseoloxismos normais da lingua literaria. Por exemplo, o fraseoloxismo:

<i>с гулькин хуй</i>	<i>do tamaño do carallo da pombiña</i>	‘moi pequeno’
----------------------	--	---------------

percíbese como un derivado de:

<i>с гулькин нос</i>	<i>do tamaño do nariz de pombiña</i>	‘moi pequeno’
----------------------	--	---------------

Desta maneira, os fraseoloxismos-disfemismos están contrapostos ós eufemismos do obsceno.

¹⁸ Neste exemplo, igual que nos dous seguintes, faise unha alusión á expresión *послать на хуй* ‘mandar ó carallo’, para o que se utilizan ben a primeira letra da palabra *хуй* ‘carallo’, ben a cantidade de letras desta palabra (tres), ben a semellanza fonética das palabras *хуй* /khui/ e *хутор* /khutor/ ‘casarío’. N. da T.

A nota *neutro*, introducida máis arriba, foi caracterizada como puramente estilística; non obstante, entre as notas temporais e as discursivas tamén hai unha peculiar zona neutral. Así, para as notas temporais resultan neutros aqueles fraseoloxismos que non se vinculan con determinadas limitacións temporais. E para as discursivas, aqueles fraseoloxismos que non pertencen a ningunha das mencionadas sublinguaxes concretas. Á parte diso, está claro que as notas temporais e discursivas forman un tipo de escala distinto do formado polas notas estilísticas. Estas últimas sitúanse na escala graduada entre dous polos: *alto* e *obsceno*. En contraposición a isto, as notas temporais e discursivas forman unha serie de oposicións binarias, en cada unha das cales, o membro marcado está contraposto ó neutro: *arcaico - neutro*; *periodístico - neutro*; *argot - neutro*. O contido do concepto de “neutralidade” na esfera das notas temporais e discursivas é diferente ó da esfera das notas estilísticas, o que se explica pola diferenza na organización das escalas. Así, para as notas discursivas e temporais, a nota *neutro* está contraposta a outras notas, mentres que para as estilísticas, a nota *neutro*, non sendo membro de oposicións binarias, ocupa o sitio dun dos significados do parámetro gradual entre o “cero” e a nota *alto*.

Do dito derivase que o concepto de “neutralidade” non é puramente estilístico e polo tanto, para unha notación precisa habería que utilizar tres notas *neutro* distintas: a temporal, a estilística e a discursiva. Porén, está claro que isto dificultaría o uso do dicionario, por iso, no modo elixido de presentación de información, a nota *neutro* úsase de modo sincrético: emprégase só nos casos en que o fraseoloxismo resulta ser *neutro* segundo as tres escalas. De aquí dedúcese que a nota *neutro* non pode combinarse con ningunha outra nota.

Esta notación é unha solución de compromiso: por unha banda, é amigable respecto ó lector, xa que non utiliza notas de tipo *neutro*₁, *neutro*₂, *neutro*₃, e pola outra banda, non é suficientemente precisa, xa que non permite distingui-los casos de tipo “estilisticamente neutro + periodístico” e “ausencia significativa de nota + periodístico”. Porén, debemos precisar que tales casos son extremadamente raros.

O sistema de notas do Tesouro caracterízase polas súas relacións semánticas e pragmáticas complexas. Algunhas destas relacións foron tomadas en conta durante o proceso de colocación de notas. Así, as notas *libresco* e *alto* son interdependentes: os fraseoloxismos característicos para a lingua escrita utilízanse a miúdo na lingua oral, en situacións que requiren un rexistro estilístico alto. Tamén é parcialmente correcto o contrario. Debido a isto, as notas *libresco* e *alto* non se poñen simultaneamente. Por outra banda, as notas de rexistro: *rebaixado*, *brusco* e *indecente* combínanse libremente coa nota *eufemismo*, xa que a eufemización actúa en distintos rexistros estilísticos. As notas discursivas tamén se combinan libremente coas de rexistro, como por exemplo:

<i>держатъ за падло (кого-л.) – груб. жарг.</i>	<i>ter a alguén por preabrusco, argot</i>	‘considerar a alguén mala persoa’
---	---	-----------------------------------

ou

<i>(чьѣ-л.) место</i>	<i>o sitio (de alguén) é a</i>	‘dise dunha persoa moi
-----------------------	--------------------------------	------------------------

у/около/возле парашуи – груб. жарг. *carón do ouriñal - brusco, argot* insignificante, en xeral ou nun entorno (ou asunto) concretos’

Tamén podemos atopar combinacións de notas temporais con discursivas:

пустить красного петуха – устар. народн. *lanzar un galo vermello - arcaico, popular* ‘provocar un incendio’

e con notas de rexistro:

почить в бозе – устар. высок. *morrer no Deus - arcaico, alto* ‘morrer’

Notemos que as diferentes acepcións dos fraseoloxismos poden ter distintas características estilísticas, tal e como sucede no caso de *сумасшедший дом*, ‘*casa tola*’, que na acepción de “hospital psiquiátrico”, pertence ós neutros, mentres que co significado de “desorde”, pertence ós fraseoloxismos marcados co “cero estilístico”.

As propiedades estilísticas do fraseoloxismo, reflectidas nas notas correspondentes, vense influídas en primeiro lugar polas características estilísticas dos compoñentes que o forman. Así, se polo menos un dos compoñentes é unha palabra obscena, daquela todo o fraseoloxismo percíbese como obsceno e recibe a nota *obsceno*. Para os fraseoloxismos obscenos este principio funciona plenamente. Pero, en xeral, a colocación das notas estilísticas non se determina exclusivamente polas características estilísticas das palabras-compoñentes do fraseoloxismo. Por exemplo, o fraseoloxismo:

чѐрт-те где *o demo [che sabe] onde* ‘nun lugar descoñecido, moi afastado ou malo’

evidentemente non pertence ós rebaixados e funciona como “cero” estilístico, aínda que en potencia o compoñente *чѐрт* ‘demo’ pode producir un efecto de rebaixamento estilístico. Isto é característico naqueles casos en que se percibe como viva a forma interna do fraseoloxismo co compoñente dado. Así o fraseoloxismo:

чѐрт принес (кого-л.) *o demo trouxo a (alguén)* ‘alguén vén desesperadamente e de maneira moi inoportuna’

percíbese como claramente rebaixado. Notemos que tampouco se pode considerar como universal o factor de forma interna viva. Nos fraseoloxismos coa forma interna viva, o colorido estilístico pode verse influído pola presenza dun elemento de xogo na semántica e na situación descrita pola forma interna. Así, no fraseoloxismo:

<i>как чёртик/чёрт из табакерки</i>	<i>como un demíño dende a cigarreira</i>	‘(aparece) de forma inesperada e nun momento moi oportuno, depende para quen’
-------------------------------------	--	---

a forma interna reflicte a situación de xogo (tense en conta o demíño como parte dun xoguete). Conforme a iso, o fraseoloxismo non pertence ó grupo dos rebaixados.

Entre os factores que inflúen nas características estilísticas do fraseoloxismo, están tamén a calidade de citado, a pertenza á tradición folclórica, ós contos máxicos, ós ritos do pobo, etc. Cf. a nota *popular* para os fraseoloxismos do tipo:

<i>при царе Горохе</i>	<i>no tempo do tsar Erguello</i>	‘en tempos moi antigos’
<i>было [и/да прошло] и/да былъём поросло</i>	<i>foi [e/pero pasou] e/pero medroulle a herba enriba</i>	‘algo que tivo lugar xa está esquecido e non ten importancia actualmente’
<i>морковкино заговенье</i>	<i>o “antexaxún”¹⁹ de cenoria</i>	‘momento que non vai chegar nunca ou que se ve moi afastado’

As características estilísticas dos fraseoloxismos (e non só fraseoloxismos) están lonxe de ser indiferentes respecto á semántica “proposicional”. Este aspecto da semántica de estilo está mal estudado, sen embargo, é necesario tomalo en consideración. Por exemplo, a descrición das manifestacións extremas dos indicios e das propiedades pode levar ó cambio de rexistro estilístico. No taxon INTENSIFICADORES DO MALO, os fraseoloxismos neutros están totalmente ausentes, sendo dominantes as notas de tipo *rebaixado*, *brusco*, *indecente*. Un efecto análogo obsérvase no uso dos tropos, das expresións metafóricas e semellantes. Pode servir de exemplo deste tipo a propia fraseoloxía, “desprazada” a un lado dende a “norma” estilística.

A partición da fraseoloxía entre uns campos semánticos separados –taxons ou árbores– está reflectida na sinopse presente no Anexo ó artigo. A sinopse inclúe un conxunto completo de nomes de taxons e subtaxons do *Tesouro da fraseoloxía rusa* coas súas correspondentes referencias paradigmáticas. Dado que na organización semántica da fraseoloxía de diferentes linguas se descubren unha serie de trazos comúns, é razoable supoñer que o esquema dado podería ser utilizado na recompilación dos Tesouros fraseolóxicos doutras linguas.

¹⁹ Tense en conta o último día antes da Coresma, cando aínda se poden comer algúns produtos prohibidos durante a mesma. N. da T.

Bibliografía

- APRESIÁN, Iu. D. (1995): “Nóvii obiasnítelnii slovar sinónimov: kontseptsia i tipi informátsii” en APRESIÁN Iu. D. (dir. xer.) *Novii obiasnítelnii slovar sinónimov rússkogo iaziká*. Russkie slovari, Moscova, 7-118. [Новый объяснительный словарь синонимов: концепция и типы информации // Новый объяснительный словарь синонимов русского языка. Под общим руководством Апресяна Ю.Д. “Русские словари”, Москва, 7-118].
- BARÁNOV, A.N. e DOBROVOL'SKIJ, D.O. (1992): “K probleme postroienia tezáurusa rússkikh idiom” en *Izv. RAN, Seria literaturi i iaziká*. T.51, № 5, 60-67. [Баранов А.Н., Добровольский Д.О. К проблеме построения тезауруса русских идиом // Изв. РАН, Серия литературы и языка, т. 51, № 5, 60-67].
- (1995): “Sovreménaia rússkaia idiomática. Proekt slovariá” en *Rusistica segodnia*. № 4. 99-115. [Баранов А.Н., Добровольский Д.О. Современная русская идиоматика. Проект словаря // Русистика сегодня. № 4. 99-115].
- (1996): “Idiomatichnost i idiomi” en *Voprosi iazikoznania*. № 5. 51-64. [Баранов А.Н., Добровольский Д.О. Идиоматичность и идиомы // Вопросы языкознания. № 5. 51-64].
- (1998): “Vnutrenniaia forma i problema tolkovania” en *Izv. RAN, Seria literaturi i iaziká*. T. 57, № 1, 36-44. [Баранов А.Н., Добровольский Д.О. Внутренняя форма и проблемы толкования // Изв. РАН, Серия литературы и языка, т. 57, № 1, 36-44].
- (1999a): “Tip metaforicheskoj modeli kak kriterii videlenia idiom” en *Trudi Mezhdunar. seminará Dialog 99*. Tarusa, 7-10. [Баранов А.Н., Добровольский Д.О. Тип метафорической модели как критерий выделения идиом // Труды Международ. семинара Диалог 99. Таруса, 7-10].
- (1999b): *Idioms from a cognitive perspective* // *Moscow State University Bulletin* 19, 1, 64-75.
- (2003): “Poniatie rechevoi fórmuli: opredelenie i tipologuia” en *Russkii iazik segodnia. Vip.2: Aktivnie iazikovie protsessi kontsa XX veka*. Moscova, 39-55. [Баранов А.Н., Добровольский Д.О. Понятие речевой формулы: определение и типология // Русский язык сегодня. Вып. 2: Активные языковые процессы конца XX века. Москва, 39-55].
- (2005): “Zum Idiombegriff” en BREITENEDER E., DOBROVOL'SKIJ D. (Hrsg.) *Dostoevskij in Focus: Textlexikographie und Phraseologie*. Verlag der Österreichischen Akademie der Wissenschaften, Wien. D28-D91.
- DOBROVOL'SKIJ, D.O. (1995): *Kognitive Aspekte der Idiom-Semantik. Studien zum Thesaurus deutscher Idiome*. Narr, Tübingen.
- (1996): “Óbrznaia sostavliáiuschaia v semántike idiom” en *Voprosi iazikoznania*. № 1. 71-93. [Добровольский Д.О. Образная составляющая в семантике идиом // Вопросы языкознания. № 1. 71-93].
- FODOR, J.A. e PYLYSHYN, Z.W. (1988): “Connectionism and cognitive architecture: A critical analysis” en *Cognition*, 28 (1-2), 3-71.

HALLIDAY M.A.K., HASAN R. (1989): *Language, context, and text: aspects of language in a social-semiotic perspective*. Oxford Univ. Press, Oxford.

NOSS (2004): *Novii obiasnítelnii slovar sinónimov rússkogo iaziká*. 2 edición, corrigida e complementada. Iu. D. Apresían (dir.) Moscova/Viena. [Новый объяснительный словарь синонимов русского языка. 2-е изд., испр. и доп. / Под рук. Ю.Д. Апресяна. Москва/Вена].

PÁDUCHEVA, E.V. (1977): “Poniatie prezumptsii v lingvísticheskoj semántike” en *Semiótica i informática*. Vip.8. VINITI, Moscova, 91-124. [Падучева Е.В. Понятие презумпции в лингвистической семантике // Семиотика и информатика. Вып. 8. М.: ВИНТИ, 91-124].

WIERZBICKA, A. (1972): *Semantic primitives*. Athenäum, Frankfurt am Main.

Anexo

Sinopse

1. Tempo

1.1. Eixe temporal

1.1.1. Pasado	1.1.1.1. Hai moito tempo → vellez → o vello
1.1.2. Presente → o novo	
1.1.3. Futuro	
1.1.4. Nun intre afastado no pasado ou no futuro: algún día, un día	

1.2. Parámetros do tempo

1.2.1. Rapidez, velocidade	1.2.1.1. Rápido, pronto, dunha vez, apresuradamente → movemento rápido → rapidez, facilidade de obtención do coñecemento → o inesperado	
	1.2.1.2. Durante moito tempo, lentamente → permanentemente → movemento lento → traballar moito	
1.2.2. Cantidad de tempo → cantidade	1.2.2.1. Moito tempo; tempo suficiente	
	1.2.2.2. Pouco tempo; tempo insuficiente	
1.2.3. Periodicidade	1.2.3.1. Permanentemente; sempre, para sempre; durante todo o tempo; a miúdo; en calquera momento → durante moito tempo	1.2.3.1.1. De novo, outra vez
	1.2.3.2. Temporalmente, a veces, nunca; raras veces	
	1.2.3.3. Paulatinamente	

1.3. Intervalo temporal segregado; momento segregado

1.3.1. Cobertura do intervalo temporal	1.3.1.1. Cobertura total do intervalo temporal	
	1.3.1.2. Comezo, metade, fin do intervalo temporal	
1.3.2. Conformidade – falta de conformidade co momento	1.3.2.1. Exactamente, a tempo, no momento necesario	1.3.2.2.1. Cedo, prematuramente 1.3.2.2.2. Tarde, demasiado tarde
	1.3.2.2. Non exactamente, non a tempo	
1.3.3. Parte do día	1.3.3.1. Mañá	

	1.3.3.2. Día	
	1.3.3.3. Tarde	
	1.3.3.4. Noite	
1.3.4. Idade	1.3.4.1. Infancia, mocidade	
	1.3.4.2. Idade adulta	
	1.3.4.3. Vellez → o vello	

2. Espazo, lugar

2.1. Distancia

2.1.1. Lonxe; infinitamente; no alto
2.1.2. Preto, ó lado; estreitamente

2.2. En todas partes, en todo lugar, todo [sobre o espazo]

2.3. Nun lugar arbitrario

2.4. Cidades, rexións, países, continentes

2.5. Espazo imaxinario, irreal

2.6. Lugar bo – lugar malo

2.6.1. Lugar bo, natal, coñecido
2.6.2. Lugar secundario, malo, descoñecido

2.7. Espazo limitado

2.7.1. Local, parte do local

3. Movemento – parada [cambio de posición, desprazamento, traslado; cesamento do movemento, ausencia do movemento, parada]

3.1. Movemento, cambio de posición

3.1.1. Movemento rápido, desprazamento
3.1.2. Movemento lento, traslado → durante moito tempo, lentamente → cansazo
3.1.3. Chegada (a pé), chegada (en transporte), aparición
3.1.4. Ida (a pé), ida (en transporte), fuxida

3.2. Cese do movemento, ausencia do movemento, parada

4. Cantidade, significados cuantitativos

4.1. Característica cuantitativa²⁰

4.1.1. Cantidade indeterminada	4.1.1.1. Moito, a maior parte, suficiente, demasiado → moito tempo → riqueza → moita comida → moitos recursos → moito traballo → preto, ó lado; estreitamente	4.1.1.1.1. Aumento, acrecentamento
	4.1.1.2. Pouco, a menor parte, insuficiente; non moito → falta de tempo → pobreza → falta de comida → poucos recursos → pouco traballo	4.1.1.2.1. Diminución → diminución dos recursos
4.1.2. Cantidade determinada		

²⁰ Propiedades do conxunto.

4.2. Característica cuantificadora²¹

4.2.1. Todos, todo → periodicidade → en tódalas partes, todo [sobre o espazo]	4.2.1.1. Xuntos → acordo...
4.2.2. Ninguén, nada, ningunha cantidade → perda...	
4.2.3. Mediante tódolos modos, mediante tódalas maneiras	
4.2.4. Cada → periodicidade → calquera	
4.2.5. Completamente	
4.2.6. Parcialmente, en parte	

5. Intensificadores de carácter xeral²²

→ hai moito tempo → rapidez → moito tempo → pouco tempo → infancia → velez → lonxe → preto → movemento rápido → movemento lento → ida → moito → pouco → ben → mal → importancia → insignificancia → calidade de necesario – calidade de non necesario → eliminación → exactitude → diferenza → actualidade → o vello → desorde → casualidade, arbitrariedade, o inesperado → inxustiza → o verdadeiro – o falso → fala – silencio → misterio → calumnia → en voz alta → en voz baixa → gratitude → promesa → xuramento → maldición → petición → ameaza → estados emocionais / psíquicos → toleira → razón → coñecemento xa sabido → obtención do coñecemento → intuición → descoñecemento → fastío → fiabilidade – falta de fiabilidade, certeza – incerteza → erro → atención – desatención → inquietude → capacidades – ausencia de capacidades → credulidade – desconfianza → alta posición social → baixa posición social → pertenza á sociedade → desconformidade coa súa posición social, coa norma de status → borracheira – sobriedade → orgullo → liberdade – non liberdade → immoralidade → discusión → rifa → resistencia → coacción física → bondade → amizade – inimidade → alevosía → trato malévolo, desprezativo → axuda – ausencia de axuda → botar fóra → castigo₁ → propio → soidade → control → superioridade – ausencia de superioridade → conduta inconveniente → características exteriores, aspecto exterior dunha persoa → denominacións inxuriosas → comida rica → moita comida → falta de comida → querer comer – non querer comer → amor → saúde – enfermidade → desgraza → pobreza – riqueza → prodigalidade → caro – barato → avidez → recursos → traballar moito → traballar pouco → cansazo → problemas – ausencia de problemas → éxito, sorte, vitoria – ausencia de éxito, fracaso, derrota → perseveranza – indecisión → perigo – precaución → tempo atmosférico → roupa boa → roupa mala → escuridade

6. Ben – mal

6.1. Ben

→ lugar bo → importancia → calidade de necesario → o novo → orde → honradez → xustiza → gratitude → desexo → permiso → ledicia → risa → esperanza → valentía → certeza → capacidades → alta posición social → conformidade coa súa posición social → moralidade → evitación do conflito → bondade → amizade → acordo, axuda mutua → axuda → perdón → superioridade → características de persoa valoradas positivamente → comida rica → moita comida → sono bo → boa saúde → riqueza → traballar moito, traballar ben → ausencia de problemas → éxito → roupa boa

6.2. Mal

Nun lugar arbitrario → lugar secundario, malo, descoñecido → insignificancia → calidade de non necesario → perda → eliminación → falta de conformidade indesexada → o vello → desorde → casualidade, arbitrariedade, ausencia de motivación → o inesperado desagradable → mentira, engano → deshonestidade → inxustiza → divulgación do secreto → calumnia → desacordo, obxección → maldición → ameaza → protección → ofensa → ausencia de vergoña → pranto → tristeza → falta de

²¹ Propiedades dos elementos do conxunto.

²² Os intensificadores que caracterizan propiedades concretas están presentados nos correspondentes taxons.

desexo → medo → desagrado → toleira → astucia → descoñecemento → fastío → incerteza → erro → curiosidade → inquietude → ausencia de capacidades → baixa posición social → desconformidade coa súa posición social → status falso → orgullo → ausencia da liberdade → contravención, delito → asasinato → execución → immoralidade → conflito → situacións de violencia → inimidade → aleivosía → trato malévolo, desprezativo → ausencia de acordo → ausencia de axuda → botar fóra → castigo₁ → perda do control → ausencia de superioridade → conduta inconveniente → características de persoa valoradas negativamente → denominacións inxuriosas → falta de comida → ausencia de sono → mala saúde → desgraza → pobreza → prodigalidade → débedas → avidez → poucos recursos → traballar pouco, traballar mal → cansazo → dificultades → ausencia de éxito → importunidade → indecisión → imprevisión → roupa mala...

6.2.1. Intensificadores do malo

6.3. Nin ben, nin mal

7. Importancia – insignificancia

7.1. Importancia, significación, valor

→ alta posición social → superioridade → calidade de necesario → actualidade → interese

7.1.1. Valor falso

→ status falso

7.2. Insignificancia, ausencia de significación, ausencia de valor

→ baixa posición social → ausencia de superioridade → calidade de non necesario → indiferenza → calquera, elixido arbitrariamente

7.2.1. Conxunto de conversas / accións sen importancia

8. Calidade de necesario – calidade de non necesario

8.1. Calidade de necesario, necesidade

→ importancia...

8.1.1. Necesidade relativa

8.2. Calidade de non necesario, inutilidade

→ insignificancia...

9. Comezo – fin

→ comezo, metade, fin do intervalo temporal

9.1. Comezo da actividade / proceso

→ o novo → de novo

9.2. Fin da actividade / proceso, remate, resultado

→ éxito → ausencia do éxito → morte → resumo → cesamento de existencia → eliminación

10. Directa/indirectamente

10.1. Directamente, inmediatamente

10.2. Mediante algo, indirectamente

11. Cesamento de existencia

→ eliminación → presenza – ausencia → morte → ausencia de éxito

11.1. Desaparición

12. Presenza – ausencia

12.1. Presenza, existencia

→ chegada (a pé)

12.2. Ausencia²³

²³ Que non supón cesamento de existencia.

→ ida

13. Eliminación, destrucción, estrago

→ guerra → perda, desaparición → asasinato

14. Semellanza – igualdade – identidade – diferenza

→ conformidade – desconformidade co momento → conformidade – desconformidade coa posición social de persoa → acordo – ausencia de acordo → indiferenza → confrontación/comparación dos status

14. 1. Semellanza, conformidade; coincidencia; igualdade, identidade

→ indiferenza → orde → exactamente, ó tempo...

14.1.1. Exactitude, correspondencia exacta

→ exactamente, ó tempo

14.1.2. Conformidade cun patrón, cun modelo

14.1.3. Asimilación indesexada, coincidencia indesexada, igualación

14.2. Diferenza, diversidade; desconformidade; distinción

→ desorde → non exactamente, non a tempo

14.2.1. Desconformidade indesexada

→ falta de conformidade coa súa posición social → status falso

14.2.2. Ó revés, non así

15. O novo – o vello

15.1. O novo

→ o novo coñecemento

15.1.1. Actualidade

15.2. O vello

→ vellez

15.2.1. Non actualidade

16. Orde – desorde

16.1. Orde

16.2. Desorde

→ diferenza

17. Casualidade, arbitrariedade, o inesperado

17.1. Casualidade, arbitrariedade, falta de motivación

17.1.1. Calquera, elixido arbitrariamente

→ periodicidade → nun lugar arbitrario

17.2. O inesperado, calidade de repentino

→ asombro

17.2.1. O inesperado desagradable

18. O verdadeiro – o falso

18.1. Verdade – mentira, engano

18.1.1. Verdade

→ coñecemento →

marcadores de
sinceridade

18.1.2. Mentira, engano → status falso → aleivosía	18.1.2.1. Participantes, instrumentos da situación de mentira, engano	
	18.1.2.2. Engano non verbal → roubo, furto	18.1.2.2.1. Finximento
		18.1.2.2.2. Pseudo arte
	18.1.2.3. Mentira, engano verbal, indución ó erro → promesa	
	18.1.2.4. Autoengano, ilusións	
18.1.3. Honestidade – deshonestidade	18.1.3.1. Honestidade, franqueza, sinceridade → xuramento	18.1.3.1.1. Marcadores de sinceridade → xuramento
	18.1.3.2. Deshonestidade, falta de sinceridade, hipocrisía → astucia → finximento → inmoralidade...	

19. Xustiza – inxustiza

19.1. Xustiza

19.2. Inxustiza

20. Lingua, fala, escritura

→ son

20.1. Fala – silencio

→ honestidade → divulgación do secreto → importunidade → conflito → astucia

20.1.1. Fala → divulgación do secreto → en voz alta → rifa	20.1.1.1. Comunicación, conversa
20.1.2. Silencio, calma → misterio → en voz baixa	

20.2. Escritura, texto, imaxe visual

21. Misterio, segredo, carácter reservado

→ silencio

21.1. Divulgación do secreto, locuacidade

22. Calumnia, murmuración, maledicencia

23. Son, voz, en voz baixa – en voz alta

→ lingua, fala...

23.1. En voz alta

23.2. En voz baixa

24. Actos de discurso

24.1. Gratitude

24.2. Desexo; recomendacións para o futuro (para o camiño); beizón

24.3. Acordo₂ – desacordo²⁴

²⁴ Baixo «acordo₂» compréndese unha reacción positiva a algo, contraposta a "obxección".

24.3.1. Acordo ₂ , confirmación; tratado → sometemento	24.3.1.1. Permiso
24.3.2. Desacordo, obxección; indicación ó carácter inoportuno dunha réplica → castigo,	24.3.2.1. Negación, prohibición → botar fóra

24.4. Petición, proposición

→ acordo₂ – desacordo → importunidade

24.5. Promesa

→ ameaza

24.5.1. Xuramento

24.6. Saúdo, invitación, presentación, encontro; alocución

24.7. Despedida

→ morte

24.8. Maldición

24.9. Ameaza, advertencia

→ castigo,; reproche → coacción física

24.10. Protección, precaución

→ perigo

24.11. Resumo

24.12. Enchedores de pausas

25. Estados emocionais / psíquicos, sentimentos

→ amor...

25.1. Leducia – tristeza

25.1.1. Leducia, pracer; felicidade	25.1.1.1. Alivio
25.1.2. Risa – bágoas	25.1.2.1. Risa, sorriso
	25.1.2.2. Pranto, bágoas
25.1.3. Tristeza, mágoa, impotencia → dificultades... → ausencia de éxito	25.1.3.1. Desgraza, desesperación, sufrimento, angustia → dor física

25.2. Valentía – medo

→ perigo – precaución

25.2.1. Valentía, audacia, irreflexión → decisión	
25.2.2. Medo, susto, horror, pánico → asombro	25.2.2.1. Temor, covardía, conduta indigna

25.3. Desexo – falta de desexo

25.3.1. Desexo, disposición, intención → tenacidade → calidade de necesario	25.3.1.1. Esperanza
25.3.2. Falta de desexo, rexeitamento → negación → calidade de non necesario → ausencia de liberdade...	

25.4. Interese – indiferenza

25.4.1. Interese → importancia → calidade de necesario → flirteo...	
25.4.2. Indiferenza, indolencia, impasibilidade, falta de interese → insignificancia → calidade de non necesario → ausencia de vergoña	

25.5. Vergoña – ausencia da vergoña

25.5.1. Vergoña, confusión, arrepentimento	
--	--

25.5.2. Ausencia da vergoña
→ inmoraldade

25.6. Desagrado, descontento, reprobación, maldade, malicia, furia, ira, irritación, indignación, anoxo

→ inimizade → ofensa → trato malévolo, desprezativo

25.6.1. Estado de descontento...

25.6.2. Expresión de descontento, inxurias

→ denominacións inxuriosas → maldición

25.7. Asombro

→ conduta inconveniente → o inesperado... → expresión de descontento...

25.8. Ofensa

→ pranto...

26. Razoamento, coñecemento

26.1. Demencia, toleira; estupidez

26.1.1. Actividade tola/estúpida

26.1.2. Lugar de estancia dos tolos

26.2. Razón, intelixencia, astucia

26.2.1. Astucia, habilidade

→ importunidade

26.3. Proceso de razoamento, reflexión

26.4. Opinión, aspecto de consideración, achegamento

26.4.1. Valoración

27. Coñecemento – descoñecemento, comprensión – incomprensión, memoria – esquecemento

→ misterio

27.1. Coñecemento; notoriedade, evidencia; determinación; comprensión

→ verdade → divulgación do secreto, locuacidade

27.1.1. Coñecemento notorio, coñecemento evidente	27.1.1.1. Coñecemento de saber común
	27.1.1.2. Coñecemento claro; coñecemento facilmente deducible
27.1.2. Transmisión aberta, evidente do coñecemento; divulgación do coñecemento	
27.1.3. Coñecemento novo	
27.1.4. Obtención do coñecemento, da información; explicación	27.1.4.1. Ensino, estudos
	27.1.4.2. Rapidez, facilidade para obter coñecemento
27.1.5. Intuición, coñecemento intuitivo	
27.1.6. Experiencia, habilidade	
27.1.7. Memoria	

27.2. Descoñecemento, incomprensión, non notoriedade

→ lugar secundario, malo, descoñecido

27.2.1. Indeterminación

→ casualidade, arbitrariedade, falta de motivación → indecisión → nun momento indeterminado no pasado ou no futuro

27.2.2. Esquecemento, falta de memoria

27.2.3. Ausencia de experiencia, falta de destreza

28. Fastío

→ traballar pouco...

29. Fiabilidade – falta de fiabilidade, certeza – incerteza

29.1. Certeza, fiabilidade

→ decisión

29.2. Incerteza, falta de fiabilidade

→ descoñecemento → perigo – precaución → indecisión

30. Erro

31. Atención – falta de atención

31.1. Atención, curiosidade

31.2. Ausencia de atención, falta de atención

32. Inquietude, ansiedade

33. Capacidades – ausencia de capacidades

33.1. Capacidades, talento, dotes naturais

33.2. Ausencia de capacidades, ausencia de talento

34. Credulidade – desconfianza

34.1. Credulidade, confianza, fe

→ mentira, engano

34.2. Desconfianza, falta de fe

35. Poder, estado, sociedade, política, economía

35.1. Poder

35.2. Institucións públicas e estatais, ciencia, arte

35.2.1. Relixión, igrexa

35.2.2. Cine

35.3. Política, economía

35.4. Medios de comunicación

36. Posición social, reputación, status

36.1. Tipo de status

36.1.1. Alta posición social; notoriedade na sociedade / no grupo social; boa reputación; status alto → poder	36.1.1.1. Respecto, estima	
	36.1.1.2. Adquisición da posición social, da notoriedade	
	36.1.1.3. Conservación da posición social, da reputación; defensa do status	
36.1.2. Status medio		

36.1.3. Baixa posición social; falta de notoriedade na sociedade / no grupo social; mala reputación; status baixo → traballo non proveitoso	36.1.3.1. Perda da posición social, da reputación, da notoriedade; humillación → botar fóra, non deixar entrar → castigo,... → contravención, delito, cárcere → ausencia de superioridade → ausencia de liberdade, sometemento, presenza de limitacións	
36.1.4. Conformidade-desconformidade coa súa posición social	36.1.4.1. Conformidade coa súa posición social, coa norma de status	36.1.4.1.1. Pertenza á sociedade
	36.1.4.2. Desconformidade coa súa posición social, coa norma de status	
36.1.5. Status falso, vaidade		

36.2. Contraposición / comparación dos status

37. Orgullo

38. Liberdade – falta de liberdade

→ control...

38.1. Liberdade, ausencia de limitacións

38.2. Ausencia da liberdade, presenza de limitacións, falta de liberdade

→ castigo, → tutela

38.2.1. Sometemento
38.2.2. Coacción, violencia

39. Contravención, delito, cárcere

→ execución

39.1. Cometer un delito, contravención

39.2. Delincuente

39.3. Culpa, proba de culpa; inocencia

39.4. Detención, xuízo

39.5. Castigo,; cárcere, exilio²⁵

39.5.1. Fuxida
39.5.2. Persecución → ida (a pé), ida (no transporte), fuxida

39.6. Tipos de delito

→ asasinato

39.6.1. Suborno
39.6.2. Roubo, furto
39.6.3. Outros delitos

40. Responsabilidade, participación, implicación

→ culpa

²⁵ Baixo “castigo₂” enténdese o ‘prexuízo formalizado por un procedemento xurídico, por cometer unha contravención’.

40.1. Anulación da responsabilidade

41. Asasinato

→ execución

42. Execución

43. Moralidade – inmoralidade, moral, conciencia

43.1. Moralidade

→ honestidade

43.2. Inmoralidade, deshonestidade; vileza

→ ausencia de vergoña → mentira, engano → roubo, furto → calumnia → suborno → inxustiza
→ avidez → deshonestidade → aleivosía, traizón

43.2.1. Uso doutros nos intereses propios, explotación
--

→ traballo non proveitoso

43.2.2. Vida a cargo doutros

44. Guerra

44.1. Armas

45. Conflito

→ desacordo, obxección → guerra → inimizade → ameaza → desagrado → dano → castigo₁ →
importunidade → ofensa

45.1. Etapas e estado do conflito

45.1.1. Creación do conflito

45.1.2. Profundización do conflito

45.1.3. Evitación do conflito, amaño do conflito, liquidación do conflito

45.2. Tipos de conflito

45.2.1. Discusión

45.2.2. Rifa, escándalo

→ expresión de descontento

45.2.3. Pretensións, desquite

45.2.4. Resistencia, agresión

→ decisión

45.2.5. Competición

46. Coacción física, violencia física

→ execución → botar fóra

46.1. Situacións de violencia

47. Bondade, carácter inofensivo, humanidade, resignación

→ perdón

48. Amizade – inimizade

→ axuda – ausencia de axuda; conflito – ausencia de conflito

48.1. Amizade

48.1.1. Fidelidade, lealdade

48.2. Inimizade, odio

49. Aleivosía, traizón, perfidia, vileza

50. Actitude malévola, desprezativa

→ desagrado → status falso → comparación dos status

51. Acordo – ausencia de acordo

51.1. Acordo, axuda mutua²⁶

51.2. Ausencia de acordo

52. Axuda – ausencia de axuda

52.1. Axuda, protección, cuidados, creación de condicións favorables

→ acordo...

52.1.1. Tutela

52.2. Ausencia de axuda, creación de condicións desfavorables, impedimentos

52.2.1. Prestar auxilio, inactividade

52.2.2. Causar dano, crear impedimentos

→ facer pobre → coacción física, violencia física

53. Botar fóra, non deixar entrar

→ perda de traballo → ida

54. Castigo₁ – perdón²⁷

54.1. Castigo₁; reconvenção, reprobación, reprensión, acusación, crítica, reproche

→ coacción física → falta de liberdade → cárcere → execución → desacordo, obxección

54.2. Perdón

55. Propio – alleo; o propio – o alleo

55.1. Propio

55.2. Alleo

56. Soidade

57. Control, vixilancia

→ atención → liberdade – non-liberdade → tutela

57.1. Perda de control, ausencia de control

→ desagrado, furia, ira, irritación → liberdade – non liberdade

58. Superioridade – ausencia de superioridade

58.1. Superioridade, vantaxe

→ alta posición social

58.2. Ausencia de superioridade

→ baixa posición social

59. Conduta inconveniente

→ importunidade → curiosidade

²⁶ «Acordo,» enténdese como ‘proximidade de opinións’.

²⁷ Como «castigo,» enténdese o ‘prexuízo para o que non se establece un procedemento xurídico, por cometer unha contravención’.

59.1. Conduta inconveniente, que provoca risa

59.2. Conduta inconveniente, relacionada cos esforzos extremados

59.3. Conduta frívola. Pouco seria

60. Persoa, xente

→ idade → morte

60.1. Home – muller

60.2. Características exteriores, aspecto exterior

60.2.1. Características valoradas en positivo

→ boa saúde

60.2.2. Características valoradas en negativo

→ mala saúde

60.3. Corpo de persoa, partes do corpo

60.3.1. Posición do corpo

60.4. Fisioloxía

60.5. Embarazo, procreación

→ sexo

60.6. Grupos de xente, microcolectivos

61. Denominacións persoais

61.1. Denominacións inxuriosas

→ expresións de descontento

61.2. Denominacións de xente segundo o seu carácter

61.3. Denominacións concretas-referenciais

61.4. Denominacións profesionais, especiais

61.5. Denominacións de parentesco

61.6. Denominacións étnicas, nacionais

62. Borracheira – sobriedade

→ drogadicción

62.1. Beber, borracho

62.1.1. Beber moito, moi borracho

62.1.1.1. Debido á borracheira

62.1.2. Beber non moito, lixeiramente borracho

62.1.2.1. Beber cun pretexto

62.1.3. Bebidas alcohólicas

62.2. Sobriedade

63. Drogadicción

64. Comida, alimento

64.1. Comida rica, comer rico

64.2. Comida non rica

64.3. Moita comida, comer moito, gula

64.4. Falta de comida, fame

→ dificultades → pobreza

64.5. Querer comer – non querer comer

65. Sono, durmir, soños, insomnio

65.1. Bo soño

65.2. Ganas de durmir, somnolencia

65.3. Ausencia de sono, insomnio, espertar

66. Amor, matrimonio, relacións sexuais

66.1. Matrimonio

66.2. Flirteo, cortexo

66.2.1. Participantes das relacións amorosas

66.3. Sexo

→ embarazo...

67. Vida, vida cotiá

68. Morte

→ execución → asasinato → espazo imaxinario, irreal

68.1. Suicidio

69. Saúde – enfermidade

69.1. Boa saúde, convalecencia

→ características de persoa valoradas positivamente

69.2. Mala saúde, enfermidade, malestar

→ características de persoa valoradas negativamente

69.2.1. Xordeira, cegueira

69.2.2. Dor física

70. Pobreza – riqueza

→ cartos

70.1. Pobreza, ausencia dos cartos

→ poucos recursos → falta de comida...

70.1.1. Arruinarse, chegar a ser pobre / máis pobre

→ diminución dos recursos

70.1.2. Facer pobre, privar de recursos

→ diminución dos recursos

70.2. Riqueza, benestar material

→ moitos recursos

70.2.1. Prosperidade, non pobreza

70.2.2. Obtención de bens materiais, obtención dos recursos

→ suborno

71. Cartos

→ pobreza – riqueza

71.1. Moderación – prodigalidade

71.1.1. Moderación, aforro

→ avidez...

71.1.2. Prodigalidade, gastos

71.2. Caro – barato

→ compra-venta

71.2.1. Caro

71.2.2. Barato, gratis

71.3. Débedas

71.4. Compra-venta, comercio

→ caro – barato

72. Avidez, avaricia

→ moderación

73. Recursos

73.1. Moitos recursos, reserva

→ riqueza...

73.2. Poucos recursos, ausencia de recursos

73.2.1. Diminución de recursos, gastos

→ arruinarse → facer pobre

74. Traballo – descanso

74.1. Traballo – preguiza

74.1.1. Traballar moito, traballar duro, traballar ben, aplicar grandes esforzos	74.1.1.1. Moito traballo
	74.1.1.2. Bo traballador, profesional
74.1.2. Traballar pouco, traballar mal, folgazanear, ter nugalla, producir mercancía mala, non aplicar esforzos	74.1.2.1. Pouco traballo, traballo fácil
→ fastío	74.1.2.2. Mal traballador
74.1.3. Perda do traballo, dimisión do traballo, despido	
→ botar fóra	
74.1.4. Traballo desvantaxoso, traballo non profesional, traballo non prestixioso	

74.2. Cansazo – descanso

74.2.1. Cansazo

74.2.2. Descanso, diversións, cesamento da actividade laboral

75. Problemas – ausencia de problemas, fácil – difícil

75.1. Dificultades, desgustos, desgraza, problema

→ o inesperado desagradable → tristeza → inseguridade → erro → inquietude → ausencia da liberdade → importunidade → coacción → responsabilidade → ausencia da axuda → falta de comida → pobreza → guerra → conflito → perigo → ausencia de éxito → débedas → moito traballo

75.1.1. Fonte de problemas, o propio problema

75.2. Ausencia de problemas, solución de problemas; facilidade, fácil

→ anulación da responsabilidade → riqueza → éxito → alivio

76. Éxito, boa sorte, vitoria – ausencia de éxito, fracaso, derrota

76.1. Éxito, vitoria

→ ausencia de problemas → superioridade → exactitude

76.1.1. Fortuna, boa sorte

76.2. Ausencia de éxito, fracaso, derrota, ausencia de resultado

→ dificultades → tristeza → erro → ausencia de superioridade → perda → arruinarse → o inesperado desagradable

76.2.1. Mala sorte

76.2.2. Ineptitude

76.2.3. Esforzos vans, obstinación inútil

77. Perseveranza – indecisión

77.1. Importunidade, falta de cerimonia, teima²⁸

→ astucia...

77.2. Decisión, audacia, persistencia

→ valentía...

77.2.1. Persistencia, perseveranza, cisma

77.3. Indecisión, inconsecuencia

78. Destino

79. Perigo – precaución

→ medo...

79.1. Perigo, risco

→ protección → ameaza...

79.1.1. Imprevisión

79.2. Precaución, previsión

80. Tempo atmosférico, fenómenos de natureza

80.1. Bo tempo

80.2. Mal tempo, aire malo

80.2.1. Vai frío

80.2.2. Chuvia, tempo chuvioso

80.2.3. Vai calor

81. O sobrenatural

82. Artefacto, cousa

→ armas → roupa

82.1. Recipiente

82.2. Escultura

82.3. Medio de transporte

82.4. Xoguete

82.5. Mecanismo

82.6. Edificación

83. Roupa, calzado

→ características exteriores, aspecto exterior da persoa

83.1. Roupa boa; roupa bonita, de calidade e nova; ben vestido

83.2. Roupa mala; roupa fea, de mala calidade e estragada; mal vestido

83.3. Espido; ausencia de roupa

84. Natureza: animais, plantas, pedras, constelacións

84.1. Animais

84.2. Peixes

84.3. Insectos

84.4. Plantas

84.5. Pedras

84.6. Constelacións, estrelas, planetas

²⁸ Modos para lograr un obxectivo, reprobados pola sociedade.

85. Visibilidade

85.1. Boa visibilidade

85.2. Escuridade, mala visibilidade

86. Cor, ornamento

87. Substancia

Significacións gramaticais e sentidos colocacionais: ¿máis ca unha simple coincidencia?¹

Xavier Blanco Escoda²

Universitat Autònoma de Barcelona

O artigo pon de relevo a grande área de intersección semántica que existe entre o conxunto de sentidos vehiculados mediante flexemas e derivatemas, por unha banda, e mediante colocacións léxicas, por outra. Saliéntase a importancia que esta cuestión pode ter respecto ó deseño de sistemas de tradución automática con interlingua gramatical. Emprégase o aparello teórico desenvolvido no marco da Teoría Sentido-Texto (TST), particularmente o concepto de función léxica. Faise unha breve presentación do proxecto InterGram.

Palabras clave: significacións gramaticais, sentidos colocacionais, interlingua, tradución automática, función léxica, Teoría Sentido-Texto, InterGram.

This paper highlights the big area of semantic intersection that exists between the set of meanings expressed by means of flexemes and derivatememes, on the one hand, and by means of lexical collocations, on the other. We underline the importance of this issue regarding the design of machine translation systems with grammatical interlingua. We use the theoretical frame of the Meaning-Text Theory (MTT), especially the concept of Lexical Function. A concise presentation of the InterGram project is done.

Keywords: Grammatical Meanings, Collocational Meanings, Interlingua, Machine Translation, Lexical Function, Meaning-Text Theory, InterGram.

1. Introducción

O obxectivo deste artigo é claro: trátase de poñer de relevo que existe unha grande área de intersección semántica entre os sentidos das colocacións léxicas e as significacións gramaticais (flexivas e derivativas) empiricamente observadas en lingüística xeral.

¹ Esta investigación contou co financiamento do Ministerio de Educación y Ciencia (España) no marco do proxecto I+D+i HUM 2005-08052-C02-01 InterGram (Interlingua Gramatical para Sistemas de Procesamiento Automático del Lenguaje Natural).

² Tradución de Cristina Veiga Novoa.

Tanto é así, que poderíamos pensar que estamos, basicamente, diante dos mesmos sentidos vehiculados a través de distintos medios de expresión. Defenderemos, así mesmo, a hipótese de que estes sentidos son universais e extremadamente especiais no que se refire á súa incardinación lingüística, xa que, sexa cal sexa a súa expresión formal, esta non é representable por medios distribucionais, senón que está lexicamente (no caso das colocacións) ou morfoloxicamente (no caso dos flexemas e derivatemmas) condicionada.

Disto derívanse, ó noso xuízo, dúas consecuencias importantes (unha teórica e outra aplicada) para o deseño de ferramentas de recoñecemento automático ou de tradución: dende o punto de vista teórico, é imposible, *stricto sensu*, traducir unha colocación, do mesmo xeito que é imposible traducir un flexema ou un derivatema. Só poden recoñecerse e/ou xerarse, mais non traducirse. Para garantir que o sentido da lingua de partida se mantén na lingua de chegada requírirase unha representación intermedia de carácter puramente metalingüístico. Dende o punto de vista aplicativo, non é posible trata-las colocacións léxicas por transferencia, senón unicamente por interlingua. Ó longo deste artigo presentáremo-las bases conceptuais do noso razoamento e tentaremos xustifica-las conclusións apuntadas.

Antes de comezar precisáremo-lo uso que faremos, neste artigo, de tres termos importantes: *significado*, *sentido* e *significación*. O *significado* é unha das tres compoñentes do signo lingüístico. Por conseguinte, un significado sempre vai intimamente vinculado a un significante e a unha combinatoria. Insistamos, pois, en que o significado é sempre o significado dun significante. Non pode, polo tanto, falarse de significado independentemente dun signo lingüístico determinado nunha lingua dada.

O *sentido*, pola contra, corresponde á variante das paráfrases lingüísticas, pode coincidir ou non cun significado no marco dunha lingua determinada, é translingüístico e é previo á operación de lexicalización entendida como paso dunha representación semántica (semas e semantemas) a unha representación sintáctica profunda, que conta xa con unidades léxicas como nodos.

Finalmente, a noción de *significación* presenta un carácter moito máis instrumental, xa que se trata, basicamente, dunha etiqueta que nos permite reagrupar de maneira cómoda, aínda que só aproximada, conxuntos de sentidos interlingüísticos estreitamente emparentados. Así, por exemplo, a significación “plural” reagrupa sentidos moi semellantes nunha mesma lingua (p. ex. plural cuantitativo *versus* plural sortal) ou oposicións semellantes aínda que non idénticas dende unha perspectiva translingüística (p. ex. o plural do castelán oponse unicamente ó singular, mentres que o plural do árabe se opón ó singular e ó dual).

2. A noción de colocación

Na última década, o estudo das denominadas *colocacións* suscitou un grande interese e deu lugar a un gran número de publicacións en distintos eidos da lingüística aplicada (lingüística de corpus, lingüística computacional, didáctica das linguas estranxeiras...).

Ata o punto de que un panorama bibliográfico, mesmo superficial, destes estudos resultaría unha empresa titánica da que nos manteremos prudentemente á marxe.

A isto cómpre engadir que a propia noción de *colocación* dista moito de recibir unha definición unanimemente aceptada pola comunidade lingüística; mesmo nos atreveríamos a afirmar que existe un certo *cafarnaum* terminolóxico sobre esta noción. Tampouco é o noso propósito entrar neste debate e evitaremos escrupulosamente tanto considera-los múltiples parasinónimos do termo *colocación* como os seus variados significados. Adoptaremos, logo, de maneira axiomática, a definición seguinte (Mel'čuk 1995):

Unha colocación é un frasema semántico AB (S), onde o sentido (S) \supset (A), de xeito que (A) é comunicativamente dominante en (S) e A é seleccionado de maneira regular e non forzada, mentres que B é seleccionado de maneira non regular.

Tomemos un par de exemplos sinxelos: nas secuencias *error garrafal* e *negar rotundamente*, as unidades léxicas *error* e *negar* son seleccionadas de maneira libre, mentres que *garrafal* e *rotundamente* corresponden a colocacións seleccionadas polas súas bases (*error* e *negar* respectivamente) para expresa-lo significado 'intenso'.

Fagamos notar, entón, que contrariamente ó que ocorre noutros marcos de análise, de ningún modo consideramos colocacións secuencias AB (S) en que:

- 1) ben o sentido (A) $\not\subset$ (S) e (B) $\not\subset$ (S) (como, por exemplo, en *tocar las narices* ou *ser culo de mal asiento*), ben (B) \subset (S), pero (A) $\not\subset$ (S), sendo (A) a posición comunicativamente dominante³.
- 2) (A) \subset (S) pero ben (B) $\not\subset$ (S) (por exemplo, *llave inglesa*) ou (B) \subset (S) e asemade (C) \subset (S) (por exemplo, *agua con gas*).
- 3) (S) pode descompoñerse nunha relación semántica de tipo argumental (por exemplo, *el barco atraca en el puerto de Nloc* ou simplemente *beber agua*)⁴.

Tampouco consideramos colocacións secuencias de tipo frasemático nas que a fixación non é morfosintáctica senón puramente semántica; é dicir, expresións convencionais para vehicular determinados contidos de maneira estreitamente vinculada a unha situación de comunicación concreta (por exemplo: *recién pintado*, *reservado el derecho de admisión*, etc.).

³ Un sentido (A) é comunicativamente dominante en (S) se e só se (S) pode reducirse a (A) con perda de información pero sen cambio de referencia. Isto é, (S) é unha especie de (A).

⁴ Este último tipo de relación tense considerado, a miúdo, colocacional en tradicións lingüísticas que empregan o termo *colocación* para caracterizar calquera grupo de unidades que coaparecen cunha determinada frecuencia (calculada mediante diversos métodos: *mutual information*, *T-score*, etc.). Ó noso entender, trátase dun uso impropio do termo, posto que estamos perante restricións de selección totalmente descritibles por medios distribucionais clásicos.

Cómpre indicar que, se ben a clasificación de frasemas antes apuntada utiliza os mesmos elementos cá ofrecida no marco da Teoría Sentido-Texto (a través dos conceptos de frasema completo, cuasifrasema e semifrasema), difire da mesma en dous aspectos: por unha parte, non consideramos colocacións, senón unidades léxicas complexas (cuasifrasemas na terminoloxía da TST), casos como *agua con gas* ou *café con leche*, aínda que $(A) \subset (S)$ e $(B) \subset (S)$ porque, ó mesmo tempo, o sentido (S) inclúe unha compoñente ausente de (A) e de (B) á vez (a unidade léxica *agua con gas* non pode aplicarse, en linguaxe ordinaria, a auga que conteña gas freón, por exemplo, senón unicamente a aquela que conteña gas carbónico e ademais sexa potable, etc.)⁵. Por outra parte, tampouco consideramos colocacións, senón cuasifrasemas, unidades léxicas como *llave inglesa*, aínda que $(B) \not\subset (S)$, porque o sentido (B) se aplica só a un número moi restrinxido de unidades léxicas (o significado de *inglesa* respecto do de *llave* non se atopa na coocorrencia de *inglesa* con outras formas (como, por exemplo, *crema inglesa* ou *semana inglesa*); isto é, por unha parte, $[inglesa \mid llave] \neq [inglesa \mid crema]$, e, por outra, $[inglesa \mid llave] \neq [inglesa \mid semana]$).

3. Fixación versus idiomaticidade

Sinalemos que o feito de que unha determinada colocación teña unha maior ou menor frecuencia de uso e se combine cun maior ou menor número de bases non está relacionado (como comunmente se pensa) co feito de que a colocación sexa menos estable. Dito doutro xeito, o grao de idiomaticidade é un parámetro independente, dende o punto de vista lóxico, do grao de fixación léxica. Unha secuencia como *llover a cántaros* é fixa e moi idiomática, mentres que unha secuencia como *herir de gravedad* presenta menor idiomaticidade mais, a grandes trazos, a mesma achega semántica e un grao de fixación comparable. En ambos casos, a combinatoria das colocacións coas súas bases é lexicamente restrinxida; é dicir, non pode representarse nun dicionario electrónico mediante restricións de selección de carácter sintáctico-semántico, senón unicamente mediante indicación das unidades léxicas precisas que aceptan a posición indicada; en ambos casos, as colocacións presentan comportamentos idiosincráticos tanto respecto a substitucións parasinónimas (*llover mucho* pero **herir mucho*; *herir seriamente* pero **herir de importancia*; en cambio *pérdida grave*, *pérdida importante*, *pérdida de importancia* fronte a *pérdida de gravedad*, etc.) como respecto a equivalencias de tradución non controladas (**blesser de gravité*, *to injure seriously*; *schwer verwunden* fronte a **herir pesadamente*, etc.).

Dende o punto de vista teórico, non sería razoable pensar que os sentidos expresables colocacionalmente puidesen ser moi numerosos xa que, ó fin e ó cabo, a expresión colocacional dun sentido dado resulta particularmente antieconómica: empréganse

⁵ De feito, isto lévanos a elimina-lo concepto de *función léxica non estándar* (Mel'čuk 1995), que queda así asimilado a un caso especial de cuasifrasema. Procederemos deste xeito non tanto por razóns teóricas canto por consideracións de orde eminentemente práctica. En efecto, tendo en conta a estrutura adoptada no marco dos dicionarios electrónicos *flexSem* (Blanco 2001), resultáanos moito máis sinxelo introduci-las secuencias correspondentes a funcións léxicas non estándar como lemas do dicionario de n-gramas (cuasifrasemas, en xeral nominais) que tratalas como elementos de microestrutura no dicionario de unigramas.

Nas obras modernas, a variante máis frecuente é sen dúbida *Les grands esprits se rencontrent* (GDEL, PLi 2005, NPR 2006, Arnaud 1992), á que o TLF e o GRob 2001 engaden *Les beaux esprit se rencontrent*. Nótese que esta última forma é atribuída con frecuencia á correspondencia de Voltaire (cf. GRob 2001 e mencións de Google) que, non obstante, non é o autor.

Caso nº 2 : O Littré achega diferentes formas dun refrán

Tres posibilidades:

1. Unha das variantes está mencionada nas obras recentes ou na maioría delas → adóptase esta variante como forma canónica.

Ex : *Qui bien aime, bien châtie* (Li, s.v. *châtier*)

FC : *Qui aime bien, châtie bien* (Li, s.v. *aimer*)

C'est une preuve d'amitié que de reprendre quelqu'un de ses défauts (Li, s.v. *aimer*).
On a une affection éclairée pour celui que l'on reprend, que l'on avertit de ses fautes (Li, s.v. *châtier*).

18 variantes en *DicAuPro*, entre as cales:

Nº	Variante	Type	Auteur	Œuvre	Référence(s)	Date affichage	Date tri
1	Cheli qui m'eme, me chastie	P	Jean Martin	Vie du bienheureux Thomas Hélie de Biville	Fehse : 61	XIVe s.	1350
8	Qui aime bien châtie bien	P		D'Hautel	I : 182	1808	1808

Tódalas obras de referencia actuais adoptaron a segunda forma, que aparece a comezos do século XIX.

2. Varias das formas presentes no Littré consígnanse nas obras modernas → adóptase a variante que semella estar mellor representada nos nosos días.

Ex: (1): *Un malheur amène son frère* (Li, s.v. *malheur*)

Un malheur ne vient jamais seul (Li, s.v. *malheur*)

FC: *Un malheur n'arrive jamais seul* (Li, s.v. *arriver*)

76 variantes no *DicAuPro*, entre as cales:

Nº	Variante	Type	Auteur	Œuvre	Référence(s)	Date affichage	Date tri
1	Toz jorz atret / Li uns maus l'autre	P	Chrétien de Troyes	Philomena	éd. de Boer, v. 840-1	ca 1170 (?)	1170
26	Un malheur ne vient jamais seul	P	Rabelais	Pantagruel	Oeuvres, éd. Lefranc IV : 337	1532	1532
65	Un malheur n'arrive jamais seul	P		Ac		1762	1762

No Littré están presentes tres formas, mais neste caso os testemuños actuais están algo máis repartidos, en especial no que respecta ás dúas últimas variantes, mentres que a primeira (con *frère*), recollida no GLE («*ou plus souvent... ne vient jamais seul*») e no TLF (s.v. *malheur*), parece certamente menos habitual. O NPR 2006 e o TLF (s.v. *arriver, malheur, seul*) consignan sen distinción as variantes con *arriver* e *venir*. Polo

tanto, é a forma con *arriver*, seleccionada pola investigación de Arnaud 1992, a que se adopta como forma canónica.

Ex. (2): *Qui se sent galeux, se gratte* (Li)

FC: *Qui se sent morveux, se mouche* (Li)

No canto de pensar en facer destas dúas variantes refráns sinónimos, resulta máis pertinente considerar *galeux* e *morveux* metáforas equivalentes destinadas a expresar a mesma idea, o cal semella corroborar unha variante que asocie ámbalas dúas formas.

Celui qui se sent coupable des choses qu'on blâme en général, doit prendre pour lui la censure (Li, s.v. morveux).

7 variantes (con *morveux*) e 12 (con *galeux*) no *DicAuPro*, das que:

4	Qui se sent morveux se mouche, et qui est galeux se gratte	P	Patin	Lettres	éd. Reveillé-Parise III : 273	10 octobre 1660	1660
---	--	---	-------	---------	----------------------------------	--------------------	------

Falta identifica-la variante que servirá de forma canónica. Mentres algúns dicionarios actuais (GRob 2001, TLF) dan conta das dúas formas, outros (GDEL, PLi 2005, NPR 2006) só inclúen a que contén o termo *morveux*. Por conseguinte, esta última forma, seleccionada por Arnaud 1992 e claramente maioritaria entre as mencións proporcionadas por Google (23000 para *morveux* fronte a 133 para *galeux*), é a que se impón.

Ex. (3): *La balle vient au joueur*

La balle vient au bon joueur

La balle va au joueur

La balle cherche le joueur

La balle au joueur

Au bon joueur vient la balle

Au bon joueur la balle lui vient

FC: *Au bon joueur la balle*

As oito variantes figuran no Littré (s.v. *balle, joueur, venir*).

Un homme habile sait faire tourner en sa faveur les chances fortuites (Li, s.v. balle).
À celui qui est habile son habileté fait trouver des occasions favorables (Li, s.v. joueur).

35 variantes no *DicAuPro*, entre as cales:

N°	Variante	Type	Auteur	Œuvre	Référence(s)	Date affichage	Date tri
----	----------	------	--------	-------	--------------	----------------	----------

1	Au bon çoelleur vient souvent la pelote	P			MorAN : 423	m. XIVE s.	1350
11	Au bon jôieur la balle	P		Ac		1694	1694

Este exemplo difire lixeiramente dos dous precedentes por canto que o refrán parece estar en desuso segundo o GRob 2001 e o TLF (cómpre reparar, no entanto, en que o PLi 2005, o NPR 2006, o Ac⁹ e Arnaud 1992 non fan a mesma observación). A forma canónica adoptada, a máis concisa, é consignada polo GLE, o TLF e o GRob 2001.

3. Ningunha das formas que recolle o Littré está consignada nas obras recentes → adóptase a forma mellor representada no uso actual.

Ex.: *Quand les chats n'y sont pas, les souris dansent* (Li, s.v. chat)

Quand les chats n'y sont pas, les souris s'ébattent (Li, s.v. souris)

Absent le chat, les souris dansent (Li, s.v. souris)

FC : *Quand le chat n'est pas là, les souris dansent*

En l'absence des chefs, des maîtres, les inférieurs, les écoliers se dérangent (Li, s.v. chat).
En l'absence du maître, du surveillant, on prend toute licence (Li, s.v. souris).

45 variantes no *DicAuPro*, entre as cales:

Nº	Variante	Type	Auteur	Œuvre	Référence(s)	Date affichage	Date tri
1	Ou chas n'a souris i reuele	P		Prov. au vilain	Tobler 209	ca 1180	1180
42	Quand le chat n'est pas là, les souris dansent	P		Pradez	: 286	1927	1927

O acordo é case unánime respecto da forma canónica seleccionada (GDEL, TLF, s.v. *chat, souris*, GRob 2001, s.v. *chat, danser*, NPR 2006, s.v. *chat*), ó lado de variantes minoritarias recollidas no GLE, PLi 2005 (*le chat parti, les souris dansent*) e GRob 2001 (*quand le chat est parti, les souris dansent*).

Caso nº 3: O Littré consigna un refrán que desapareceu do uso moderno → adóptase a variante citada en primeiro lugar por orde alfabética, salvo que exista un criterio pertinente (ritmo, asonancia, concisión...)

Ex.: FC: *Pendant que le chien pisse, le loup s'en va* (Li, s.v. *chien*)

Le moindre retardement fait manquer l'occasion (Li, s.v. *chien*).
Il ne faut pas laisser échapper l'occasion qui se présente (Li, s.v. *loup*).

20 variantes no *DicAuPro*:

N°	Variante	Type	Auteur	Œuvre	Référence(s)	Date affichage	Date tri
1	Tant come le chin chie, s'en vet le leu a bois	P		Proverbia rusticorum	Mor 2286	XIIIe s.	1250
2	Taunt cume le chien chië, curt li levre al bois	P		Li respit del curteis et del vilain	StengelRESP : 155	XIVe s.	1350
3	Entrementes que le chien chie, le lou va au boys	P		Estienne Legris	Langlois 247	av. 1444	1443
4	Tendis que chien pisse / Le loup s'enfuit au bois	P		Prov. en rimes	éd. Frank et Miner : 42	XVe s.	1450
5	Tandis que le chien chiet, le loup s'en va	P		Prov. gal.		1519	1519
6	Cependant que le loup chie, la brebis s'enfuit	P		Lambrecht	: 226	1562	1562
7	Ce pendant que le loup chie, / La brebis au bois s'enfuit	P		Meurier	: 38	1578	1578
8	Loup s'enfuit tandis que chien chie	P		Baïf	éd. Blanchemain I : 45	1597	1597
9	Pendant que le loup chië, la brebis eschappe	P		Gomes de Trier, Jardin de récréation		1611	1611
10	Tandis que le chien crie, le loup s'enfuit	P		Cotgr		1611	1611

11	Tandis que le loup muse, la brebis entre au bois	P		Cotgr		1611	1611
12	Tandis que le chien chie, le loup s'en va	P		Cotgr		1611	1611
13	Pendant que le chien chie, le loup s'en va	P		Garnier	: 142 et 521	1612	1612
14	Tandis que le loup chie, la brebis s'enfuit	P		Fur		1690	1690
15	Tandis que le chien pisse, le loup s'enfuit	P		Fur		1690	1690
16	Pendant que le chien pisse, le loup s'en va	P		Ac		1694	1694
17	Tandis que le chien passe, le loup s'enfuit	P		De Backer		1710	1710
18	Pendant que le chien pisse, le lièvre s'enfuit	P		La Mésangère	: 261	1821	1821
19	Pendant que le chien pisse, le lièvre s'en va	P		Lar XIX		1869	1869
20	Pendant que le chien passe, le loup s'enfuit	P		Loquet	: 77	1890	1890

No caso deste refrán, que presenta un número considerable de variantes entrecruzadas, mentres que outras semellan ser produto dunha «confusión paronímica», posiblemente causada polo decoro (var. *chie* e *crie*, *pisse* e *passe*...), debe observarse que a forma adoptada (con *chien*, *pisse* e *loup*) pode considerarse a mellor representada ó longo do tempo.

Refráns que non figuran no Littré

A variante adoptada como forma canónica é a que se atopa representada con máis frecuencia nas obras actuais.

Ex. (1): *La vengeance se mange froide*

FC: *La vengeance est un plat qui se mange froid*

Il faut savoir attendre pour se venger (GLE, s.v. proverbes).

2 variantes no *DicAuPro*:

Nº	Variante	Type	Auteur	Œuvre	Référence(s)	Date affichage	Date tri
1	La vengeance se mange froide	P		Lar XX	s.v. vengeance	1933	1933
2	La vengeance est un plat qui se mange froid	P		Ilg	: 71	1960	1960

Estas son as dúas únicas formas deste refrán, sen dúbida recente, recollidas no *DicAuPro*. A variante adoptada (NPR 2006, Arnaud 1992, Rey-Chantreau) é obxecto de 35000 mencións en Google, fronte a 6 para *La vengeance se mange froide*, forma que, con todo, tamén figura no GDEL, no GRob 2001 e no TLF.

Ex. (2) : *La crainte du Seigneur est le commencement de la sagesse*

FC: *La peur du gendarme est le commencement de la sagesse*

12 variantes no *DicAuPro*, entre as cales:

Nº	Variante	Type	Auteur	Œuvre	Référence(s)	Date affichage	Date tri
1	Cumencement de sapience, la crieme de nostre Segnor	P		Psautier d'Oxford	éd. Michel : 172	XIIe s.	1150
4	La crainte du Seigneur est le commencement de la sagesse	P		Garnier	: 187	1612	1612
12	La peur du gendarme est le commencement de la sagesse	P		TLF	s.v. gendarme	1981	1981

Este refrán presenta a particularidade de que, tendo orixe nunha cita bíblica (*La crainte du Seigneur est le commencement de la sagesse*), parece estar revestido, na nosa época, dunha forma «laicizada», consignada no TLF (s.v. *gendarme*), ó lado da expresión (*avoir*) *la peur du gendarme*. Cómpre reparar no feito de que certas obras sinalan unicamente o sintagma *la peur du gendarme* (NPR 2006, s.v. *peur*, Rey-Chantreau) que, xa que logo, parece ter substituído a *seigneur*, tal e como o indica de xeito explícito o GDEL: «La crainte du Seigneur est le commencement de la sagesse, *phrase de la Bible (Psaumes CX; Proverbes, IX, 10, etc.) qu'on rappelle en remplaçant souvent 'Seigneur' par 'gendarme'*».

Conclusión

Os exemplos-tipo que se propuxeron mostran con claridade que non sempre é doado determina-la forma canónica que servirá de entrada para as variantes dos refráns, con frecuencia numerosas, nunha base de datos coma o *DicAuPro*. A dificultade radica na propia natureza dos enunciados «tradicionais» que son os refráns e que se perpetúan, en moitas ocasións, dende a Idade Media, cunha identidade indiscutible conservada por medio de múltiples variantes. Esta identidade aparece, no *DicAuPro*, a través da forma canónica establecida ben en función dun uso actual predominante ou ben, no caso dos refráns tirados do uso, pola determinación dunha variante máis representativa no desenvolvemento diacrónico. Non se debe esquecer que esta base de datos recolle os primeiros testemuños das variantes proverbiais, o cal non implica necesariamente a vitalidade efectiva destas no momento en que se rexistran, xa que os dicionarios ou as compilacións consignan, por veces, formas antigas ou simplemente copiadas de obras anteriores. Por último, cómpre reparar no feito de que raramente se atopan indicacións verbo da obsolescencia de certas variantes, excepto nos dicionarios recentes que, con todo, só proporcionan esta información dun xeito esporádico.

Bibliografía

(V. nota 2 para os dicionarios citados no artigo)

ANSCOMBRE, J.-C. (2000): «Parole proverbiale et structures métriques» en *Langages* 139,2000,6-26.

ARNAUD, P. (1992): «La connaissance des proverbes français par les locuteurs natifs et leur sélection didactique» en *Cahiers de lexicologie* 60,1992,195-238.

REY, A. e CHANTREAU, S. (2003): *Dictionnaire des expressions et locutions*. Les Usuels du Robert, Paris.

Fraseoloxía comparada portugués-inglés: *cão/gato-dog/cat*

Antonio Nogueira Santos¹

San Pedro de Moel

Estúdase neste artigo o material fraseolóxico relativo aos motivos do can e do gato na lingua inglesa e en portugués, a través de exemplos de expresións idiomáticas ou palabras compostas tirados non só da lingua corrente senón tamén da obra de varios escritores ou de diferentes formas de literatura popular. Achéganse, así mesmo, explicacións históricas sobre algunhas das expresións menos transparentes.

Palabras clave: fraseoloxía comparada inglés-portugués, lexicoloxía.

The phraseological material related to cats and dogs in English and Portuguese is studied in this paper throughout examples of idioms or compound words. These examples are extracted not only from the spoken language, but also from the works of several writers or from different forms of popular literature. Historical explanations about some of the less transparent expressions are presented as well.

Key words: English-Portuguese comparative phraseology, lexicology

1. A comparación de expresións idiomáticas entre dúas linguas é un proceso prometedor de reveladoras e curiosas conclusións sociolingüísticas sobre a evolución histórica, a mentalidade e a psicoloxía dos pobos tal como quedou cristalizada e expresada, co transcórrese dos tempos, nas respectivas linguas. Un aspecto que destaca nesta comparación é a presenza de animais nenas expresións -o que nada ten de sorprendente, dada a milenaria historia das relacións entre o home e os demais animais que comparten a Terra- en especial aqueles que, unha vez domesticados, conviven con el.

Foi ó compilar material para os meus dicionarios de expresións idiomáticas en inglés e portugués cando me decatei do posible significado desta comparación. En base ó dito

¹ Tradución de Cristina Veiga Novoa.

traballo bosquexei o presente artigo comparando o papel que o can e o gato desempeñan na linguaxe e fraseoloxía portuguesa e inglesa.

A popularidade da que gozan estes dous animais entre os ingleses está amplamente demostrada polas numerosas locucións nas que figuran e que tentamos reunir para este artigo co fin de contrastalas coas portuguesas. Tamén resulta instrutivo comproba-la capacidade polisémica dos respectivos substantivos – neste caso *cat* e *dog*, *gato* e *cão*. Naturalmente, esta análise, nas dúas linguas, revela coincidencias e diverxencias que son consecuencia, predominantemente, de factores de orde cultural.

2. Illado, o substantivo *gato/cat* non só designa o animal felino. Así, en portugués, *gato* pode te-los sentidos de: a) grampa metálica; b) erro, descoido. O feminino *gata* pode designar: a) certo tipo de vela; b) áncora; c) (xerga) borracheira; d) suspenso (en exame); e) meretriz; f) muller de mal xenio. Pola súa parte, *cat* encóntrase nas seguintes acepcións: a) cacho de madeira afiado nas puntas que se usa no xogo infantil *tip-cat* (a billarda); b) nos EUA, *cat* (tamén coa grafía *kat*) é un termo coloquial de: tipo, guicho, tío; home/muller; afeccionado ó jazz; c) (xerga arcaica) prostituta; d) (vulg) vaxina – suplantado por *puss(y)*- o que recorda o portugués *rata*.

Lembremos, tamén, que o gato inglés pode ser coñecido por: a) *gib* (diminutivo do nome propio Gilbert), gato (macho, especialmente castrado); b) *grimalkin*, termo xenérico para gato, máis especificamente unha gata vella; c) *kit/kitten/kitty*, diminutivo de gato (epiceno); d) *mog/moggie/moggy* (vulg), termo xenérico de gato; e) *mouser* ou *ratter*, gato que é bo cazador de ratos; f) *puss/pussy(cat)*, diminutivo epiceno. A lingua inglesa non ten unha palabra para designa-la gata: *cat* é substantivo epiceno ó que se pode facer referencia na lingua corrente con *he*, *she* ou *it*. Cando se pretende sinalar que o gato é macho úsase o substantivo *tom* ou *tomcat*. Pero si existe o diminutivo *kitten* (gato pequeno de pouca idade, gatiño).

Canto ás locucións, enumeremos primeiro aquelas que teñen formas e contidos moi semellantes nas dúas linguas: a) *In the dark all cats are grey* – *De noite todos os gatos são pardos*; b) a persoa á que a experiencia lle aconsella ser extremadamente cautelosa é, metaforicamente, para un inglés, *a scalded cat*; ó igual que os portugueses aprenderon que *O gato escaldado da água fria tem medo*; c) *O gato apressado corre sobre brasas* se é portugués e *on hot bricks* (sobre tixolos quentes) se é inglés; d) as persoas que están permanentemente en conflito di un portugués que *vivem como o cão e o gato*; un inglés recorre á mesma imaxe, dicindo *they fight/live like cat and dog* ou *they have a cat-and-dog life*; e) *to have a catlick*, *lavar-se como um gato*, superficialmente; f) tanto os portugueses como os ingleses consideran o gato como un animal dotado dunha extraordinaria capacidade de sobrevivir a vicitudes, de escapar a perigos e, por iso, aqueles abribúenlle *sete vidas* ou *sete fôlegos*, mentres que para estes *the cat has nine lives*. Esta desvantaxe de dous anos do gato portugués poderá deberse máis ó sentido cabalístico do número sete cá xenerosidade do inglés para o gato.

Non sempre as características da personalidade do gato se expresan de forma idéntica nas dúas linguas. Portugueses e ingleses ven o gato como un animal arteiro, mañoso, que fai cousas ás agachadas, á calada, con maña e axilidade. Esta idea está patente en

expresións portuguesas como: a) *Aquí há/anda gato!* – exclamación de sospeita perante algo estraño, misterioso; b) do que sucede sen que ningún se decate un portugués di que é algo *feito com mão de gato*; c) se algo desaparece misteriosamente, bótaselle a culpa ó gato exclamando: *O gato comeu!*; d) e o que así desaparece pasa a ser *sardinha que o gato levou*; e) *tirar a sardinha do lume/fogo com mão de gato* e botarlle a man a algo dun golpe audaz e repentino; f) *gato por lebre* – aquilo que se pretende facer pasar por algo que é moito mellor; g) *fazer gato-sapato de alguém* – dominar, apoucar a unha persona, tratándoa con desprezo, burla; h) *gato pingado* – empregado dunha funeraria que, polo deber do seu oficio, asiste ós funerais; i) *gata borralheira* – muller moi doméstica; l) *manteiga em focinho de gato/cachorro/cão*, o que rapidamente se gasta, consome, desaparece; m) *azedo/amargo como rabo de gato* – o que é moi acedo; n) *olhos de gata morta* – ollos semipechados cunha expresión apagada de languidez; o) *amarrar a gata/estar na gata* – embriagarse; p) *andar de gatas* – andar de gatiñas; q) *ir o gato às filhós/filhosas* – roubar alguén algo; r) *não poder nem com um gato/uma gata pelo rabo* – estar completamente exhausto.

Consideremos, a seguir, as locucións idiomáticas inglesas nas que figura o gato: a) *alley cat* – persoa á que lle gusta andar polas rúas, especialmente o noctívago, o bohemio, mesmo o libertino (*to have the morals of an alley cat*); b) *as lean as an alley cat* – persoa moi delgada (para o cal o portugués ten numerosas expresións como: *magro como um cão/espeto; pau-de-virar-tripas; pau-de-vassoura; trinca-espinhas; feixe/carga de ossos; cabide ambulante*); c) *cat's paw* – persoa que é inducida por outra a emprender algo arriscado; d) *to be under the cat's foot* – ser dominado por unha muller; e) *to be made a cat's paw of someone* – ser un xogueito nas mans doutros, ou tira-las castañas do lume a outros; f) nunha sociedade de enraizadas estratificacións de clase, afirmar que *a cat may look at a king* pode ser unha proclamación de insolencia, de insubordinación ou de igualdade; g) *to let the cat out of the bag* – dicir ou facer algo, deliberadamente ou non, que revela un segredo; *pôr ao sol; desmanchar a igrejinha*; en Portugal, o *gato escondido com o rabo de fora* é a imaxe dun segredo mal gardado; h) un inglés moi rico é *a fat cat*, mentres que un portugués mesquiño *nem sarna dá a um gato*; i) en Inglaterra pregúntase *Has the cat got your tongue?* (¿Comeuche a lingua o gato?) cando alguén cae nun prolongado mutismo, cando *perde a lingua*; l) *to turn the cat in the pan* (col) – cambiar de bando, de opinión, por intereses persoais; *virar a casaca*; m) cando en Portugal *chovem picaretas* ou *a cântaros*, no mundo anglosaxón *it rains cats and dogs*; n) *to see/watch how the cat jumps* é seguir atentamente a evolución dos acontecementos antes de se pronunciar, de se decidir – como cando un portugués di *ver em que param as modas*; o) cruzarse con *a black cat* é, para un inglés, sinal de bo agoiro; p) *to bell the cat* é expoñerse deliberada e altruisticamente a un perigo em beneficio doutros – esta expresión provén da fábula dos ratos que teñen a brillante idea de protexérense pendurando un axóuxere do pescozo do gato, mais non encontran ningún voluntario para tan arriscada empresa; q) para acentuar que un mesmo fin pode atinxirse por diversos medios, a sabedoría popular, en Portugal, recorda que *há moitas maneiras de apanhar moscas*; en Inglaterra, a mesma idea se expresa con *there are more ways than one to kill/skin a cat* (non hai unha única maneira de matar/esfolar un gato); r) *to put/set the cat among the pigeons* (mete-lo gato no pombal) é armar bronca/liorta ou, no B, *tocar fogo na canjica*; s) *to grin like a*

Cheshire cat é rir abrindo a boca ou, máis castizamente, *mostrar a cartucheira, arreganhar a tacha* (anteriormente o famoso queixo de Cheshire tiña a forma dun gato coa boca aberta; o “Cheshire cat” é unha personaxe importante de *Adventures of Alice in Wonderland*); t) un inglés cun ar ostensivo de estar moi satisfeito, ben tratado pola vida, compárase cun gato que rouba o leite ou que come o canario – *looks like the cat that stole the cream* ou *like the cat that ate the canary*; dun portugués tan oufanamente regalado pola vida dise que *parece uma pega sem rabo*, que *não lhe cabe un feijão no rabo* ou que *lambe as unhas de contente*; u) *to shoot the cat* é unha expresión coloquial de ‘vomitar’ (no portugués exprésase a mesma idea con: *gritar pelo Gregório; deitar a carga ao mar; vomitar as tripas; deitar o cabrito fora*); v) *as sick as a cat* dise de quen ten moita náusea ou está vomitando moito; x) *you kill my cat and I will kill your dog* (col) – trocar amabilidades, xentilezas; z) *cat and mouse* – casa, en xerga rimada do *cockney* londiniense, por rimar con *house*; aa) *to feel as if a cat has kittened in one’s mouth* (col) – estar coa resaca dunha bebedeira, que un portugués compara con *saber a boca a papel de música* ou *a ferro-velho*; ab) a circumspecta seriedade do gato é salientada pola expresión *to make a cat laugh* – dicir ou facer algo tan gracioso, tan hilarante que fai rir a un gato (tamén se atopa esta expresión con *dog*); ac) seguindo a mesma lóxica, un inglés considera que aquilo que nos deixa pasmados de espanto é *enough to make a cat speak (and a wise man dumb)*; ad) para expresa-la idea do gato asañado cando se bate nun combate reñido, os ingleses recorren á curiosa frase *to fight like Kilkenny cats*. Esta antiga locución é de orixe irlandesa e, ó parecer, faise eco da lenda de dous gatos dos que só quedaron os rabos despois dunha loita impiedosa. Esta lenda debeu de ser resucitada como alegoría dunha prolongada e dispendiosa disputa entre as municipalidades irlandesas de Kilkenny e Irishtown a finais do século XVII, a cal deixou as súas poboacións reducidas á miseria, como dos gatos só quedaron os rabos. Un *limerick* humorístico, de autor anónimo, condensa o refrán daquela lenda subxacente na locución: *There once were two cats of Kilkenny/Each thought there was one cat too many;/So they fought and they fit;/And they scratched and they bit,/Till instead of two cats there weren’t any.*

Igualmente significativa é a variedade de vocábulos compostos por aglutinación, xustaposición e sufixación que a lingua inglesa acuñou con *cat*, *puss* e *pussy* e que non teñen equivalente en portugués. Lembremos, primeiro, que *puss/pussy* son variantes familiares de *cat* – en xeral como vocativo, ó igual que en portugués se usa *bicho*, *bichinho*, *bichano*. En xerga, *puss* é unha rapaza brincallona, namorada e, nos EUA, pode ser un termo coloquial de cara, face, fuciño, bico; boca. Aínda que o diminutivo *pussy* é feminino pasou á lingua cos sentidos de: a) o acto sexual; b) a muller, en xeral, como femia; c) a persoa de personalidade débil e submisiva – o que un portugués chama *um banana*. Parece máis lóxico o verbo *to pussyfoot* na acepción de: a) moverse furtivamente; *pisar de mansinho* – a semellanza do gato cuxas pisadas ninguén oe; b) proceder cautelosamente, contemporizar.

A continuación enuméranse as palabras compostas máis correntes co substantivo *cat*. Así: a) *catboat*, barco de vela dun só mastro; b) *cat burglar*, ladrón especializado en asaltar casas gabeando paredes, muros, canos; c) *catcall*, asubío, chifra, apupo; d) *cat’s concert*, sons disonantes; e) *cat’s-cradle*, *cama-de-gato* (xogo infantil); f) *caterpillar*

(adaptación do francés), *bicho-da-conta*, eiruga; g) *cat's eye*, pedra preciosa (Sri Lanka, Malabar); dispositivo de vidro para sinalización vial; h) *catfish*, barbo; i) *cat-fit*, arrouto de furia, como un gato asañado; l) *catgut*, corda de tripa, para instrumentos; de aí *catgut scraper* (col), violinista; m) *cathead*, peza de ferro para iza-la áncora; n) *cat-house* é, nos EUA, un termo eufemístico da xerxa para prostíbulo, bordel; o) *catkins*, filamentos das flores de certas árbores que recordan o rabo do gato; felino, mañoso; p) *cat-lap*, té suave, só axeitado para que o lamba un gato; q) *catlike*, semellante ó gato; felino, mañoso; r) *cat-of-nine-tails*, azoute de nove pontas; s) *cat's paw*, brisa, céfiro; xoguete, fanteche doutro; t) *cat's sleep*, sono finxido, como o do gato que espreita o rato; u) *catsuit*, peza de vestiario que cobre o corpo do pescozo ós pés; v) *cat's whiskers/pyjamas* (col), súmmum, cousa excelente; x) *puss-in-the-corner* é o xogo infantil que os portugueses chaman *cinco cantinhos*; z) *cat-heads* (col), seos de muller; melóns, tetas; aa) *cat-market*, balbordo, algarada de xente que fala ó mesmo tempo; ab) *cat-nap*, soneca; ac) *cat-party* (col), reunión, festa exclusivamente feminina; ad) *cat-sticks* (col), as pernas; ae) *cat-witted*, teimoso, rancoroso; vaidoso, caprichoso; af) *cat-nap* ou *dog-nap*, soneca; *passar pelas brasas, tirar um cochilo*; ag) *copy-cat*, imitador – a quen un portugués chama *macaquinho de imitação*.

Engadindo a *cat* o sufixo *-y*, no inglés fórmase o adxectivo *catty*: a) felino; b) mañoso, ladino, renarte, arteiro; c) áxil. Engadindo ó adxectivo o sufixo *-ness*, no inglés se forma o substantivo abstracto *cattiness*, usado principalmente en sentido figurado de astucia, maña – características frecuentemente atribuídas ó gato. O verbo *to cat/catted/cattling* só se relaciona co substantivo composto *cathead* e significa: levanta-la áncora. Mais *to go cating* é unha expresión coloquial que significa pasarse ó bando oposto, ó adversario, traizoar.

Moitos poetas ingleses encontraron inspiración no gato. De seguida inclúense algúns extractos de poemas de tódolos tempos que serven de exemplo disto. Thomas Master, da primeira metade do século XVII, lanza pragas contra o gato: *Or May'st thou tumble from some tower./And misse to light upon all fower./Taking a fall that may untie/Eight of nine lives, and let them flye;/Or may the midnight embers sindge/Thy daintie coate, or Jane beswinge/Thy hide, when she shall take thee biting/Her cheese clouts, or her house beshititing.* A parte máis coñecida do longo poema *Jubilate Agno*, da autoría de Christopher Smart (1722-71), é a consagrada ó gato, da que citamos algúns versos: *For the English Cats are the best in Europe./For he is the cleanest in the use of his fore-paws of any quadrupede./...For he is a misture of gravity and waggery/...For there is nothing sweeter than his peace when at rest./For there is nothing brisker than his life in motion.* Do poeta prerromántico Thomas Gray (1716-71) é a elexía *On the Death of a Favourite Cat* – sendo *cat*, neste caso, unha gata que, como Narciso, se deixa encantar co reflexo da súa fermosa imaxe, lánzase á auga e morre afogada. Transcribímo-la segunda estrofa do poema: *Her concious tail her paws/Her coat, that with the tortoise vies/Her ears of jet, and emerald eyes,/She saw; and purr'd applause.* O romántico John Keats (1795-1821), nun poema titulado *To Mrs Reynolds' Cat*, describe o gato dun xeito moi realista: *Cat! who hast pass'd thy grand climateric,/How many mice and rats hast in thy days/Destroy'd? How many tit bits stolen? Gaze/With those bright languid segments green, and prick/Those velver ears – and tell me all thy*

frays./Oh fish and mice, and rats and thender chick... Tamén Ted Hughes, nomeado 'Poet Laureate' en 1984, dedicoulle un poema a un gato (*Esther's Tomcat*), do que citamos dous cuartetos: *Daylong this tomcat lies stretched flat/As an old rough mat, no mouth and no eyes./Continual wars and wives are what/Have tattered his ears and battered his head./Like a bundle of old rope and iron/Sleeps till blue dusk. Then reappear/His eyes, green as ringstones: he yawns wide red,/Fangs fine as a lady's needle and bright...*

Edward Lear (1812-88), o grande humorista que, malia os seus achaques de depresión, melancolía e epilepsia, tanto divertiu a xeracións sucesivas de ingleses de tódalas idades, foi un grande apaixonado do gato, como ben o proba a súa obra de deseñador e escritor. O seu gato Foss, compañeiro fiel durante dezasete anos, é mencionado frecuentemente na correspondencia do autor e quedou inmortalizado nunha serie de esbozos caricaturais que captan os distintos aspectos da súa variada personalidade: *Foss couchant, Foss rampant, Foss dansant*, etc. O gato é unha personaxe insondable na súa poesía de *nonsense*. Por exemplo: a) *The Owl and the Pussy-cat went to sea/In a beautiful pea-green boat,/They took some honey, and plenty of money,/Wrapped up in a five-pound note*, é o primeiro cuarteto dunha das súas máis populares *Nonsense Songs*; b) nos seus *Nonsense Alphabets*, a letra C está representada por *Cat*: *C was a cat,/who run after a rat/But his courage did fail/When she seized on his tail*; ou *Crafty old Cat*; ou *C was Papa's gray Cat./Who caught a squeasy Mouse;/She pulled him by his twirly tail/All about the house*.

Aliada a unha sabedoría sagaz, a imaxinación popular poboou de gatos incontables *nursery rhymes* –simples poesías infantís que foron sobrevivindo ó pasar do tempo. Séguense algunhas particularmente elucidativas do xénero: a) *A cat may look at a King./And sure I may look at an ugly thing*; b) *The Three Little Kittens*; c) *Pussy-cat, pussy-cat, where have you been?/I've been to London to look at the Queen./Pussy-cat, pussy-cat, what did you do there?/I frightened a little mouse under a chair*; d) a fábula edificante *The Two Little Kittens*, que no primeiro dístico se envolveren nunha feroz loita pola posesión dun rato (*Two little kittens, one stormy night,/Began to quarrel, and then to fight*) para recoñeceren as vantaxes da paz e do conforto no derradeiro dístico (*For they found it much better, that stormy night,/To lie down and sleep, than to quarrel and fight*); e) a historia *The Cat and the Mouse*, en prosa e en verso, sobre o rato que consegue recupera-lo rabo que o gato lle cortara. O único que se lle parece en Portugal é a historia infantil que se resume en: *era uma vez un gato maltês que tocava o piano e falava francês*.

A mediados do século XX, o egregio poeta T. S. Eliot publicou un delicioso libro de poesía infantil titulado *Old Possum's Book of Practical Cats*, cuxa adaptación musical en 1981 resultou ser un éxito rotundo nos palcos londinienses. A última estrofa do poema *Macavity: the Mystery Cat* achéganos o sabor de todo o libro: *Macavity, Macavity, ther's no one like Macavity/There never was a Cat of such deceitfulness and suavity./He always has an alibi, and one or two to spare:/At whatever time the deed took place – MACAVITY WASN'T THERE/And they say that all the Cats whose wicked deeds are widely known/(I might mention Mungojerrie, I might mention*

Griddlebone)/Are nothing more than agents for the Cat who all the time/Just controls their operations: the Napoleon of Crime!

O célebre conto infantil francés *Chat boité* de Charles Perrault (1628-1703) foi adaptado ó inglés co título *Puss in Boots* e o conto é un dos temas tradicionais dos espectáculos de pantomima do tempo do Nadal británico, para gozo de nenos que aínda non son vellos e de vellos que aínda son nenos.

3. O substantivo *cão*, en portugués, e *dog*, en inglés, non designan simplemente o animal. *Cão* pode ser tamén: a) peza de arma de fogo; b) peza do muíño que regula a cantidade de millo que cae na moa (esta peza tamén é chamada *cachorro*); c) barco antigo; d) príncipe, comandante oriental (en inglés *khan*). En portugués *cão* tamén pode ser adxectivo, cualificando a quen ten canas (*cãs*). *Cachorro* é diminutivo de *cão* en Portugal mentres que en Brasil é un termo corrente para o can. Tamén é un termo coloquial para: a) a cría de animais salvaxes como o lobo, o león; b) un home de mala índole; c) un rapaz inquieto. *Dog* desempeña unha función morfolóxica que lle falta a *cão*: serve para especifica-lo xénero masculino de substantivos epicenos: a) *dog-fox* –o raposo; b) *dog-wolf*, o lobo. Este substantivo tamén é un termo técnico: dispositivo mecánico para agarrar, enganchar, acoplar –especialmente en palabras compostas (*dog-clutch*, embrague de dentes/poutas; *dog-hook*, gancho dentado). A xerga inglesa fai máis uso do substantivo cá portuguesa. *Dog* pode ser un termo xenérico para home –tío, tipo, suxeito, guicho (*he is a lucky dog*), para unha muller fea e desleixada ou para aquilo que non presta, que é desprezable –ou mesmo, nos EE UU e Australia, para designar a un delator, un traidor. Máis corrente é o plural *dogs*: as populares corridas de galgos nas que se aposta coa esperanza de ver realizado o soño de facer fortuna sen traballar.

Vén de lonxe a tradición de ve-lo can como a encarnación da fidelidade. Algunhas veces a fidelidade, a dedicación pode tomar formas abxectas: cando, por exemplo, o can lle lambe as botas ó dono que o maltrata. Outras veces pode ser nobre: a fidelidade de Argos a Ulises. A fraseoloxía portuguesa reflicte este concepto: a) *ser fiel como um cão*; b) *fidelidade canina*; c) de quen é infiel dise que *é como cão que não conhece o dono*; d) unha persoa servil, que se rebaixa ante os demais compárase cun *cão sabujo* (can de buscas). O portugués reconece tamén a valiosa axuda que o can lle pode prestar, como na locución brasileira: *estar no mato sem cão* –estar só, illado, abandonado, desamparado.

Tanto en portugués coma en inglés, o can é usado como termo despectivo, como metáfora daquela persoa ou cousa que é inferior, vil, desprezable e, como tal, é tratada polo home. Así, o portugués di: a) *estar abaixo de cão* –que non merece a mínima consideración; b) *ter sorte de cão/cachorro* –non ter sorte ningunha; c) *ter vergonha de cão* –ser desaforado, desvergoñado, descarado, impudente; d) (*não*) *ser osso para andar em boca de cachorro* –(non) ser persoa que ande en boca de todo o mundo; que (non) é branco de maledicencia, censura; e) *cara de cachorro que lambeu panela* – expresión aplicada a unha persoa que é culpada dun erro, falta, parvada, delito; f) *cão tihoso* –o demo; g) a persoa desprezable, ruín é comparada polo pobo a un *cão faldriqueiro* (can faldreiro); h) *tratar alguém como um cão* é tratar con total desprezo,

de maneira inhumana; i) *morrer como um cão* –morrer no abandono, sen asistencia, sen conforto. Esta connotación pexorativa encóntrase en locucións inglesas, xeralmente da xerga ou a lingua coloquial: a) *dog's chance* –posibilidade nula; b) *dog's dinner/breakfast* –gran porquería, sucidade; c) *dog's life* –vida de can, na acepción de vida penosa, chea de dificultades, privacións, humillacións; d) *to die like a dog* –morrer humillado, en vergoña, na miseria; e) *dirty dog* –persoa mesquiña, egoísta; f) *gay dog* –persoa que leva unha vida fútil, de praceres fáciles; g) *to give/throw to the dogs* –arruinar a alguén, en xeral con fins egoístas; h) *to go to the dogs* –entrar en decadencia; dexenerar; envilecerse; i) *mad dog* –(lit) can danado, rabioso; (fig) persoa agresiva, violenta; irresponsable; l) *as sick as a dog* –con moitas náuseas, vomitando moito; deprimido, preocupado; m) *to work like a dog* –o portugués tamén di *trabalhar como um cão*, pero é máis frecuente *trabalhar como um mouro/escravo*; n) *yellow dog* –persoa desprezable; pillabán; malandrín; malvado, canalla; o) *dog-tired* –esgotado, exhausto; *a cair da boca aos cães*. Ó importar o *hot dog* norteamericano (pan con salchicha), o portugués traduciu literalmente o anglicismo: *cachorro quente*. De feito, *dogs* é un termo coloquial para nomear as salchichas. Lémbrese, con todo, que, segundo un lexicógrafo inglés, as expresións pexorativas con *dog* terían unha orixe americana e non inglesa. Aparentemente sería unha contradición inconcibible que aparecesen estas expresións nunha sociedade cunha estima polo can que raia coa idolatría. Mais, en contraste, o inglés recorre a certas razas de can como imaxe dunha persoa servil, condescendente en extremo, rastreira perante outra considerada superior: *lapdog*, *spaniel*, *poodle*. En calquera organización o *top dog* é o patrón, o xefe, o mandamais.

O can figura nalgunhas locucións portuguesas que non teñen correspondencia en inglés: a) *sete/dez/trinta cães a um osso* –moitos pretendentes a unha mesma cousa apetecible, polo xeral cunha connotación sexual; b) *como cão por vinha vindimada* –con total indiferenza, desdén, ignorándoo todo; c) *entre o cão e o lobo* –ó anoitecer; d) *manteiga em focinho de cachorro/cão/gato* –dise dunha cousa pouco duradeira, que axiña se gasta, consome ou desaparece; e) *passar manteiga em focinho/venta de cão/cachorro/gato* –facer algo de balde; prestar axuda a quen non sabe aproveitala nin apreciala; f) *estar o mar um cão* –(lit) estar o mar moi batido; (fig) non se-la situación favorable; g) *ferrar/pregar o/um cão* –non pagar unha débeda; h) *não haver cão nem gato que não...* –non haber ninguén que non...; i) *ser de raça de cão pelado* –dise dunha persoa moi friorenta; l) *do tempo em que se amarrava cachorro com linguiça* –hai moito tempo, *quando a vida era barata*; m) *não poder a cadela com tanto cachorro* –dise cando os medios, recursos dispoñibles son insuficientes para satisfacer tódalas necesidades, cando o que se lle esixe a unha persoa é máis do que pode facer; n) *andar a cair da boca dos cães* –dise da persoa de mal aspecto físico, doente, mal alimentada; o) *mentiroso que só cachorro de preá* (Brasil)-persoa moi mentireira.

Pola súa banda, o inglés recorre a *dog* para acuñar locucións cuxo sentido se expresa en portugués sen o substantivo *cão*: a) *dog eat dog* –competencia sen regras; loita implacable pola supervivencia ou pola supremacía; b) *dog in the manger* –quen garda para si algo que non precisa só para ocultarllo ós demais; non come nin deixa comer; non desfruta nin deixa desfrutar; c) *to give a dog a bad/ill name* –crear mala

reputación; d) *a hair of the dog (that bit one)* –pequena bebida alcohólica que curaría a embriaguez; e) *to have to go and see a man about a dog/horse* –frase estereotipada para xustificar unha ausencia cun fin non indicado; eufemismo para ir ó servizo; f) *to keep a dog and bark oneself* –empregar a alguén para un traballo asignado que este acaba por facer; g) *to let sleeping dogs lie* –non causar problemas; *não acordar moscas mortas; não fazer ondas*; h) *to let the dog see the rabbit!* –exclamación para convidar a alguén a aproximarse, a xuntarse, a participar; i) *like a dog with two tails* –dise dunha persoa que está moi contenta, feliz, eufórica, en especial por conseguir algo que desexaba moito; l) *man bites dog* –o que é noticia para a prensa sensacionalista; m) *to put on the dog* –darse aires de importante; desbanca-lo importante para tentar impresionar; n) *shaggy dog story* –historia longa e complicada cun desenlace humorístico inesperado; o) *the tail wagging the dog* –situación incongruente na que se inverte a orde normal das cousas; p) *there is life in the old dog yet* –caso dunha persoa maior que conserva as súas facultades físicas e mentais; q) *to be in the doghouse* –estar castigado; ser evitado polos demais, condenado ó ostracismo; r) *top dog* –xefe, patrón; mandamais; s) *an old dog* é, en sentido figurado, unha persoa con experiencia e sabedoría (como, en portugués, o *macaco de rabo pelado*) e, de aí a locución *to teach an old dog new tricks*, xeralmente usada na forma negativa *old dogs will not learn new tricks* (as persoas maiores non se adaptan ás novidades; *burro velho não aprende línguas*); t) *it's an easy thing to find a stick to beat a dog* –é fácil encontrar un pretexto para censurar, castigar a quen non se pode defender; u) *fight dog, fight bear* –combater ata a vitoria dun dos bandos (este dito recorda os tempos nos que era popular, en Inglaterra, a loita entre un oso atado e unha manda de cans); v) a visita que non é ben recibida incomoda non só as persoas senón que *he/she worries the dog*; x) *dog biting dog* –criticar a un colega da mesma profesión; z) *to give a person the dog to hold* (xerga obsoleta) –gastarlle unha broma a alguén; aa) *the dogs have not dined* é unha frase coloquial estereotipada que se adoitaba dirixir a un home que levaba a camisa fóra dos pantalóns; ab) *dog's meat* –coloquial, de sentido xenérico para o que non presta, que é de calidade inferior, desde a comida ata un libro; ac) *dog's paste* (col, arc) –salchichas. O vocábulo *doggo* probablemente se forma a partir de *dog* e só se encontra na locución *to lie dogo*: estar inmóbil, quedo ou escondido; tentar non ser notado –frecuentemente para escapar a un castigo ou censura.

Son numerosas as palabras compostas formadas con *dog*, por aglutinación, xustaposición, sufixación: a) *dog-collar* –colar de can; (col) colariño; b) *dog-days* –o período máis quente do ano; c) *dog-eared* –(libro, etc.) cos cantos das follas dobrados; d) *dog-end* –punta do cigarro; pava, cabicha; e) *dogfight* –(lit) loita entre cans; (fig) combate entre avións de caza; desorde, liorta; f) *dogfish* –escualo; cazón; g) *doggy bag* –bolsa usada polos clientes de restaurantes ou invitados dun banquete, festa para levar á casa restos, sobras da comida; h) *to dog-paddle* –nadar como os cans; i) *dogs of war* –os maleficios da guerra; l) *dog-violet* –violeta salvaxe; m) *doglike* –canino (ademais do latinismo *canine*); n) *dogcart* –carro tirado por un can; carro de dúas rodas tirado por un cabalo, con asentos transversais de costas contra costas; o) *dogberry/dogwood* –cornello (arbusto)/froito do cornello; p) *doggerel* –calquera tipo de versos de pouca calidade; q) *doglatin* –latín macarrónico; r) *dog mess/waste* –eufemismos para as feces dos cans ingleses que enchen os xardíns, parques, paseos; s) *to dognap/dognapper* (col)

–roubar; secuestrar;/ladrón, rateiro; t) *dogsboddy* (fam) persoa sobre a que recaen tódolos traballos monótonos; *topa-a-tudo, faz-tudo*; u) *dog's bollocks* (vulg) –os testículos do can serven de imaxe para o que se considera que é dunha excelencia insuperable, *o supra-sumo* (v. *cat's whiskers*); v) *dog's-ear* –canto dobrado da folla dun libro; x) *dog's letter* –a letra R (por semellanza onomatopeica co rosmar do can, do latín *litera canina*); z) *dog's nose* –(col) bebida que é unha mistura de xenebra (*gin*) e cervexa; aa) *dog tag* (col) –medalla metálica que o soldado trae ó colo co nome, número e tipo de sangue; ab) (*to dog-trot* –andar vagarosamente; ac) *dogwatch* (linguaxe náutica) –vixía de 2 horas (4 a 6; ou 6 a 8 da tarde); ad) *doghouse* –caseta do can; canceira; ae) *dog-cheap* –moi barato; *pele preço da uva mijona/da banana/da chuva*; af) *proud as a dog in a doublet* (col, desuso) –inchado de vaidade, de soberbia; ag) *whose dog is dead?/what dog is a-hanging?* (col, obsoleto) –¿e logo? ¿que hai?; ah) *dog-gone* (xerga; eufemismo de *god-damned*) fantástico, formidable; interxección de impaciencia; partícula intensificadora (*dog-gone arrogant*). Algo semellante a este último exemplo, en portugués (sobre todo no Brasil), é o uso da locución *para cachorro* co sentido de: en gran cantidade, con grande intensidade.

Segundo un proceso típico da lingua, o inglés transforma o substantivo en verbo: *to dog/dogged/dogging* –seguir de cerca, insistentemente; perseguir –*como o cão atrás da caça*. O participio pasado é monosilábico e frecuente en sentido figurado. Por exemplo: *the journey was dogged by bad weather; the company is being dogged by poor management*. Como cualificativo, *dogged* é disilábico: aferrado, afincado, obstinado, perseverante, insistente, teimoso, tenaz. A locución coloquial *It's dogged as does it* quere dicir: a persistencia triunfa, *A quem persiste nada resiste*. A partir do adxectivo, co sufixo –*ness*, fórmase o substantivo *doggedness*: afán, obstinación, perseverancia, insistencia, pertinacia, tenacidade –calidades tradicionalmente atribuídas ó can. É vulgar dicir *to dog* na acepción de ter relacións sexuais imitando os cans. Na xerga londiniense, *to dog away one's time* significa: lacazanear.

O inglés forma varios adxectivos a partir do substantivo *dog*: a) o diminutivo *doggie/doggy* –semellante ó can; b) *doggish* –un tanto canino; *a deitar para cão*; asañado, rabioso. Substantivado, *doggie/doggy* é diminutivo de can: canciño. O adxectivo *dogled/ged* pode te-lo sentido figurado de: angular, curvo, torto –como a pata traseira dun can. Co sufixo –*er*, fórmase o verbo coloquial *to dogger* (enganar, engaiolar, enlear –especialmente nunha transacción) e, a partir do verbo, o substantivo correspondente, *dogger* (engano, mentira, pantomima; ou mesmo parvada, estupidez, tolada, disparate).

Bitch (cadela), feminino de *dog*, serve para precisa-lo feminino de certos animais: *bitch fox* (raposa femia); *bitch wolf* (loba). A cadela e o can son tratados de *girl* e *boy* de forma cariñosa polos seus respectivos donos. Pero *bitch* é un tratamento ofensivo para as mulleres –alén doutros coma *cow* (vaca), *mare* (egua), *sow* (porca). O equivalente máis corrente, en portugués, é *cabra*. Co sufixo –*y* o inglés forma o adxectivo *bitchy*, o cal ten un marcado acento pexorativo e cualifica a quen é desleal, rancoroso, ruín, venenoso, vingativo. Esta connotación desprezativa está tamén patente: a) no verbo *bitch* (EE UU) –criticar; escarnecer; protestar; enganar; b) na locución *the bitch goddess* –éxito, triunfo en cuestións materiais, mundanas; c) na locución coloquial *to*

act like a bitch –enfurecerse; *ficar pior que uma barata/fera*; *dar saltos de corça*; d) no termo vulgar eufemístico *son of a bitch* (tamén na forma contraída *sob*) –fillo de puta.

Para unha comprensión máis completa da relación do can coa sociedade anglosaxona, convén recordar dous grandes concursos caninos ós que a televisión deu maior popularidade. Un deles é o *Cruft's*, que ten lugar anualmente, en Inglaterra, no mes de febreiro. Organizado por primeira vez por Charles Cruft en 1886, é un elegante desfile de snobismo social e de vaidade humana e canina. No extremo oposto están os *dog trials*, concursos de cans pastores que, obedecendo os asubíos do pastor, xuntan e conducen as ovellas cara ó curral. Reticente a someterse ó exhibicionismo do home, o gato non se presta a tales manifestacións de servil obediencia –a súa independencia e dignidade repudian, con olímpica indiferenza, os aplausos, as louvanzas, as recompensas que estes espectáculos prometen. Este contraste entre a obediencia do can e a rebeldía do gato está captado con palabras sinxelas na *nursery rhyme* que comeza con estes dous versos: *The Dog will come when he is called,/The Cat will walk away.../*

Con todo, onde o inglés plasma mellor a súa identificación co can é no dito popular: *Love me, love my dog* –un amigo verdadeiro dun inglés ten que ser, tamén, amigo do seu can. Os franceses imponen unha regra de convivencia social idéntica ó diciren: *Qui aime Bertrand aime son chien*. En cambio, en contrapartida, os ingleses tamén din, sen compaixón, *Try it on the dog* cando cren que un determinado experimento implica riscos serios e, por iso, deberá facerse primeiro cun can para, por exemplo, saber se unha comida non está estragada.

Este culto do can leva, naturalmente, á súa humanización, da que é un perfecto exemplo a obra de Virginia Woolf (1882-1941) *Flush*. Este libro é unha biografía íntima dos poetas Robert Browning (1812-89) e Elizabeth Barrett Browning (1806-61), na que a intensa relación amorosa dos dous escritores é acompañada polo *cocker spaniel* de Elizabeth, chamado Flush. Paréceme, con todo, que a percepción máis lúcida sobre a interpretación das personalidades do home e do can resultante da súa longa e íntima convivencia, nas máis variadas condicións da sociedade anglosaxona, é a que nos presenta o humorista norteamericano James Thurber (1894-1961) nos seus numerosos artigos e debuxos, especialmente os seleccionados por Penguin's Books na antoloxía *Thurber's Dogs*.

Para demostrar ata onde chega o culto do can en Gran Bretaña, o escritor surafricano Roy Campbell (1901-57), quen viviu moitos anos en Portugal, suxire, nun dos seus libros (*Portugal*, 1957), que quen queira conquistar facilmente a Gran Bretaña moderna só tería que invadila con paracaidistas que, amais das súas armas habituais, deberían pisar solo británico con canciños nos brazos porque ninguén tería a crueldade de abrir fogo sobre eles... ¡por temor a matalos! Para que este estratexema fose absolutamente infalible podería recomendarse que a metade das forzas invasoras desembarque con cans e a outra metade con gatos.

Locucións e fórmulas comparativas ou elativas galegas

Xesús Ferro Ruibal¹

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Ofrécese un total de 9.713 ocorrencias de locucións ou fórmulas comparativas ou simplemente elativas galegas ordenadas ideoloxicamente e con numerosas remisións complementarias. A fonte é o Tesouro Fraseolóxico Galego que o autor dirixe no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

Palabras clave: fraseoloxía, galego, locucións, comparación proverbial.

A total of 9,713 occurrences of Galician idioms or comparative or simply elative expressions are presented ideologically ordered and with numerous complementary remissions. Their source is the Tesouro Fraseolóxico Galego, directed by the author at the Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

Key words: Phraseology, Galician, Idioms, Proverbial comparisons.

No *Tesouro Fraseolóxico Galego* (TFG), que estamos construíndo no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, conflúe todo o traballo de campo propio pero tamén todo o alleo, que demos localizado, e que estaba disperso en centos de publicacións lexicográficas, estritamente fraseolóxicas, simplemente etnográficas ou que mesmo estaba inédito. Tamén contén numerosos contextos de uso extraídos de gravacións orais e de obras literarias dos mellores escritores. Cronoloxicamente é material dos séculos XVIII-XXI con predominio dos últimos oitenta anos. O actual proceso de depuración dun corpus de certo volume non nos permite poñelo aínda na Rede pero quero presentar aquí un avance do que ese TFG ofrece no eido das locucións e fórmulas comparativas e elativas.

¹ Agradezo a revisión de María Álvarez de la Granja, Leopoldo Cañizo Durán, Ana García Lozano, Carme López Taboada, Rosario Soto Arias, Cristina Veiga Novoa e Beatriz Vizcaíno Pena. Os erros que subsistan son da miña exclusiva responsabilidade e agradezo anticipadamente tódalas observacións que axuden a mellorar este material.

Pola utilidade que este traballo pode ter, editado nun único bloque, o Consello Científico desta revista decidiu outorgarlle un espazo superior ó que as normas de publicación establecen pero, xa se comprende que, en consecuencia, impón severas limitacións de espazo e tipo de letra. A primeira é elimina-la indicación da procedencia de cada entrada, xa que multiplicaría a extensión deste traballo (son neste caso máis de mil referencias que habería que desenvolver). A segunda, foi a de refundi-las entradas repetidas nunha soa, con indicación do número de veces que esa entrada aparece no TFG, dato que, en cambio, si ten certa importancia. A terceira foi establecer algunhas convencións de edición que axuden a diminuí-lo espazo ocupado e que son as seguintes:

1. A **estrutura** do fraseoloxismo inicial mantéñena os que seguen ata o seguinte punto e coma (;) ou, no seu caso o punto final de parágrafo. O que aparece subliñado éllas común mentres que a barra inclinada (/) separa o inicio da variante. Así, ser coma *a rato que non sabe de máis ca un burato / uña e carne* (2); hai que entendelo como equivalente de *ser coma o rato que non sabe de máis ca un burato*; *ser coma uña e carne* (2). E ser bo coma *as niñas dos ollos / o bo pan / o molete* hai que entendelo como equivalente de *ser bo coma as niñas dos ollos*; *ser bo coma o bo pan*; *ser bo coma o molete*.

2. As **variantes morfolóxicas ou dialectais** aparecen unidas por un trazo: ser coma *a debandoira – debandeira* hai que entendelo como equivalente de *ser coma a debandoira*, *ser coma a debandeira*. E (ser) alto coma *a - unha torre* hai que entendelo como equivalente *(ser) alto coma a torre*; *(ser) alto coma unha torre*. *Ser pequeno coma un rato* (8) - *ratos* (3) equivale a *ser [alguén] pequeno coma un rato* (8) – *ser* [varias realidades] *pequenas coma ratos* (3). Non anoto as variantes apreciativas, que son frecuentes nas unidades que aluden á beleza feminina (*roxiña coma un ouro*) pero si aquelas nas que o morfema *-iño –iña* ten carácter intensificador (*caladiños coma petos*, *feitiña coma unha pera*) porque equivale a “completamente calados, moi feita” e, polo tanto, constitúen unha forma de elativizar.

3. Cando se dan os **adxectivos** en masculino, por razóns de espazo e consonte a tradición lexicográfica, sobreenténdese tamén a funcionalidade do feminino: *bravo coma un toxo*, *branco coma a lá dos anos* funcionan tamén como *brava coma un toxo*, *branca coma a lá dos anos*. Cando, en cambio, o xénero está marcado en feminino, lematízase en feminino e indícase o actante [muller], [rapaza] : *botarse a [unha muller] coma un cadelo*; *coma se fose señora* [unha muller]. En certos casos, a maior abundancia de lematizacións en feminino lévame a darlle entrada propia: (ser) feituquiña *como hai poucas / como se a fixesen de cera / coma feita á man; como *si a fixera *Dios á man tenta*.

4. Os **números entre paréntese**, como se dixo, indican a cantidade de veces que esa locución ou fórmula aparece no TFG. Así en coma *a troita na auga / o peixe na auga* (4) / *cabra no monte* debe entenderse que *coma a troita na auga* e *coma cabra no monte* aparecen no TFG unha única vez, mentres que *coma o peixe na auga* aparece catro veces, o que significa con certa probabilidade que é máis coñecida e usada cás outras dúas.

5. A utilización de **referentes en plural** non implica que sexa imposible o uso en singular, porque o que aquí ofrezco non é un dicionario (parcial) senón a lectura organizada dun tesouro. Quero dicir que *rubio coma un tomate* e *rubios coma tomates* son a mesma locución cun suxeito singular nun caso e plural no outro. A variación morfolóxica máis frecuente é a seguinte:

	Referente en singular	Referente en plural
co indefinido <i>un – unha</i>	<i>rubio-a coma un tomate</i> <i>bufar coma unha cobra</i> <i>mollado-a coma un pito</i> <i>traballador coma unha formiga</i>	<i>rubios-as coma tomates</i> <i>bufar coma cobras</i> <i>mollados-as coma pitos</i> <i>traballadores coma formigas</i>
co artigo <i>o - a</i>	<i>agudo-a coma o allo</i> <i>doente coma o can</i>	<i>agudos-as coma os allos</i> <i>doentes coma os cans</i>

Ora ben, esta última variante (coma + artigo + subst. pl.) é tamén posible con suxeito en sing.: *quedou teso coma as vergas do canizo*, *amargo coma as xestas*, *arrastrado coma as cóbregas*, *afiado coma os dentes do demo*, *mantense do aire coma os camaleóns*, *fai tanta falta aquí coma os cans na igrexa*, *ía andando a catro pés coma os gatos*.

6. En canto ós **actantes** e por razóns de espazo non expreso o suxeito máis que cando é indispensable por non ser doado suplilo. Por outra banda, a estrutura *ser [algo] coma + (inf)* adoita funcionar só na 3ª de sing.: *ser [algo] coma botalo en cesto roto* funciona como *é – era - foi coma botalo en cesto roto*.


7. Algo máis verbo dos **actantes**. É sabido que en galego o obxecto directo (OD) só moi raras veces leva preposición, mesmo tratándose de nomes propios de persoa (¿*Viches teu pai?* ¿*Viches Fernando?*). Iso significa que a un [alguén] que funcione como OD non lle podo poñer unha preposición *a*, que a lingua non admite, pero tampouco podo induci-lo lector a pensar que ese [alguén], sen preposición, é suxeito: nese caso lematizo o actante como [alguén – OD]. Así *deixar quedar* [alguén - OD] *como o millo sen espiga*; *poñer* [alguén - OD] *coma un farrapo*; *querer* [alguén - OD] *coma ós ollos da cara*; *coller* [alguén - OD] *coma o rato na rateira*.

8. O **asterisco** indica que a palabra marcada é un castelanismo: *ser coma unha noite* **sin* **luna*; **manteca no fociño do gato*. É baixa a presenza de castelanismos na fraseoloxía galega; e a aparición dalgúns neste elenco non prexulga que calquera outro falante non poida oír ou dicir eses mesmos fraseoloxismos na forma normativa (*noite sen lúa*, *manteiga no fociño...*), simplemente o TFG aínda non o rexistrou. De tódolos xeitos, isto é irrelevante, porque nin o TFG ten intención normativa nin un corpus, por grande que sexa, é un rexistro exhaustivo da lingua.

9. Direi agora **o que inclúo e o que exclúo**. Inclúo as estruturas de comparación que conteñen *coma - como*, *máis ca - que*, *menos ca - que*, *igual ca - que*, *maior ca - que*, *menor ca - que*, *tan coma*. Pero exclúo, coma en calquera consulta dun Tesouro, algún material impertinente: en primeiro lugar, aquelas citas literarias ou orais que me parece claro que non teñen garantida a súa fixación (*resucitar coma quen esperta dunha catalepsia*; *sá e con cores de saúde coma feituca e fresca mazá*; *ser coma anxos de*

retablo barroco; coma un feixe de luz auroral)²; exclúo, como é natural, as secuencias (vbo.) como, cando este é modal e non comparativo (*vestir como paisano, é como Deus o fixo / deu*³; *governarse un como pode, deixa-lo mundo como está*); exclúo os refráns; exclúo aquelas nas que *máis ca* equivale a “só” (*non ser máis ca palabras unha cousa* (2); *non ser máis ca tolerías*) porque non teñen valor comparativo ó equivaleren a “só son palabras, só son tolerías”; exclúo fórmulas de brindé (*¡Se de hoxe dun -nun ano non é con máis alegría, que non sexa con menos!*; *¡Se de hoxe dun – nun ano non somos máis que non sexamos menos!*) por non teren exactamente a estrutura das xa comentadas; e, pola mesma razón, exclúo, ó cabo, o conxunto das outras comparanzas coma *parecer unha meada sen conda e outras máis implícitas* coma *ter barbas de chivo* (“pouca barba”), *ser un caga no niño* (“tardar”) e similares⁴.

10. A inmensa maioría das entradas (78%) utilizan a forma *coma* fronte a *como* (15%). A distribución predominante (aínda que con numerosas excepcións) é como (subst. sen artigo / or.) *estar como gato borrallento*; *ir como rei na cesta / dicir si ou non como Cristo nos *enseña*) e coma nos outros casos (*ir coma un rei nunha cesta, ir coma o rei na cesta*). Polas aludidas razóns de



² Aínda que é posible que nalgún caso, inadvertidamente, eu incluíse algunha que non teña garantida esa fixación. Todos os que construímos un corpus non automático temos sempre a dúbida de cantas veces temos que oír unha unidade para considerala fixada; o problema dáse especialmente (pero non só) nas de moderna creación, coma esta fórmula de ameaza: *¡Douche un fogonazo e es mellor ca un satélite a voar!*

³ Inclínome a pensar que son modais e non comparativas (e por iso as exclúo) algunhas coma estas: (*non ser como Deus manda; chover como Deus a dá; chover como Dio-la dá; (ser / facer [algo]) como Deus manda* (4); *como manda Deus do ceo* (2), *como *Dios manda* (2); *obrar como *Dios manda; andar como Deus quer / Deus queira* (2) / *Deus o dou / (*Dios) o trouxo ó mundo* (2) / *o botou súa nai / o pareu súa nai / súa nai o pariu / súa nai o pariu / súa nai o pariu – pareu / súa nai o trouxo ó mundo / veu ó mundo; andar - estar espida como a nai o pariu / Diol-o deu*.

⁴ Pero lémbrese que moitas veces é case subxectivo considerar non comparativas algunhas delas: véxase esta entrada do *Diccionario* de Eladio Rodríguez: *Ser coma unha cera, o ser unha cera*, “ser muy blando, muy dócil, de genio apacible y benigno; ser un bonazo”. E calquera pode rexistrar *¡O mundo é (coma) un pano da man!*. Por outra banda a algúns fraseoloxismos só lles falta unha leve modificación, que calquera usuario pode facer, coma converte-lo refrán *A obra de Santa Ana empeza ben e nunca acaba* en *ser coma a obra de santa Ana (que empeza ben e nunca acaba)*.

espazo, cando se rexistran as dúas, unífiocas en *coma*⁵. A estrutura (*máis*) (*adx.*) *ca* - *cá* - *cás* - *có* - *cós* representa o 6%. O resto das estruturas representan unha porcentaxe irrelevante: *mellor ca – que* (0'29%), *peor ca – que* (0, 26%), *igual ca – que* (0'18%); *menos ca – que* (0'05%).

11. Canto á **extensión**, como é natural dentro dun Tesouro, debe comprenderse que hai locucións que están ben fixadas aínda que o seu uso é local. Cito entre elas: *ser bruto coma os fillos de Quitolis, que canto máis medraban máis brutos se volvían; máis borracho ca Castro* (usado só na redonda de Caritel, concello de Pontecaldelas).

12. Formulo os **temas**, en principio, como substantivos (*abandono*) porque o substantivo dá razón de máis estruturas. Pero non sempre hai un substantivo acaído. Por iso, cando o material está formado basicamente por locucións adxectivas, formúlooo como adxectivo (*gordo*) e, cando predominan as locucións clausais, formúlooo como verbo (*andar*)⁶. Algunha vez resúltame inevitable botar man dun adverbio (*aloucadamente*).

13. Nalgúns **fraseoloxismos menos transparentes** explico nunha nota a pé de páxina o significado, ben cunha definición, ben cun contexto de uso: fágoo alí onde comprobei que os lectores teñen algunha dificultade para comprender intuitivamente o significado dalgunha locución ou fórmula e, polo tanto, a razón pola que a poño onde a poño.

14. Incluío, como di o título, algunha **fórmula**. Ora ben, son poucas e nin tódalas entradas que van entre signos de admiración (*¡...!*) son fórmulas; boa parte delas son locucións en contextos libres pero enfáticos. Supoñámo-la entrada *¡Eu vendo como comprei!* (“eu conto ou reproduzo o que oín dicir sen engadir nada nin dar fe da veracidade do relato”): é posible que alguén oía outras variantes **el non ten culpa ningunha, porque vendeu como comprou; *non te preocupes: ti véndelle como compraches* e isto significa que é unha locución; pero, como o TFG só rexistra esta unidade como fórmula, lematízoa así e non como locución, sen que eu exclúa que poida funcionar como locución. Poñerei outro caso máis claro que axude a comprendelo mellor. Un lector atento deste corpus pode encontra-la locución *mazar* [alguén - OD] *coma un polbo* -**pulpo*: ben, pois quen coñeza a existencia desa locución sabe, primeiro, que a pode usar tamén para expresar unha ameaza, igual que calquera outra combinación que signifique “bater” ou “pegar”; segundo, sabe que eses duplicados que detectou o TFG non son os únicos posibles (tamén o son *¡Voute mazar coma un polbo!*; *¡heivos mazar coma polbos!*; *¡xuro que vos mazarei coma polbos!...*); e sabe, terceiro, que tamén a pode usar con outras funcións comunicativas, non só de ameaza ou de descualificación (*a eses dous mazáronos coma polbos...*). O mesmo podíamos dicir da entrada *¡Vouche poñe-lo cu coma un tomate!*.

⁵ Téñase presente que moitas grañas que encontramos nos textos non analizan os elementos gramaticais senón que reproducen a fonética: *auga coma do sol* pode encubrir *como a do sol* e *coma a do sol*; mentres que *como moucho* pode encubrir *coma o moucho* e *como o moucho*.

⁶ Algunha vez a polisemia dos contidos obrígame a xerbrar nos temas substantivos e verbos (*advertencia* ↔ *advertir*).

¿Por que lematizo unha locución só ou tamén nun contexto enfático? Por tres razóns. A primeira é porque, aínda que en teoría os usos locucionais son posibles, na práctica o uso enfático é o máis usual, aínda que non estea absolutamente fixado. A segunda é que eu recibo numerosas consultas de escritores e tradutores que buscan para teceren os seus diálogos recursos deste tipo para felicitar, descualificar, ameazar e similares. A terceira razón é que con exemplos á vista un escritor ou tradutor pode máis doadamente lembra-la realización sintáctica de certas maldicións asimétricas co castelán (*¡Inda (subx.)...!*).

Insisto na obviedade que dixen no punto 5: este material non é xa un dicionario senón aínda a lectura dun tesouro.

E esta advertencia vale tamén para a maior parte das entradas dos temas ADVERTENCIA, AMEAZA, CONFORMIDADE, DESAFÍO, DESEXO, DESCONFORMIDADE, FELICITACIÓN. No conxunto do material son poucas as entradas afectadas e, se utilizo este procedemento excepcional. Que isto sexa a lectura dun tesouro axuda a entender que por veces unha locución apareza con ou sen verbo *ser* (*bo coma o pan; ser coma o pan; ser máis bo có pan*).

15. E, pra rematar, unhas palabras verbo da **organización ideolóxica ou funcional** deste material. Sei ben que este corpus se podía aínda organizar nun nivel superior. Existen diferentes propostas. Tentei segui-la do prof. Stefan Ettinger (aspecto, estado e propiedades do ser humano; disposición, relación cos conxéneres e contorno; formas de actuación humana; valoración dunha situación ou feito; contorno e mundo exterior) que me deixaría fóra unha importante miscelánea. Chegoume tarde a que neste mesmo número desexan os profesores Baránov e Dobrovol'skij para podela experimentar dentro dos límites de tempo que impón a revista e non renuncio a experimentalala tamén no futuro. Son moi pertinentes dúas observacións que fan: a primeira, que é o propio corpus o que impón o sistema, porque, aínda que moitas categorías semánticas existan en tódalas linguas, cada lingua precisa matizar aspectos que ás outras lles pasan desapercibidos, o que significa que todas deixan baleiros espazos que outras linguas enchen con material fraseolóxico; e a segunda, que a polisemia impide a impermeabilidade da clasificación (o concepto “verde” non é só unha color, oposta a outras cores, senón tamén un estado, “inmature” en oposición a “maduro”) e outro tanto habería que dicir do concepto “grande” para o que temos material que non se limita ó aspecto físico do ser humano e non podería englobarse como subtema de “aspecto físico”. Súmolle, en fin, que a miña experiencia de consultante de dicionarios e a observación de como os consultan os demais faime ver que, cando os niveis de ordenación son tres, o lector adoita buscar polo máis baixo e concreto, non polos superiores e abstractos. Así que optei por me manter nun primeiro nivel de ordenación semántica, sen elevarme a hipertemas pero, en compensación, introducín dúas axudas:

- enunciarei algúns temas xerais que designan conceptos superiores, tales coma **ACCIÓN** (neutra, negativa, positiva e modo desa acción), **ASPECTO**, **CALIDADE** (neutra, negativa e positiva), **CANTIDADE**, **CONDUTA**, **ESTADO** (o relativo á saúde, enfermidade, idade etc.), **PERCEPCIÓN** (sensorial), **POSICIÓN** (espacial), **RELACIONS HUMANAS**, **SENSACIÓN** (o relativo ás sensacións estritamente físicas:

fame, sede, frío, calor, sono, cansazo e similares), **SENTIMENTO** (o estritamente psicolóxico: alegría, tristeza e similares), **SITUACIÓN** (socioeconómica, moral, carencia, complicación...) e finalmente algunhas **FÓRMULAS** (agradecemento, conformidade, desafío, desculpa, desexar mal, desconformidade, felicitación, maldición, negación humorística, reafirmación, verificación e xuramento. Hai tamén fórmulas dispersas nos temas seguintes: contabilidade irregular, demo, dereitos (ter), equidade, librar, morte, mundo, pagar, peculiar, reflexión, relatar, remedio, sal, suposición e testemuña falsa. Neses temas máis xenéricos e superiores suxiro moitos dos conceptos máis específicos e concretos que os desenvolven.

- introducín tamén numerosas remisións a temas conexos en todos aqueles que se complementen noutros máis ou menos próximos.

Coido que a organización ideolóxica ou funcional deste material e mais esas numerosas remisións internas axudarán a que este traballo sexa dalgunha utilidade non só ós fraseólogos senón tamén a escritores, xornalistas, profesores de lingua e antropólogos. Nesta dirección desexo que vexa a luz algún día a totalidade do TFG.

ABANDONO

coma un can (3); *andar tirado coma un can*; *deixar quedar* [alguén - OD] *como o millo sen espiga*; *morrer coma un can* (4), *morrer esquecido coma un can*; *morrer coma os chitos*; *morrer no palleiro coma os chitos*; *sentirse coma un trapo*; *te-la horta coma un prado*.

ABANEAR V. ARRANDEAR

bailar coma o millo; *cimbrar como varas verdes*; *tordear coma un pión*.

ABARCAR DE MÁIS V. AMBICIÓN

ABERTO

aberto coma un mexillón / un porco.

ABOJAR V. NADAR BEN

ABONDOSO V. ABUNDANCIA

ABORRECER

ter unha gana de (inf.) *coma de sacalas moas*.

ABRAIO V. tamén PASMO,

SORPRESA

coa boca aberta coma unha esporta; *coma se nunca tal vira*; *espantado coma se se acabara o mundo*;

quedar coma se lle espetaran o coitelo no corazón; *quedar como unha vaca mirando para o tren / unha ovelliña*; *(quedar) teso coma as vergas dun canizo* ; *Cousa coma ela...!* (3) ; *Cousa coma ela, na miña vida!*; ; *Cousa coma esa, inda na miña vida a vin!*; ; *Outra coma ela...!*

ABUNDANCIA

abundante coma pelo de oso; *abundar máis cá lama* (2); *andar bastos coma piollos*; *coller como as amoras na silveira*, *coller máis [subst] ca unha burra peidos*; *(haber, ter) coma area* (2) /, *moscas /, moscas ó mel /, terra / o liño / mantas* (2); *a merda / a palla / as chuvias / a folla*; *haber de todo como en - na botica* (2); *haber hainas - hainos como mantas / coma pra forrar o carro con elas / eles*; *haber máis* (subst.) *có demo* (3); *haber* (patacas) *coma pedras*; *haber máis ca de aquí a* (topónimo); *ter* [algo] *coma liño*;

(*ter / gañar*) [algo] *coma terra* (2), *coller / ter máis* (subst.) *ca unha burra peidos* (2) / *que areas hai no mar / que pelos teño na cabeza / que cabelos teño na cabeza / que estrelas hai no ceo; darse* [algo] *coma* a *chuzma* (3) - *a chusma / a nabiña do toxo / a tiña / o millo nunha roza; estar* *mechos coma os escarabellos / xunto coma o pelo do can; medrar coma a mala herba, nacer coma fionllos, ter tantos buratos coma unha criba, ser coma a peste dos pericos, chormear como un ghamelo* (abundancia de froito); *cortar tanto touciño coma pan; facelas como mantas*

ABURADO V. QUEIMAR, SOL
vir coma un cachourizo.

ABURRIMENTO
aburrirse *coma unha ostra* (2) / *coma unha pataca; máis aburrido que unha ostra.*

ABUSO
facer como os cans grandes cos pequenos; ser coma a mula do arrieiro; ser coma o burro do arrieiro.

ACABAR
comezado e acabado como camisa de aforcado.

ACAER V. tamén AXEITADO
caerlle [algo a alguén] *coma o mel nas papas; quedar como un guante.*

ACCESIBLE
sinxelo coma unha liña.

ACCIÓN

ACCIÓN NEUTRA: ABANEAR, ABOIAR, ACABAR, ACENDER, ADVERTENCIA, ADVERTIR, AFUNDIRSE, AGADAÑAR, AGARIMO, AGARRADO, AGATUÑAR, ALUMEAR, AMAGAR, AMAMANTAR, ANDAR, APALPAR, APURAR, ARDER, ARRAIZAR, ARRANDEARSE, ARRASTRAR, ARREDARSE, ARROTAR,

ASENTAR, ASUBIAR, ATAR, ATOPAR, ATRAPAR, AUMENTAR, AXUSTAR, BAFEXAR, BAILAR, BARULLO, BATELO PÉ, BEBER, BERRO, BRINCAR, BRUÍDO, BUFAR, BULIR, BUSCA, CAÍDA, CAMBIAR, CAMBIAR DE IDEA, CANTAR, CARGA, CAZAR, CENTILEO, CHAMAR, CHIAR, CHOIVA NEVE, CHORAR, CHOVER, COBRAR, COCER, COMER, COMPAÑA, COMPRENDER, CONCORDAR, CONFORMARSE, CONSUMIRSE, CONTAR, CORRER, CUBRIR, CUCO, CUSPIR, DAR VOLTAS, DEDICACIÓN, DEFENSA, DEITARSE CEDO, DERRETERSE, DESAPARECER, DESCONCERTAR, DESCUBRIR, DESENTENDERSE, DESEQUILIBRIO, DESFACERSE, DESPEDIDA, DEVOCIÓN, DIFICULTADE, DISIMULO, DOBRAR, DOMINIO, DURMIR, ENCOLLER, ENGORDAR, ENREDAR, ENTENDER, ENTRETER, ENVOLVER, ENVORCALLARSE, EPILEPSIA, ERGUERSE TARDE, ERRAR, ESBARDALLAR, ESMAGAR, ESPAREXER, ESPERAR, ESPREITA, ESQUECIMENTO, ESTOUPAR, ESVARAR, EXCAVAR, EXHIBIRSE, FALA E CARÁCTER, FALAR, FERVER, FINXIMENTO, FOLIADA, FUMAR MOITO, FUME, FUXIDA, GARDAR, GREGARIO, GRIÑIR, GRITAR, GUSTAR, HIXIENE, HUMIDADE, IMPEDIR, INCHAR, INDICIOS, INQUEDANZA, LEMBRANZA, LEVAR, LIORTA, LIXAR, LOITAR, LUME, MARCHA DEFINITIVA, MARCHAR, MEDRAR, MERCAR, MIRADA, MORDER, MORRER, MOVEMENTO, MÚSICA, NADAR, NADAR BEN, PARELLA, PEDIR, PEDIR COMIDA, PEDIR CON ANSIA, PELAR, PENSAR, PESCAR, PICADURA, PRECAUCIÓN, PRECIPITACIÓN, PRENDER UNHA PLANTA EN, PRÉSA, PROGRESO, PROÍDO, PROTECCIÓN,

QUEIMAR, QUEIXA, QUENTAR,
RABUÑADURA DE GATO, RAPIDEZ,
REAPARECER, REBELARSE, REBENTAR,
REBULIR, RECUAR, REGAÑAR,
REINCIDENCIA, RENEGAR, REPARTO,
RÉPLICA, REPRENSIÓN, RESPIRACIÓN,
RETUMBAR, REXEITAR, REXISTRAR,
RISA, RODEAR, ROLAR, RONCAR,
ROSMAR, ROUBAR, RUAR, RUBIR,
RUMOR, RUTINA, SANGRAR, SEGREDO,
SEGUIR, SELECCIÓN, SEXO, SILENCIO,
SIMULACIÓN, SOL, SOPRAR, SORRIR,
SOTERRAR, SUAR, SUBTERRÁNEO,
TALIÓN, TAPAR, TARDAR, TATEXAR,
TELLADO RUÍN, TENSIÓN, TINO,
TIRARSE Ó CHAN, TREMER, TRISCAR,
TURRAR, TUSIR, VAGAR, VASOIRA,
VENDER, VENTO (ZOA-LO), VESTIR,
VIOLENCIA, VIVACIDADE, VIXIAR,
VOAR, XEAR, XEMER, XIRAR, XURAR,
ZUMBAR.

ACCIÓN POSITIVA: AGARIMO, COIDADO,
DIVERSIÓN, ENRIQUECERSE,
FUNCIONAR BEN, TRATAR BEN.

ACCIÓN NEGATIVA: ABUSO, ACOSO,
AGOCHARSE, AGRAVAR, ALDRAXE,
APARECER SEMPRE ONDE HAI COMIDA,
AUTOINVITARSE, APROVEITAR,
ATAQUE, ATORMENTAR, AVIVAR
PROBLEMA, BLASFEMIA, BURLA,
CALUMNIAR, COMER, CRÍTICA,
CRÍTICA MORDAZ, DESACERTO,
DESASTRE, DESAPROVEITAR
CONSELLOS, DESBARATAR, DESFEITA,
DESPERDICAR, DESPOTRICAR,
DESPREZO, DESTRUÍR, DIMINUÍR,
DISPARATE, ECONOMÍA, EFECTO
NOCIVO, EMPEORAR, EMPOBRECERSE,
ENFADARSE, ENGANO, ENTERRO
SOLITARIO, ESCATOLÓXICO, ESFORZO,
ESIXIR DE MÁIS, EXCESO, EXPULSIÓN,
FALCATRUADA, GASTAR MOITO,
GOLPEAR, INCUMPRIR, INTROMISIÓN,
INXURIA, MALGASTAR, MALTRATO,
MATAR, MENOSPREZO, MENTIRA,

MOLESTIA, NEGOCIO RUÍN,
PREXUDICAR, PROMESA FALSA,
TRAMPA.

ACCIÓN (MODO DA): ACTUAR,
ALOUCADAMENTE, APARECER
REPENTINAMENTE, AXEITADAMENTE,
BEN, DESAXEITADAMENTE,
DIARIAMENTE, DIRECTO, ENTRAR,
ERGUERSE, FEITO (BEN), FEITO Á
PRESA, FEROSAMENTE, FILLOA,
FORZADO, FURTIVIDADE,
INDISCRIMINADAMENTE,
INTENSIDADE, IRREFLEXIVO,
MARCHAR LENTAMENTE, MORTE
REPENTINA, MORTE TRANQUILA,
MORTE VIOLENTA, OUVEO,
PARAUGAS, RAPIDEZ, RISA
INMOTIVADA, SERVILISMO,
SOLERMIÑAMENTE, UNANIMIDADE,
XANTAR, XERAL.

ACEDO V. AMARGOR

ACEITE (GUSTARLLE MOITO O)

ser coma os morcegos.

ACENDER

*encenderse [algo] coma o día;
prender coma un misto.*

ACEPTAR V. ADAPTARSE,
DOCILIDADE

ACOSO V. tamén ATAQUE,
PERIGO

*apurar a un como un can; apurar
[alguén –OD] coma a un can; face-
las voltas coma o raposo ás galiñas
(2); saírle o lobo ó camiño como ó
parrulo do Carballiño; ser coma un
pulpo.

ACOUGAR V. TRANQUILIDADE

ACTIVIDADE

*ter outra cousa mellor que facer;
buliqueiro como un axóuxere; dar
máis voltas que un muíño de vento;
ser coma a debandoira -
debandeira / unha lanzadeira /
unha andaravía / o sarillo (2) / un
sarillo (3) / un danzarico / un*

foguete / un lóstrego (2) / un raio; inquedo coma o rabo dun lagarto / abelurios (2); (estar) coma o mar nas penas.

ACTUAR

facer coma (subst.)⁷.

ACUDIR V. AGRESIVIDADE

ACHACOSO V. tamén ENFERMO, MALESTAR, SAÚDE POUCA

está coma unha breva; ser igual ca unha pita choca; ter máis cravos que unha porta vella.

ADAPTARSE V. AXEITADO

facer a tódolos ventos como galiño de pipileira; [inf.] coma todos.

ADECUADO V. AXEITADO

ADELGAZAR V. MIRRADO

ADMIRAR V. PASMO

ADOECER

adoecer coma os cans da rabia.

ADOLESCENCIA

ser un mozo coma un carozo (2).

ADVERTENCIA

¡Vas estoupar coma a castaña no lume!; ¡A que foches á escola: aprender a ler ou a griñir coma os burros?

ADVERTIR

ventar [algo] coma o can a perdiz.

AFFECTO V. AGARIMO,

AMIZADE, AMOR

AFIADO

afiado coma os dentes do demo / unha navalla (2), a aguillada (2); pico afiado coma unha subela; furar coma unha teipe / toupeira.

AFINACIÓN

quedar coma un reloxo (a andar).

AFLICIÓN

ter un pesar coma un puño (3).

AFLUENCIA V. AGLOMERACIÓN

AFORRADOR

*ser coma os burros da Limia que apañan o viño e beben auga (2), ser como unha *aceña.*

AFORTUNADO V. SORTE

AFUTEZA V. VALENTÍA

AFUNDIRSE V. NADAR MAL

AGADAÑAR

agadañar coma o micho.

AGARIMO V. tamén

AMABILIDADE

arrolar [alguén- OD] coma a fillo de rei; ser cariñento coma un can; corazón coma a nata.; traer [alguén] coma os ovos na peneira / un santo en palmas / argadelo.

AGARRADO

agarrar [algo] coma garduña.

AGATUÑAR V. RUBIR

AGLOMERACIÓN

acudir coma as abellas ó mel / moscas ó mel; chover xente coma moscas; estar bastos coma piollos; estar coma o piollo na costura; ser como formigas; estar coma un formigueiro.

AGOCHARSE

estar metido na casa coma un cocón / un moucho.

AGONÍA

*¡*Dios nos dea máis vida cá que el ten!*

AGOIREIRO

ser como o paxaro da chuvia.

AGRADECIMENTO

*¡*Dios vos dea tanta *suerte e *salú como para min desexo!*

AGRADO (CON)

levar coma quen leva un santo.

AGRAVAR

(é) coma botar toxo no lume (2); (son) como pingotas de aceite botadas no lar

⁷ A raíz d'un toxo seco/ éche mala d'arrincar/ fai com'os amores vellos/ que son malos d'olvidar.

AGRESIVIDADE V. tamén ASPEREZA, FERO, CANCRO
coma unha gata; ser coma o demo; ser peor que un alarbio / can da rabia / vigairo; lanzarse como un can de presa; máis puxante que un touro de Fecha.

AGUDEZA V. INTELIXENCIA

AGUDO V. AFIADO, PICADURA

ALDRAXE

poñer [alguén - OD] coma un farrapo (2) / como un trapo / coma un can / coma un bellaco / como merecía; botalas coma o barro á parede.

ALEGRÍA V. LEDICIA

ALIMENTACIÓN

coma o pan da voda, que enche e non engorda; manterse do resío coma as chicharras; te-las vacas coma carros.

ALIVIO

coma se lle quitaran un peso de enriba.

ALOUCADO V. TOLEMIA

ALOUCADAMENTE V. tamén

INTENSIDADE, EXCITACIÓN, IRA
(vbo.) coma un tolo (3) / coma unha tola (2).

ALTIVEZ V. tamén DESPREZO

facer coma quen que son uns meirallós - meiralgas; facer como os cans grandes cos pequenos; ser tesó coma un carabullo / un fungueiro / un pao / unha vara.

ALTO

alto e forte coma un carballo (2); (ser alto) coma a estrela do norte / a - unha torre (4) / un carballo (3) / un kirieleisón / un laral / un lareiro (2) / un pau da luz / un pericoto (2) / un pino (15) / un piño / un piñeiro (6) / un pico / un salgueiro (4) / unha igrexa; ser coma o pino da bouza / a copa dun pino / un calamón / un fío / un sangarillo;

largo coma un filiseu; ser (grande) coma os días de maio (2) / un día sen pan; máis alto có Picoto.

ALUMEAR

**alumbrar máis ca unha farola.*

AMABILIDADE

amante coma unha seda (3); brando coma a manteiga (3); doce coma a fava - o favo do mel; doce como mel; amoroso coma unha rula; moliño coma a tona do leite; ser coma unha cera (2) / coma unha malva; non ten unha fala máis alta que outra, non ter unha palabra máis alta que outra; ter un corazón coma a nata / a seda.

AMAGAR V. FINXIMENTO

AMAMANTAR

ter máis leite que unha vaca.

AMAR

amarse coma dous pombos / rulas; querer [alguén - OD] coma os ollos da cara.

AMARELO

(a)marelo coma a cera (6) / unha ameixa / a cidra; marelo coma a casca do limón; coma o limón de marelo.

AMARGOR V. tamén ACEDO

acedado coma un abruño verde; (estar) acedo coma o demo / o fel / rabo de gato (2), o rabo dun gato (2) / coma o rabo dun can / o caldo (2) / un trobisco (5); máis acedo có fermento / cá cabaza herbeira / có solimán / có xizo; agre coma rabo de can; amargo coma as xestas / o fel (4), o piorno (3) unto de sapo (2) / unha rabiza / o loureiro; amargoso coma a xesta; máis amargo có fel que lle deron a Cristo; agre como rabo de can (2); bravo como as xestas; amarga(r) coma a xesta - as xestas (6) / o fel (6) / o trobisco (3) / a breca; saber

coma o rabo do can; ter un amargor que nin a dos asentes lle gana; cariñoso como o bexato cos pitos; ser coma un come come; bravo coma as xestas; coma quen bebe acivro⁸.

AMBICIÓN

como Xan das Tramballadas: todo o monte, se non, nada; sementar máis millo do que se pode sachar; coller máis maquí da que se pode moer; levar á boca máis do que se poida debullar - comer; meter na boca máis do que se poida debullar - comer; como facía Marica Ordás: metía a man e tiraba máis; ser coma María Cortizas, canto ves, canto cobizas; ser coma Fuco o vertoleiro: cantas vexo, cantas quero.

AMBIENTADO V. tamén

COMODIDADE, SALVARSE

estar coma a troita na auga / o peixe na auga (4) / cabra no monte / carracho-carrapato na la (2).

AMEAZA

¡Estás tan xogado coma o vaso na mao do borracho, ¡Heite de poñer como cera e pabú!; ¡Vouche dar unha hostia e vas dar máis voltas que un fillo de puta buscando a partida de nacemento! / un garabanzo na boca dun fanado!; ¡Vouche poñe-lo cu coma un tomate!; ¡Vouche retorche-la lingua coma un tarabelo!; ¡Vouvos mazar coma polbos! (2).

AMIGARSE

casar coma os paxaros por detrás dunha silveira / dunha ramalleira.

AMIZADE

(facer) [algo] coma amigo; darse como Deus cos anxos (3); ser coma o rato que non sabe de máis ca un burato / uña e carne (2); (ser) tan amigos coma sempre.

AMOLADO

quedar [alguén] coma se o foderan (2); quedar coma tres cun zoco; quedar negro coma as corres dun canizo; quedar coma as grades dun canizo; ir como o rato ó fol.

AMOR

*namorado coma un portugués / un ollomol (2); cariñento coma un can (2); querer [alguén - OD] coma os ollos da cara (4) / coma as meniñas dos ollos (4) / coma a meniña dos ollos / coma as *niñas dos ollos / coma ó pan trigo / coma se fose o seu fillo / coma se fose un can / coma se o parise morto / máis cás meniñas dos ollos / máis cás meniñas dos meus ollos / máis cá meniña dos ollos / máis có mundo enteiro / máis cá vida dun / tanto coma as meniñas dos ollos (3); quererse como a auga e a terra; roldar [a un mozo] coma as pitas roldan o galo; ter máis amores que areas ten o mar; derreterse por [alguén] coma gato polo peixe / coma o gato polo leite (2); enamorarse coma un boi; non ver máis ca por aquel ollo; quedar prendido en - de [algo] coma a abella no - do mel; ter coma meniña do ollo / querer moito coma a troita ó troito.*

AMOUCADO V. TRISTE

ANCHO

ancho coma unha maseira; te-lo cu coma unha faldroca.

ANDAR V. MOVEMENTO, POSICIÓN, MARCHAR

⁸ Refírese á substancia amarga que se extrae das follas do áloe.

ANDAR A GATAS

andar a catro pés coma os gatos.

ANDAR Á PAR

andar coma un boi cando vai á mea.

ANDAR ARREDOR

andar arredor coma o Salvador - San Salvador.

ANDAR DEREITO

[ir, correr, andar] (dereito) *como un riguilete-riguilete (4), andar máis teso que un morgado.*

ANDAR (CAMIÑAR) MAL. V. tamén

COMPLICACIÓN, COXEIRA

andar coma o demo / un zopenco; andar a puxós como faco de matuteiro.

ANDAR MOITO

andar como un azacán (2); ser coma un andicio (3).

ANDAR POUCO

andar como piollo por costura.

ANDAR RÁPIDO

andar coma un galgo (3), / un lóstrego / unha asalación; ir como un foguete.

RECUAR

andar a redacú coma os cangarexos; andar coma o cangrexo - os caranguexos - un cangrexo; andar para atrás coma os cangrexos - o cangrexo / os patexos; recuar coma o cangarexo.

ANGURIA

V. tamén

PREOCUPACIÓN

apertárselle a [alguén] o corazón coma un novelo; tremar coma a cana do millo / o xungo / vara verde.

ANIMAL

ser coma un cristián, fóra a alma (e figura).

ANIVERSARIO

tal día coma hoxe (4); en tal día coma hoxe; tal día coma hoxe fixo un ano.

ANOXO

V. tamén IRA

saír coma un can cando lle atan unha lata ó rabo.

ANTIECONÓMICO

V. CARO,

NEGOCIO RUÍN

ANTIGO

*como no tempo da *reina María Castaña; máis vello que andar a pé.*

ANTIPATÍA

*ter *gracia como fol de liñaza.*

APALPAR

coma o cego de Rebordaos (2) / coma o cego de Rebordaos, que o que non ve cos ollos apálpao coas maos (2).

APAMPADO

V. PASMO

APARECER REPENTINAMENTE

V.

REPENTINO

APARENCIA

coma a mazá: por dentro podre e por fora sá; ser máis as voces cás nocés; ser máis o ruído cás nocés (2), ser [algo] coma se fose pintado; ser coma o ferreiro de moito estroncio que, de tanto machacar, esquenceulle o oficio; ser coma a punta dun iceberg; ser un santo de pau; non ser tan fero o león como o pintan.

APARENCIA FALSA

ser coma a leña da figueira: recia de fume, fraca de madeira.

APARENCIA DE SAÚDE

coma a mazá: por dentro podre e por fóra sa (2).

APARVADO

V. PASMO

APERTADO

andar coma piollo na costura / piollo en costura / sardiña en tabal / sardiñas na lata; estar coma sardiñas en banastra / en lata (2) / na lata; ir coma sardiñas na lata; vivir coma as formigas (2); estar como peixe en tixela (2).

APETECER

ser amigo de [algo] / [alguén] coma as abellas do mel; ser por [algo] / [alguén] coma o demo polas almas; ser coma as cereixas / os chuchameles.

APETITO V. tamén FAME, INAPETENCIA, COMER

comer en [algo] coma en ferrán; comer máis cá sarne brava.

APOLTRONADO

estar [un home] espotreado coma un cabalo.

APRACIBLE

ser dun xenio coma unha malva⁹.

APRECIO V. tamén AMOR, ESTIMA

*ser coma o pan para as mozas; adorar coma a un *dios / os ollos da cara / pan bendito; estimar coma as meniñas dos ollos / ouro no pano; gardar coma ouro en pano.*

POUCO APRECIO

é – era – foi coma quen llo dá a un can.

APROVEITADO V. tamén PARASITO

facen coma o cuco (3) / os carros: cantan cando van cargados, cando van baleiros nada, nin chian; ser coma o porco de San Antón (2) - de San Antonio (2) / o porquiño de san Antón (4) - de san Antonio (2).

APROVEITAR

aproveitarlle [algo] a [alguén] coma a ferraña ós cans! / o alcacén ós cás-ós cans!

APROXIMACIÓN

coma quen di (18); é coma quen di (2); coma quen di "é vai eso".

APURADO

*andar apurado coma un gato con sete liviáns (2) - *livianos.*

APURAR

apurar coma unha máquina.

ARDER

arder coma a ascua (5) / a esca / a estopa (2); ardido coma un tizón.

ARDER CON FUME

arder coma a palla (2); arder como pau de oliveira; arder coma (se fora) un feixe de palla.

ARDUO V. tamén LABORIOSO, DIFICULTADE

non ter máis que un camiño moi estreitiño.

ARGALLANTE

escasurrante coma o trasno.

ARISCO V. ASPEREZA

ARRAIZAR V. PRENDER

ARRANDEARSE V. tamén

ABANEAR

arrendearse coma os xuncos.

ARRASTRAR

andar coas pernas arrastro coma un cangrexo (2) / coma o cangrexo / de rastros coma as cobras / de rasto coma as cobras / a rastro como as cobras / coma a barriga do sapo; arrastrado coma as cóbregas¹⁰; arrastrar coma se fora un trapo [alguén - OD] / igual que se fora un trapo; arrastrarse coma unha cobra / pola lama igual ca se fora un trapo; levar a un como cagallón por fervigueiro.

ARRECENDO

cheira coma unha algaria.

ARREDARSE

⁹ Estebo de Casal era un mozo de pouco coñecemento e d'un xenio com'unha malva. Abofé que non se facía memoria de que houbera tido custión con ninguén.

¹⁰ ¡Arrastrado te vexas coma as cóbregas!

arrenegar de [alguén / algo] coma do demo (4) - do diabo - do diaño; librarse de [alguén / algo] coma do diaño - do demo (2) / do lume dos infernos.

ARROTAR

botar arrotos coma palleiros.

ARTEIRO

saber máis ca un polo asado; ser zorro coma o raposo; sabelas armar máis ca Merlín.

ASENTAR

quedar coma un guante.

ASOMBRO V. ABRAIO, SORPRESA

ASPECTO

te-la cara coma un barbeito¹¹ / un pote / unha pandorga; rapaces coma señores, rapazas coma soles.

ASPECTO FÍSICO V. ABURADO,

ADELGAZAR, ALTO, AMARELO, ASPECTO, BARBA, BOCA, CABELO, CALVICE, CARA, CEO, CEREIXA, COLORADO, CORPO, DENTES, DEREITO, FEALDADE, FERMOURA, FRACO, GORDO, LANZAL, LENTES, LÚA, MIRRADO, MORENO, NEGRO, OLLOS, ORELLAS, ÓSO, PALIDEZ, PEITO DE MULLER, PEQUENO, PERNAS, PÉS, PREÑEZ, RAQUITISMO, ROUPA, ROXO, RUBIO, RUBOR, SECO (“delgado”), SUCIDADE, TENSO, UÑAS, VERDE, VERMELLO, VESTIR, VEXIGAS, XEITOSO.

ASPECTO BO

rapaz coma un señor, rapaza coma un sol.

ASPECTO RUÍN

estar coma se non comera sal nin graxa / un avesinio¹² / un negro.

¹¹ Como barbeito é o campo que se deixa sen cultivar un ano para que a terra descanse, significa “ter [un home] a cara sen afeitar” ou “ser [alguén] sucio e descoidado”.

ASPECTO - ANCHO

ser redonda coma unha noz; ter un cenzo coma un palleiro; ter un cu coma un paxe (2); *ser como as tordas: finas do peto, as cachas gordas.*

ASPECTO – VAN ESTREITO

delgada da cintura coma a palla do centeo (4) / *unha dama real; ser coma o tres de bastos pola cintura.*

ASPECTO - CHEPA

dereito coma unha fouce (2); *torto coma un fouciño; ter unha xoroba coma un condenado.*

ASPECTO - FINO

fino coma unha troita.

ASPECTO - GORDO

redondo coma unha noz.

ASPEREZA V. tamén

AGRESIVIDADE, BRUTO, FERRO

(ser) bravo coma un toxo (7) / as xestas (4) / un teixo; (ser) brando coma as ortigas (3), unha ortiga; (ser) cariñoso coma o bexato cos pitos / o buxato para os pitos; liso coma a casca do sobreiro; áspero coma coio ferreal (2) / ferro como gato de sobrado; máis áspero que un cardo; máis esgueiro - esguerio que un toxo arnal (2) / máis xoto que un espiño (2); / ríspedo como unhas pallas; ser coma a ETA / un ourizo (3) / un cardo (2) / un toxo (2) / unha besta brava / un purzo / un espiñeiro bravo / un mioto; rascar coma un sanmartiño (2).

¹² Recollido nos Ancares onde *avesú* significa “sombrizo” e supoño que, influenciado por *abisinio*, palabra popularizada cando Mussolini invadiu Etiopía/Abisinia e que deu lugar a que ó xurelo tamén se lle chamase *abisinio*.

ASTUCIA V. PICARDÍA,
INTELIXENCIA

ASUBIAR

asobiar como unha cobra / coma as
serpes / como o moucho.

ASUSTADIZO

coma tódalas nais.

ATAQUE V. tamén PERIGOSO

botarse a [alguén] coma un can
(doente) (2) - cans doentes / gato ós
bofes / galo ó millo / unha fera -
feras / un can danado; *levantarse*
contra [alguén] coma cans da
rabia; tirarse a [alguén] coma o
gato a bofes; atirarse a [alguén]
como Santiago ós mouros; botarlle
a man a [alguén] coma cadelos;
botarse a [unha muller] coma un
cadelo; botarse [un para o outro]
coma dous leóns; embafarse coma
o lobo nas ovellas.

ATAR

amarrar a un coma un Cristo.

ATOPAR FACILMENTE

como se se atopara detrás da porta.

ATORDAMENTO

quedarlle a cabeza a [alguén] coma
un bombo.

ATORMENTAR

apurar [alguén - OD] como un can.

ATRACCIÓN

atraer coma a muller ó home (2);
estar coma un frebo; ser coma un
imán.

ATRAPALLADO

estar coma o nabo; ser coma a vaca
da tía Ramona (2).

ATRAPAR

coller [alguén - OD] coma o rato na
rateira (2).

ATRAVESADO

ser atravesado coma os cangrexos
(2).

ATREVIDO

se-las mans de [alguén] coma a
lingua das ovellas.

AUGA

auga limpa coma un cristal; augas
coma un espello.

AUGA MORNA

auga coma do sol.

AUMENTAR

crecer coma a mala herba; medrar
coma cogumelos.

AUSENCIA

andar coma a pita sen os pitos (2),
estar como cega.

AUSTERO

ser coma a fame / o ano que non hai
que segar / o ano que non ten que
dar.

AUTORIDADE V. DOMINIO

AVARENTO

ser coma a fame / a uña da fame / a
**Virgen do puño* (2) / *a Virxe do*
puño (10) / *a Virxen do puño* (3) / *o*
ano que non hai pan (2) / *o ano que*
non ten que dar / o pé dun banco
(2) / *o pote que ten cu e non caga /*
un puño; (ser) agarrado coma a
Virxe do puño (3) / *unha lapa* (2) /
os dentes do angazo (2) / *un puño;*
ser máis agarrado cá chaqueta dun
guardia; ser máis apretado cás
**tuercas dun carro; (ser) máis*
apertado cá Virxe do puño; ser
retorto coma o corno dun carreiro;
ser tacaño coma a Virxe do puño;
facer coma o xudeu.

AVERGOÑADO

*corrido coma a moeda*¹³

AVIVAR PROBLEMA

é como botar toxo ó lume.

AXEITADAMENTE

¹³ ¡Corrido te vexas coma a moeda!

(verbo de acción) *coma o pirmeiro / coma o mellor*¹⁴.

AXEITADO V. tamén ACAER,

AXUSTAR

*estarlle [algo] a [alguén] coma o unto ás verzas (2) / *anillo ó dedo; estarlle tan ben [unha peza de roupa a alguén] coma se nacera nela; ir [algo a alguén] coma o anel ó dedo (4), quedar [algo] a [alguén] coma un guante / o unto ó caldo (2) / o unto ás verzas (2) / o rabo á raposa (2); sentar [algo a alguén] como un guante; serlle [algo a alguén] coma o unto ás verzas (2); asentar como unha luva / embude á boca do xerro / anel ó dedo (2) / embudo na boca do xerro (2); facer como o touciño, que di en tódalas olas; ser [para algo] como feito de cera; quedarlle o xeito coma ós músicos vellos; (facer algo) coma a xente; ninguén coma el para (inf.); non haber como (inf.) para que (* subx.)¹⁵, *non haber como (subst.) para [algo / alguén]*¹⁶; *non haber (subst) coma [alguén]*¹⁷.*

AXILIDADE

áxil coma unha donicela - doniña (2); moverse coma un peixe, ser coma un galafato / unha andaravía; montar coma unha aguia.

AXITACIÓN V. INQUEDANZA,

INQUIETO

AXUSTAR V. tamén AXEITADO
vir xusto como funil en botelo.

AZUL V. tamén OLLOS
azul coma a flor do liño.

BAFEXAR

escumar pola boca coma un can adoecido.

BAILAR

BAILAR BEN

bailar coma unha rapaza (6); unha buxaina (3) / un trompo (3) / unha parafusa; virar coma un fuso (2); bailador coma unha buxaina; bailar coma se foran señores.

BAILAR MAL

bailar coma un tolo - tolos / un oso / unha carballa (2) / un cabalo; ser como os ruíns bailadores: malos de entrar, peores de saír.

BAIXO V. PEQUENO

BALEIRO

soar oco coma un ataúde baleiro; ser coma o prado sen rego (2).

BARBA

*ter a cara coma un barbeito*¹⁸.

BARULLO

facer máis barullo que sete galegos.

BÉBEDO V. BORRACHEIRA /

BEBER

BEBER

beber coma un boi (3) / unha vaca / as vacas na carrada (2) / vaca sedente / un fuso (2) / cans / lobos / unha cuba (3)- cubas / un fudre, un mosquito / un odre / unha cal / unha draga / unha esponxa / unha tella (2) / unha tinalla; beber coma un perdido; beber máis ca un odre (2) / unha tella / unha toupeira / teupeira; chupar máis ca unha esponxa (3) / unha sambesuga -

¹⁴ *repenica-las pandeiretas e as cunchas coma o mellor macho.*

¹⁵ *Non hai como morrer para que gaben a un.*

¹⁶ *En cras de argallantes, xa non hai como os rapaces de Celanova. ¡O que eles non fan, non o fai o demo!// Para a ovella non hai como o carneiro, quéroche dicir que cada un cos da súa caste.*

¹⁷ *Non hai compañeiro coma o diñeiro.*

¹⁸ Ver n. 11.

sanguesuga (2); *poñerse coma un odre*.

BEBER POUCO

beber tanto coma as ovellas.

BEIRA DO LUME

estar amorrallado xunto o lume como can torrado.

BELEZA

unha moza coma un sol (2)¹⁹ / *unha rapaciña coma un sol*; *bela coma unha raiola de sol*; *bonita coma un anxo* / *o alabar a Noso Señor* / *o sol - sol - un sol* (2) / *unha estrela / os amores / unha rosa*; *bonito coma unha rosa* (7) / *un sol* (5) / *unha prata* (5) / *unha estrela* (2) / *un relós - reloxo - reloxo* / *a flor de maio* / *un ouro* / *unha estampa / unha flor / a rosa na roseira*; *estar coma un tren*; *(ser) coma un ouro* / *un sol* (2) / *un brinco* / *un pero - unha pera*; *ser (feito - a) coma un croque* / *un brinco* / *unha pera* (6) / *un piñón*; *ser feitiña coma unha pera* (2) / *unha rosa* (2) / *unha rosa encarnada* (2) / *un carto* (4); *(ser) feituquiña como hai poucas / como se a fixesen de cera / coma feita á man*; *é como* *si a fixera *Dios á mau tenta / *se a fixera* *Dios a mantenta; *ser como noso Señor fixo unha estrela*; *coma* *si a pintara *Dios do ceo; *coma* *si a pintara Deus no ceo; *ser ben feito coma un alabar de Deus*; *ser galana coma un sol*; *fermosa coma unha fada / fermoso coma o sol de mediodía* (2); *(ser) garrida coma a prata / a xunca do regato / garrido coma un caravel*; *(ser) guapa coma unha*

pomba (3) / *unha rosa* (3); *(ser) guapas coma estrelas*; *(ser) guapo coma unha estrela / un caravel* (3) / *un sol* (9); *(ser) linda coma os amores / un sol / unha rosa*; *ser lindo coma as peras / o sol* (2) / *os amores* (2) / *unha rosa*; *(ser) máis bonita que un sol*; *ser* *blanca como o leite e colorada como o trigo; *estar coma as rosas*; *moza coma unha rosa - mozas coma rosas*; *mozo coma un pino*; *rapaza branca e bonita coma unha filla de rei*; *rapazas coma rosas / soles*; *rapaza bonita coma un sol*; *ser bonita coma o ouro* (2) / *un anxo* (2) / *un ouro* / *unha estampa* (2) / *unha fada / unha rosa* (2); *ser bonito coma un caravel / un sol* (2) / *un solleiro*; *ser coma a vella de Zaragoza (canto máis vella, máis fermosa)*; *ser coma o raio do sol* (4) - *un raio de sol* (2) / *o sol* (4) / *un sol divino / un sol espellante* (2) / *unha estrela / un luceiro* (2) / *rosas de maio / un brinco* (4) / *un corolo* (2) / *un pantrigo*; *ter un amor coma un sol*; *ver [alguén] coma rosa na roseira*; *ser unha moza como unha potra*.

BEN

coma unha seda (2); *estar coma as rosas* (4) / *Dios / *un reló / nunca*; *estar máis que regular*.

BENESTAR V. tamén

AMBIENTADO, COMODIDADE,

FELICIDADE, SALVARSE

andar coma o peixe na auga (2); *estar coma un Pepe / un rei / unha raíña / un rei nunha cesta / *Dios* (2); *ir coma unha rosa - rosas* (2) / *rei na cesta*; *levar unha cama coma*

¹⁹ *Sementei garabanzos, / naceron coles, / as meniñas de Corme / son coma soles.*

a dun cura; *pasa-la noite igual ca un cura; poñerse coma o demo cando era mozo* ²⁰; *vivir coma *Dios (2), ¡Quen coma el - ti - vós!* (4).

BENVIDA

recibir como auga de maio; ser recibido coma un marqués.

BERRO

berrar coma becerros / condeados - unha condenada - un conxanado / un adoecido / un argao / un arao / un burro / un condenado (10) / un loco / un tolo (6) / un touro / xovencos (2) / demos pechados nunha catedral; berrar coma se esfolaran a un / se lle arrincaran o estómago; berrar e espernear coma un escondregado; gazmear coma unha pega vella; (bradar) coma un condanado (2); ladrar coma un can de palleiro (2) / un can lunático; muxir coma un xato; oubear coma un can (2), se mataran a un; (ser) coma a campá grande; renxer coma un can; griñir coma os burros.

BLASFEMIA

blasfemar coma os demos do inferno / un condenado / dicir máis pragas que un arreeiro.

BO ASPECTO V. ASPECTO

BOA SAÚDE V. SAÚDE

BOA VISTA V. VISTA

BOCA FEA

ter unha boca coma un lobo / unha alpargata; ter a boca fea coma a lamprea.

BOCA GRANDE

te-la boca coma un burro / a dun forno.

BONDADE

boña coma unha santa Catarina; bo coma o bo pan (2) / o molete (3) / o pan (17) / o pan de Cea / o pan de comer (5) / o pan trigo - pantrigo (3) / o pan bendito / un anaco de pan / un anxeliño / un cacho de pan / un santo; máis bo có pan / có pan de comer; ser bo coma as niñas dos ollos / o bo pan / o molete / o pan (7) / o sol de maio / un anaco de pan (2) / unha baraza de la; ser bon coma o pan (2); ser coma o pan / un anxeliño / un anxo / unha bendición do ceo; ser dociliño como a la; ser máis bo có pan; ser tan anxo coma [alguén]; ter un leite coma un óle[o]; ¡Tódolos malos foran coma el / (subst.)!

BONITA V. BELEZA

BORRACHEIRA V. BEBER

agarrar unha chea coma un piano, andar / estar coma un pelexo (2) / coma unha cuba; bébedo como un carro; bebido coma un pelexo; borracho coma unha cuba (16) / un pelexo (7) (o) viño (3) / un coiro / un odre / un pelexo de viño / unha pera / unha uva (3); borrachos coma preas; estar coma unha cuba (8) / unha uva (4), un odre (4) / o rodaballo de Marín / un congro / un cesto; estar (borracho) coma unha pera / unha tella; ir coma unha tella; máis bébedo có viño / que unha uva; pesarlle a un a cabeza máis có pé; ser por (o viño) coma o demo polas almas; ter unha chea

²⁰ López Taboada infórmame de que en Sobrado se di [*máis feo*] *có demo cando era mozo*. Con todo eu supoño que se refire a cando Lucifer aínda non se rebelara e, como arcanxo, era de gran poder e beleza, segundo a tradición cristiá que elaborou textos bíblicos fragmentarios (Isaías 14, Ezequiel 28; Lucas 10,18; Xudas 1; Apocalipse 12).

coma un piano; vir borracho coma Castro (2).

BRADAR V. BERRAR

BRANCO

*(ser) branco coma a neve (29) / neve / as foleipas da neve (2) / o ampo da neve (7) / a neve da serra / o leite (17) / hai flores / unha azucena (2) / a flor da laranxeira / unha estrela / unha pomba / a espuma do mar (2) / a espuma / a pomba / unha pomba / a prata (2) / unha prata / prata (2) / o cal / o cal da parede (2) / o papel (3) / papel / pelica de nata / un caravel / un serafín / unha cera / unha espelencia / unha estriga / unha estriga (de liño) / a lá dos años cando saen do río / unha pantasma; branquear coma a neve / a prata; branquiño coma a neve / unha foleipa; estar coma unha alba (5); máis branco cá neve (2); nidio como unha pomba; ser branco, branquiño, coma un ovíño de rula; ser coma a neve / o albín da neve / os repolos; ser igual ca neve *blanca; estar *blanco coma a neve; te-la cara branca coma o albín da neve; (subst.) branco coma a neve.*

BRANDO

brando coma a manteiga (3) / o queixo / unha manteiga; máis brando cá cera / que unha seda (2); máis mole cá manteiga; cocido coma a algaria; mol coma o Neno Xesús / a manteiga; mole coma a algaria; moliño coma a nata / a tona do leite; ser coma unha cera.

BRAVO V. ASPEREZA

BRÉTEMA V. ESPESO

BRILLO

*alumear coma os ollos dun gato, *brilar coma prata de mico / un luceiro; brillar coma a prata / un*

sol / lóstregos / un xaspe; lucir como a prata; relucente coma o ouro (6); relucir coma unha patena; relumar coma brasas; relumbrar coma un espello (3).

BRINCAR

botar máis ca un balón; brincar coma o gran na peneira / un cabrito / un cabrito tolo / un xovenco / coma poldros; choutar coma os cabritos / un cabrito / un xovenco; dar brincos coma un corzo / coma a sardiña na rede; saltar coma un cabrito / un castrón (2) / un corzo (2) / un pencillete (2).

BRISA V. FRÍO

BROMA

escasurrante coma o trasno.

BRUÍDO

bruar coma un boi sen capar / un can doente / un condenado / un touro / unha fera.

BRUSCO

ser como un toutizo; ser gafó coma os cans; te-la lingua coma unha lima; ter máis espiñas que unha silveira.

BRUTO V. tamén ASPEREZA

*(ser) bruto coma un arado (16) / un arado de *vertedera / un arado (de ferro) (4) / as casas / un arroás (2) / un cachalote (2) / un machado (2) / unha porta; fino coma unha tranca; máis bruto que un arado / un tamoeiro; ser coma animais, fóra a alma / o gando / un animal (2) / un animal, fóra a alma / un arado (4) / un arado de ferro (2) / un arado de pao / un bocadillo de toxos / un carneiriño / un carolo / un xouno / un trebón de sarabia; ser máis besta que un arado; ser máis bruto có boi de Tomás; ser bruto coma os fillos de Quitolis, que canto máis medraban máis*

brutos se volvían; ser máis basto que matar un porco a bicos.

BUFAR

bufar coma as cobras / un gato / unha cobra.

BULIGUEIRO

buligueiro coma un axóuxere.

BULIR

bulir coma un formigueiro.

BURLA

apupar a un como un can; burlón coma o demo; máis corrido que unha mona; quedar coma un burro.

BURLADO

corrido coma a moeda; ir coma o can co rabo entre as pernas; irse coma un can tundado; irse corrido coma un can (2); marchar corrido coma un can (5).

BURRO

V. TORPEZA

BUSCA

fuxir de [alguén] [algo] coma o gato da sardiña / o lobo das ovellas; remexerse coma unha xerpa.

CABELO

V. tamén CALVICE,

GRANDE -VELO

ser guedelludo coma un oso; ter máis la que unha ovella; ter pelos coma o porco.

CABELO CRECHO

cabeza crecha coma o niño dunha pega.

CABELO EN DESORDE

te-lo pelo coma unha cabuxa (2).

CABELO LOIRO

colorado coma o trigo; loiro coma unha laverca / un palleiro / un suevo; ser coma o ouro / os campos de trigo no verán.

CABELO ONDULADO

facen ondas coma mar.

CACHAZA

V. TRANQUILIDADE

CAÍDA

caer coma mosca na sopa / o barro á parede (2) / o figo maduro / pedra

no pozo / sopa no leite / sopa no mel (2) / un bazuncho (5) / un cesto (3) / un choco / un farrapo (2) / un figo maduro (4) / un marrau / un peixe (2) / un sapo (4) / un tordo / un trambollo / un trapo / un trapo ó chan / un saco; caer de maduro coma un figo; caer de pé coma o gato - os gatos; caer esparrado coma un sapo; caer sempre de pé como as touriñas; petar no chan coma se fora un fol de fariña; rodar coma un fol de fariña; caer coma quen as envorca; caer coma un paxariño (2) / un pato (2).

CALAR

V. tamén SILENCIO

ser coma un defunto.

CALIDADE

CALIDADE NEUTRA: ABARCAR DE

MÁIS, ACEPTAR, ACTIVIDADE, AFIADO, AGUDO, ALIMENTACIÓN, AMBICIÓN, ANCHO, ANIMAL, ANTIGO, APRACIBLE, APURADO, ARDUO, ARGALLANTE, ARISCO, ARTEIRO, ASPEREZA, ASTUCIA, ASUSTADIZO, ATRACCIÓN, ATRAVESADO, ATREVIDO, AUGA, AUSTERO, AVERGOÑADO, AXEITADO, AXILIDADE, AXITACIÓN, AZUL, BALEIRO, BELEZA, BRANCO, BRANDO, BRILLO, BROMA, BULIGUEIRO, CALAR, CALIDADE, CALMA, CÁNDIDO, CAPACIDADE ESCASA, CAPRICO, CARO, CASTIDADE, CERTEZA, CLARIDADE, COMPARACIÓN, COMÚN, CREDULIDADE, CURIOSIDADE, DEBILIDADE, DELICADO, DESCOMPOSTO, DESCONFIANZA, DOCILIDADE, DURAR POUCO, DUREZA, EFÉMERO, EMPIRISTA, ENGARRAR, ENGURRADO, ENREDAR, ESAXERAR, ESCASEZA, ESCRAVO, ESCURIDADE, ESPESO, ESTÍMULO, EVIDENCIA, EXACTO, FERO, FINO, FLEXIBILIDADE, FONDO,

FRAXILIDADE, FRESCURA, FRÍO, FUGACIDADE, GRANDE, HABITUAL, IMPERCEPTIBLE, IMPOSIBILIDADE, IMPROBABLE, INCAPACIDADE, INCOMPARABLE, INCONTESTABLE, INFRECUENTE, INMADURO, INMERECEADO, INNECESARIO, INOCENCIA, INOFENSIVO, INSIGNIFICANCIA, INTIMIDADE, INTRANSCENDENTE, INXENUIDADE, IRREFUTABLE, IRRELIXIOSO, IRREPETIBLE, LABORIOSO, LENTITUDE, LIMPEZA, LISO, LIXEIRO, LONGO, LONXEVIDADE, MADURO, MANSO, MÉRITO, MOL, MUDABLE, NOVO, OBEDIENCIA, OMNIPRESENCIA, ORDINARIO, PAN, PASADO, PASCUA, PECHADO, PEGAÑENTO, PERA, PESO, PICARDÍA, PLANO, PÚBLICO, RANCIO, RAPIDEZ, RARO (INUSUAL, EXCÉNTRICO), RARO (NON ESPESO), REDONDO, REMEDIO INSTANTÁNEO, REPENTINO, RESISTENCIA, RETRANCA, RUGOSO LISO, SALVAXE, SEDUCIÓN, SENSIBLE, SERIO, SERVIZAL, SEXO, SILENCIO, SOLUCIÓN, SONO FRÁXIL, SUAVIDADE, SUFRIDO, SUPERIORIDADE, SUSCEPTIBLE, TIMIDEZ, TORTO, TRABALLO, VALOR, VAN, VARIEDADE, VENTUREIRO, VERDADEIRO, VERSÁTIL, VIZOSO, VOLUNTARIO, XUSTEZA.

CALIDADE NEGATIVA: ACOSO, ACUDIR, AGOIREIRO, AGRESIVIDADE, ALTIVEZ, ANTIECONÓMICO, APROVEITADO, ATRAPALLADO, AVARENTO, BRUSCO, BRUTO, CINISMO, COBIZA, COMENENCIA, COMPAÑA, CONFUSO, DEFECTO, DESAGRADO, DESCARADO, DESFEITO, DESLEIXO, DESVERGOÑADO, DIFICULTADE, DISPARATE, DÚBIDA, EDUCACIÓN MALA, ENGAÑO, ESTIRADO, ESTORBO, EXCESO, FALSIDADE, FOLGAZÁN, GUSTO MALO, HIPOCRISÍA, HORTA

DESCOIDADADA, IGNORANCIA, ILEGAL, IMPERFECCIÓN, IMPRODUTIVO, INACABABLE, INCOHERENTE, INCONSTANCIA, INCONVENIENTE, INDECENTE, INDISCRECIÓN, INDOCILIDADE, INEFICAZ, INELEGANTE, INESTABILIDADE, INFLUENCIABLE, INFORMALIDADE, INGRATITUDE, INHÁBIL, INOPORTUNO, INSENSATEZ, INSENSIBLE, INSERVIBLE, INSOCIABLE, INSOLENCIA, INUTILIDADE, INXUSTO, LACAZÁN, LADRÓN, MALEDUCADO, MALICIOSO, MALINTENCIONADO, MURCHO, TRISTE, ORGULLO, PARVO PERIGOSO, PREGUIZA, PROBLEMÁTICO, QUEIXA, RUINDADE, TEIMOSÍA, TORPEZA, TOSCO, TRAIZÓN, TRAPALLEIRO, TÚZARO, VIL, VIL, SEN VALOR, VULGAR.

CALIDADE POSITIVA: BONDADE, BRUSCO, ACAER, ACCESIBLE, ADAPTARSE, ADECUADO, AFORRADOR, AFORTUNADO, AFOUTEZA, AGARRADO, AGUDEZA, AMABILIDADE, APETECER, CATEGORÍA, CONFIANZA, CORRECTO, CUMPRIR, DECIDIDO, DIGNIDADE, DISCRECIÓN, EFICAZ, ELEGANCIA, ESVELTEZ, FACILIDADE, FECUNDIDADE, FERTILIDADE, FIABLE, FIDELIDADE, FORMAL, FORTALEZA, FORZA, HABILIDADE, HONESTIDADE, HUMILDADE, INSUPERABLE, INTELIXENCIA, NENO LIMPO, OPORTUNO, PACIENCIA, PUNTUALIDADE, PUREZA, RAZOABLE, RIQUEZA, SABIO, SENSATEZ, SINCERIDADE, TENRURA, VENTUROSAMENTE, VIVEZA, XENEROSIDADE, XUSTO.

CALMA V. tamén MAR CALMO
andar á présa coma o pouso do muíño (2); andar coma a auga mansa; con máis calma que un boi

de Laiño; *estar coma o can* *sin alma; *estar o mar como o rego*; *ser calmoso a comer coma os burros*; ser coma a auga mansa / a pedra da Borna²¹; *sosegado coma unha balsa de aceite*; ter tanto bazo coma un burro morto / unha vaca / a miña vaca; *ter unha pachorra como un sapo*.

CALOR V. tamén QUENTAR,

QUEIMAR, ABURADO

calor que abochornoa / como chumbo derretido; *facen máis calor ca no inferno*; *facen unha calor coma se estivesemos nun forno / que caen os páxaros / que caen os páxaros mortos / que rebe / que acora*; *queimar coma o sol*; *ir unha calor que escapan os cans para a sombra*.

CALOR MOLESTA

sintir a calor coma unha vaca vella.

CALUMNIAR

botarllas coma mantas a [alguén].

CALVICE V. tamén CABELO

te-la cabeza coma un pelouro (3) / un unto (2); *cabeza monda coma unha mazá*; *encalvexado coma a casca dun ovo por fóra*.

CAMBIAR

cambiar de color coma un polbo (2); cambiar coma unha virandela / da noite ó día; *virarse como a folla da ulmeira*; *non se-la cousa coma agora*; *non ser coma antes*.

CAMBIAR DE IDEA

cambiar de cor coma un polbo.

CANCRO V. tamén

AGRESIVIDADE

comer en [alguén] coma a couza.

CÁNDIDO V. INXENUIDADE

CANSAZO V. tamén

DESFALECER, EXTENUACIÓN, FASTÍO

cansado coma un raposo (7); *cansado coma un raposo de arrastra-lo rabo*; *canso coma un raposo vello corrido dos cans*; *coma un fol desinflado*; *andar mallado igual ca un zorro*; *estar cansiño coma un can*; estar coma unha breva (3) / a leña, *estar máis farto de [algo] [alguén] que un gato de tripas*; (estar / ir) moído coma o sal (4) / *cansiño coma un can*; *máis cansado que unha vella de mazar liño*; *máis morto que vivo*; *mazado coma un polbo*; *estar coma un negro – negros*.

CANTAR

CANTAR BEN

cantar coma un paxaro – *paxariño / unha calandra* (3) / a rula (4) - *unha rula / unha laverca / anxos do ceo / os anxos* (3) - *un anxo / un canario / un reiseñor* (2) - *rousinol / unha *ghulandrina / un crego / unha frauta - frauta / a gaita do gaiteiro* (4).

CANTAR AGUDO

cantar coma un asubío (32).

CANTAR GRAVE

baixar máis ca un porco.

CANTAR MAL

cantar coma as porretas da ferraia - *ferralla / un carro vello* (2) / *un grilo / un can / un *desdichado / unha galiña / quen está a axoa-los páxaros*; *a cantar ser igual ca unha cabra a berrar*; *canta-lo galo coma unha galiña*; *cantar* (a galiña)

²¹ Recollido en Vilaboa (PO).

*coma o capón; cantar unha pita
coma un galo (2)*²².

CANTIDADE

Para “moito” V. ABUNDANCIA,
AGLOMERACIÓN, ANDAR, COMER,
CORRER, GASTAR, DURACION,
EXCESO, FALAR, FUMAR, PARELLA,
SUFICIENCIA.

Para “pouco” V. POUCO, ANDAR,
BEBER, CHOVER, CORRER, LAVARSE,
ESCASEZA, PESO, SELECCIÓN, UN.

CAPACIDADE ESCASA

*facer coma o ripo*²³(3).

CAPRICO

*con máis antollos que unha preñada;
vertoleiro como boi torto.*

CAPTURA V. CAZAR

CARA

CARA AFIADA

cara afiada coma de aguia.

CARA DE DOLOR

*poñer unha cara coma a dos ferreiros
cando queiman os dedos.*

CARA MARCADA

*cacarañado coma unha filloa (4); ter
na cara máis grans que un ferrado
de millo; te-la cara coma un
ferreiro.*

CARA SUCIA

*te-la cara coma un pote (2); trae-la
cara coma un porco teixo.*

CARÁCTER

CARENCIA

*coma o ferreiro da maldición, que,
cando ten ferro, non ten carbón (3)
/ que, cando ten ferro, non ten
carbón e, cando ten todo, fáltalle a
devoción; ser coma un home sen
pantalóns (2).*

CARGA

*(andar / ir) cargado coma un burro
(5) / un macho, cargado coma un
burro / o orizo; cargar coma un
burro / un mulo; carrexar como un
bruto / un burro / un macho / un
galego; chormear como un
ghamelo; cargado coma un
gaiteiro; cargado de pollos coma o
toxos de espiñas.*

CARO V. tamén ERRAR,
NEGOCIO RUÍN

*caro coma o lume; pagar coma un
ministro*²⁴; *ser máis caro o prebe
có peixe; valer máis o viño cás
borras; custar máis o caldo cás
talladas / o pringue cós caracois*²⁵.

CASTIDADE V. tamén SEXO
casta coma unha Susana.

CATARRO

andar coma as limachas.

CATEGORÍA

ser tanto coma o mellor.

CAUTELA V. PRECAUCIÓN, TINO

CAZAR

*apañar como can no muíño; caer
coma un peixe; caer como figo
maduro / raposo na gramela; pillar
[alguén - OD] coma rato na rateira
(2); paralas coma unha cesta.*

CEGAR

*cegar coma unha toupa, (estar) cego
coma a teupa – a toupeira – tiopa /
unha toupa (8) / un toupo (2); estar
coma unha toupa; ser coma o que
non ve.*

CENTILEO

latexar coma un corazón.

CEO

²² Cando canta unha pita como un galo, ou cando
canta un galo á medianoite, se non se mata
axiña, é que vai haber morte.

²³ *que só fai unha función.*

²⁴ *Comín coma un cura e paghei coma un
ministro.*

²⁵ *¡Inda custa máis o pringue que os caracois!*
(ZAMORA MOSQUERA: 122).

ceo coma sebo de carneiro (4), ceo encarnado coma o lume.

CEREIXA V. tamén TAMAÑO
cereixas coma puños.

CERTEZA V. tamén

REAFIRMACIÓN

*estar tan certo de [algo] coma de que habemos dar conta a *Dios; máis certo que haber bruxas; pensar como artigo de fe; ser tan certo coma que temos que morrer (2) / que habemos de finir / que agora é de día - noite / que dúas e dúas son catro (2) / que dous e dous son catro / gaita en voda; ser unha verdá coma un puño / un templo; ser verdades coma puños.*

CINISMO V. tamén

INCOHERENCIA

*facer como frai Tomás: facer como el di, non como el fai; predicar a Cristo e vivir coma *Dios; ser coma os chitos.*

CHAMAR

asubiar de lonxe coma a can que anda perdido / coma se fora un perdido; petar a unha porta coma se fose a do muíño.

CHAQUETA V. ROUPA

CHASCO V. tamén FRACASO
irse cantando como os galos ó millo.

CHEIRAR MAL

cheirar coma unha bubela (3) / as calezas²⁶ / un can / un can morto / un ovo podre / unha arpilleira / unha carnada / unha morriña / unha poupa / unha prea; feder peor có raposo; feder coma unha bubela (3); máis cheirento que un bubelo.

CHEIRO V. RECENDO

CHEO

chea coma unha urca; cheíño coma un ovo; cheo coma un burro que era / un cura (4) / un fol / un ovo (3) / un odre (2) / un pego / un pélogo (2) / un peto (3) / un sapo (2) / un ourizo; cheo de auga coma un cortizo (2); estar coma un chourizo / o ovo / un odre (3); estar / quedar coma unha abrótega; estoupar coma unha breva; ficar como un abade; te-la andorga coma un pandeiro; te-la barriga coma un fol; te-las barrigas coma tambores.

CHIAR

chiar coma as cobras.

CHISPA

coma unha chispa.

CHORAR

botarse a chorar coma unha perdida / un neno de teta; chorar coma unha Madalena (19) / unha Madanela (4) / unha Magdalena (5) / Madalenas (2) – Madanelas / mulleres / nenos / perdidos / un meniño / un neno (7) / un rapaciño / un perdido (3) unha perdida (4) / un tellado (3) / as nubens - as nubes / un queipo de vimbios, / unha fonte (5) / unha veiga tallada (3) / unha videira / unha fonte; chorar bágoas coma puños; chorar máis ca Cristo bendito; chorarlle os ollos a un coma os cans da ribeira; escorrerlle os ollos coma os gotos da goteira; garniar coma unha nena de teta; guindar bágoas coma noces; impar coma un neno de teta.

CHOVER

anuncialo o ceo coma sebo de carneiro; caer auga coma quen a envorca / a tira cun balde (2); caer auga coma chuzos; coma se a

²⁶ A. Fole utiliza caleza (Á lus do candil) pero podería ser errata por calaza (“carne morta e podre”).

*envorcaran; chover coma fóra; chover coma na primeira hora; chover coma quen a envorca (7) / a envorca cun xarro -xerro / a tira a caldeiros / a tira cun caldeiro / tira auga cun caldeiro (2); chover coma se a botaran cun cesto / romperan as nubes (2) / a envorcaran / se Deus a dera; chover en [algo] coma na rúa / fóra (3)²⁷; *chove que é coma quen a bota a caldeiros; é coma o borracho a beber; chove o mar chovido.**

CHOVER POUCO

chover tanto coma a mexeira dun gato (2).

CHOIVA NEVE

(caer-caír) auga coma a neve.

CHUVIA INSISTENTE

ser [algo] coma un borracho bebendo / a beber.

CHUVIA MIÚDA

*barruzar como *si orballara.*

CITA

como di o outro; coma dicir; como dixo o outro; coma o que di; coma o que di²⁸; é coma aquel que di...; é coma dicir; é coma o que di... (2)

CLARIDADE

claro coma a auga / auga / o sol / a luz do sol (3) / o sol de medio día / ollo de galo / un bo viño branco; esta-la conta coma a auga crara; haber un luar coma día / coma o día.

CLIMA V. TEMPO

COBIZA

ser coma María Cortizas: canto ves, canto cobizas.

²⁷ ¡Este mundo é un bandallo / pendello / cesto e chove nel coma fóra!

²⁸ coma o que di 'non quero; non quero; pro bótao neste pucheiro'.

COBRAR

pagarse como o moleiro²⁹.

COCER

cocer coma un pote³⁰.

COIDADO V. tamén TINO

(ter / conservar / gardar) coma ouro en pano (3) / unha reliquia; coidar [algo] coma as meniñas dos ollos.

COLOR V. BRANCO, NEGRO, MORENO, AMARELO, AZUL, COLORADO, RUBIO, ROXO, VERDE, PÁLIDO, RUBOR

COLORADO V. tamén CABELO, RUBOR

*colorado coma as cereixas no cereixal / unha cereixa (2) / a grana (2) - a gra (3) - unha grana / a guinda (2) / un pemento morrongo / unha rosa / un caravel / a pez (irón.) ; estar coma un cangrexo / unha ascua (2) / unha grana / unha brasa; *estar* (ou *poñerse*) *coma* unha guinda; rubios *coma* tomates; *sonrosada* *coma* a margarida das herbeiras; *te-la cara encarnadiña* *coma* as cereixas (2); *vermello* *coma* o coral.*

COMENENCIA

achegarse / arrimarse ó sol que máis quenta.

COMER V. tamén SATISFEITO, APETITO

COMER SEN PREOCUPARSE DOS OUTROS

²⁹ A fonte (Vicente Llópiz) non define esta locución pero supoño que é cobrar un servizo detraendo unha parte concordada do produto e supoño que se refire á maquiá que colle para si o muiñeiro.

³⁰ *Dispois ai qu'estalo atendendo, mirándoo, ouuserbándoo, cuando é que coce ou que non coce. Eu póñoll'a goma, ó medio ferber póñoll'a goma'entonces tápoo, póñoll'un cacharro con auga e aplicoll'a goma elí, está cocendo com'ón pote.*

andar coma no chozo; comer coma os de Bertamiráns: todos mirando para nós e os criados cos cans.

APARECER SEMPRE ONDE HAI COMIDA,

AUTOINVITARSE

andar coma o cocho - cochiño de san Antonio / o porco de San Antón (2) - o porco de San Antonio / o porquiño de San Antón (2) - o porquiño de Santo Antonio (2); ser coma o porquiño de santo Antón / o porquiño de Santo Antón (2).

COMER MOITO V. tamén

GULA

comer coma un cura (13) / un crego (7) / un frade (3) / un abade (2) / cans / descosidos (2) / un lobo (11) - lobos / un burro (3) - unha burra / un mulo - mulos (2) un animal (2) / un árabe / un asturiano / un bazuncho (2) / un boi / unha vaca (2) / un urco (3) - unha urca / un bruto / un budaque / un cavador / un condenado / un descosido (4) / un lafroias / un voitre / un *sabañón (4) / unha frieira / unha draga / unha lima (7) / limas - limas (xordas) / un quico / un rigülete; comer e beber a embute / coma dous abades³¹ / coma bestas / coma porcos / coma un rei; comer máis ca unha frieira (2) / unha alfándigha / o can dos gardas / a pedra dun afiador; hai que darlle cun caldeiro coma os porcos (2); manducar coma un sabañón, ser coma Santo Antoniño que non come nin bebe e está gordiño; encherse coma un bazuncho / cans / un fol / un odre; enche-lo bandullo coma

becerros; ser coma a Fiscalía / un fol furado / un saco sen fondo / san Benedito: non come nin bebe e anda *gordito.

COMER COMIDA DE CALIDADE

ser [algo] mellor que carneiro / galiña.

COMER POUCO

comer coma pito (10) / un cabaleiro / un corzo / un pito (13) - unha pita (2) / un paxariño (2) / un pisco (3) / comer en [algo] coma o gargullo; comer en seco coma o gorgullo (2); comer coma un mulo.

COMER SEN FALAR

comer coma un odre; comer e calar coma os curas (2); comer calado coma os curas.

COMER RÁPIDO, CON ANSIA

comer coma ladróns / unha perdiz nunha leira de pan.

COMER DEVORANDO

comer coma un lobo (2) - lobos; engolar coma un mazcato.

COMER DE MANEIRA DESORDENADA E

SUCIA

comer coma os marraos na maseira; comer coma un porco (2); chapar coma os porcos.

COMER MAL

comer máis galadas que gaivota da Moureira.

COMODIDADE V. tamén

AMBIENTADO, FELICIDADE, SALVARSE coma un señor; como un can á boa vida; estar como gato borrallento; ir como rei - reiciño na cesta (2) - reichiño na cesta; (estar / ir) coma un rei nunha cesta; (estar / ir) coma o rei na cesta / reiciño na cesta (2); estar coma o peixe na auga (8) / peixe na auga (4) / un peixe na auga / troita na i-auga; ir como unha seda.

COMPAÑA

³¹ Refírese a dous comensais; polo tanto é variante ocasional de *comer e beber coma un abade*.

pegarse a [alguén] coma unha lapa / unha mosca / unha lesma; ser como as ovelas, que por onde vai unha, van todas; xuntas coma unha nai e unha filla.

COMPAÑA MOLESTA

*agarrado como unha lapa; agarrarse coma unha samesuga / unha lapa; apegarse a [alguén] coma un *pulpo / unha lapa - as lapas (3) / un lámparo (2); pegarse coma un *pulpo / unha lapa / unha lesma; pegarse ó chan coma unha lapa; ser coma unha lapa.*

COMPAÑAS BOAS

achegarse ós mellores como as abellas ás flores.

COMPARACIÓN

calzar tantos puntos coma [alguén]; non (vbo.) outro – outra coma el – ela³²; (tan) (adx.) coma ningún outro / o primeiro³³ / poucos; (vbo.) coma o primeiro³⁴; coma cada un de tantos / calquera de tantos.

COMPLICACIÓN V. tamén

DIFICULTADE

estar liado coma un palangre; ser como unha meada sen cadelo.

COMPORTAMENTO

portarse como un home.

COMPOSTO

quedar coma un reloxo.

COMPRENDER

entender a [alguén] coma se [un] o parira; entender coma un

**cristiano; entender tanto de [algo] coma eu de grego.*

COMÚN

ser coma a auga corrente / unha agra aberta.

CONCORDAR

darlle a razón a [alguén] coma ós tolos.

CONCORDIA

levarse coma irmáns.

CONDUTA: V. ACEPTAR, ADAPTARSE, ALIMENTACIÓN, COMPAÑAS BOAS, COMPORTAMENTO, CONTRARIO, CONVENIENCIA, CORTESÍA, CRUELDADE, FACHENDA, GUÍA, GULA, HÁBITO, INCIVIL, INTERESE, MALAS ARTES, PARASITO, TEMERIDADE, TRASACORDO, VIVIDOR, FIRMEZA, INDIVIDUALISMO.

CONFIANZA V. tamén

FIABILIDADE

claro coma a auga; ¡palabra que eu dou é coma unha escritura!

CONFIDENCIA

descubrinme a el como amigo.

CONFORMARSE

terse que arreglar como demo na botella; ser coma o can: onde lle fan a cama alí se deita; ser coma tódalas cousas.

CONFORMIDADE

¡Xusto, Pepiño, mazáns coma puños!³⁵

³² Non teño outro coma el; non coñezo outra coma ela.

³³ -Eu son tan honrado coma ti, e com'ó pirmeiro. -Mentes. Ti dixeches que pasabas pol-o que dixesen homes, y-ahora vés pónolle chatas a toura pra ver se a lévas en menos cartos.

³⁴ -qu'eu son un probe, pro, cando cheg'ó caso, tiro con vinte reás com'ó pirmeiro.

³⁵ Incluíu esta coñecida fórmula aínda que recoñezo que é discutible que aquí se compare algo. Probablemente é unha implicación dalgún relato popular perdido no que alguén dixo que unhas mazás eran grandes coma puños e despois resultou que non eran tan grandes co que, cando volveu esaxerar, alguén lle lembrou a esaxeración anterior e a frase quedou fixada. O curioso é que se utiliza hoxe co dobre sentido antitético de conformidade e desconformidade.

CONFUSO

*ser coma unha maraña sen costal /
mea sen conda – mea *sin conda,
meada sen conda.*

CONSUMIRSE

*murcharse a vida coma flor
arrincada da planta.*

CONTAR

contar polos dedos coma as vellas.

CONTABILIDADE IRREGULAR

contas de Xan (que son como as fan).

CONTENTO V. LEDICIA

CONTINUIDADE

*andar como se andaba; i-las cousas
coma sempre; ¡O Pepe da Estrada
está como estaba!*

CONTRARIO

*ser como *Dios de Pego³⁶.*

A CONTRAGUSTO V. FORZADO

CONTRINCANTES V.

DISCORDIA

CONVENIENCIA

non apurar co penso coma co leite.

CONXENIAR

*facer un pan coma queixo / un queixo
/ unhas tortas; levarse coma irmáns
(3); levarse coma o pan e o leite
(10) / o xamón e o lacón; ser coma
a uña e a carne / carne e óso / dous
nun zapato; ser coma irmáns (2).*

COÑECEMENTO V. tamén NOTORIO,

SONA

*coñecer [alguén - OD] coma se un o
parira (7) - parise; coñecer [alguén
- OD] coma á loba; coñecer coma
a palma da man / os dedos das
mans.*

CORDIALIDADE

*coma bos amigos; non haber unha
fala máis alta que outra.*

CORPO

V. ALTO, BAIXO,

ASPECTO (ANCHO, GORDO, FINO),
BARBA, BOCA FEA, CABELO, CALVICE,
CARA AFIADA, OLLOS, OÍDO,
ORELLAS, PERNAS, PES, UÑAS

CORRECTO

*coma a xente; estar como unhas
mialmas.*

CORRER

*correr coma un paxaro; correr libre
coma o piñeiroiro; ser como unha
andaravía.*

CORRER POUCO

*¡Inda eu corra coma un burro!;
correr máis ca unha *tortuga.*

CORRER MOITO

*andar lixeiro coma os galgos; ir
como gato polas brasas; alancar
coma un galgo (3); andar coma un
galgo / como corren as raposas;
correr coma unha chispa – chispas
/ unha lebre / un galgo (4) / un gato
polas brasas (2) / un riguilete (2) -
ringuilete / unha andavía / unha
cadela (3) / lebres / unha lebre (9) /
alma en pena / alma que leva
Xudas – o diaño (2) / ánimas en
pena (2) / mil demonios / se o
pillara o demo / a alma que leva o
demo (3) / un condenado (3) / a un
xibaleu / un tolo (2) / un foguete / o
lóstrego - un lóstrego (3) - un
lostro (2) - un arrelustre / unha
centella / un foguete (5) / o aire / o
vento (3) / o rolo costa abaixo / os
cabalos da tropa / se fora un boi
detrás / un barco cando hai
tempestade / unha exhalación;
correr máis có lobo (2) / có tren;
estar feito un peneireiro; facer
coma un foguete.*

CORTESÍA

*-¡Que che aproveite! -Coma se fora
(arroz con) leite; deixa-lo prebe*

³⁶ Pego é un lugar do Porriño. Alude posiblemente a unha persoa dese apelido que nunca estaba disposta para nada.

como as costureiras; esborrelarse en cumpridos, como un portugués.

COVARDÍA V. TIMIDEZ

COXEIRA

andar peor ca un trencó.

CREDULIDADE

tragar [algo] coma un corvo a unha solla (4).

CRÍTICA

andar corrido coma a auga da fonte; botalas coma mantas / o barro á parede / o lume; falar mal de [alguén] como o xudeu do touciño; poñer [alguén - OD] coma un can / un fol dunha gaita (2) / un pingo / un trapo / unhas nabisas / como ninguén se vexa; soltalas coma a garlopa; tiralas coma barro a parede.

CRÍTICA MORDAZ

cortar (a lingua de alguén) coma unha navalla (2) / navallas / un asubío / tixeiras; lingua afiada coma unha navalla; poñer [alguén - OD] coma a merda na eira; ter [alguén] a lingua coma unha víbora (2) / unha subela.

CRÍTICA DA PRESUNCIÓN V. tamén

PRESUMIR

ser coma a rosa do cáizno; ¡Coma ti había un na miña terra e morreu atado a un pé de millo (cunha fáisca)!

CRUELDADE

ten un peito coma un lobo; ser coma a morte: face-la súa e quedar ben.

CUBRIR

cubrir [algo -OD] coma se fose un manto.

CUCO

cuca coma o cuco.

CUMPRIR

andar dereito coma unha vela; non ter un máis que unha palabra.

CURIOSIDADE

tapar medio ollo para non ver (como fan as mulleres).

CUSPIR

cuspir como unha touliña³⁷.

CUSTO V. tamén CARO,

RUINDADE

DAR VOLTAS

dar voltas á toa coma se fora un sarillo / coma o navío no mar / coma rodas de muíño / coma unha roda de muíño / coma un muíño / coma un rolo / coma un sarillo / coma unha debandoira – debadoira.

DEBILIDADE

(ser / estar) coma un pastel (2) / un perexil / as arañas / un gorrión / un papasol / un paxariño / unha pascua; ser brando coma a manteiga; ser coma os cestos [os vellos]; ser forte coma un arañón do cu verde.

DECEPCIÓN

sentar coma un xarro de auga fría; tanto ter o fol coma as amarrallas.

DECIDIDO V. tamén FIRMEZA

dereito coma un fuso.

DEFECTO

deitar coma as cestas (2).

DEFECTO FÍSICO: ACHACOSO, BÉBEDO,

BRUTO, COXEIRA, DEBILIDADE,

ENTUMECIDO, ESFAMEADO,

FEALDADE, FRACO, FRAXILIDADE,

GULA, INELEGANTE, INVIDENTE,

LAVARSE POUCO, MIRRADO,

³⁷ O que se entende polo cuspir dos cetáceos é o vapor de auga que botan na espiración por un burato que teñen na parte superior da cabeza e que nos pequenos cetáceos non ten comparación co chorro que botan as baleas. Polo tanto debe de significar “cuspir para riba”.

SALGADO, TATEXAR, TELLADO RUÍN, TOLEMIA, TORPEZA, TORTO, TOSCO.
DEFECTO MORAL: ALOUCADAMENTE, ALTIVEZ, ANTIPATÍA, APAMPADO, ARISCO, ATRAPALLADO, AVARENTO, AVERGOÑADO, CAPRICHOSO, COVARDÍA, CRUELDADE, DESHONESTO, DÍSCOLO, FACHENDA, FALSIDADE, FOLGAZÁN, GASTAR MOITO, GORRÓN, HIPOCRISÍA, IGNORANCIA, INCAPACIDADE, INDOLENTE, INEFICAZ, INFORTUNIO, INGRATITUDE, INHÁBIL, INMADURO, INMEREcido, INNECESARIO, INOPORTUNO, INSENSATEZ, INSERVIBLE, INSIGNIFICANCIA, INSOLENCIA, INSOPORTABLE, INXUSTO, LADRÓN, MALICIOSO, MALINTENCIONADO, NUGALLA, PARVO, RIDÍCULO, RUINDADE, SUSCEPTIBLE, TERQUIDADE, TEIMOSÍA, TESTEMUÑA FALSO, TRAPALLEIRO.

DEFENSA

defenderse coma un gato boca arriba / un león.

DEITARSE CEDO

deitarse coma as galiñas; facer coma as galiñas; ir co sol para o galiñeiro (2).

DELGADO V. MIRRADO

DELICADO V. tamén SUSCEPTIBLE
(delicado) coma unha pomba / os ovos - un ovo (3) / un figo; máis musiño que un horto de rega; ser como a vaca parideira; ser como un figo (3).

DELICADO

ser como as violetas.

DEMO

*¡*Dios che me libre de [algo] / [alguén] coma dos demos!*

DENTES V. tamén REGAÑAR

dentes coma cavadoiros; dentes negros coma un faco; dentes miúdos coma as areas do sal; ter

dentes coma unha serra / a loba - unha loba / os dunha loba; ter dentamia coma a loba; ter dentes largos coma unha chavella de carro.

DEREITO

(ser) dereito coma un fuso (9) / un pino (6) / un piñeiro / un xunco (2) / unha agulla (2) / unha faio (4) / un fío / un fungueiro do carro / un pao / unha vela / a rabela dun arado³⁸; dereito igual ca un fío; ir dereito coma un fío / un fuso / parafuso; ir teso coma un cartau; máis dereito que un fuso / unha cana, máis dereito - teso que un pino; dereito e teso como un rapaz.

DEREITOS (TER)

*ser de *Dios coma o can de Miguel / a becerra.*

DERRETERSE

arder coma a neve.

DERROTA V. tamén

DIFICULTADE GRAVE, FRACASO, PERIGOSO

DESACERTO V. tamén DESFEITA

facen un pan coma unhas hostias (2).

DESACORDO

de acordo como can e gato.

DESAFÍO

ser tanto coma [alguén]; ¡Inda tes que nacer para ser coma min!; ¡Nin (pron.) nin trinta coma (pron)!³⁹

DESAGRADO

ser coma un teixo (2); anoxar como a mala boroa / unha noite de tronos; escaparlle a [algo] coma o demo á cruz; ser coma beber con uvas.

³⁸ Isto nos lugares de Galicia onde a rabela é dereita, non torta.

³⁹ ¡Nin el nin trinta coma el!

DESAMBIENTADO

*(estar) coma o peixe fóra da auga (3)
/ galiña en corral alleo / os cans na
misa.*

DESAPARECER V. tamén
EFÉMERO

*desaparecer coma unha meiga / unha
nube / unha saeta; quitárselle
[algo] a [alguén] coma coa man;
ser como lume de palla: fai
lumeirada e apaga logo; ser como
lume de meigas.*

DESAPROVEITAR CONSELLOS

V. tamén ESCOITA INÚTIL

coma o negro do sermón.

DESASTRE V. tamén DISCORDIA

ser coma o rosario da aurora.

DESAXEITADAMENTE V. tamén

DESLEIXO
*estar coma o carro encima dunha
roda.*

DESBARATAR

facer coma o outro⁴⁰.

DESCARADO

*ser máis fresco que un xelado; te-la
cara máis dura có ferro / có
cemento / ca un lorcho / cá *suela
dun zapato; ter unha cara coma un
zapato; ser lavado coma o caldo do
venres (2).*

DESCOMPOSTO

descomposto coma unha lurpia.

DESCONCERTAR

*deixar [alguén - OD] coma unha vaca
nun teatro.*

DESCONFIANZA

*andar coma o laverco; desconfiar de
[alguén] coma do demo (11),
(d)esconfiado coma un lombudo;*

*ter tanta confianza en [alguén]
coma nun saco de cobras (2).*

DESCONTENTO V. tamén

FORZADO

ir torto coma un fouciño.

DESCOÑECER

*non coñecer [alguén- OD] máis que
polo tamboril.*

DESCUBRIR V. tamén CAZAR

caer coma un pato (3).

DESCULPA

*como se non fora nada; ¡Tódolos
malos foran coma el!*

DESENGANO

desenganado coma o cocho da ortiga.

DESENTENDERSE V. tamén

INDIFERENZA

lava-las mans coma Pilatos.

DESEQUILIBRIO

ir de banda coma o Miranda.

DESEXO

*coma auga de maio; derreterse coma
a manteiga (2); desexado como
auga de maio; devecer coma gato
pola manteiga; esperar por [algo]
coma o cego por ver, mirar [algo]
coma o gato ás sardiñas; non
írselle a [alguén] máis que a (inf.)⁴¹
¡Deus me - che - lle dea tanta forza
coma ó porco no fociño!; ¡Dios te -
me - nos - vos libre de [algo] coma
do demo!; ¡Dios te - me - nos - vos
arrede de [algo] coma da peste!*

DESEXAR MAL V. MALDICIÓN

DEFACERSE

defacerse como o sol na auga.

DEFALECER V. EXTENUACIÓN

*caer coma morto / se lle pegaran un
tiro no medio e medio do peito.*

DESFEITA

⁴⁰ O outro é pronominalización que alude ó personaxe proverbial de moi diversas tradicións orais que se dan por sobreentendidas (implicitación).

⁴¹ Non se lle iba máis que a preguntar...

facen un pan coma unhas hostias / unhas noces.

DESFEITO

ser coma un fachuza de pallas.

DESGRAZA V. tamén FRACASO, INOPORTUNO

morrer coma un sapo, ser como o ferreiro da maldición, cando non tiña ferro tiña carbón (2) / nin ten ferro, nin ten carbón; vir como croiada no ollo torto, ¡Inda é mellor que caía a Torre da Coruña!; ¡Ai, mi madre: foi coma Xesucristo algún día, ho!

DESHONESTO V. SEXO

DESINTERESE V. INDIFERENZA

DESISTIR V. INCONSTANCIA

DESLEIXO V. tamén VESTIR MAL

*chover en [algo] coma fóra; ser coma a *culebra: onde quita a camisa alí a deixa; facen coma a cóbrega: deixa a camisa onde se encontra; escagallar todo coma unha galiña; estar (todo) coma o cortello dos porcos (2) / un palleiro (2); andar a espurriñar coma as quiricas; ser coma un pitocairo; (ser / estar) máis mal feito cá cama do lobo.*

DESOÍR V. INDIFERENZA

DESORDE V. DESLEIXO

DESORIENTADO

andar coma a cobra cando perde a pezoña; andar como (adx.)⁴².

DESPEDIDA

da-la despedida como o galo lla dá á pita / como Cristo a dou no horto / como deu Cristo en Belén.

DESPERDIAR

levar unha cousa como viño en peneira; ser [algo] como botalo en

cesto roto (2) / se caese en cesto roto.

DESPREOCUPACIÓN V.

TRANQUILIDADE

DESPREZO V. tamén ALTIVEZ,

INDIFERENZA

coma quen llo dá a un can, correr [alguén - OD] coma un can, corrido coma unha mona (2); darlle [algo] a [alguén] coma se lle dera ó demo; tratar [alguén - OD] coma un can / como un cerello, ¡Inda tes que nacer para ser coma min!

DESPROTEXIDO

ir coma a espiga de pardao.

DESTRUÍR

ser coma o lobo no eido.

DESVERGOÑADO

raído coma unha manta sen pelo (2).

DEVOCIÓN

salmear coma un anxo.

DEVORAR V. COMER

DEVORANDO, GULA, VORACIDADE

DIARIAMENTE

coma sempre (2).

DIARREA

andar coma un río (3) / unha billa; escagarrñado coma a auga do río; (es)tar coma o río (2) / unha lavativa.

DIFERENZA

(haber tanta diferenza) coma do ceo á terra (5) / coma do vivo ó pintado / coma da noite ó día; haber tanto cambio coma do día a noite; (parecerse tanto) coma un ovo a unha castaña / o ovo e a castaña (2) / un allo e un cebola; imitar coma un ovo a unha castaña; semellarse coma un allo e unha cebola; ser coma o día e a noite (2); ser (tan parecido) coma un ovo a unha castaña.

⁴² Anda como (un) abouxado, anda coma (un) tolo.

DIFICULTADE V. tamén ARDUO,

LABORIOSO, PERIGOSO

andar coma a grade (7) / o demo; (andar) arrastiño coma as cobras / de rastro coma as cobras; caer coma un cacho de merda ós fuciños; coma auga arriba (2); coma quen busca a manteiga no fuciño do gato / agulla en palleiro / agulla no palleiro; ser [algo] coma buscar unha agulla nun palleiro (3) - nun pallar / arar no barbeito (3) / recadar unha agulla nun palleiro / andar de Herodes para Pilatos (2) / chover no mollado / o ano que non hai que mallar; estar coma a puta na coresma (2) / tres nun zapato / tres nunha bouza cun zapato; estar na bouza sen zocas nin zapatos; (ser) longo e estreito coma o ano famento; ser máis raro que unha criba, ser malo de (inf.) coma o demo; verse arrastrado coma as cóbregas; ¡Pouco máis negro pode se-lo corvo cás alas!

DIFICULTADE GRAVE V. TAMÉN

BERRO

como o lobo leva á ovella; estar coma a sardiña entre dous gatos (2) / o peixe entre dous gatos (2) / o peixe entre os gatos / o peixe na tixola / coma o peixe na rede; (estar) coma a mosca na tea da araña / ovella na boca do lobo; estar como peixe na tixela / peixe na sartén / como a sardiña entre os gatos / sardiñas na lercha; espichado polas gueltras; quedar coma a pita na neve: sen plumas e cacarexando (2); saírle o lobo ó camiño como ó parrulo do Carballiño.

DIFICULTADE (CON)

meterse como piollo por costura (2).

DIGNIDADE

tan honrado é o caldo coma as castañas (2).

DILAPIDAR V. GASTAR MOITO

DILIXENTE V. ACTIVIDADE,
TRABALLO

DIMENSIÓNS V. ALTO, BAIXO,

LONGO, CURTO, DURAR

DIMINUÍR V. tamén

ENCOLLER

ir a menos coma a correa no lume.

DIÑEIRO V. POBREZA

DIRECTO

coma un fío; coma unha bala (2);
directo coma unha licha.

DISCIPLINA

andar coma o can na corda; tratar [alguén- OD] coma xovencas que non se poden deixar da corda.

DÍSCOLO V. INDOCILIDADE,

TORTO

DESCONFORMIDADE

¡Xusto, Pepiño, mazáns coma puños! (irónico); *¡Es tan listo coma un burro!*; *¡O que non sabe é coma o que non ve!*

DISCORDIA

amigos coma o can e o gato (3) / amiguiños coma o can e o gato (2); andar coma o can e o gato (2); discutir coma cans; (estar, andar) coma cans e gatos / o can e o gato (14) / a cabra e o coitelo (4); levárense coma a cabra e o coitelo (4) / cabra e coitelo / cans e gatos (2) / o can e mailo gato (2) / o can e o gato (17) (que non sexan da mesma casa) / o coitelo e o cabrito / o demo e a auga bendita / o sapo e o sacho / a cabra e o coitelo; quererse tanto coma o can e o gato (2); rematar coma o rosario da aurora; reñer coma os cans; ser coma o can e o gato (15) / o gato e o rato / Santiago para os mouros; ter tanto trato coma o can e o gato; vivir coma o can e o gato.

DISCRECIÓN

ser coma unha tumba (2) / unha pedra que cae nun pozo; ser máis calado cá morte.

DISCUTIR V. DISCORDIA

DISGUSTO (A) V. FORZADO

DISIMULO

así coma quen non quer a cousa (2); coma quen non quere a cousa (34) / quer a cousa (2) / oe / ve (4) / di nada (6) – dixo nada; como quen non quere (2) – quer (1); coma quen - o que non quere a cousa; como quen fai outra cousa; como quen non fai nada.

DISPARATE V. tamén

INUTILIDADE, PARVO

*coma o que asou a manteiga / asa a manteiga (nunha verza de col); coma quen baila sen son; *razonar como unha vaca no millo; ser coma a gaita sen fol / cegar e non ver / o alemán que quería chavar o ravo pola cabeza / o que come papas cun fuso / pandeiro sen cordel / porta sen tarabelo / ter tos – tose e raña-lo lombo (2) – rañarlle o lombo / ter tos e rascar unha perna / cegar e non ver / home sen calzóns / o que ten tos e rasca o lombo; ser unha coma outra; ter [alguén] tanto xeito coma sacar un dente polo cu.*

DISTRACCIÓN V. PASMO

DITO

como di o outro; como din alí (3); como din os portugueses; como dixo o outro (2); como diz a vella, cando fía o seu copo; é coma quen di.

DIVERSIÓN

divertirse coma un tolo.

DIVIDIDO

dividido coma a auga e o aceite.

DOADO V. FACILIDADE,

SEGURIDADE

DOBRAR

dobrar como un vergallo feito na roupa, domearse coma unha cobra (2).

DOCE

celme - acelme coma o mel; coma unha seda; doce coma o mel (12) - mel - o mel das abellarizas / a fava do mel (4) / o favo do mel / un año / o cu das abellas.

DOCILIDADE

máis mol que unha breva; ser coma a cera (4) / unha capa de la / unha malva (4) / unha seda.

DOMINIO

V. tamén

AUTORIDADE, GREGARIO,
SUFRIMENTO

mandar aquí coma Franco en España⁴³ / coma unha reina; pasarlle coma o rato cando lle vai a donicela enriba.

DOR

coma se lle quitase o pelexo; doer como unha breca; doerlle [algo] a [alguén] coma a meniña dos ollos.

DOURADO V. ROXO

DÚBIDA V. tamén INDECISIÓN

certo como verba de portugués.

DURACIÓN V. tamén EFÉMERO

DURAR MOITO V. tamén

INACABABLE, LONGO

durar máis ca un día sen pan (2) / un traxe de pana (2) / unha chaqueta de pana; grande como os días de maio; máis grande que un ano sen pan; máis longo cá Coresma / que un día sen pan, (2) / que unha noite de inverno; ser coma o mes de maio; tan longo como o mes de maio.

DURAR POUCO

⁴³ xa obsolecente.

*(durar) coma a ovella na boca do lobo / a auga nun cesto (2) / a neve marciña / manteiga no fuciño do gato; durar tanto coma a neve febreiriña; ser coma a *manteica no fociño do gato / manteiga en nariz de can.*

DUREZA

coma un cazón, duras coma nabos, duro coma a cerna / as cousa duras (2) / as leas / un croio - croios / unha pedra (12) - pedras / ferro (3) - os ferros / os meus pecados / ósos / un cepo / un coiro / un corno (2) / un coio - un croio (4) / un pau ferrón (3) / un penedo (8) / un sapo / un seixo / unha noz ferreña / unha táboa / o pé dun santo (vello) (2) / un canoto (5), un teixugo (2); estar (duro) coma un camiño / un ventreno / o caramelo / un corno / un croio / unha pedra; máis duro que un guineu; máis forte que unha noz ferreña (2); rexo coma un ferro (2); ser duro coma a cerna / a cerna dun carballo / o ferro (2) / un can / un croio (2) / un penedo (3) / un ventreno / un xeixo; ser máis duro que un berro / unha noz ferreña; ter un peito coma un lobo (2).

DURMIR

DURMIR BEN V. tamén SONO
durmir coma dous benditos / unha pedra (13) / pedras / un reloxo / un sapo / un tingué / un lirón (5) / leirón (2) / un lirio / un becerro / un can de palleiro / un morto (2) / un pato / un porco (2) / un tronco (4) / un peixe (2) / un santo (3) / un santiño / un xusto (2) / un Pepe / un raghá; durmir como pedra nun pozo / no pozo; estar coma un cesto / un tronco (2) / unha pedra; pasala noite coma un riló; quedar

durmido como unha pedra; quedar coma pedras; te-los brazos coma dormentes.

DURMIR CUN OLLO ABERTO

durmir cos ollos abertos coma a lebre (2) / as lebres; durmir coma as lebres (2) - unha lebre / o Anacleto: cun ollo pechado e outro aberto.

ECONOMÍA

V. tamén CARO,

NEGOCIO RUÍN

sair máis caro o prebe có peixe.

EDUCACIÓN MALA

V.

MALEDUCADO

ser coma sementar en terra sen estercar; ir criado coma un porco.

EFFECTO NOCIVO

aproveitarlle [algo] a [alguén] como o alcacer – alcacén ós cans.

EFÉMERO

V. tamén

DESAPARECER, PERA

pasar como unha sombra; ser coma lume de meigas; ser coma lume de palla (que) fai labarada e apaga logo / o fogo de palla.

EFICAZ

coma a xesta que varre a cociña (2).

ELEGANCIA

coma a mora na silveira; coma un deputado; coma un riguilete (2); ir coma ourive en campaña (2).

EMIGRACIÓN

V. BENESTAR,

MALESTAR

EMBARAZO

V. PREÑEZ

EMPATE

a uns coma os de Viuxa.

EMPEORAR

andar para atrás coma o caranguexo; é coma ir á corte e matalas todas; ser [algo] como chover no mollado.

EMPIRISTA

ver e creer coma san Tomé / santo Tomé (2).

EMPOBRECERSE

medrar como a verza na ola / o piollo na cinza / o pollo na cinza / rabo de cabalo.

EMPREÑAR

ser coma a vaca parideira.

ENCARNADO V. RUBIO

ENCOLLER

medrar coma a leña no fogo / a verza na ola (3) / sebo na vela.

ENFADARSE V. IRA

ENFERMO V. tamén ACHACOSO,

MALESTAR, SAÚDE POUCA

andar derrengado coma un xunco;

estar coma unha breva / un lazaroso / as almas.

ENFRONTADOS V. DISCORDIA

ENFURECERSE V. IRA

ENGANO

caer coma moscas / un parrulo; enganador coma o mesmo pecado / o pecado (3); enganar [alguén - OD] coma un chino / un parvo (2) / un xitano; facer coma a cabra que pariu pró lobo; / picar coma a troita.

ENGARRAR V. tamén PEGAÑENTO

engarrar coma hedra.

ENGORDAR V. tamén GORDO

engordar coma demonios; poñerse coma un bombo; poñerse-porse coma unha bombona / pipotes / un boto; quedar coma unha pera; rebentar coma unha castaña..

ENGURRADO V. LONXEVIDADE,

FRAQUEZA, MIRRADO

estar coma un figo / un figo paso; mirriado coma unha uva; seco coma unha uva; enrugado coma unha uva seca; delgado coma unha uva

ENRABIAI V. IRA

ENREDAR

ser coma unha caldeira; enredar a [alguén] coma un neno; facer coma

os achicocos (2); learse coma un palangre.

ENRIQUECERSE

gañar cartos coma a area; medrar coma a escuma / a escuma no leite (3) / a espuma (2) / a mala herba; medrarlle os cartos a [alguén] coma a masa na artesana.

ENTENDER V. COMPRENDER

ENTERRO SOLITARIO

enterrar - soterrar [alguén - OD] coma un can (2).

ENTRAR

*entrar coma o Pedro pola súa casa (2) / Pedro por *su casa / Perico por *su casa / fouciño en herba tenra; entrar e saír coma abellas na colmea / as abellas nun cortizo.*

ENTREGARSE V. DERROTA, DOMINIO

ENTRETER

prender coma unha silva (8); engarrar coma unha silva (5).

ENVOLVER

envolver [alguén] coma unha manela de la.

ENVORCALLARSE

envorcallarse coma un can adoecido.

ENXEÑO V. INTELIXENCIA

ENXOITO

enxoito coma un bacalau / o óso.

EPILEPSIA

escumar pola boca coma un can adoecido.

EQUIVALENCIA V. tamén IGUALDADE

coma aquel que di (2); coma quen di; ser tan (adx.) coma a máis xente⁴⁴; tanto dá (or.) coma (or.), tanto dá (subst.) coma (subst.), tanto dá - daba (unha cousa) coma (outra); ;Tal boi me das, coma vaca levas!;

⁴⁴ Hai tempadas no ano en que os nenos son tan precisos coma a máis xente.

*¡Tanto monta cortar como desatar!
/ unha cousa coma outra; tanto que
sexa en... coma en...; tanto se lle dá
así como asado; ¡Tal é o caldo
coma as mamotas!; ¡Tan honrado é
o caldo coma as castañas! (3) / Xan
coma Pericán!; ¡Tanto dá touciño
coma soá! (2) / xabrón coma fío
negro!; ¡Tanto ten azoutar coma no
cu dar! (3) / dar no cu coma no cu
dar (2) / darlle no cu coma no cu
lle dar / cardos coma leitaregas /
estar na miña tarroeira como ó pé
dun valado / estar na miña
tarroeira como trás dunha cancela
/ ir a pé coma a cabalo / o carro
coma os fueiros / un coma outro /
unha cousa como outra / Xan coma
Pericán (3) - Perillán / Xan coma
seu irmán (2).*

ERGUEITO V. POSICIÓN

ERGUEITA

ERGUERSE

*erguerse [alguén] coma se o – a
picara unha cobra / un lóstrego /
xigantes.*

ERGUERSE TARDE

madrugar coma o cuco.

ERRAR V. tamén NEGOCIO

RUÍN

*andar ó revés coma as cabras / o
cangrexo; andar para atrás coma o
cangrexo; facer como o toupo (que
cambiou os ollos polo rabo).*

ESAXERAR

*máis papista có papa; non ser tantas
as noces coma as voces; ¡Non será
como un boi, será como un año!*

ESBARDALLAR

latricar coma un crego no altar.

ESBRANCUXADO V. tamén

PÁLIDO

ESCAPAR

V. FUXIDA

ESCARMENTO

*máis queimado que un negro (2);
venta-las maricas⁴⁵, como as bestas
amatadas.*

ESCASEZA V. tamén SELECCIÓN
*coma a mexeira dun gato / rato;
coma os pelos na cabeza dun vello;
estar raro coma os obispos; haber
máis cochos que cortellos; haber
tantos (subst.) coma corvos
brancos; pouquiño e malo coma
cagada de diaño; ser máis raro ca
un bispo.*

ESCATOLÓXICO

*(botar / cagar) peidos coma bombas
(3) / tronos / foguetes un día dunha
festa / un burro - unha burra -
burras - burros; facer coma a
bubela⁴⁶.*

ESCOITA INÚTIL

*acabar coma o negro do sermón: coa
cabeza quente e os pés fríos.*

ESCORREGADIZO

V. ESVARAR

ESCRAVO

V. tamén

EXPLOTACIÓN

escravo coma a leña.

ESCURIDADE

*andar coma a ave noite; escuro coma
boca de lobo (6) / a boca do – dun
lobo / coma a noite (8) / a noite dos
tronos (2) / a pregua / un pego / o
breu; estar a noite coma a boca do
lobo (2) / a boca dun lobo; mouro
como o tizón / un cazón; preto
como o carbón; ser escura a noite
coma a boca do lobo; vir unha
noite (negra) coma a boca do lobo;*

⁴⁵ Maricas son as pegas, que pican os cabalos e bestas nas amatas para comeren os insectos que inzan nelas.

⁴⁶ A bubela é prototipo de sucidade, porque emite un cheiro desagradable e fai o niño con excrementos.

ver tanto cos ollos abertos coma con eles cerrados.

ESFAMEADO

esfameado coma un lobo.

ESFORZO

alarga-lo pé máis cá manta (2).

ESGOTADO V. CANSAZO

ESIXIR DE MÁIS V. EXLOTACIÓN

facer coma a grade que leva os terróns diante (2).

ESMAGAR

poñer [alguén- OD] coma un espadín.

***ESPABILADO** V. INTELIXENCIA

ESPANTO V. ABRAIO

ESPALEXER

correr coma un andacio / unha mala nova; esparexido coma cisco; estenderse coma o aceite.

ESPELIDO V. INTELIXENCIA

ESPERAR

esperar por [algo] coma o cego por ver; ter á porta [alguén - OD] coma un feixe de leña (2).

ESPERTAR V. ACORDAR

ESPESO

coma os pelos do can; estar coma o mel na ola (3); ser coma o mel.

ESPIDO V. NUDEZ

ESPREITA

agardar coma o gato ó rato.

ESQUECEMENTO

acordarlle [algo] a [alguén] tanto coma a primeira camisa que puxo; acordarse [alguén] de [algo] coma da primeira camisa que vestiu (2); caer como pedra nun pozo (4); estar tan morto coma a miña avoa (2); esvaecerse [algo] coma o fume.

ESQUELÉTICO V. MIRRADO

ESTADO (o relativo á saúde, enfermidade, idade...): ANDAR

(CAMIÑAR) MAL APERTADO, ABANDONO, ABERTO, ACHACOSO, ACOUGAR, ADOECER, ADOLESCENCIA, AFINACIÓN, AGONÍA, ALOUCADO,

BORRACHEIRA, CANCRO, CATARRO, CEGAR, CHEO, COMPOSTO, COXEIRA, DEBILIDADE, DESFALECER, DIARREA, EMPREÑAR, ENFERMO, ENXOITO, ESVAECEMENTO, EXTENUACIÓN, FEBLE, FEBRE, FERIDA, FURADO, INERTE, INMOBILIDADE, INVIDENTE, MALESTAR, MAR CALMO, MAREO, MOLLADURA, MORNO, MORTO, MUDANZA, NOITE, NUDEZ, PARADO, QUIETUDE, ROUCO, SAÚDE, TEMPO, TÍSICO, TOLEMIA, VELLEZ, VITALIDADE.

ESTALAR V. ESTOUPAR

ESTATURA V. ALTO, BAIXO, PEQUENO

ESTERILIZAR

saír coma un marrán⁴⁷.

ESTIMA V. AMOR, APRECIO

ESTÍMULO

ser como un trallazo.

ESTIRADO

teso coma un fungueiro.

ESTORBO V. tamén

OMNIPRESENCIA

(andar / estar) sempre no medio coma o xoves; coma o can do hortelán, que nin roe nin deixa roer; ser coma un boi de Belén; ¡Lévetes Xudas!: inda me estorbas máis que me axudas.

ESTOUPAR

dar un estralo como unha castaña; explotar coma Machichaco; estalar coma un becho (2); estoupar coma a castaña no lume / bombas / unha bomba de palenque / unha bolerca; reventar coma un tiro; toupar como unha castaña.

ESTRAÑO V. RAREZA

⁴⁷ ;Se me entra na casa, sácolle os collóns e sae coma un marrán!

ESTUPEFACTO V. ABRAIO, SORPRESA

ESTÚPIDO V. PARVO

ESVAECIMENTO

*estar coma morto; quedar(se) coma
un coello / coma un morto.*

ESVARAR

*escoarse coma unha anguía;
escurrirse coma unha anguía (3);
esvarar coma un cigallote;
*resbalar coma un cigallote; ser
coma pelo de can.*

ESVELTEZ V. LANZAL

EVIDENCIA

*claro coma a auga (15) / o día (5) / a
luz do medio día / a luz do sol;
craro coma a auga / a luz do sol
(2); *é coma o sol; estar clara unha
cousa coma o ollo do galo; máis
claro cá auga; ser coma a gaita na
romaría; ver claro coma auga;
nidio coma a verdade.**

EVITAR V. FUXIDA

EXACTO

coma un cravo / un reló(xio).

EXCAVAR V. tamén

SUBTERRÁNEO

*furgar na terra coma as teupas -
toupas.*

EXCEPCIONAL V. INCOMPARABLE,

IRREPETIBLE, INSUPERABLE

EXCESO

*se-lo peixe máis grande có barco;
sementar máis millo do que se pode
sachar.*

EXCITACIÓN V. tamén IRA

*estar coma un tolo (2); vir coma unha
ascua (2).*

EXHIBIRSE

ser coma a vaca moi feireada.

ÉXITO

*coma quen bota aceite no candil;
lograrse con [alguén] coma o
carballo coa folla.*

EXPLOTACIÓN V. TAMEN ESCRAVO,
DOMINIO, TRABALLO

*andar coma a grade / o pito do
sereno / os bois (7) / os bois no
monte; cantar como paio⁴⁸ e comer
como pito (4).*

EXPULSIÓN

*botar [alguén - OD] coma os cans da
misa (6); correr [alguén - OD]
coma un can (2) / unha mona; ¡Ida
*sin volta, coma o can pola porta!;
¡Que tanta tranquilidade encontres,
como paz deixas!*

EXTENUACIÓN V. tamén CANSAZO

estar como a leña.

FACILIDADE

*así como así; coma auga abaixo (2) /
sacar pallas dunha albarda / se
nada (2) / unha amora; irse coma a
auga; (ser) tan bo de facer como se
come un anaco de pan; *é coma
quen di enredar.**

FACHENDA

*(andar / ir) máis teso que un morgado
/ que outro tanto / un galo; teso
coma un cartau; máis finchado que
un morgado; campar coma Degho
coa faldra fóra (2), facen coma o
caracol que canto ten pono ó sol /
como que se é moita cousa;
fachendoso coma un galo do corral
(2); garifeiro como galo no
buleiro; inchado coma a ra (2);
inflar coma o fol da gaita; presumir
máis ca un rato enriba dun queixo
(2); ser coma a rosa do caínzo; ser
inchado como o leite fresco; tesño
como perete - tesños coma peretes;
teso coma un carabullo / un espeto
/ un fuso / un garabullo (2) / un pau
(4) / unha táboa / o pau viradoiro /
un garrote / un virote; verse un
coma un piollo en camisa lavada.*

⁴⁸ Papagaio.

FALAR

FALA E CARÁCTER

falar [alguén] coma quen é.

FALAR BEN

*falar coma un libro aberto (8) / un libro (8) / un oráculo (3) / un *Evanxelio (2) / un crego / unha velliña / as señoritas / os da vila / os *cristianos: si ou non como Cristo nos *enseña.*

FALAR COHERENTEMENTE

falar coma a xente.

FALAR MAL V. tamén TATEXAR

falar coma quen baila sen son; falar coma un libro aberto sen follas; falar coma quen dá couces contra un aguillón; falar redondo coma os homes (2); ser como un animal.

FALAR MOITO. FALANGUEIRO

dar máis lería que un batán; facer coma as ovellas: agarrarse a tódalas silveiras; falar coma un descosido (3) / un loro (3) / un papagaio (5) / un sacamoas / unha cotorra / unha radio / unha regadeira; falar e parolar máis do que un escribán, falar máis ca un sacamoas (4) / sete (3) / un avogado (3) / un barbeiro (2) / un barbeiro ós sábados / Cascorro; falar máis que quere; morrer pola boca coma o peixe; non ter máis que lingua / palabras; ser coma unha carrola / unha gaita na festa; ter lengua coma a vaca rabo (3).

FALAR ALTO E CON AUTORIDADE

falar coma a campá grande de Catedral.

FALAR POR FALAR, INUTILMENTE

falar coma quen malla en ferro frío.

FALCATRUADA

facer un pan como unhas noces.

FALSIDADE

coma quen non di nada (2); facer coma unha escopeta que ten falsa a

*chave; máis falso cá moeda que non pasa; poderse confiar en [alguén] coma nunha mula; ser coma as perras gordas (3) / a *caldeirilla (2) / *calderilla / a cascarilla / os que sacan o sangue / ter un peso falso / un santo de pau / unha moeda con cara e cruz / unha *anguila; ser falso coma a *calderilla; (ser) tan certo como que agora é noite / chover albardas / que agora choven albardas(2); ter dúas caras coma os de Bucños.*

FAMA V. SONA

FAME V. tamén APETITO

esfameado como un lobo; estar a dente como egua galega / faco galego; pasar máis fame que un can / un mestre de escola; ser coma a vida do grilo; ter unha fame coma un can; toca-la hucha coma un tamboril (3).

FARTURA

arrotar coma frades; coa andorga chea coma a dun abade; (estar) coma un odre (6) / un chincho; estar cheo coma Porto / un bode (2) / un castrón / un centolo (3) / un pego / un pélogo (2) / unha nécora (5); farto coma o pote de graxa; (ir) coma un can (2) / un crego / un cuco / un cura (2) / un pego / un Pepe / un peto (2) / un sapo (2); ir cheo coma un pego / un porco / un údremo; ir farto coma un chincho (2); poñerse – porse coma un odre / un Pepe (4); quedar coma un Pepe (5) / un peto (2) / un sapo (2); quedar farto coma de bolo; ser como galiña farta de herba; farto coma un fol ceibe; (vir / estar) como urcas [as vacas] / un sapo.

FASTÍO V. tamén CANSAZO

estar máis cheo que o gato de tripas; farto coma o pote de graxa; ser

como unha galiña farta de herba; estar máis farto de [alguén] que un gato de tripas.

FEALDADE

*feo coma o demo (9) / un corno (7) / un can (4) / o lobo / un ourizo cacho (3) / a cabeza dun sapo (3) / a morte / a noite / unha noite sen lúa (2) unha noite de tronos / o pecado (3) / un pecado / un corvo / un entroido / un oso / teixugos (2) / a culpa (2) / un croio (3) / un moucho (3); guapo coma a noite escura; máis feo ca Tito / a morte / un corno / un ourizo cacho; ser cativo coma un can; ser coma un croio (2) / unha noite / unha noite de tronos (3) / unha noite sen lúa / a morte / os pecados (2) / un corno / unha noite *sin *luna / a morte / a noite escura / a morte / o demo / un can (2) / un corvo; ser guapa coma un pote; ser máis feo que un croio; ser tan feo coma unha noite de tronos / unha noite sen lúa (2); ser tan feo coma burro; te-la cara coma a pez (3); ter un mozo coma un carozo.*

FEBLE V. DEBILIDADE

FEBRE

ter febre coma un touro.

FECUNDIDADE

criarse [algo] [nun lugar] coma o salgueiro na braña; parir coma unha coella – coenlla.

FEDOR

máis cheirento que un bubelo⁴⁹.

FEITO Á PRESA

feito coma caldo de ladros.

FEITO (BEN)

feito a proveito como o pan larengo.

FELICIDADE V. tamén

AMBIENTADO, COMODIDADE,

SALVARSE AMBIENTADO,

COMODIDADE, SALVARSE

estar coma na gloria, estar como unhas pascuas (4) / unha raíña (2) / unhas castañas / como quere; feliz coma unha perdiz; ledo coma un cuco (2) / un neno en Reis / un paxaro / unha cotovía / unha pascua; levar unha vida coma cregos.

FELICITACIÓN

¡Es coma o demo!; ¡Quen coma ti!

FERIDA

coma can adoecido; (estar) coma un Cristo - Santo Cristo / un San Lázaro / un pulpiño; estar chagado coma un Lázaro (2); estar máis esfolado que san Bartolomeu; (estar / quedar) coma un cribo; levar unha cara coma se lle deran a comer asentés; máis chagas que na perna do pobre; ser coma o boño de Outes, que folgando escornouse.

FERMOSURA V. BELEZA

FERO V. tamén ACOSO,

ATAQUE, ASPEREZA

fero coma un león (3) / un lobo (2).

FEROZMENTE

(arrancar) coma un lobo.

FERTILIDADE V. FECUNDIDADE

FERVER INTENSAMENTE

ferver coma a ola das papas / a ola dos ladros / un pote de meas (2) / caldo no pote.

FIABILIDADE V. tamén

TRASACORDO

non ter un máis ca unha palabra; ser coma escrituras (as palabras de [alguén]); ser coma un carro ferrado.

FIDELIDADE

⁴⁹ O Dicionario de Eladio Rodríguez di *abuelo* pero coído que é unha errata, porque o temos documentado allures.

fiel coma o ouro / un can (2); *leal coma a mesma lealtade*; *máis leial que un can*; *non ter máis ca unha palabra*.

FILLOA

*da-las filloas coma unha prata*⁵⁰.

FINO

máis fino que un rato; *ser coma o peixe *blanco / os peixes de cores / peixes de color* (2).

FINXIMENTO V. tamén

SIMULACIÓN, SUPOSICIÓN

(facer) [algo] así coma quen (3) / *coma quen non quere a cousa* (2) / *coma quen que* (or.)⁵¹ (5) / *coma – como que* (or.)⁵² / *de coma quen*; *face-lo dormido como as raposas*; *(é) coma facer que facemos – fagamos / o coxear dos cans* (2); *ter máis caras que un saco de pesetas / un vagón de monecos*.

FIRMEZA V. DECIDIDO,

REAFIRMACIÓN

FLEXIBILIDADE

flexible coma un vimbio; *ser coma a caralla do pobre: estira e encolle / a cona da Palmira que é de goma e non se estira / o virgo da *Juana (unhas veces encolle e outras alarga)* (2) / *un acordeón* (2); *torcerse como un cancel*.

FOLGAZÁN V. PREGUIZA

FOLIADA

andar coma o laverco.

FONDO

fondo como os currunchos da conciencia.

FORMALIDADE V. FIABILIDADE

FÓRMULAS: V. AGRADECIMENTO, CONFORMIDADE, DESAFÍO, DESCULPA, DESEXAR MAL, DESCONFORMIDADE, FELICITACIÓN, MALDICIÓN, NEGACIÓN HUMORÍSTICA, REAFIRMACIÓN, VERIFICACIÓN E XURAMENTO.

Hai tamén fórmulas dispersas nos temas seguintes: CONTABILIDADE IRREGULAR, DEMO, DEREITOS (TER), EQUIDADE, LIBRAR, MORTE, MUNDO, PAGAR, PECULIAR, REFLEXIÓN, RELATAR, REMEDIO, SAL, SUPOSICIÓN e TESTEMUÑA FALSA.

FORTALEZA

coma un carballo / un trinquete; duro como un teixugo; ser un mozo coma un carballo; estar coma un breu / un buxo (7) / *un carballo* (5) / *un touro* (2) / *un camión* (2); *estar (forte) coma un breu* (3) / *un buxo* (12) / *coma un carballo* (17); *estar rexo coma un carballo; estar san coma un buxo; estar fornido coma un carballo; forte coma o aceiro / o penedo – un penedo* (4) / *un boi* (2) / *un cabalo / un cañoto / un castelo / un lobicán / un pelouro / un rebolo / un roble / un touro* (7) / *unha pedra / o ferro; san coma un buxo / máis forte que unha noz ferreña; rexo coma un cabalo / un carballo; rexo e roibo coma un anxó; robusto coma un carballo; saír coma un buxo; ser coma cachopas de carballo / un carro ferrado; ser duro coma un coio* (2); *ser forte coma a leña / o carallo / un castelo / un castiñeiro* (3); / *un penedo / un buxo* (3) / *un buzo / un carballo* (2) / *un penedo; forte e san coma un buxo* (2); *ter forza coma un cabalo / un galego; ter*

⁵⁰ ...empeñárase en que había d'ir eu a probarlle as filloas, pois estrenara unha pedra das lexítimas de Negreiros que as daba coma unha prata.

⁵¹ facer coma quen que son unhos meiralgos – meirallos.

⁵² fai coma que se vai e volve; facendo como que fan.

sete fogos coma o gato; ter un peito coma un lobo; ter unha forza coma un boi / un cabalo; ter sete folgos coma o gato; ser rexo coma un buxo (2); ser san coma un buxo; ser tan forte coma un cabalo.

FORTUNA

caer de pé coma o gato / pés coma os gatos.

FORZA

forza coma o porco no fociño (2) / un cabalo (2) / un elefante; loitar coma os almallos; máis forzado que Hércules / un boi; ser coma un cavador; (ter / dar) forza coma o porco no fociño.

FORZADO

*como *si lle quitasen as moas (2) / quitara o pelexo; como se lle arrincaran os dentes; como se lle sacaran as moas; ir coma os marraos á capa / marrao da capa.*

FRACASO

V. tamén

CHASCO, DERROTA, DESGRAZA,
ENCOLLER, FRUSTRACIÓN,
INOPORTUNO

*acabar coma o rosario da aurora (2) / os cans na misa; (estar) coma a tía Sabela do Piñeiro: *sin creto e *sin diñeiro; facen un pan coma unhas hostias, (3) / unhas noces; levar un carallo coma un brazo (2) / un pau da lus; levar un pau tan grande coma o fungueiro dun carro; máis perdidíño que a vergoña; marchar para atrás coma o cangrexo; quedar coma a agulla sen a liña - unha agulla sen liña (3) / o galo de Morón: *sin prumas e cacareando – cacarexando / o que ceba e non mata (3); quedar sen [algo] coma a agulla sen a liña (2); resultarlle [algo] a [alguén] coma o demo; ser [algo] como deitalo en cesto roto.*

FRACO

V. MIRRADO

FRATERNIDADE

(levarse) coma irmáns - irmás.

FRAXILIDADE

estar como vidro; romper coma a merda; romper coma nada; ser coma un espello.

FRESCURA

(estar / sentirse) coma a rosa na roseira; (estar / ser) fresco coma unha leituga (13) / a auga da fonte / unhas castañas / unha escaina / unha remolacha.

FRÍO

V. TREMER

*aire coma a neve; bailar coma o millo; cortar (o aire / o frío) coma un coitelo / unha fouciña (5) / un fouciño / unha navalla; estar frío coma un polo; facer un día frío coma un can; (estar) frío coma a neve (22) / a auga do río (2) / a xeadá - a xiada (3) / a morte (2) / un morto / un cadáver / un can (2) / un peixe / unha pedra / unha xeadá - xiada / a xeadá - xiada / coma o xelo (5) / fuciño de can; frío de refrescar coma a neve; máis frío cá neve; quedar(se) coma neve; ser coma a vida do grilo; ser frío coma unha salgadeira; tar as augas coma o *hielo; te-los pés coma neve; rabuñar [o mes de marzo] coma o gato; *temblar coma a vara verde / unha vara verde / un xunco – xungo; xear coma fóra (2).*

FRUSTRACIÓN V. FRACASO

FUGACIDADE

coma manteiga en fociño de can - fuciño de can; corre-los días coma o cabalo; vivir coma unha faísca; voar o tempo coma o vento.

FUMAR MOITO

fumar coma un carreteiro (5) / unha carretilla; fumar máis ca un carreteiro.

FUME

arder como pau de oliveira; botar fume coma a cheminea do cura en día de festa.

FUNCIONAR BEN

funcionar coma un reloxo (2).

FURADO

(estar) (furado) como un cribo / unha criba.

FURIA

V. IRA

FURTIVIDADE

(entrar) coma o raposo na capoeira (2) / un raposo na capoeira.

FUXIDA

V. tamén MARCHAR

*apartar de [algo] [alguén] coma do demo; correr como (a) alma que leva o demo; escapar de [algo] [alguén] coma do demo / quen foxe de casa queimada / unha centella (2) / *demonios / alma que leva o demo / san Telmo / se lle prendesen lume ó rabo; escaparlle a [algo] / [alguén] coma o burro ás cabras / coma ó lume; *escorregarse como unha anguía; esquiparse como unha anguía; facer coma a lagarteira; fuxir coma alma que leva o demo (2) / can con vincha ó rabo (2) / foguetes / lebres / lóstregos / o fume / o vento / se o levara o demo / un can perdigueiro cando ventea ó lobo / un condenado / un foguete (3) / un lóstrego (2) / alma que leva o diaño / alma que o demo leva / cu que lle estrala un foguete / o demo que viu a cruz / o demo da cruz (3) / o demo da auga bendita / o Inimigo da cruz / fariña en peneira / gato escaldado (2) / un corzo (2); fuxir coma do demo (4) / do lume (6) / do lobo (2) / da peste (4) / dos cans / dunha enfermidade / da queima (3); gardarse de [algo] / [alguén] coma dun traidor; ir(se)**

*como a alma que leva o demo / a troita nadando / se puxera un foguete no rabo / o peido do cu; librarse coma do demo; liscar coma un foguete / un lustro / unha cobra; marchar coma o peido do cu (3) / alma que leva o demo / quen foxe de casa queimada / quen leva o demo detrás / un foguete / un herexe / un lostro / unha frecha / unha seda; partir como un foguete (2) / un raio / unha bala / unha frecha (2); *pegar a correr coma se viñera un exército tras dun; pegar a fuxir coma un condenado; saír coma ánimas que leva o demo / un raio - raios / un foguete (3) / un tiro / unha centella (2) / unha chispa / se [lle] puxeran un foguete no cu; saír facendo fu coma o gato; saír máis que de présa; saír voando coma almas que leva o diaño; ¡Librenos *Dios de [algo] / [alguén] coma do demo!*⁵³.*

GAFE

V. AGOIREIRO

GARDAR

ter [alguén - OD] coma o rato na rateira / ouro en pano; gardar [algo] coma o millo da semente (3) / ouro en pano / unha reliquia.

GARRIDA

V. BELEZA

GASTAR MOITO

alarga-lo pé máis do que dá a manta; estira-los pés máis cá manta; irse os cartos coma o leite no lume; arde-los cartos coma faíscas.

GOLPEAR

V. tamén LIORTA

andarlle co lombo a [alguén]; (bourar en [alguén]) coma nun – en centeo verde (5) / en saco de la /

⁵³ De coxo e can rabelo, librenos Dios como do demo.

nun faco (5) / *nunha cuba*; *brear* en alguén / algo *coma quen brea nun boi*; *cañar* [alguén - OD] *coma a un can*; *dar a* [alguén] *como Santiago ós mouros* (4); *darlle máis paus que lentellas dan por un peso*; *dar un couce coma unha burra* (2); *deitar* [alguén - OD] *coma un chino*; *deixar mallado a* [alguén] *coma o *pulpo*; *darlle coma quen eixa*; *facер cañeira en* [alguén] *coma en centeo verde* (2); *levar tantas coma o liño*; *mallar en* alguén coma *en centeo* (3) / *en centeo verde* (13) / *no centeo verde* (9) / *nun centeo verde* (1) / *nun fol / quen malla o liño / nun *pulpo / quen malla en centeo verde / en liño verde / no trigo / na la*; *mallar* [alguén] *coma un polbo*; *mazar* [alguén-OD] *coma un *pulpo - polbo* (2); *mazar* [alguén -OD] *coma polbos* / *mazar en* alguén coma *nun centeo verde* (3), *en polbo* (2) / *pulpo*; *moer* alguén coma *ó centeo verde / centeo verde* (2); *moído coma pós de talco*; *moucir en* [alguén] *coma nun burro*; *pegar en* [alguén] *coma nun centeo verde* (3); *poñer-pór a un* coma *Cristo* (3) / *un pandeiro* (3) / *unha mazá camoesa / unhas amarrallas / unha criba*; *poñerlle os nefres como unha filloa de sangue*.

GORDO

V. tamén ENGORDAR

bolecho como un porco teixo; *gordecho - gordeiro como un paspallás*; *gordo e inflado coma un odre*; *gordo e redondo coma un cabazo*; *gordo mesmo como un trambollo*; *gordos coma tubescos*; *groso* coma *unha viga / un tingue*; *non estar coma unha argana*; *coma san Benedito: comer pouco e andar*

gordito; *coma un bocoi*; *coma un bochelo*; *coma un rebolo* (2); *estar cebado coma un porco*; *estar* coma *un bazuncho - bazunchos / rebolos / un baluro* (3) / *un bocoi* (2) / *un brazado / un cesto barrileiro / un cocho* (3) / *un entroido* (3) / *un fol / un foleco / un mastre* (3) / *un pipote / un porco / un porco cebado / un porco inglés / un porco louseño / un rebolo* (2) / *un redrollo / un tremo / un zoncho / zonchos / unha ámbao / unha londra* (2) / *unha meda / unha mesa *camilla / unha vaca / un trollo* (2); (*estar*) gordo coma *carballos polo pé / o gato dun abade / o pote / porco por San Martiño / un bazuncho / un bochelo / un bocoi* (4) / *un boi* (2) / *un ceboliño / un cepo* (2) / *un mastre / un pipote* (5) / *un porco / un porco teixo / un pote / un sapo / un tambullo / un teixo / un teixugo* (3) / *un touciño / un trambollo / un trallón / un tremedal / un trollo* (2) / *un zambullo / unha trulla* (2) / *unha vaca* (3); *estar inchado coma un pego*; *ser coma un trompo*; *ser* gordo coma *un bocoi / un burro*; *ser* redondo coma *as pedras do Suído / unha noz* (2) / *un o*; *te-los dedos coma os centolos* (2); *ter cintura de boi*; *ter un cu coma un pandeiro / un sapo* (2).

GRANDE

V. tamén LONGO,

TAMAÑO

(grande) coma *de aquí a pasado mañá / un alarbio / un demo / un puño* (3) / *un sol* (3) / *unha montaña / a cabeza dun sapo / a esperanza dun pobre / a fame dun pobre / as rodas de carro / o mar* (2) / *os días de maio / un becerro / un burro / un cuxo / un día de fame*

/ un día de maio / un día sen pan (6) / un diluvio / un mundo (2) / un salgueiro / un xato / unha roda dun carro / unha viga / o tesouro de Rande; grande e comedor coma a vontade de *Dios; ir coma de (aquí, alí) a catro varas; máis grande que un ano sen pan; máis que regular; ser coma un touro (5) / a roda dun carro / un demo / un boi; ser grande coma os días de maio / un becerro / un día de maio / un día sen pan (2) / unha roda dun carro (2) / coma a roda dun carro / as Pascuas de maio / fungueiro do carro.

GRANDE -BÁGOA

bágoas coma noces.

GRANDE -BARBO

coma un touro (5).

GRANDE -BOI

bois coma palleiros.

GRANDE -CAN

grande coma un cuxo.

GRANDE -CASTAÑA

castaña coma unha laranxa.

GRANDE -CEREIXA

ser (as cereixas) coma puños (3) / un puño.

GRANDE -CU

te-lo cu coma unha faldroca; ter un cu coma un paxe (2) / un cesto (3) / unha cesta / unha meda; ter un cenzo coma un palleiro; ser como as tordas: finas do peto, as cachas gordas.

GRANDE -FILLOA

filloas anchas e longas coma manteses.

GRANDE -MAZÁ

mazáns coma puños

GRANDE -MOZO

mozos coma xigantes.

GRANDE -NARIZ

ter un nariz coma a chavella do carro.

GRANDE -OLLO

te-los ollos coma pratos.

GRANDE -VELO

nacerlle un pelo no cu coma o corno dunha vaca.

GRANDE -PORCO

porcos coma bois.

GRANDE -PULGA

pulgas coma garduñas.

GRANDE -TESTÍCULO

telos coma o cabalo de Santiago.

GREGARIO V. tamén OBEDIENCIA, DOMINIO

andar atrás de [alguén] coma un can (2); *pía que pía coma os pitos ó rabo das galiñas; andar coma un can detrás de [alguén] (2) / de cego detrás de [alguén]; andar polo pau como o cego; (ser) apoucado coma unha lebre montesía; (ser) coma unha malva; entregarse coma unha ovella; facer coma a besta do arriero que leva viño e bebe auga; ir coma carneiros tras de [alguén]; (ser) máis manso que unha ovella (2); seguir [alguén - OD] coma a un can (perdigueiro); ser coma as ovellas: por onde vai unha van todas (2) / o boi de Belén / os carneiros: para onde vai un van todos; ir - vir coma folla de castiñeiro.*

GRIÑIR

griñir coma os burros.

GRITAR V. BERRO

GUAPA V. BELEZA

GUÍA

ser coma un pai para o fillo / [alguén].

GULA V. tamén COMER

MOITO

*comerlle a un máis os ollos cá boca;
non ter máis Deus có prato; ter
máis ollos que barriga.*

GUSTAR

*gustar coma ás pitas o trigo; ser
amiguiño de (subst.) coma as
abellas do mel; gustar máis có bolo
do pote.*

GUSTO (A) V. tamén

AMBIENTADO

GUSTO (A CONTRAGUSTO) V.

FORZADO

GUSTO MALO

*ter un gusto coma o de lambe-los
mocos / o que lambe os mocos.*

HABILIDADE

*coma coa man (2); quedarlle o xeito
coma ós músicos vellos; ser coma
unha subela; ser escurridizo coma
unha *anguila; ter máis mañas que
sete raposas; saber beber o viño
coma as nenas da ribeira⁵⁴.*

HÁBITO

coma a uso acostumbrado.

HABITUAL

*como abendoito⁵⁵; ir tirando coma a
roupa de cada día.*

HARMONÍA

⁵⁴ *Anque son de antr'os toxos,/ criada n-as
carrasqueiras;/ tamén sei beber o viño/
com'as nenas d'a ribeira.*

⁵⁵ Esta loc., que aínda usan hoxe algúns escritores, figura así no primeiro DRAG e como sinónima de como andoito. En realidade é aglutinación de como + haber doito – ter doito e dela naceu, probablemente, o verbo adoitar, hoxe máis usado. Xa Sarmiento definía doito da seguinte maneira: “Diestro, docto, avezado, enseñado, (en castellano ducho); todo del latín doctus, y se aplica de mil modos, v. g.: Pedro non a doito, non está en ello; quen calzons non a doito as costuras lle fan mal, el que non está enseñado a calzones... También adoito”. Está no límite entre a comparación e o modo.

*estar – darse como *Dios cos anxos.*

HIPOCRISÍA

*coma a mazá: por dentro podre e por
fora sá; dicir palabra de santo e
bota-las unllas coma o gato (5);
máis falso que unha burra vella;
por diante coma cas e gato, por
de trás coma irmaus; predicar a
Cristo e vivir coma *Dios; retira-
las mañas como baraza de
buxaina; ser coma a auga mansa
(2) – mansiña - moleira; ser coma
un santiño que non pestanexa (2);
ter máis capas cás cebolas.*

HIXIENE

*lavarse coma os gatos (2); pescozo
mouro coma o dunha besta; coma a
Limpa de Ribas, que lle lavaba á
besta as patas.*

HONESTIDADE

*non ter máis ca unha palabra; (ser)
dereito coma un fuso / a rabela do
arado⁵⁶ (3) / un pao de sanguiño.*

HORTA DESCOIDADA

te-la horta coma un prado.

HUMIDADE

apegar coma almidón.

HUMILDADE

ter un corazón coma unha seda.

HUMILLACIÓN

andar coma un moucho.

IDENTIDADE

*falar [alguén] coma quen é; mirarse
nun coma nun espello.*

IGNORANCIA

*entender tanto de [algo] como eu de
capar cochás / eu de albardar ratos
/ eu de grego; saber tanto de [algo]
como eu de lagares de aceite / eu
do lagar do óleo; facer coma o
mestre Cirola, que non sabe ler e*

⁵⁶ Nos lugares onde a rabela é dereita.

xa pon escola; máis besta que un burro (2); non saber cantas son cinco, como os dedos da man; ser coma se caera en cesto roto; ser coma unha burra atada a un cabezallo; ser burro coma unha tamanca; ser tan listo coma un burro; ¿A que foches á escola: aprender a ler ou a griñir coma os burros?

IGUALDADE V. tamén
EQUIVALENCIA

coma se fora do meu igual; estar coma cando un empezou; montar tanto unha cousa coma outra (2); quedar coma antes (2) / un como está / como estaba (4) / como se estaba; saír como se entrou; ser coma todas / un cristián, fóra a alma; tan bo é o burro coma quen o tange / Pedro coma Xan / Xan coma o seu irmán (2) / Xan coma Pedro (2); tanto dá Xan coma Pericán - Pedro (4); tanto dar unha cousa coma outra (4); ¡Tanto ten Xan coma Perillán! (2) / seu irmán! (2); terte tanto a [alguén] unha cousa coma a outra; ¡Tanto ten azoutar como no cu dar!; tan (adx.) coma o primeiro; tanto coma o que máis; ser un - unha (subst.) coma os outros⁵⁷.

ILEGAL
*ir dereito coma a *xusticia de Roucos.*

ILUSIÓN
estar con [alguén] coma un neno.

IMPACIENCIA
estar coma con lume no rabo.

IMPACTADO V. ABRAIO, SORPRESA

IMPEDIR
ser coma o can do hortelán.

IMPERCEPTIBLE
ser [algo] coma se nada⁵⁸, ser como a carabina de Ambrosio (2).

IMPERFECCIÓN
(ser / estar) máis mal feito cá cama do lobo.

IMPERICIA V. TORPEZA
IMPORTANCIA V. EQUIVALENCIA, VALOR

IMPOSIBILIDADE
coma coller auga nun cesto / paxe; querer achaiar os cotos e quedar altos como estaban; ser [algo] coma dar couces contra o aguillón / darlle golpes ó mar / poñer portas ó campo.

IMPRESCINDIBLE V.
NECESIDADE

IMPRESIONADO V. ABRAIO,
PALIDEZ, SORPRESA

IMPROBABLE
ha de ir coma os meus zocos.

IMPRODUTIVO
dar tanto leite coma unha carqueixa.

IMPROPIO V. tamén INELEGANTE
caerlle [algo] a [alguén] tan ben coma a corbata a un porco / as pistolas a un cristo / o freo a un porco; cantar a galiña coma o capón; quedarlle [algo] a [alguén] coma un cabeceiro a unha pita / a canga á cocha (2); sentar [algo] en [alguén] coma a canga no porco; ser coma unha cuba de ameneiro.

IMPUNIDADE
coma pegarlle a un santo de pao; quedar como se batese en estopa.

⁵⁷ Non hai que falar de María que é unha muller coma as outras.

⁵⁸ Aquí hai un plusc. ind. elíptico: ...coma se nada (oira / vira...).

INACABABLE V. tamén DURAR
MOITO, LONGO
coma o ano que non hai que mallar; obra coma a do Escorial; ser como a vaca vella: sempre cocendo e sempre crúa; ser máis longo que un día sen pan.

INACCIÓN V. PREGUIZA

INAPETENCIA
manterse de aire como os camaleóns (2) / do aire coma os camaleóns; ser coma un pito.

INCAPACIDADE
facer coma o piollo na cinza (3); non haber máis pergamiños que eses.

INCAUTO V. INDEFENSIÓN

INCERTO V. DÚBIDA

INCIVIL

andar como un corzo (3).

INCLINARSE V. POSICIÓN

INCLINADA

INCOHERENTE

*facer coma o escribano de Liber, que sabe escribir e non sabe ler; facer como frai Tomás: facer como el di, non como el fai; predicar a Cristo e vivir coma *Dios.*

INCOMODADO V. IRA

INCOMODIDADE V. tamén

PROBLEMAS

(estar) coma tres nun zapato (5) / a galiña no espeto / o peixe fóra da auga (3) / tres nunha bouza cun zapato (2) / o vilego na casa de seu sogro; quedar coma dous nun zapato; retorcerse coma se estivera sentado sobre un niño de cobras; retorcerse coma unha cobra.

INCOMPARABLE V. tamén

INSUPERABLE

(adx.) coma el só; non (haber / ver) nada igual coma [algo] [alguén] /

outro coma [algo] / [alguén] para (inf.) (3)⁵⁹.

INCOMPLETO

ser coma casa sen teito (2) / fogo sen trasfogueiro / gaita sen foles.

INCOMPENSIÓN

*ollar como boi para *palacio.*

INCOMUNICACIÓN

non entendérselle a [alguén] máis cá un burro / unha besta.

INCONSCIENTE

andar enganado coma un porco no mes de santos.

INCONSTANCIA

escomezar como faco e parar como asno; ser coma o vento (que sempre cambia ao momento) / o casadiño de onte que lle morreu a muller á noite; ir e vir coma a faba na ola (5) / o fol ó muíño / o xerro vai á boca (2); ser coma auga de maio / o tempo / quen ceba o porco e non mata / a faba do pote (2) / a folla do lamigueiro; (ser) tolo coma o vento; virar coma as aspas do muíño (4).

INCONTESTABLE

non ter [algo] máis ca un camiño.

INCONVENIENTE

(facer tanta falta aquí) coma os cans na igrexa.

INCREULIDADE

non ver nunca na vida outra coma ela; ver e crer como santo Tomé (2); ser coma un soño.

INCUMPRIR

facer coma a bubela / o ano bisesto (2) (que promete e non dá).

INCHAR

inchar coma unha besta / un bombo.

INDECENTE

⁵⁹ Non vin outro coma el para programar.

puta como unha galiña.

INDECISIÓN / DÚBIDA

*ser coma a brisa / bolos sen sal*⁶⁰ (2).

INDEFENSIÓN

non saber máis ca dun burato; ser coma o rato que non sabe de máis ca un burato / vaca sen rabo; vir coma a espiga de pardo.

INDEPENDENCIA

andar coma Pedro pola súa casa / quen pode.

INDICIOS

deixar rastro coma a lesma (2).

INDIFERENZA V. tamén

DESINTERESE, DESPREZO,

DESENTENDERSE

frío coma a xiada; andar coma pándigos; bebelas coma o boi a auga / o cuco (3 / un boi ladrón; coma Pilatos no credo; coma quen fala cunha parede / non sente nin padece / non ten gana / oe chover (15) / ouve chover (3) / ve chover (2); coma se cantara un can / un carro (18); coma se chovera / ladrara un can / nada (plusc. ind)⁶¹ / rousara o carro / tal cousa; coma Xan Pardal: o mesmo lle dá ben que mal (2) / non fose con (pron. / subst.)⁶²; coma quen fala cun morto / (escoitar / oír / darlle tanto creto) a [alguén] coma quen oe chover (4) / se cantara un carro / se rousara un carro; darlle tanto a [alguén] polo que vai coma polo que vén; darse tanto por [alguén] coma a auga da bogada que vai polo río abaixo (2); dárselle a un

tanto polo que vai coma polo que ven (2); dárselle tanto de [algo] coma se ladrara un can / se rousara un carro / o gato por cebolas (4) / o gato por cebola; escoitar [alguén- OD] coma quen oe chover estando a cuberto; facer coma Pilatos no Credo; facer tanto caso a [alguén] coma se orballase / ó vento / ó que mexan as pitas / se ladrara un can / rousara un carro / ó can (2) / ó aire / o bispo ós cregos (2); importarlle tanto [algo] a [alguén] coma onte que xa pasou; máis xordo que un inglés; pasar de [algo] / [alguén] coma da merda; pesarlle a [alguén] tanto un ombreiro coma o outro (2) / un ombro coma o outro / nun ombro coma no outro; quedar tan tesa como se nada; ser coma Xan Portal, que o mesmo lle dá ben que mal; ser canto diga coma se o tirara nun pozo⁶³; tanto lle dá que (subx.) coma que (subx.); darlle tanto [algo] a [alguén] así coma asá (2) - así coma asado; tanto lle dar a [alguén] matar como morrer; tanto lle ter [algo] a [alguén] coma que cante o carro; ¡Tanto me dá o carneiro coma a lá!; ¡Tanto me dá touciño coma soá!; ¡Tanto me ten arriba como abaixo!; ¡Tanto se me -lle -che dá polo que vai coma polo que vén!; ¡Tanto se me dá por ti coma se nunca te vira!; ¡Tanto lle - me - che ten unha cousa coma a outra! - cardos coma leitaregas! - xabón coma fío negro!; ¡Tanto me dá como tanto me ten!; ¡Tanto me

⁶⁰ *Todo-os mozos d'ahora /son coma bolos sin sal; /proba aqui, proba acolá /e ningún dous cartos vól.*

⁶¹ *coma se nada fora / vira / oíra / percibira...*

⁶² *quedou coma se non fose con el.*

⁶³ *¡Todo canto me digas é coma se o tiraras nun pozo!*

ten como tanto me vai!; ¡Tanto se me dá como se me deu! (3); ¡Tanto (se) me dá chifaros como asubíos! ¡Tanto lle - me dá que corra a auga para baixo como para cima!

INDISCRECIÓN V. tamén **SEGREDO**
non garda-las augas coma os rapaces vellos; ser coma a bubela / a gaceta / a Porta Faxeira / un libro aberto / un loro; ter a boca coma unha rabada (2).

INDISCRIMINADAMENTE
dea onde dea, como moca de cego.

INDIVIDUALISMO
andar como no chozo.

INDOCILIDADE V. tamén **TORTO**
atravesado como os cangrexos; duro coma o pé dun santo (vello); rabudo coma as uvas do cacho (3); ser como o que malla en ferro frío; ser máis repugnante que un porco (de)baixo (d)o brazo; ser rabudo coma as uvas do cacho; ser / saír retorto coma un loro.

INDOLENTE V. **PREGUIZA**

INEFICAZ
tanto dar perdido como ganado⁶⁴.

INELEGANTE V. tamén **IMPROPIO**
caer [algo] a [alguén] coma a canga ó cocho; coñecer a un por detrás coma a Quevedo; quedar [algo] a [alguén] igual ca un tarambollo a un can; sentarlle [algo] a [alguén] coma un chocallo a un porco.

INERTE
coma un saco de patacas.

INESTABILIDADE
ser coma alí fóra cando chove / o vento (4) / o vento de néboa (4).

INFLUENCIABLE V. tamén **GREGARIO**
*mudar de color coma o *pulpo.*

INFORMALIDADE V. tamén **FLEXIBILIDADE**
ser coma folla de olmo; ter máis caras que un saco de pesetas.

INFORTUNIO
se-la sorte de [alguén] coma a dos aforcados.

INFRECUENTE
rara como nos xudeus dar diñeiro sen interese; non verse enxamais outra coma ela.

INGRATITUDE
(ser) coma a cabra que paríu para o lobo / as pitas que poñen fóra (2); soberbio como unha galiña farta de herba.

INHÁBIL V. tamén **TORPEZA**
ser coma o ferreiro de moito estronicio, que, de tal machacar, esqueceulle o oficio.

INIGUALABLE V. **INCOMPARABLE**, **INSUPERABLE**

INIMIGOS V.

INIMITABLE V. **INSUPERABLE**

INMATURO
estar verde coma os felgos (2).

INMERCIDO
ser coma un camarón dentro da casca dun mexillón (2).

INMOBILIDADE V. **QUIETUDE**

INNECESARIO
ser [algo] como levar auga ó mar, onde hai moita máis; facen (tanta) falta coma os cans na misa (3) - os cas na misa (2) / os cans na igrexa

⁶⁴ Nós tanto damos perdidos como ganados. Eu tanto dou perdida como ganada.

/ a fala na ola ⁶⁵; ser un adorno coma á zorra o rabo.

INOCENCIA

coma quen non crebou un prato en toda a vida; inocente coma a Virxe Santísima / un cordeiro / un quinto; ser necia coma a Virxe, alabada *sea.

INOFENSIVO

ser como o Santo que non mata nin tolle.

INOPORTUNO

caer como mosca na sopa; coma pedrada en ollo de torto; como pedrada en ollo de boticario; como pedrada en ollo de torto; vir como croiada no ollo torto; como o touciño na casa do *xudío; como tirar un peido na cima da artesa.

INQUEDANZA V. tamén ACTIVO,

ANDAR, INQUIETO, AXITACIÓN

andar á présa como ó que non se lle coce o pan; andar coma a faba na ola (4) / faba na ola / unha faba no pote / unha lavandeira / a galiña co ovo / un azougado / o rabo da vaca no mes de agosto; andar inquedo como galiña sen andego; dar máis voltas que un can con pulgas / un muíño; máis inquedo que un sarillo; moverse máis ca un mono; ser coma o peixe fóra da auga / unha avelaiña; ter [alguén - OD] como ouro na balanza.

INQUIETO V. tamén AXITACIÓN

moverse máis ca un entroido (2); ser coma a ovella do teo.

INSEGURIDADE

estar (tan) seguro coma a auga nun cesto / o vento no puño (2) / a auga no vaso / a auga nunha peneira (2).

INSENSATEZ

cantar coma un melro novo; ser coma poldros; estar coma un pandeiro furado; facer coma as cabras de Mondoñedo: bótanas tarde e métenas cedo; facer coma as ovellas de Pedro Botello, que van tarde e volven cedo; ser coma un loro⁶⁶.

INSENSIBLE

ser coma unha pedra (4) / a neve; ser de neve; ser duro coma un can.

INSERVIBLE V. INUTILIDADE

INSIGNIFICANCIA

se-lo mesmo que nada; ser como quen lle quita un pelo a un coello; ser tanto coma ningún –ningunha⁶⁷

INSÍPIDO

(ser) coma auga sen sal / bolo(s) - bola(s) sen sal / caldo *sin sal / un ovo sen sal, que non sabe ben nin mal (2) / unha mazá sombriza, que non sabe ben nin mal (2).

INSISTENCIA V. TEIMOSÍA, PESO

INSOCIABLE

estar coma un cesto; ser coma un cesto / un toxo (2) / un toxo bravo (2).

INSOLENCIA V. tamén DESCARO,

INDOCILIDADE, REBELARSE, TORTO
coma se fora un ministro; (facer algo unha muller proletaria) coma se fose señora.

INSOPORTABLE V. FASTÍO, RUINDADE

⁶⁵ Sospeito que é unha errata por *faba*, pero a fonte (V. Llópiz) cita os refs. *Con verbas non se compón o pote. Con palabras ninguén fai o pote* e iso lévame a pensar que el oú claramente *fala non faba*.

⁶⁶ *Coma o loro es tí: di-lo que sabes *sin sabe-lo que dis.*

⁶⁷ *Un é tanto coma ningún. // Concentreime na Bahnhof Strasse, a rúa dos bancos, anque as esperanzas de topar alí co Rodicio eran tantas coma ningunha.*

INSUBORDINACIÓN V.

INDOCILIDADE

INSULSO V. INSÍPIDO

INSULTAR V. ALDRAXE

INSUPERABLE V. tamén

INCOMPARABLE

animaliño coma el non paxe na parroquia; [subst. / adx.] *coma el so - ela so*⁶⁸; (adx.) *coma poucos*; *¡Mellor que mellor (2)! - ¡Millor que mellor!*; *¡Nada mellor que (subst. / or.)!*; *non haber (subst.) coma (subst. - pron.)*⁶⁹; *non haber cousa coma ela (2)*; *¡Cousa coma ela...!*; *non haber mellor que (or.)*; *non haber outro - outra coma el - ela (en todo-a (topónimo))*; *non haber vida coma ela (6)*; *non haber máis que dicir*; *non pasar outra coma ela (- outro coma el) debaixo da campana*; *non ver (subst.) coma el - ela (2)*.

INTELIXENCIA

(ser) agudo coma un raio / a fame / un allo (17) - os allos / un pemento (2) / un rato; *(ser) bicho coma un allo (6) / un pemento*; *(d)esperto coma un rato / como un allo*; *(ser) fino coma a la de gato (11) - la de gato (3) / un allo (4) / un coello / un coral (2)*; *(ser) listo coma a mesma fame / o demo (2) / un allo (19) - allos*; *un avoís / un reguilete - renguilete / unha *ardilla / unha bala / unha centella (3) / unha lebre / un raio (2) / unha pólvora / un cuco (2)*; *listo / lixeiro coma unha lebre*; *saber máis cás cobras*; *ser agudo coma un esquiño (2) / un*

pispinete; *ser coma o demo / un allo (3) - un allo porreteiro - un allo portugués / un anzón / un cuco (5) / un pensamento / unha centella / unha chispa (3) / unha laverca / unha persoa*; *ser fino coma a la de mico / unha denociña*; *ser igual ca unha *ardilla*; *ser listo coma a pólvora (2) / o cuco / o golpe / o raposo / un abellón / un esquiño (2) / un pimento / unha ave (2) / unha cobra / unha chispa*; *ser máis listo que un cuco*; *ser máis pillo cá gaceta*; *ser (listo) coma a pólvora / o demo / diaño / un raio / unha centella / unha chispa*; *vivo coma unha charamusca (4) / unha faísca*; *intelixente coma un lóstrego*; *un rato*; *ser coma unha *avispa*; *ser *espabilado coma sabandixas / o demo / unha centella*; *ser listo coma un pimento*; *vivo coma unha charamusca (2)*.

INTENSIDADE

(vbo.) coma coma un descosido (4) / un tolo (2) - unha tola (2) - tolos / loucos / un condenado - condanado / o demo; *ter febre coma un touro*.

INTERESE

acudir coma as abellas ó mel.

INTIMIDADE

ser coma da familia (3).

INTRANQUILIDADE

estar coma un azougado (2).

INTRASCENDENTE

coma se non fose nada / non houbera nada / tal cousa (4); *ser [algo] coma Pilatos no credo*.

INTRATABLE V. tamén IRA

andar con [alguén] como (c)unha vela (encendida).

INTROMISIÓN

cheira-las vidas alleas coma os cans a carniza; *coarse por unha fenda*

⁶⁸ Mala lengua coma el só.

⁶⁹ Non hai amor coma o primeiro; Non hai bonitura coma a saúde.

coma o piollo na costura; (entrar, andar) coma Perico pola súa casa (2) / Pedro pola súa casa (2) / en casa allea como pola súa casa; ir mete-lo bico e levar máis paus có demo; meterse coma piollo por costura (6); meterse como a irmá do demo; ser coma o can do quinteiro / o cocho de San Antonio.

INUTILIDADE V. tamén DISPARATE,

PERDER TEMPO, INDIFFERENZA

andar en van como gambito no verán; (ser) [algo] coma a espada de Bernardo / a espada de Xoán da Palla que nin pincha nin talla / andar a dar auga sen caneco / apañar auga coa peneira (2) / arar no mar (3) / arar no río / beixarlle o cu a un defunto / botar auga no mar (3) / botar auga ó mar / botar pérolas ós porcos / casa sen teito / coller auga cun cribo (2) / coller auga nun cesto / comer papas con fuso / correr tras de quen escapa / darlle a un can / dicirle a un escarabello que varra / escribir na auga (2) / escribir no aire / escribir no vento / facer regos na auga / facer unha raia na auga para que non se desfaga / falar coas paredes / ir á caza sen can (3) / ir de caza sen can (2) / ladrar os cans á lúa / o que ten tos e raña a barriga / o que ten tos e rasca o cu / lume sen leña / mallar en centeo verde (2) / mallar en ferro frío (3) / mallar nun fol / mallar sen dó / mazar en ferro frío / o ano sen sazón / o que malla en ferro frío / o que asou a manteiga na punta dun garabullo / pór o can a gradar / quen lle bota o alcacén a un can / quen non o ten (5) / quen o bota na mata dun burro / quen oe chover / quen ten un tío na Habana / querer mete-lo mar

nun puño / sementar na area / ter (un) pai e telo morto (2) / tirarlle pedras ó mar / unha agulla *sin fío (2); ter máis cravos que unha porta vella (3); facer coma a muller sen roca, que maldito cousa val / o santo que nin mata nin tolle (5) / o ripo; facerlle tanto coma o burro á vaca; falar coma quen ara no mar; (ser) igual ca arar no mar; facerlle tanto a [alguén] coma nada; ser coma a auga da tronada: chove moito en pouco tempo e non se lle aproveita nada.

INVIDENTE V. tamén OLLOS,

VISTA, CEGAR

ver tanto coma unha cabra cega.

INXENUIDADE

cándido coma unha azucena; ser á boa fé - abofé (coma os gatos pequenos).

INXURIA

poñer como novo a [alguén] (2); poñer como un zapato a [alguén]; terlle feitas a [alguén] máis que pelos ten na cabeza.

INXUSTO

(ser) dereito coma a rabela dun arado⁷⁰; torto como un arrocho.

IRA

V. tamén BAFEXAR,

EXCITACIÓN, INTRATABLE

andar coma can doente (2) / un orfo; arder como unha labarada; arrabear coma un can (2); bufar como unha cobra; coma un basilisco (2) / unha furia; como lobo no inverno e como cobra no verán; doentes coma os cans; esbufar coma unha *culebra; estar coma o aceite / un pemento de coraxe / lobo no inverno e como

⁷⁰ Nos lugares de Galicia onde a rabela é torta.

*cobra no verán / o mar de Campelo*⁷¹ / *para facer chatolas cos dentes / peixe na tixela – *sartén / unha bicha (2); estar doente coma un can; estar peor ca un can doente (2); estar rabioso coma un can; facer fu coma o gato (3); fungar coma un vibirón; fungar como funga un abellón; furento como cobra tripada (2); imprar como o sapo; inchado coma un sapo (5); explotar coma Machichaco; inchar coma un chopo (4) / un sapo; ir coma unha ascua (2); ir rabioso coma un can; levantarse coma o mar dun baixo; pegarse coma unha mosca; poñerse -porse coma as brasas / o mar do Orzán (2) / un bispo / un can da rabia / un demo / un lobo / unha cobra / unha fera / unha gata / un basilisco / unha néspora; poñerse dun xenio coma can que lle quitan o óso / fero coma un can doente / negro coma un condenado; rabear coma os cans / con media catarreira / un can na corda; rebentar como unha bomba; renxer coma un can; ser coma un porco bravo / a guerra de Corea / de malas pulgas / o can; te-lo xenio coma un foguete / unha centella; ter un xenio coma un can / un can adoecido / un condenado; ter xenio coma un can / unha cabra.*

IRREFLEXIVO

vivir coma os cans.

IRREFUTABLE

verdade coma un templo; verdades coma puños (3).

IRRELIXIOSO

impío coma un francés; vivir coma xudeus.

IRREPETIBLE

V. tamén

INSUPERABLE

nunca houbo nin pode haber como [subst.]; nunca no mundo se viu cousa coma ela / [algo] coma [algo].

IRRESPONSABLE

V.

INSENSATEZ

IRREVERSIBLE

V. FIRMEZA

LABORIOSO

V. tamén ARDUO,

DIFICULTADE

obra coma a do Escorial.

LACAZÁN

V. PREGUIZA

LADRÓN

coma as cabras / un escribán / un gato; ser coma a lapa - unha lapa (2) / as cabras (2).

LANZAL

V. ASPECTO – VAN

ESTREITO

coma un trinquete / pino / unha abrotía; delgada da cintura coma a palla do centeo (4) / unha dama real; dereito coma un esteo (3) / un fuso (9); esvelta coma unha abrótega - abrotía; lanzal como un piñeiro / os piñeiros do monte; ser largo coma un filiseu.

LAVARSE POUCO

V. HIXIENE

LEDICIA

alegrarse coma un cuco (3); (estar / ser) alegre coma un cuco / un pandeiro (4) / unhas Pascuas (8) – Páscoas (2) / unha carricanta (2) / unha gaita nas festas (2) / unhas castañolas (2) / unhas castañolas (10) / un peneireiro; andar coma o piollo na costura; coma un periquito; contento coma un cuco (19) / un rei (2) / un rulo (3) / unhas Pascuas (17) / unhas violas; estar coma nas vodas de Blas / neno con zapatos novos / unhas castañolas (3) / unhas Pascuas (2);

⁷¹ Recollido en Valdoviño.

estar contento coma un cuco (2) / micho con axóuxere; estar ledo coma un cuco; está que non cabe en si; (ser) fervellasverzas coma unhas castañas; ir coma o reiciño na cesta (3) / un ringuilete; ir contento coma un cuco; ir máis contento que un raio; ledicioso coma un xílgaro; ledo coma un cuco (3) / mañá de maí / os cregos cando recollían os ovos da Pascua / unhas marabillas / unhas pascuas (2); máis contento que unhas páscoas (2); ter [algo] máis ca tolos de contentos a [alguén]; máis festeiro que unha gaita (2); máis rufo que unhas pascuas (2); pispo como un pintaxilgo; quedar contento coma un cuco (2).

LEGAL V. CORRECTO
LEITE V. AMAMANTAR

LEMBRANZA

acordar como entre sonos (¿soños?); acordarse coma se fora hoxe (2); acordarse de [algo] coma se fose onte / fora hoxe; lembrarlle [algo] a [alguén] coma se fora hoxe.

LENTES

ter antiparras coma os burros.

LENTITUDE

coma un carro cansón; correr coma o sapo na cinsa / o sapo pola cinza (8) / o piollo pola cinza; dar máis voltas que un can con pulgas; de vagariño como xantanza de carpinteiros; paseniño como o boi de Laíño; peor ca un sapo por entre as muruxas (2); pesado coma o pé dun muíño; ser coma aceite pesado; ser lento coma o sapo na cinza (2) / unha *tortuga / un caracol / a vaga; ser máis lento que unha caracola; ser tan presoso coma o pé dun muíño; ser (un parto) coma o dunha burra (2); ter

tanto bazo coma un burro morto / unha vaca / o difunto na porta da igrexa.

LEVAR

levar tanto como un deixa; non deixar máis cás paredes.

LEVARSE BEN V. CONXENIAR

LEVARSE MAL V. DISCORDIA

LEVE V. PESO ESCASO

LIBERDADE

andar coma o can sen dono; andar solto como vaca sen choca / as cabras no monte; (correr) libre como o peneireiro (2) (¿piñeiro?) / o porquiño de san Antón; dar unha volta na cama coma a troita no remanso; estar coma o boi no monte; libre coma unha perdiz; ser coma as ovelliñas de Barbudo⁷², que as botan ó monte pola mañá e volven á noite.

LIBRAR

¡Líbrenos Deus de [algo] / [alguén] coma do demo! (5).

LIMPEZA

coma o ampo da neve (2); deixar [algo] coma unha patena / un coral; estar limpo coma a patena / unha alba / o coral; estar / quedar coma unha patena; fino coma un coral; lavar [alguén - OD] coma a Cristo; limpo coma o ceo sen nubes / un cristal (4) / a auga da fonte / un coral (7) / un espello / un ouro (2) / unha escaina (2) / unha patena (12) / unha prata / a prata (2) / un xaspe; nidio coma a cara da verdade; quedar limpo coma un buxo; branquear coma a prata; deixar coma un trinquete.

LINDO V. BELEZA

⁷² Barbudo en Ponte Caldelas (PO).

LÍO V. COMPLICACIÓN
LIORTA V. tamén GOLPEAR
psicolóxico: alegría, tristeza...) Ver ABORRECER, ABRAIO, ABURRIMENTO, ADMIRAR, AFECTO, AFLIÇÃO, AGRADO (CON), ALEGRÍA, ALIVIO, AMAR, AMBIENTADO, AMOLADO, AMOR, AMOCADO, ANGURIA, ANOXO, ANTIPATÍA, APAMPADO, APARVADO, APETECER, APRECIO, ASOMBRO, AUSENCIA, BENESTAR, BENVIDA, BURLADO, CHASCO, COMODIDADE, DECEPCIÓN, DESAMBIENTADO, DESCONTENTO, DESENGANO, DESEXO, DESORIENTADO, EXCITACIÓN, FASTÍO, HUMILLACIÓN, IDENTIDADE, INCOMPRESIÓN, INCREDELIDADE, INDIFERENZA, INQUEDANZA, INTRANQUILIDADE, IRA, LEDICIA, MEDO, MELANCOLÍA, MENOSPREZO, MOLESTIA, MORRIÑA, NECESIDADE, ODIOS, PASMO, POUCO APRECIO, PREOCUPACIÓN, RABEAR, RABIA, SATISFEITO, SILENCIO-MEDO,

SOIDADE, SORPRESA, SUFRIMENTO, TEMOR (AUSENCIA DE) INDIFERENZA, TRANQUILIDADE, TRISTEZA, VERGOÑA, XENIO.

SERIO

(poñerse / ser / estar) serio coma un frade de pau / a pata dun burro / as patas dun banco (2) / *unha pataca* (5) / *a morte / un morto na tumba / un pote* (7) / *un xuíz*; (3); *ser tan dereito coma a rabela dun arado*⁸⁶.

SERVIZAL

dar a todo coma a vaca do pobre (2); *servicial coma un limpabotas.*

SERVILISMO

arredondear como o gato ós millos.

SEXO

V. tamén CASTIDADE,

FLEXIBILIDADE, OCIOSO

andar á xaneira coma os gatos; andar ás celeiras coma as gatas xaneiras; andar coma os gatos á xaneira (2) / *en xaneiro; andar coma as galiñas / as gatas / un maricallo / un moneco / gatos cando andan á xaneira / os gatos en xaneiro; andar doente coma un can; andar saída coma unha cadela* (2); *andar tan rabichando coma o gato no xaneiro; caer como figo maduro; facer coma a auga bendita (que de todos é apalpada) / a cabra no monte / o cura e a criada / a campá que todos lle dan e toca; ferver coma un pote de meas*⁸⁷; *poñerse coma cadelas; poñerse de pé coma os gatos; ser amigas dos homes coma as abellas do mel*⁸⁸;

⁸⁶ Nos lugares de Galicia onde a rabela é dereita.

⁸⁷ “estar [alguén] moi excitado sexualmente”.

⁸⁸ Aparece nunha cantiga recollida en 1864 (*As costureiras d'ahora / foron feitas ô sisel / son amiguíñas d'os homes / com'as abellas d'o mel*). Pérez Ballesteros reproducía en 1885

ser coma a catedral onde entra quen quere / as galiñas – unha galiña / as pitas / un can / un microondas: se me tocas xa fervo; ser puta coma unha cadela; ser viciosa coma unha cadela; tirarse ás nenas coma o lobo ás ovellas; tirarse os mozos ás mozas coma as raposas ás pitas; tumbarse coma unha dorniña polbeira (3); ¡Deus dea máis putas que unha!

SILENCIO

(estar) caladiño(s) coma un morto (4) / un peto (2) – petos (3) / un rato (3) / un rulo; (estar) calado coma na misa – a misa / un defunto (2) – defuntiño / un morto (3) / un peto (23) / un rato (2) / un rulo (3) / touciño no fol / unha misa (2); estar coma petos / unha pedra nun pozo; estar máis calado que na misa; ser calado coma un peto; calar coma mortos / os curas cando comen (2) / ratos / un afogado (4) / un morto (5) / un peto (25) / un rato (2) / un santo (3) / un Xan / unha estoa / unha puta / na misa / quen está na misa; mudo coma un penedo / unha pedra (2); quedar calado coma un peto (2) / un rato; quedar coma unha pedra / a pedra nun pozo (2); quedar sen voz coma un cuco; sen piar coma na misa; ser calad(iñ)o coma un rato / un santo / un peto (4); ser coma a pata dun mulo - dunha mula; ser máis calado que unha mosca (2).

SILENCIO-MEDO

aprasmado como o galo á vista do raposo.

SIMULACIÓN V. FINXIMENTO
facer coma quen que (or.).

SINCERIDADE

ser claro coma a auga (2).

SITUACIÓN (socioeconómica, moral, carencia, complicación...) Ver INDEPENDENCIA, CARENCIA, COMPLICACIÓN, CONTINUIDADE, DERROTA, DESGRAZA, DESPROTEXIDO, DIFICULTADE (CON), DIFICULTADE, DISCIPLINA, DIVIDIDO, EMPATE, ESCARMENTO, ESCOITA INÚTIL, ÉXITO, EXPLOTACIÓN, FORTUNA, FRACASO, HARMONÍA, IMPUNIDADE, INCOMODIDADE, INCOMPLETO, INCONSCIENTE, INDEFENSIÓN, INFORTUNIO, INSEGURIDADE, LIBERDADE, MALA SITUACIÓN, MARXINADO, MISERIA, OBRIGA, OCIOSO, OCULTO, OFERTA EXCESIVA, PERIGO GRAVE, PLACIDEZ, POBREZA, POSIBILIDADE, PRECEUTO PASCUAL, PRISIÓN, PROBLEMAS, RECURSOS, REVOLTO, REXEITAMENTO, RIQUEZA, RUMBO (SEN), SALVARSE, SEGURIDADE, SORTE, TRABALLO, VENCIDO, VIVIR BEN.

SOBÓN V. ACOSO

SOIDADE

*andar como a perdiz polo aire; levar unha cama coma a dun cura; ser peor ca unha da *calle⁸⁹; so - soíño coma unha curuxa / un moucho / un pau / unha árbore no deserto.*

SOL V. tamén ABURADO, QUEIMAR

mornear ó sol coma un gato; poñerse ó sol coma un lagarto.

SOLERMIÑAMENTE

cunha variante probablemente errónea: com'as ovellas...

⁸⁹ *Unha nora é peor que unha da calle; cando se queda viúva non ten quen a defenda.*

así como a descazón.

SOLUCIÓN V. tamén COMPOSTO, REMEDIO

*ser coma unha vasoira*⁹⁰.

SONA V. tamén

COÑECEMENTO, NOTORIO

andar como a gaita na festa (4); conecer - coñecer [algo] coma a ruda; (ser) *máis *conocido - coñecido cá ruda.*

SONO V. tamén DURMIR

caer coma un figo maduro (5); (estar) *coma unha pedra*; *fregar nos ollos coma un parvo - parva.*

SONO FRÁXIL V. tamén DURMIR

ter un sono coma unha lebre.

SOPRAR

soprar coma un barquín; *soprar máis ca unha gaita.*

SORPRESA V. tamén ABRAIO, PASMO

caer coma unha bomba (4); *coma por encanto* (2); *deixar [alguén - OD] coma un pan* (3); *deixar [alguén - OD] frío coma a neve*; *ollos abertos coma pratos*; *poñerse branco coma a cera*; quedar coma morto / se fora de *mármol / se lle espetaran o coitelo no corazón; *quedar pasmado coma quen ve visións*; *quedar teso coma as varas - vergas do canizo*; *quedar [alguén] coma se llas deran*; *quedar(se) coma neve*; quedar(se) máis branco cá parede / có papel; *ser coma un milagre.*

SORRIR V. RISA

SORTE V. INFORTUNIO

caer de pé coma o galo / o gato; *caer sempre de pé como as touriñas*;

facer como a chuvia que cae de pé e corre deitada; *nacer de pé coma o gato - os gatos.*

SOTERRAR V. ENTERRO

SUAR

apañarse a auga en [alguén] coma nun río; *ser coma os bois de Búa, que, cando ollan para o carro cargado, xa súan*; suar coma cabalos / se mallara - estivera mallando / un becho / un becerro / un boi / un cabalo / un *camello / un carneiro (3) – *carneiros* (2) / *un cocho / un condenado / un monte de terróns / un pito / un porco* (2) / *unha braña / un touro - touros* (2).

SUAVIDADE

(ser) *coma unha seda* (2); *ser fino coma a la de mico*; suave coma a seda (3) / o *terciopelo / o veludo – *un veludo / un guante* (2).

SUBMISIÓN V. DOMINIO, ESCRAVO, SUFRIMENTO

SUBTERRÁNEO V. tamén EXCAVAR

andar por baixo do chan coma as teupas.

SUCIDADE V. tamén LIXAR

(andar / estar) coma un cozofello / un preto de Angola / co coiro lordento, coma os bois na corte no inverno (2); estar coma o cortello dos porcos / un pau do galiñeiro / gato borrallento / michiño esborrallado / un cereiro / a folla do tecido / un porco, fóra a alma e figura; *comer e cagar coma a bestas no curral*; *haber máis merda que no pau dun galiñeiro*; *limpo coma a gramalleira*; *máis porco que un batán*; peor ca unha bosteira (2) / *mancha de aceite*; *poñerse coma o esterco*; *ser unha carrañosa igual que unha porca de ranchos*; *sucio coma a parrumeira* (2) / o pau dun galiñeiro (3); *te-la cama coma un*

⁹⁰ Coma a vasoira que, retirando a morriñada, saca de diante o problema.

cubil; te-la casa coma un cañeiro / un palleiro.

SUFICIENCIA

non haber máis ca (inf.).

SUFRIMENTO V. tamén ESCRAVO, DOMINIO, EXPLOTACIÓN

escravo coma a leña; ser coma (unha) pedra; ature o que aturar, como culler de pau; levar (tanto tempo) coma can adoecido; morrer adoecendo coma un can; sufrir coma Xesucristo na cruz; a mallo e escóupere como couzón de igrexa.

SUPERIORIDADE

nadar coma o aceite na auga; ser máis ca [alguén]; ter que (volver) nacer [algo] / [alguén] para ser coma [algo] / [alguén].

SUPOSICIÓN V. tamén

FINXIMENTO

*así coma quen; era coma quen*⁹¹.

SUSCEPTIBLE V. tamén DELICADO

delicado coma o pirixel (2); ser coma pelo de ovo (3).

SUSTO V. PALIDEZ

TACITURNO V. SILENCIO

TAMAÑO V. tamén GRANDE, PEQUENO

TAPAR

**Cubrir [algo] coma se fose un manto.*

⁹¹ Estas locucións parecen sintacticamente anómalas pero non o son porque nelas hai dous verbos elípticos: (*facen / dicen*) *así coma quen* (*fai / di algo sen importancia / sen mala fe*). En pasado *era coma quen* (*fai / di algo sen importancia / sen mala fe*). En moitos casos só o contexto permite saber cales son os verbos que se eliden en cada un dos elementos da frase. A segunda locución utilizábase antes moito os nenos nos seus xogos de fantasía cando un deles batía con consecuencias negativas e o outro tranquilizábase dicindo que todo era só unha ficción (*era coma quen*).

TARDAR

facen como o coitado, que tarda de vir do mandado; ser coma a caixa na romaría; ser coma o boi de Laiño, que, tanto tardou, que morreu no camiño; tardar coma unha señorita.

TATEXAR V. tamén FALAR MAL
falar coma un tatexo.

TEIMOSÍA

*andar ó revés coma o cangarexo - un cangrexo (2); (ser) coma os cochos; duro coma unha peta (2); ser cabezudo coma un porco; ser [algo] coma falar coas paredes; ser coma limas xordas (2) / o pioloso: *está morrendo e coteñando / Pepiño o da petaca / quen malla no ferro frío / el so - ela soa / unha sota / falar cunha pedra; ser pesado coma un bolo cru; ser teimudo coma un porco; ser terco coma un arado / un arcebispo - arzobispo / unha burra (2) / unha mula / os burros; ser terque coma os cochos; ser testón coma un burro; ser turrón coma o porco (2) / os cochos (2); *te-la cabeza máis dura que un melón; teimoso coma un burro / un carneiro (3) / un burro (2) / un porco / unha mula (5); teimudo como o porco; terco coma un carneiro; testarrudo coma un burro.***

TELLADO RUÍN

chover na casa coma fóra.

TEMERIDADE

saír ó camiño do lobo, como o curcio tolo.

TEMOR (AUSENCIA DE) V. tamén

INDIFERENZA

terlle tanto medo coma o bispo ós cregos / ó vento.

TEMPERATURA V. FRÍO, CALOR, QUENTAR,

TEMPO

TEMPO BO

estar o ceo limpo coma o ollo dun galo; serán coma se fora verán.

TEMPO MALO

estar un día coma un can; estar un día frío coma un cadelo.

TENRURA

tenro coma unha espuma / un arrollo.

TENSO

(bandullo) teso coma un pandeiro.

TERQUIDADE V. TEIMOSÍA

TESO

dereito coma unha mula; entesoado coma unha estaca; poñerse teso coma unha estatua; (quedar / estar) teso coma as varas do caínzo - dun canizo (4) / as vergas dun canizo / un esteo (5) / un fungueiro (3) / un fuso / un garabullo / un garrote (4) / un morcón / un pau / un parafuso / un piñeiro / unha sardiña / un virote (3).

TESTEMUÑA FALSA V. tamén

MENTIRA

¡Pregúntalle a Mateu que é tan bo como eu!; ¡Pregúntalle a Mateu que minte como eu!

TESTÍCULO V. GRANDE

TIC-TAC V. SON

TIMIDEZ

ser tan valente coma o que morreu da patada dunha mosca; aficado como corazón de casada; coma coitados; facer coma a avestruz; facer menos vulto cás barbas dunha formiga; ser coma as galiñas.

TINO V. tamén PERIGOSO,

PRECAUCIÓN

andar coma a galiña con ovos (2) - cos ovos (8); andar coma o gato polas brasas (2); andar como cos ovos (2); ir coma gato polas brasas; ir coma o gato polas ascuas; tan avisado coma

Casanelas; un pé diante doutro coma a galiña; vir [algo] coma os ovos na peneira.

TIRARSE Ó CHAN

vorcarse coa carga coma as bestas.

TÍSICO V. tamén MIRRADO

ir quedando coma un esquilón.

TOLEMIA

*coma unha cabra; da-lo teo a [alguén] coma ás cabras; ser como a quina; estar [alguén] como ha de ir (8); estar coma unha criba / tolo / unha cabra (15) / unha *cafetera / unha caldeireta (6) - *caldereta / unha chiva (3) / unha chota (6) / unha regadeira (3) / o larico / un tren sen rodas; estar máis tolo que unha cabra (2) / unha esporta (de grilos); estar peor ca unha cabra; estar tolo coma unha cabra (2); facer un coma quen é; máis toliño que unha cachapa de grilos; ser coma unha tarabela; ser atravesado coma os cangrexos; ser bravo coma un demo; ser coma a cabra da Marota de Señorín; (es)tar peor que unha cabra; tolos coma cabras; (estar / porse) coma unha chocolateira (2).*

TORPEZA

andar o mar coma o risón; esperto coma un burro; (ser) burro coma un angazo / un arado (2) / unha porta / unha torda; correr coma o piollo pola cinza / o sapo pola cinza; fino como unha tranca; máis zoupo do que un ameneiro enxoiito; ser agudo coma o pé dun muíño; ser coma un arado / un burro atado a un poste; ser igual ca un becerro.

TORTO V. tamén

INDOCILIDADE, RUINDADE

engorripase coma a correa no lume; máis torto que un corno; retorcido coma a(s) camba(s) do carro / os

cornos dun carneiro / un corno / un loro / unha dopra / os cornos dun carneiro / unha costrán (2) / unha verga (2); retorto como as vergas do canizo; torto como un guindastre; torto coma un arrocho / a rabiza dun arado / as cambas do carro (2); un cancel (4) / un fouciño (3); quedar torto coma un fouciño.

TOSCO

fino como un zoco.

TRABALLO V. tamén

EXPLOTACIÓN

andar arrastrado coma unha cobra - as cobras; andar ás dúas mans coma a vaca do pobre; andar coma os bois (11) / un Nazareno / faco dos matuteiros / un amargurado; andar como unha debadoira (2) / a formiga; fozar na terra coma unha toupá; ser máis as fouces que os cambotes; ser máis labrego que unha araña; ser traballador coma un can de paleiro; (ser) traballador coma unha besta / unha formiga / unha sarna; tirar coma un boi (2); traballar coma a formiga / un azacán / un boi / un burro (5) / un home; traballar coma un lobo (2) / un mouro / un negro (14) – negros (4) / un oso / unha burra (2) / unha grade / unha negra (3) / a vaca do pobre, ás dúas mans (3) / un descosido / un escravo (2) / unha besta / unha loba; traballar máis ca unha besta.

TRAIZÓN V. tamén

FALSIDADE

*falsario coma unha mula (2); (ser) falso coma as cartas de xogar / as *culebras / as mulas / as pesetas (9) / as cobras (2) / manta de retallos / unha besta / unha burra / unha burra vella / unha mula / Xudas (3); ser máis falso cás mulas*

(2); ser tan zorro coma o golpe; traidor coma Pilatos (2) / (un) Xudas (3).

TRAMPA

caer como as moscas.

TRANQUILIDADE

coma un rulo; con máis calma que boi de Laiño; estar coma a pedra no pozo / o can sen alma; quedar(se) coma un rulo (3) / unha pedra nun pozo; ser coma a cera / auga mansa / o pan de comer (3) / quen non o - a ten (4) / unha capa de la; ser lento como a vaga; ser manso coma un año (4); ser tranquilo coma Amancio / un monllo (2); ter tanto bazo coma a miña vaca (2) – unha vaca / o defunto á porta da igrexa / o difunto na porta da igrexa / un burro morto (3).

TRAPALLEIRO V. tamén **DESLEIXO**

ser como a espada de Bernardo / Bernaldo: enmangada nun pao e atada con fío de foguetes.

TRASACORDO

ir (e vir) coma folla de castiñeiro; ir e vir, como a faba na ola (2); lixeiro coma as pesetas; virar coma as aspas do muíño; virarse como a folla da ulmeira.

TRATAMENTO

a tu por tu coma os quintos no cuartel / na taberna - nas tabernas; ti por ti coma se foramos xuntos á escola / comeramos no mesmo prato.

TRATAR BEN

*tratar [alguén - OD] coma un fillo / unha *reina; tratar [algo] coma se fora ouro.*

TREMER

bailar coma o millo; (tremar - tremar) coma a guinda na guindeira (3) / bregas verdes / un condenado / unha corre - corres (2)

/ o xungo - xunco (2) – un xunco (12) / un xunco (na auga) (3) / un vimbio (4) / un vimbio verde - os vimbios / un azougado / un figo maduro (2) / unha folla / unha peneira / unha rama de loureiro verde / vara verde (2) - as varas verdes unha vara verde (18) / unha xostra (2); tiritar coma a neve; tremar de medo coma un xunco / unha vara de xunco; tremarlle o cú a [alguén] coma un figo maduro (2); trembar coma unha vara verde; treme-las pernas coma unha acaniadoira; tremar coma se tivese a perlesía; tremarlle o cu a [alguén] coma unha debandoira / un figo maduro.

TRISCAR

estralar coma a folla do loureiro.

TRISTEZA

(andar / estar) coma un moucho - o moucho / alma en pena (3) / unha alma cándida / a noite (5) - unha noite; ser coma a noite / o ano que non hai que mallar; triste coma a morte / a noite (3) / o malvís das carballeiras / un piollo / un preso / a morte (2); tristeiro coma un alcipreste.

TURRAR

turrar coma xatos.

TUSIR

tusir coma un barquín.

TÚZARO V. tamén INSOCIABLE

andar como no chozo / un corzo.

UN

tantos coma fornos / lúas.

UNANIMIDADE

todos á xunta coma a música da Arzúa.

ÚNICO V. INCOMPARABLE, INSUPERABLE

UÑAS

ter unhas uñas coma gubias (2).

ÚTIL V. AXEITADO

VACILAR V. DÚBIDA

VAGAR V. PREGUIZA

andar coma o cortizo na auga / san Telmo de gabia en gabia; oubear coma as ovellas⁹².

VALENTÍA

corazón coma un león; máis valente que un león; portarse coma un home; ser afouto coma as lebres; ser tan home coma calquera / o que máis (2); ter peito coma un lobo; ter valor coma un lobo.

VALOR

ser coma ouro en barras; valer máis ca unha escritura a palabra de [alguén].

VAN V. INUTILIDADE

VARIEDADE

haber de todo coma na botica (4).

VASOIRA

darlle ó rabo coma unha denociña.

VELOCIDADE V. RAPIDEZ

VELLEZ

con máis anos que Matusalén / un carballo vello (2); con máis días que un carballo vello; máis revisvello có meu chapeu; máis vello que o meu chapeu / o andar a pé / Salamanca / Zaragoza / a bragueta de Adán / a Catedral de Compostela / a sopa de allos / a Torre de Hércules / andar a gatas / andar a pé (2) / andar ás gatiñas (2) / Carracuca / Matusalen / o aceite con vinagre / o aceite nas tendas; ser máis vello cás Goritas; (ser) vello coma a arruda / a campá de Coiro - a campán de Coiro / a fame / a potra de Adán (2) / a primeira camisa (2) / a

⁹² Ver nota 78.

Punta da Cruz (2) / a sarna / a See de Compostela / a serpe / Adán / andar a pé (5) / o carallo / Matusalén (3) / o caldo de grelos / o caldo de verzas (2) / o chan / o demo (3) / o meu chapeo (5) / o modo de andar (2) / o mundo / o Penedo do Galo (2) / os camiños (6) / os meus ciolos / os meus zocos (2) / Zaragoza (2); ter máis anos que un carballo vello; ter máis camiño andado, do que lle queda por andar; ter máis cravos que unha porta vella; todo vello coma a roupa que se acaba de boa e non se ten para outra.

VELLEZ SA

dereito como unha faia.

VELLEZ TOLA

coma a gaivota, que canto máis vella máis louca (2) / máis tola / vólvese máis tola.

VENCIDO

V.

DIFICULTADE GRAVE

VENDER

VENDER BEN

(venderse) [algo] como pan bendito (3).

VENDER POR XUNTO

vender ó peso coma as patacas.

VENTO (ZOA-LO)

aula-lo vento coma un lobo.

VENTUREIRO

(vir / caer) como auga de maño (2).

VENTUROSAMENTE

V.

OPORTUNO

VERDADEIRO

coma a luz que nos alumea; como Deus está no ceo; como dous e dous son catro; como estamos aquí; como hai Deus; dicir (oito) verdades coma pancenteos / coma puños.

VERDE

estar verde coma a herba (2) / a ouca (2) / o cebolín / o perexil / os felgos (3) / un allo; verde coma a felga (2) / a lesta (2) / a ouca (3) / a rabaza (3) / a xesta / as lestras / o liño / o mar / os allos / ouca / o mar / a rabaza.

VERGOÑA

V. tamén RUBOR

coma un can co rabo entre as pernas; poñerse como un tomate; porse máis vermello que a doa das silbardas; ter máis medo que vergonza.

VERIFICAR

pregúntalle a Mateu se minte coma eu.

VERMELLO

V. RUBIO

VERSÁTIL

ser coma a vaca do pobre, que ten que andar ás dúas mans; servir tanto para un fregado como para un varrido.

VESTIR

V. tamén DESLEIXO,

ROUPA

levalo todo ó lombo coma o caracol.

VESTIR BEN

coma un xaspe; ir coma ourive en campaña; vestir coma un cabaleiro (2).

VESTIR MAL

andar coma un baldreu / un farrapeiro / un salabardo (3) / un zarangallo (3); andar vestido coma un san Amaro; campar coma Degho coa faldra fóra; ir coma un entroido; ser coma os de Carballo de Riba; ser como un toutizo.

VEXIGAS

cacarañado coma unha filloa.

VIDA PENOSA

V.

MALESTAR, PROBLEMAS

VIDA TRANQUILA

V.

BENESTAR, FELICIDADE

VINGANZA

V. TALIÓN

VIL

ser coma o Santo que non mata nin tolle; valer a tres ichaviños coma os chicharros danados; valer tanto coma un conto calado.

VIL, SEN VALOR V. tamén

RUINDADE

é coma bacachí; estar como unhas mialmas; ser cativo coma un can; (mozas) cativas coma cadelas; valer menos cás orellas dun can cheas de auga; valer tanto coma farrapo de gaita - un farrapo de gaita (3).

VIOLENCIA

retorcerlle a lingua coma un tarabelo.

VISTA V. tamén OLLOS,

INVIDENTE

ter unha vista coma un mascato (4).

VITALIDADE V. tamén RESISTENCIA

ter sete folgos coma os gatos (8) – o gato (3) / os gatos asañados / os michos; ter máis vida que un gato; ter sete vidas coma o gato (2) - os gatos (5).

VIVACIDADE V. AXILIDADE

remexerse coma unha xerpa.

VIVIDOR

facer coma o galo inglés.

VIVIR BEN

*vivir coma patriarcas / reis / un crego / un cura (5) / un marqués / un patriarca (3) / un paxá / un rei (5) / un rei na cesta (2) / un *maraghá / un *Raghá / unha pantasma / *Dios (3) / no mundo coma os cans.*

VIVEZA V. tamén

INTELIXENCIA

arrichado coma un carrizo.

VIXIAR

garda-la casa coma un gato / un león; gardar coma auga na peneira.

VIZOSO

vizoso coma as ortigas.

VOAR

voar coma unha pega / se tivese as.

VOLUBLE V. TRASACORDO

VOLUNTARIO

ter máis xenio que corpo.

VORACIDADE V. COMER MOITO,

GULA

VULGAR

ser coma a (demails) xente / auga corrente / herba aceda / os ruíns bailadores: malos de entrar; peores de saír / o ruín gaiteiro: un peso para que toque e dous para que pare.

XANTAR

(xantar / cear) coma se fose martes de entroido.

XEAR

xea coma fóra (3).

XEITO (SEN) V. DISPARATE

XEITOSO

(estar) coma un tren.

XEMER

xemer coma alma en pena.

XENEROSIDADE

ser coma o xastre das Bañas (que cose de balde e pon as liñas) (2) / el as liñas; ser como o xastre de Valiñas.

XENIO V. IRA

XERAL

(inf.) coma todos.

XIRAR

dar voltas coma un muíño.

XORDEIRA

estar coma unha tapia (3); estar xordo coma un arado / un croio / unha tapia (3); máis xordo que un inglés (2) / unha tapia; ser coma unha tapia; ser xordo coma un canto / unha pedra / un arado (5); xordo coma un canto / un croio (2) / un mudo (2) / un penedo (2) / un seixo / unha pedra (5) / unha porta

(2) / *unha tapia* (6) / *unha parede*
(10).

XOVEN V. NOVO

XURAMENTO V. tamén

REAFIRMACIÓN, NEGACIÓN

HUMORÍSTICA

*¡Así ande coma as cobras a rastro ou
morra nun camiño, se [or.] !*

XURAR

*xurar coma un carreteiro / un
condenado* (3) / *os xudíos /
condanados.*

XUSTEZA

xusto coma os dedos para os dedais.

XUSTO

dereito coma a rabela do arado.

ZUMBAR V. tamén OÍDOS

*zumba-los oídos coma se voase un
enxamio arredor dun; ruxir [un
insecto] como unha zoadeira.*

Paremiás selectas. Un manuscrito bonaerense (1956) de Vicente Llópiz Méndez

Xesús Ferro Ruibal e Cristina Veiga Novoa

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

1. O autor e o seu galeguismo

Vicente Llópiz Méndez (1896-1965) naceu en Olavarría (Arxentina) de familia ferrolá, oriúnda de Manises, que regresou a Ferrol cando el tiña dez anos. Axiña destacou por ser persoa inqueda politicamente e por unha especial habilidade para o debuxo. Formouse militarmente en Zaragoza e despois escolleu o corpo de Intendencia. Tivo o seu primeiro destino en Ferrol e de amigos sacerdotes, avogados e dos seus soldados foi recibindo e coleccionando refráns galegos e palabras galegas. De todo canto lle resultaba sorprendente pedía definición e contextos de uso ós seus informantes. O levantamento de 1936 colleuno publicando en Madrid un *Diccionario Castellano - Gallego* que aspiraba a chegar ás 40.000 entradas e que quedou interrompido na voz *agarraderas* (LLÓPIZ 1935-1936). Durante boa parte da guerra 1936-1939 foi director dos Hospitais Militares da zona de Valladolid. Na posguerra ten unha crise familiar e tamén deixa o exército. Vive en Zaragoza e, sobre todo, en Barcelona, onde frecuentaba afiadores e cantos outros galegos topaba, anotando sempre palabras e refráns, e vía o celtismo como factor diferencial de Galicia (como revela o lema *Artabrum*, que escolleu para presentar en Buenos Aires este traballo) e a ese factor vincula, á moda da época, os ollos azuis (*Ollos azules en cara gallega sonche natureza* e engade como explicación que *representa el abolengo céltico* (503). Parece que nos últimos anos da súa vida (morreu en 1965 en Barcelona) estaba convencido (e insistíalle nisto ós amigos e a un novo fillo que tivo e recoñeceu) de que era inevitable que Galicia acadase unha completa autonomía e, con ela, a prosperidade económica que unha historia infausta lle negara durante seculos. Un par de probas hai neste manuscrito de que, para empuxa-la historia nesa dirección, chega a cometer unha certa prevaricación fraseolóxica ó incluír entre os refráns galegos unha frase sentenciosa de Manuel Lugrís: *Pobo que a súa verba esquece é treidor á natureza* (550), coincidente con outra tamén sospeitosa pero sen referencia de autoría: *O que deixa a verba galega por colle-la castelá, colle madrasca i-enxeita a sua nai* (474).

Debuxaba moi ben e a súa obra está en mans de familiares e amigos. A obra lexicográfica inédita está probablemente perdida. A obra fraseolóxica, verdadeiramente monumental, está inédita e hai anos que soñamos con vence-las dificultades que gafan a súa edición para a que ofrecemos *Cadernos de Fraseoloxía Galega*. Pode verse unha mínima pero significativa mostra dese *Refraneiro* inédito na revista *Paremia* (FERRO 1997), co que en 1955 gañara o Concurso de Refraneiros da Editorial Bibliófilos Gallegos (creada en 1949 por Filgueira Valverde e Sánchez Cantón). O xigantismo da obra facía comercialmente inviable a edición naquela época. En 1955 Llópiz consegue que a Academia lle publique o primeiro fascículo (apicultura) no *Boletín de la Real Academia Gallega* (LLÓPIZ 1955) pero o seu nome aparece con erratas (*V. López M. Esperante*). A RAG fíxoo Académico Correspondente (7.7.1957) a proposta de Leandro Carré, Bouza Brey e Vales Villamarín. Algúns indicios apuntan a que era persoa da que o Réxime mantiña desconfianza.

Vicente Llópiz Méndez foi un dos galeguistas descoñecidos, quizais por seren militares do lado insurxente. Este é tema que algún día se estudará ¹ e nel entrará tamén o xeneral mugarés Beceiro que dedicou moitas horas de lecer no seu tempo de Gobernador Militar de Melilla a traducir ó galego nos anos 60 grandes obras da literatura universal, coma o Quixote, a Odisea, o Hamlet (de traducións castelás) e mesmo deixou escrito un pequeno pequeno diario literario en galego.

2. O manuscrito: estrutura, data, contexto e contido

O manuscrito que hoxe damos á luz con licenza do seu propietario, o Centro Galego de Buenos Aires, é un traballo menor (22 folios a unha columna) no que escolma 707 refráns (un 1,5% do total do *Refraneiro* inédito).

Os refráns aparecen ordenados alfabeticamente pero na fin ten unha engádega que desfai esa orde. Para esta edición nós refundimos todo e reordenámolo alfabeticamente e, en consecuencia, resulta unha numeración diferente. O número que o refrán ten no manuscrito aparece nesta edición ó final trala indicación *Ms.* Así [*Ms.*: 53] indica que o tal refrán é o número 53 do manuscrito.

Distínguese este manuscrito bonaerense do *Refraneiro* grande e inédito non só pola diferenza de volume (706 refráns aquí contra máis de 40.000 alí) senón tamén porque aquí están organizados de forma alfabética e non ideolóxica, porque aquí poucas veces presenta variantes (só o fai nuns 20 casos) e porque aquí non as agrupa formando un grupo xerárquico, como adoita facer naquel, senón que as pon sucesivas e independentes ou, como moito, remite a elas polos seus números. Nalgúns casos ofrece aquí tamén paralelos noutras linguas.

Llópiz non explícita os criterios con que escolmou os refráns para elaborar este refraneiriño. É posible que botase man dunha escolma que el tivese feita de moitos anos atrás, cando tiña menos refráns, pero o certo é que inclúe algúns refráns recollidos por el con posterioridade ó concurso de Bibliófilos Gallegos. Sabémolo porque o fallo

¹ Realmente xa hai algunhas importantes incursións de Rodríguez Fer (RODRÍGUEZ 1994), de Alonso Montero (ALONSO 1997) e de Núñez Seixas (NÚÑEZ 2006).

do concurso dos Bibliófilos produciuse o 21 de marzo de 1955 e Llopiz inclúe aquí un fragmento de cantiga dos maios de Vilagarcía dese ano (*Gastan as rapazas medias de cristal inda que na casa non quede un rial*: ref. 252) e outro refrán recollido do Faro de Vigo do mes de agosto *Na serra un día é un ano máis de vida*: ref. 376).

Nesta época Llopiz estaba moi preocupado por ver publicado o seu refraneiro (do que xa debía ter algúns indicios negativos porque, como dixemos, manda un fascículo ó Boletín da Academia) e tamén por lle encontrar saída ó seu traballo lexicográfico inédito. Hai que sumar a isto que vive unha situación de certa penuria económica que se mitiga algo coas 12.000 pts. do concurso dos Bibliófilos Galegos e con estas *Pemias selectas*, que hoxe damos á luz, e coas que en 1956 consegue 5.000 (m/n arxentina) que corresponden ó Premio Castelao do Centro Galego de Buenos Aires. Alguén pode pensar que esas cantidades eran diñeiro naquela época, pero no mercado laboral da época os milleiros de horas que hai detrás dese traballo tiñan moito máis valor en moitos outros postos.

Pero lendo o pouco que conservamos da súa correspondencia, vese unha segunda penuria que el titanicamente pretende vencer: a de non ser ninguén. Non está queixoso de que persoas con menos horas de dedicación á cultura galega gocen de mellor consideración; está queixoso de non ter un paraugas (ou *ploro*, como lle chaman os refráns 193 e 263) que o protexa socialmente e que lle facilite os medios de traballo e publicación que considera merecer. O nomeamento en 1957 como Académico Correspondente en 1957 mitigará algo esta situación pero non impediu que morrese sen ve-la súa obra publicada e sen vence-lo dobre ostracismo político (perdera a confianza do Réxime e non conquisou a da oposición). Escribiu cartas pedindo papel para escribir e, na desesperación, chegou a ofrecer á Real Academia Española traduci-lo seu Refraneiro ó castelán.

Este é o contexto do manuscrito bonaerense que editamos con cincuenta anos de retraso.

Este manuscrito menor e de ocasión ten características do *Refraneiro* maior: orixinalidade (Llopiz recolle refráns que, en moitos casos, só el recolle), riqueza informativa (Llopiz pregunta ós informantes o significado de palabras menos frecuentes ou de valores funcionais dos refráns cando algunhas desas dúas cousas non é transparente e isto é unha das riquezas do seu traballo).

Hai, coma en tódolos refraneiros bloques de indicios útiles para planifica-la actividade agropecuaria, coma *Moitas chorimas no toxo, moita broa polo forno* (348); *Moitas estrelas a coruscar, frío crúo vai entra* (349); *Nadal sin lúa, de cen que levas, pegureiro, quedarache unha* (380); *Nubeiros altos auga train no rabo* (429); *Si en maio rula a perdís, ano felís* (612); *Si súas por maio terás pan pra o ano* (623); *Xiada con brétema, logo neva* (690) ou os que marcan os diferentes intereses de labregos e mariñeiros, coma *Maio ventoso, para o labrego formoso e para o mariño penoso* (311). Non faltan os refráns que funcionan como mnemotecnia de calendario coma *San Marcos, aos cinco, maio* (604); *Si por sománs vas contando, trece meses ten o ano* (619) nin falta a alusión á emigración americana: *Non hai xénea galega que unha ponla n'América non teña* (412). Hai observacións de moito sentido común (*Non tanto pano*

de Holanda á mesa e máis porco na caldeira (421) e hainas verbo das relacións home-muller, que non sempre cadran co tópico, coma *Na rúa, lobo bravo; e na casa, año* (375); *No lar onde a muller se asaña, o home non ten pau nin mans* (393); *O fume e a muller brava botan ao home dunha casa* (454); *O que a muller garda na casa val tanto como o que o home gana* (470); *Un home, de neno, é rei; e de mozo, capitán; de casado, pasa a besta e, de vello, queda en can* (658); *Verba leva nome de muller* (676). Pero o que sorprende é a proporción de refráns que falan de cogomelos nunha Galicia micófoba, coma *Choupín, cogordón, zaramela da rodela; para min, para ti, para santa Madanela* (148); *Chover miúdo, bo tempo pra os tortullos* (149); *Da noite á mañá o zarroto naz* (150); *Nunha noite naz o zarrote* (436); *Por abril, zarroutas mil; e por maio, zarroutas a carros* (557) e, sobre todo, sorprende a proporción de refráns económicos que hai nun conxunto tan pequeno: *Gana máis o que máis vende.* (250); *Home de pouco ufizo, pouca gananza* (267); *Máis custa facerse rico que moito rico* (314); *Os cartos son como a i-auga, leva toda cras de soufas* (517); *Perdendo tempo non se gaña diñeiro* (546); *Quen naceu para rial, anque entre pesos o poñas* (583); *Si queres saber o que custa o diñeiro, métete a pescador ou mineiro* (620); *Tanto val a marela como dan por ela* (631); *Tenda sin siara, nin regalada* (639); *Ti labrando e moendo i-eu mercando e vendendo* (643); *Todo non anda no ter e no querer, se non máis ben no saber* (649); *Vinte anos e vinte pesos duran pouco tempo* (681).

E, coma en tódalas coleccións, hai refráns que constitúen reflexións moi atinadas que non aparecen noutras coleccións: *Dixo a ira máis do que quería* (174); *Non lle dar creto a calquer nin queixarse sin razón, nin pedir o que han negar nin chorar polo que foi* (413); *Pra o xantar culler nunha man e garfelo na outra, e prá cea ca culler abonda* (568); *Quéimese a túa casa, mais que fume non saia* (575); *Si de cedo minte a semente, de serodio sempre* (611); *Todos nascemos ispidos, logo nos imos vistindo, uns con pano picote, outros con pano fino* (653); *Un día de obra, un mes de basoira* (657); *Vén a morte e non diz día* (671); *Verbas mainas, demos train nas raigañas* (677); *Zapateiro, dentes negros de tirar tanto cerol* (700).

Ende mal, a extraordinaria riqueza dos refraneiros de Llópiz queda mancada pola manipulación caprichosa que ocasionalmente e inexplicablemente fai dalgunhas palabras, aplicando regras que el inventaba no eido gramatical, como diremos nos apartados 3 e 5. Coidamos que lle facemos honor sinalando esas grallas menores e das que, en calquera caso, damos conta no aparato crítico, como é norma nesta revista.

3. A lingua do refraneiro

A pesar de que neste breve refraneiro son poucos os refráns para os que se indica a procedencia, a variedade de fenómenos fonéticos e de dialectalismos léxicos e morfolóxicos que atopamos en só 706 refráns confirman que as fontes son numerosas e diversas. Decidimos manter intacta esta riqueza fonética e dialectal así como, por coherencia, tódolos castelanismos e arcaísmos.

O léxico é rico, como procedente, na súa maior parte, da fonte limpa do uso oral, no que non faltan refráns que xogan coas palabras (*Á mala vivenda chámolle 'morrenda';* 11) ou que manteñen vivas palabras que infrecuentes no uso e mesmo infrecuentes nos

dicionarios, coma *agrelar* (*O home que sabe, logo agrela dos demais*; 460); *ataño* (*No ataño que ten buraco sempre se perde algún trago*; 391); *cerol* (*Zapateiro, dentes negros de tirar tanto cerol*; 700); *garfelo* (*Pra o xantar culler nunha man e garfelo na outra, e prá cea ca culler abonda*; 568); *güinchar* (*Demo non é porco e güincha*; 164); *intras* (*Amigo d'intras estou contigo*; 39); *iñarro* (*Galicia ten iñarros, mais tolos non*; *ploro* (*En abril, lama nas zocas e ploros a abrir*; 193); *romancar* (*Maio faino lourar e Santiago pono a romancar*; 305); *siara* (*Tenda sin siara, nin regalada*; 639); *soufa* (*Os cartos son como a i-auga, leva toda cras de soufas* (517); *taco* (*Berzas no bancal e nabos nun bon taco, xa tes xantar todo o ano*; 82); *tiscar* (*Onde entra a rella, logo tiscan ovellas*; 508); ou os que conservan un xénero másc. xa infrecuente (*Non ch'hai bon gado sen ferrán seitado* (404). Llópez era moi consciente de que na fraseoloxía hai un tesouro lexicográfico e por iso define 51 palabras ² e 21 fraseoloxismos ³ o que significa que máis do 10% dos refráns teñen notas lexicográficas que fan transparente o refrán (transparencia que non existiría, en certos casos, sen esa nota, como acontece cos 37, 48, 90, 127, 203, 335, 540, 560, 568, 611, 669). Se a iso lle sumámo-los 46 refráns que conteñen algunha explicación do seu significado ou función, decatámonos de que, aínda que este manuscrito sexa menor para Llópez, estamos ante un paremiólogo de categoría superior ó habitual: el non se limita a transcribir refráns que oíu senón que, cando pode haber algunha opacidade do significado ou do uso, pediu explicacións ós seus informantes e ofréceas ó lector, feito que o converte nun paremiólogo enciclopédico ademais de se-lo colector do conxunto paremiolóxico máis rico de Galicia.

A xigantesca información de Vicente Llópez fai máis sorprendente que, nalgúns casos esporádicos, cometa manipulacións (esporádicas, non sistemáticas) que se observan aquí e mais no *Refraneiro*. A primeira é a de utiliza-la forma *ei* por *é* (3ª sing. pres. ind. de *ser*) cando esta leva o dativo de interese enclítico (*eiche, eille*). A segunda é utiliza-la forma *ai* por *ha* (do verbo *haber*) na perífrase *haber de* + inf. (*ai de levarlle*). A terceira é *daino* por *dao* (152,153). A cuarta é modifica-la colocación do pronome átono contrariando as normas gramaticais, quizais porque o galego que tiña na cabeza era o de Ferrol onde este fenómeno é máis frecuente en ambientes militares maioritariamente castelanfalantes. Neste caso marcámo-lo refrán antepoñéndolle dous asteriscos (**) e sinalando despois a forma correcta. Parécenos clara a manipulación

² *abafo* (438); *aprovecer* (358); *argallo* (6); *arroleira* (253); *atolado* (85); *augaxa* (240); *axe* (78); *baldrugada* (491); *balduroso* (310); *baltrotar* (459); *bulló* (10); *cacho* (90); *chocallo* (666); *deligras* (688); *embodoar* (358); *ementa* (669); *esbarrifar* (618); *farna* (673); *ferrán* (404); *ferraña* (404); *gandaia* (459); *garoupa* (418); *gaveto* (253); *gorga* (606); *liñaceira* (571); *machada* (4); *marela* (42); *meda* (209); *milgrá* (175); *moicante* (235); *mourillán* (565); *muiña* (532); *nacha* (399); *noca* (399); *pallugueiro* (675); *pegollo* (469); *pipiño* (392); *relear* (18); *remoa* (4); *remoedora* (667); *resio* (395); *siara* (639); *soalla* (673); *soterrado* (209); *tarallo* (669); *tortullo* (149); *tulla* (209); *valgada* (367); *zarrote* (436); *zarroto* (150); *zarrouta* (557).

³ *abaixar os alpuernos* (494); *andar á baltrota* (459); *andar á gandaia* (459); *andar xorda* [a galiña] (692); *asollar o diñeiro* (504); *bico lañado* (65); *bolerca de avelá* (679); *de nación* (169); *garabano do ceu* (618); *inverno muiñeiro* (532); *ata-la escola* (559); *micar as cadelas* (124); *nai esgalmida* (381); *nenos folecho* (381); *pallas millas* (537); *sol roxo* (105); *tenda de meia tixela* (638); *vaca chocalleira* (666); *viño teso* (59); *xente latarenga* (689); *xulio xuliado* (223); *zaramela da rodela* (148).

nos 240, 334, 398, 416,451,502,505,507 e 521; caso diferente son algúns outros entre os que incluímos casos de cheísmo ⁴.

É infrecuente pero algunha vez inclúe inadvertidamente como refráns algunha locución (187, 344), algunha fórmula de profundo significado antropolóxico (159) ou non tanto (187), algún dialoxismo (334), algunha cantiga (20, 252), algún cantar ritual (148, 252), un trabalinguas probablemente axeitado do castelán (282) ou algunha frase sentenciosa de autor (*Pobo que a súa verba esquece é treidor á natureza* (de Manuel Lugrís Freire; 550) e outras quince máis ⁵. Unha vez inclúe un refrán probablemente castelán: *Tío que non dá, nin é tío nin é na* (645) e outro en latín escolástico: *Quod natura non dat, Sant-Iago non prestat* (592).

4. As referencias do manuscrito

Como dixemos, as fontes de Vicente Llópez son numerosísimas e ninguén antes dera axuntado tan inxente colección de fontes fraseolóxicas escritas (algunhas de case imposible localización hoxe) nin tivo ninguén tamaña cantidade de informantes directos. Isto verase con claridade o día que se edite o *Refraneiro* inédito e se estableza o listado exhaustivo das fontes. Lamentablemente perdéronse para sempre os seus ficheiros (ou, con certeza, unha boa parte).

Llópez ten tódalas trazas de citar de memoria en moitos casos, polo que aquí (e no *Refraneiro* inédito) hai dúas eivas: os títulos ou referencias das obras son sumarias e incompletas (e non sempre coincidentes) e, algunha vez, a cita fraseolóxica non é literal (quizá o caso máis chamativo sexa o refrán 521). A segunda eiva é común a tódolos fraseólogos da época ou anteriores: as citas xeográficas son aproximativas, de xeito que (*Valdoviño. Ferrol*), escrito por V. Llópez, quere dicir “recollido en Valdoviño, que está preto de Ferrol, localidade máis coñecida”; do mesmo xeito (Petelo. Porriño) supoñemos que debe entenderse como “recollido en Petelo(s) do concello de Mos, estremeiro co concello do Porriño”. Téñase en conta que ninguén dispuña daquela dun mapa de Galicia no que polo menos aparecesen tódolos concellos e tódalas parroquias de Galicia (iso só apareceu na fin do século XX xa que o mapa de Fontán en follas soltas, era pouco manexable e tiñano moi poucas persoas ou bibliotecas) e tampouco era doado acceder a un Nomenclátor completo que contivese tódolos lugares habitados de Galicia, con indicación de a qué parroquia e concello pertencen (iso só apareceu no principio do século XXI). As localizacións son, polo tanto, aproximativas en moitos casos. Supoñemos que o *Fingoyo* dos refráns 260 e 685 é Fingoi. Non demos localizado o Sabal do ref. 500. Con todo vese algún erro de vulto, como cando no ref. 615 parece referirse a Valga como próxima ó máis coñecido P. Cesures pero despistase e escribe P. Caldelas. Este tipo de fallos tamén proliferan no *Refraneiro* monumental e inédito.

⁴ *Á miña casa che levei, ti te quedache i-eu me botei* (15); *A que se case cun vello, o que lle cadra facer é esgurricharlle nos bolsos e lle non dar de comer* (20); *A quen ao pai coméronl'os lobos garde de non s'achegar ao souto* (21); *Anda, agullíña, non che me quedas; pontiño de Páscoa, choutiño de lebre* (50); *C'un que che vexa, che viu toda a aldea* (87).

⁵ 14, 69, 71, 104, 115, 169, 177, 183, 200, 317, 413, 433, 503, 594, 651.

5. Criterios de edición

5.1. Puntuación

Elimináronse moitas comas innecesarias colocadas entre suxeito e predicado, separando un obxecto indirecto ou complemento do resto da oración ou ben entre oración subordinada e principal curtas para marca-la rima do refrán: *A boa crianza, arreda da labranza. Confesa, trai penitenza. Cando o día crez, o frío arrequéz. Ao campo ben traballado, poucas veces vén mal ano.*

Con todo, a separación mediante comas mantense cando o verbo está elidido, cando se inverten os elementos da oración de xeito que o verbo queda moi afastado ou en posición final ou cando a brevidade do refrán non recomenda separa-la oración subordinada da principal: *En marzo marceiro, sol e chuveiro. Con esterco que ben cheira, ningunha colleita se perde.*

5.2. Acentuación

Aínda que a acentuación de Llopiz é, en xeral, asistemática, poden identificarse as seguintes pautas:

- moitos verbos e substantivos monosilábicos aparecen acentuados ben con til agudo ben con til circunflexo: *âr, bróa, céo, crêr, pón, tén...*
- non se marcan moitos hiatos: *duas, tua...* Pola contra, acentúanse outros que, segundo a norma actual, non precisan til: *abondóan, remóa...*
- faltan tiles diacríticos: *e (ser), mais, ven (vir)...*
- emprégase o til para marca-la abertura vocálica nalgunhas palabras: *bóa, córna, fôrte, nóso...*
- a contracción *con + a/o* márcase con til agudo (*cá, có*), a contracción *a (prep.) + a (art.)* márcase co til circunflexo (*â*) e a contracción de *para + a/o* non sempre se realiza (*pra o, pr'as*) e, cando se realiza, ás veces é acentuada (*prá/prâ* e *pró*) e outras non.

5.3. Uso do apóstrofo

O uso do apóstrofo neste pequeno refraneiro reflicte un fenómeno propio da fala galega. Dado que a marcaxe das sinalefas co apóstrofo era frecuente na época, decidimos conservalo a pesar de que na escrita actual non se contempla esta norma: *antr'os, d'intras, m'han, qu'enxoita, s'esboronda...* Só se eliminou o apóstrofo naqueles casos en que a norma vixente establece a aglutinación: *c'un, d'outros, n'ela...*

5.4. Uso do trazo

Cos pronomes enclíticos Llopiz emprega case sempre o trazo para separa-la vogal da forma pronominal: *axudal-o, fun-o, sel-o, ten-as...* Posto que na escrita actual verbo e mais pronome se aglutinan, estes trazos non se conservaron.

Si conservamos, en cambio, outros trazos que representan a fonética sintáctica: *non-o, pra-o...* así como na conxunción copulativa: *i-auga, i-eu, i-embicou...*

A segunda forma do artigo cambiámola de posición nos casos da segunda forma pronominal: *morrel-a besta > morre-la besta, pidímol-os ósos > pidímo-los ósos...*

5.5. O n velar

A grafía *-nh* é a maioritaria. Excepcionalmente redúcese a *-n* (*ninguna*).

5.6. O y grego

Polo xeral Llópez escribe *-i* latino, aínda que opta polo *-y* grego en palabras como: *alfayate, gayola*, etc., grafía que regularizamos.

5.7. Os b e v

A vacilación *b/v* era habitual no galego antes da aprobación das normas ortográficas actuais, razón pola que se mantén *bogar* entre outras. Só modificamos aquelas que na época xa non eran habituais (*vévedo, bizo*) e damos conta no aparato crítico.


5.8. O h

Llópez omite o *h* en moitas palabras: *an, ei, erba, orto, ospital, oubera, oxe...* Dado que neste caso non existía tal vacilación, corriximos esta grafía; e só nun caso a conservamos porque alteraría a orde ortográfica (*orto* no n. 515).

6. ¿Preludio da edición do gran *Refraneiro* inédito?

Gustaríanos que a edición deste pequeno manuscrito fose o preludio da edición dese *Refraneiro inédito*. Aínda que nel reaparecen as grallas que xa advertimos neste pequeno manuscrito, estas ensombrecen pero non desvalorizan unha obra longa (2.000 folios a dobre columna) que, en todo caso, debemos xulgar como obra paremiolóxica feita por un autodidacta, cando aínda non naceran practicamente os estudos fraseolóxicos en España. O *Refraneiro* inédito de Vicente Llópez é o maior tesouro paremiolóxico galego. A edición deste pequeno manuscrito no seu cincuentenario é unha pequena homenaxe a Vicente Llópez Méndez e quere merecer, de quen nolo pode conceder, o privilexio de prepara-la edición do seu *Refraneiro*. Para iso reiteramos publicamente o noso ofrecemento a quen corresponde.

7. Paremiæ selectas. Premio Castelaio do Centro Galego de Buenos Aires 1956



A

- 1 Abellón de orella, mais falaga que molesto.
"El Refrán Literario"
- 2 A boa crianza, arreda da labranza.
L. Otero Pimentel. *Explica la razón del absentismo en nuestros agros.*
- 3 A boa larada fai o bon pote.
M. Puça, "Picadillo", Pote gallego.
- 4 Acabar todo acaba o o diñeiro primeiro que nada.
R. Lois, "Difer da Xente"
- 5 A comida ben machada, moito axuda na remosa
"Machada", masticado; "remo", la digestion.
- 6 Adoitó boa mesa, testamento en merma.
A. M^a de las Casas, Refr. "Utréya" Conc. cast. La buena mesa testamento merma. (Conc. franc) Gros cuisine, petit testament. Conc. ingl) A jät kitchen makes a lean will. (Conc. ital) Grassa cucina, magro testamem. (Conc. alem) Kleine Küche grosses Haus.
- 7 A dreita, de Dios padre, a esquerda do xastre e do zapateiro de ninguna parte.
Los sastros trabajan con la mano izquierda y los zapateros con ambas manos.
- 8 A fame aguza o argallo.
"Argallo", ingenio industrial, inventiva.
- 9 A fougina na teira e o home na caza.
Vult et non vult piger. Vox obstantibus!
- 10 A gaita cando sona, às veces canta às veces chora.
"El Refrán Literario"
- 11 A goapa anda antr'as feax para parecer millor, a vella ponje antr'as novas por ver si colle un amor.
Couceiro Freijomil, "Do meu feixe"
- 12 Agóras de baillar, bailla sen tocar.
- 13 Â i-zuga parrulos! qu' enxoia o bullo!
"Bullo", estanque natural, charca de augas, alberca.
- 14 Alegria e paz é a liberta' sinceira, todo o demais é vento, uaindo', laceira.
"Epitoh" del Rey Bermudo.
- 15 Alí caminæn os pés, onde o corazón quer.
- 16 Alza o demo ao Solpor.
- 418 **Non queda atrás o que colle a garoupa.**
*Garoupa, grupa. (M. Castro Miño, *El Caballo en Galicia*. [Ms.: 402]).*

²⁶⁵ *ch'ai / gâdo, / ferran.*

²⁶⁶ *prá?*

²⁶⁷ *fógo.*

²⁶⁸ *pol-o / ...peso se non... / pol-os / rias.*

²⁶⁹ *dín.*

²⁷⁰ *...fiadora que....*

²⁷¹ *ai / verda.*

²⁷² *ai / xenea.*

²⁷³ *pol-o.*

²⁷⁴ *veses.*

²⁷⁵ *...bois que....*

²⁷⁶ *Non pode se ter un pe / â / vés.*

²⁷⁷ *lló / tén.*

- 419 **Non se chufa casamento sen as mil
mintiras dentro.**
([Ms.: 403]).²⁷⁸
- 420 **Non se poden sacar nabos do
púcaro sin s'escaldar.**²⁷⁸
(J. Sesto, *El Refrán y su sombra*. [Ms.:
400]).
- 421 **Non tanto pano de Holanda á mesa
e máis porco na caldeira.**²⁷⁹
([Ms.: 404]).
- 422 **Non te mirres, coiro vello, qu'inda
vales pra pandeiro.**²⁸⁰
([Ms.: 405]).
- 423 **¿Non te tostas nin te mollas? -Si
non o tes nin o roubas, vas a fío a
Valdecoullas.**²⁸¹
(M. Leiras Pulpeiro, *Rev. Galicia* 1892-93.
[Ms.: 407]).
- 424 **Non ten a pita auga pra beber e
convida ao parrulo ao baño.**²⁸²
(Avelino Rodríguez Elías, *Chistes gallegos*.
[Ms.: 406]).
- 425 **Non todo o que pon chisteira é
persona principal.**²⁸³
Alude a cocheros, lacayos, pompas
fúnebres, etc. ([Ms.: 408]).
- 426 **Non todos os que asubían son
arrieiros nin todos os que montan
son cabaleiros.**
(Avelino Rodríguez Elías, *Chistes gallegos*.
[Ms.: 410]).
- 427 **Non todos os que asubían son
castradores.**
([Ms.: 409]).
- 428 **Non val o inferno pra derguer
medeiros.**
([Ms.: 411]).
- 429 **Nubeiros altos auga train no rabo.**
([Ms.: 416]).
- 430 **Nubeiros altos, agros mollados.**²⁸⁴
([Ms.: 417]).
- 431 **Nun corpo pequeno moita alma
cabe.**²⁸⁵
(B. Barreiro, *El Proverbio romántico en
Galicia*. [Ms.: 702]).
- 432 **Nunca máis angueiras con forzas
teñas.**²⁸⁶
(S. Cabeza de León, *Miscelanea*. [Ms.:
418]).
- 433 **Nunca un solo bico colma o noso
afán.**²⁸⁷
(J. Rodríguez Lopez *Un bico*. [Ms.: 419]).
- 434 **Nunha boca pequena ¡moitos bicos
cabem!**
([Ms.: 420]).
- 435 **Nunha boca pequeniña tantos
bicos caben como nunha grande.**²⁸⁸
([Ms.: 421]).
- 436 **Nunha noite naz o zarrote.**
Zarrote, seta comestible, niscalo de
umbelina. ([Ms.: 422]).

²⁷⁸ pódense.

²⁷⁹ ...a mesa... / mais / porco.

²⁸⁰ Non te mirres coiro vello qu'inda....

²⁸¹ Non / tórtas(?) / tés.

²⁸² prá.

²⁸³ pón.

²⁸⁴ ...altos agros....

²⁸⁵ N'un / ...pequeno moito....

²⁸⁶ mais / forzas.

²⁸⁷ nóso.

²⁸⁸ pequenino,? / caben, / n'unha.

- 437 **Nunha terra de primeira colle unha enta de fabas e outra d'herba ferrañeira.**²⁸⁹
Cabén dos cosechas en el año, en las vegas gallegas de buena calidad, una de habas y otra de alcacer. ([Ms.: 423]).
- 438 **O abafó do pano nunca fixo dano.**
Abafo, abrigo. ([Ms.: 424]).
- 439 **O albeite de Portas, que mandaba sangra-las bestas mortas.**²⁹⁰
([Ms.: 425]).
- 440 **O amigo máis certo, do meu chan e do meu tempo.**²⁹¹
([Ms.: 426]).
- 441 **O amor ao namorado nunca lle pide pecado.**
(*El Proverbio romántico en Galicia*, B. Barreiro. [Ms.: 427]).
- 442 **O amor do home nunca foi nin é, é como o zapato ao saír do pé.**²⁹²
([Ms.: 428]).
- 443 **O amor quer que o roguen.**
(A. de las Casas, *Canc^o Pop Bol. Est. Gall. t. I.* [Ms.: 429]).
- 444 **O boi turrión leva sempre arrabuñado o coiro.**
([Ms.: 432]).
- 445 **O boi, como era mansiño, ao Neno Dios bafexou; a máa era malina, soilo comeu e rosmou.**²⁹³
(*Canc^o de Petelo, Porriño.* [Ms.: 431]).
- 446 **O bon fogo axuda ao pote.**²⁹⁴
- 447 **O bon galo, no pescozo e no tranco.**
([Ms.: 433]).
- 448 **O bon tempo está no pote, que en habendo que comer, chova ou trone, vinte ou neve, eso bo tempiño é.**²⁹⁵
(Jesús Taboada, *Folklore de Monterrey.* [Ms.: 434]).
- 449 **O ceo é que cura, que o médico cobra a fatura.**²⁹⁶
(Recuerda a Franklin. [Ms.: 445]).
- 450 **O corzo -dixo Falapouco- éche un coello con cornos.**²⁹⁷
([Ms.: 435]).
- 451 ****O diz un vello refrán: quen amora aperta a man.**
(*El Proverbio romántico en Galicia*, B. Barreiro. [Ms.: 436]).
[N. dos eds.: Obviamente este refrán está manipulado, porque a gramática esixe outra colocación do pronome átono: *Dio un vello refrán ...* ou *Diz un vello refrán...*].
- 452 **O fogo nunca diz abondo.**²⁹⁸
([Ms.: 703]).
- 453 **O frade ao fogo, logo faise folgo.**²⁹⁹
(*Val do Belelle, Neda - Ferrol.* [Ms.: 437]).
- 454 **O fume e a muller brava botan ao home dunha casa.**³⁰⁰
([Ms.: 438]).

²⁹⁴ fógó.

²⁹⁵ bó.

²⁹⁶ ...é que cura que... / fatúra.

²⁹⁷ eiche.

²⁹⁸ ...diz: abondo..

²⁹⁹ fógó / fólgo.

³⁰⁰ brava, / d'unha.

²⁸⁹ N'unha / primeira..

²⁹⁰ sangral-as.

²⁹¹ mais.

²⁹² e / saír / pe.

²⁹³ malina.

- 455 **O galo moitas mulleres ten, a ningunha mantén.**³⁰¹
([Ms.: 439]).
- 456 **O galo ten mulleres cantas quer, pero a ningunha mantén.**
([Ms.: 440]).
- 457 **O home fai muller.**
Home por marido, muller por esposa.
([Ms.: 441]).
- 458 **O home nada fai sin o nome.**³⁰²
(J. Monje, *El refrán literario*. [Ms.: 442]).
- 459 **O home naz pra traballar e non pra baltrotar.** *Homo nascitur ad laborem (Job, V 7).*
Baltrotar o gandaia, lo mesmo que andar á baltrota ou á gandaia, vagabundear, vaguear. ([Ms.: 443]).
- 460 **O home que sabe, logo agrela dos demais.** *Chi sa, è padron degli altri.*
(S. de la Iglesia, profesor. [Ms.: 444]).
- 461 **O home que ten que ser home debe saber tres partidas: facer moito, falar pouco e non gabarse na vida.**³⁰³
([Ms.: 704]).
- 462 **O inverno caroyal é intre Santos e Nadal.**
(Puente y Úbeda, *Meteorología popular* pag 257. [Ms.: 446]).
- 463 **O inverno é ido e o vran vindo ;malia do ben que nos fixo!**³⁰⁴
(Derivado de un adagio S. XVII segun A. Gonzalez Besada. [Ms.: 447]).
- 464 **O lume non ten frío.**³⁰⁵
(*Revista Gallega*, Pontevedra 1888. [Ms.: 448]).
- 465 **O máis amigo cha pega, n'hai máis amigo que Dios e un peso na faltriqueira.**³⁰⁶
([Ms.: 451]).
- 466 **O mar non ten sede.**
(*Revista Gallega*, Pontevedra 1888. [Ms.: 453]).
- 467 **O marido e o diaño non teñen cando.**³⁰⁷
([Ms.: 452]).
- 468 **O millor pra acabar ca mantida é acabar coila.**³⁰⁸
([Ms.: 455]).
- 469 **O pegollo ben feito non cai de vello.**³⁰⁹ FRANCÉS: *Un pot fêlé dure longtemps.*
Pegollo, pilastra, machón. ([Ms.: 466]).
- 470 **O que a muller garda na casa val tanto como o que o home gana.**³¹⁰
([Ms.: 467]).
- 471 **O que cala e obedece amólase dúas veces.**³¹¹
(X. Pla y Zubiri. Fig. en *Colección judeo-española* S. XVI, Kayserling. [Ms.: 470]).
- 472 **O que chora ten sentimento.**³¹²
(*Elexías, Rev. Galicia*, 1887. [Ms.: 468]).

301 *tén.*

302 *home.*

303 *tén / ...home debe saber....*

304 *vrán.*

305 *tén.*

306 *pega; / n'ai / mais.*

307 *diaño.*

308 *prá / cá / mantida / e / co-ila.*

309 *feito.*

310 *casa.*

311 *obedece.*

312 *tén.*

- 473 **O que dá prestes dá dúas veces.** *Bis dat qui cito dat.*
([Ms.: 471]).
- 474 **O que deixa a verba galega por colle-la castelá, colle madrasca i-enxeita a sua nai.**³¹³
([Ms.: 472]).
- 475 **O que derradeiro chega ao mesón panda ca cama pior.**³¹⁴
([Ms.: 491]).
- 476 **O que Deus axunta, o home non-o debe partir.**³¹⁵
([Ms.: 469]).
- 477 **O que é bo prá maca (chata) é malo pra-o pano.**³¹⁶
(Crisanto Soto, Prof. Esc. Normal Pontevedra 1901. [Ms.: 473]).
- 478 **O que fiache, en marzo non curache.**
(Noriega Varela, *Sabiduría popular*. [Ms.: 474]).
- 479 **O que manda, manda, por moi mal que o faga.**³¹⁷
([Ms.: 476]).
- 480 **O que moito emprende pouco atende.**³¹⁸
(*Fuco de Tabeayo, F. Tettamancy*. 1915. [Ms.: 477]).
- 481 **O que moito fala, moito marra.**
LATÍN: *In multiloquio non deerit peccatum* (*Libro de los Proverbios X*, 19).
([Ms.: 478]).
- 482 **O que n'outono se semea leva un ano de esterca.**³¹⁹
(*Bol. Sind. Agr.* [Ms.: 486]).
- 483 **O que non ten bens gardados non receia ser roubado.**³²⁰
([Ms.: 479]).
- 484 **O que non ten vergonza éntrase por cada porta.**
([Ms.: 480]).
- 485 **O que non vive de esperanzas vive de lembranzas.**
(Alvaro Cunqueiro. [Ms.: 481]).
- 486 **O que obedececala, inda que razón ll'abonde.**³²¹
([Ms.: 482]).
- 487 **O que por san Xoán enxofra, o mildeu non lle agoira.**³²²
Mildeu, enfermedad parasitaria de la vid.
([Ms.: 483]).
- 488 **O que pra si fía, súas son as mazarocas.**³²³
(J. Sesto, *El Refrán y su sombra*. [Ms.: 484]).
- 489 **O que se bota en outono leva un ano de abono.**
([Ms.: 485]).
- 490 **O que se parella se afeizo.** VARIANTE: *O que é parello se afeizo.* LATÍN: *Similis similem amat.*
([Ms.: 487]).
- 491 **O que tarde chega á pousada panda ca baldrugada.**³²⁴

³¹³ *colle-a / â.*

³¹⁴ *meson,.*

³¹⁵ *...Deus axunta o home...*

³¹⁶ *e / bó / prá / pra-o.*

³¹⁷ *...que manda manda por...*

³¹⁸ *emprende,.*

³¹⁹ *semea,.*

³²⁰ *tén.*

³²¹ *...obedececala inda... / razon.*

³²² *San Xoan / ...enxofra o mildeu...*

³²³ *sí.*

³²⁴ *â / pousada,.*

- Baldrugada*, relieve de comidas, fonduja de la olla. ([Ms.: 492]).
- 492 **O que tardeiro chega á pousada panda ca pior cama.**³²⁵ VARIANTE: *O que tardeiro chega á pousada, panda ca cama mais mala.* ([Ms.: 490]).
- 493 **O que ten a vaca, ise a munxe e a mama.** ([Ms.: 488]).
- 494 **O que ten bois co-iles abaixa os alornos.**³²⁶ *Abaixar os alornos*, salir al paso de las murmuraciones, eximirse de la crítica. (Couceiro Freijomil, *Miudenzas*. [Ms.: 489]).
- 495 **O queixo á cenlleira, a la ás texeiras.**³²⁷ ([Ms.: 475]).
- 496 **O sol polo vran leva ao vento da man.**³²⁸ ([Ms.: 503]).
- 497 **O suor róuballe quentura ao corpo.**³²⁹ ([Ms.: 507]).
- 498 **O toxo sempre che é toxo por frolexado qu'esteña.**³³⁰ (Leiras Pulpeiro, *Cantares*. [Ms.: 509]).
- 499 **O vello, pra non errar, ben che le polo pasado.**³³¹ ([Ms.: 512]).
- 500 **O viño de Sabal, pouco e mal.**³³² Sabal es localidade de Orense. [N. dos eds.: Hoxe non figura no Nomenclátor] ([Ms.: 513]).
- 501 **O vran de san Martiño dura o que un can en pasa-lo camiño.**³³³ (Crisanto Soto, Prof. Esc. Normal, Pontevedra 1901. [Ms.: 514]).
- 502 ****Ollando pra o chan se naz, se morre ollando ao ceo.**³³⁴ (Grandío, *Pensamientos*, Lugo. [Ms.: 449]). [N. dos eds.: Se isto é refrán, e non frase sentenciosa de autor, estaría, en calquera caso, manipulado, porque a gramática esixe outra colocación do pronome átono, maiormente no segundo membro: *mórrese ollando...*].
- 503 **Ollos azules en cara gallega sonche natureza.** Representa el abolengo céltico. (J. Rodríguez Lopez. [Ms.: 450]).
- 504 **Onde asollan o diñeiro tes de pasar vagariño.**³³⁵ *Asollar o diñeiro*, gastar bien el dinero. ([Ms.: 456]).
- 505 ****Onde canta un galo, coido queponse óvos.** (Heraclio Perez Placer, *Cousas da terra*. [Ms.: 457]). [N. dos eds.: Se isto é refrán, e non frase sentenciosa de autor, estaría, en calquera caso, manipulado, porque a gramática esixe outra colocación do pronome átono, maiormente no segundo membro: *coido que se pon ovos*].

³²⁵ á.

³²⁶ co-iles.

³²⁷ á / lá / as.

³²⁸ pol-o / vran,.

³²⁹ córpo.

³³⁰ ché.

³³¹ ...vello pra non... / lê / pol-o.

³³² puco?.

³³³ San Martiño / pasalo.

³³⁴ pra.

³³⁵ diñeiro, / tés.

- 506 **Onde come o marrau, [a] porca
deixa a maseira, mais nada queda
nela.**³³⁶
([Ms.: 458]).
- 507 ****Onde en pote mal lavado faise
caldo pr'outro día, n'é pobreza, é
porcaria.**³³⁷
([Ms.: 462]).
[N. dos eds.: Este refrán está manipulado,
porque a gramática esixe outra colocación
do pronomes átono, maiormente no
segundo membro: *Onde en pote mal
lavado se fai caldo...*].
- 508 **Onde entra a rella, logo tiscan
ovellas.**
En la rastrojera de cereales. ([Ms.: 459]).
- 509 **Onde hai sol recende ben a fro.**³³⁸
([Ms.: 705]).
- 510 **Onde mora o meu cariño ben cho
mo saben os pés.**³³⁹
(*El Proverbio romántico en Galicia*, B.
Barreiro. [Ms.: 460]).
- 511 **Onde non hai raparigos falta
agarimo, onde non hai vello
faltarán consellos.**³⁴⁰
([Ms.: 461]).
- 512 **Onde s'apuza a i-auga logo xurden
(puxan) prantas.**³⁴¹
([Ms.: 464]).
- 513 **Onde sintas pranto non entres
cantando.**³⁴²
- (J. Monje, *El refrán literario*. [Ms.: 463]).
- 514 **Onde un pensa que hai touciño, nin
tornas hai pra colgalos.**³⁴³
(Noriega Varela, *Refranes brañegos*. [Ms.:
465]).
- 515 **Orto e torto e muller de mal catar,
tense que saber catar.**³⁴⁴
([Ms.: 493]).
- 516 **Os amores do aldeano cando che
vén a ver: unha paxela con óvos e
nunca pasan de tres.**³⁴⁵
([Ms.: 494]).
- 517 **Os cartos son como a i-auga, leva
toda cras de soufas.**
(Couceiro Freijomil, *Miudenzas*. [Ms.: 495]).
- 518 **Os couces xurden da terra, dos
couces puxan as pólas, nas pólas
bronchan as emas, das emas saen as
follas.**³⁴⁶
Explicación sintético-vulgarizada del
desarrollo arbóreo en su aspecto externo.
([Ms.: 706]).
- 519 **Os cuñados é sangue que se
travesa.**
([Ms.: 496]).
- 520 **Os días non son egoales; como
campean os días, campean as
amistades.**³⁴⁷
(*El Proverbio romántico en Galicia*, B.
Barreiro. [Ms.: 497]).
- 521 ****Os fan cristiáns pra logo
traballar como mouros.**³⁴⁸
-
- ³³⁶ n'ela.
³³⁷ lavado, / ...n'é pobreza é porcaria..
³³⁸ ai / sol,.
³³⁹ pes.
³⁴⁰ ai / ai.
³⁴¹ i-auga,.
³⁴² pranto,.
-
- ³⁴³ ai / ai / colgal-os.
³⁴⁴ tórto.
³⁴⁵ ven.
³⁴⁶ polas.
³⁴⁷ ...son egoales, como... / ...os días campean....
³⁴⁸ cristians.

(Pie de un dibujo de A. R. Castelao. [Ms.: 498])

[N. dos eds.: Non demos localizado ese debuxo de Castelao pero dubidamos que o rianxeiro empezase a frase por un pronome átono. Con toda verosimilitude Castelao escribiu *Fanos cristiáns pra logo traballar como mouros* e Llópiz modificou a orde pola tendencia ferrolá a antepoñe-los pronomes).

522 **Os fillos, ao cabo, sonche un agoiro buscado.**³⁴⁹
([Ms.: 499]).

523 **Os ingratos ten mal fin, lembra que caeu do ceu un ingrato sarafín.**³⁵⁰
(*El Refrán Literario* J. Monje. [Ms.: 502]).

524 **Os máis pecadores andan sempre á confesa.**³⁵¹
([Ms.: 500]).

525 **Os mandamentos do pegureiro son cinco: primeiro, comer papas no caldeiro; segundo, comerlle a herba a todo o mundo; terceiro, durmir á noite ao sereo; cuarto, comerse o millor año; quinto, o que pasa no fato non decilo.**³⁵²
(*Rev. Tio Marcos da Portela*, Orense 1916. [Ms.: 707]).

526 **Os millores amoriños son os caladiños.**
(Ricardo Carballal, *Contos*. [Ms.: 501]).

527 **Os peixes queren viño, que pra auga xa vén del.**³⁵³

(J. Sesto, *El Refran y su sombra*. [Ms.: 504]).

528 **Os que se queixan e non lle doi, coidan que lles doi.**
([Ms.: 506]).

529 **Os santos que me suban, que pra embaixo sempre axudan.**³⁵⁴
([Ms.: 505]).

530 **Os valentes perden sempre.**
([Ms.: 508]).

531 **¡Ou centeo da mala cana!, axiña secas e tarde engraias. -Cala, mioludo, que, cando ti faltas, eu cumpro.**³⁵⁵
Rifan o pantrigo e mais o centeu. ([Ms.: 510]).

532 **Outono sereo, inverno muiñeiro.**³⁵⁶
Inverno muiñeiro, invierno de mucha *muiña* o lluvia de calabobos. ([Ms.: 511]).

533 **Ovella fóra do fato, o lobo sáelle ao paso.**³⁵⁷
([Ms.: 709]).

534 **Ovella fóra do toco colle o camiño do lobo.**³⁵⁸
([Ms.: 708]).

535 **Pabea mollada, inda que enxoite, ten mala malla.**
([Ms.: 515]).

536 **Pai preguiceiro saca aos fillos baltroteiros.**
([Ms.: 516]).

537 **Pallas millas fan medida.**

³⁴⁹ ...fillos ao cabo, sonche....

³⁵⁰ tén / de?.

³⁵¹ mais / á.

³⁵² ...cinco; Primeiro, comer... / decil-o.

³⁵³ ...queren viño que pra... / ven / d'el?.

³⁵⁴ ...me suban que pra...

³⁵⁵ Cala mioludo que cando ti falas eu cumpro..

³⁵⁶ seréo.

³⁵⁷ fora.

³⁵⁸ tóco,.

- Pallas millas*, pajuelas que se deslizan entre el grano de trigo. ([Ms.: 517]).
- 538 **Pan e leña, e o inverno como veña.**
([Ms.: 518]).
- 539 **Pan na eira, échelle o ollo a calqueira.**
([Ms.: 519]).
- 540 **Para enterros, Lugo.**
Tienen fama por su pompa y suntuosidad exageradas. (Gabriel M. Vergara *Diccionario de cant. y refranes*. [Ms.: 520]).
- 541 **Patrón descoidado, pescador trasmallado.**
Indicativo de lo penosa y peligrosa que es la pesca a *la traíña*. ([Ms.: 521]).
- 542 **Pau verde todo é fume.** LATÍN: *Viridi lignum quam maximo fumato* [N. dos eds.: sic. Quizais deba dicir *Viride lignum quam maxime fumatum*].
([Ms.: 710]).
- 543 **Pecado do bo non pasa de error.**³⁵⁹
([Ms.: 522]).
- 544 **Peita a cousa como gaita nun enterro.**³⁶⁰
([Ms.: 526]).
- 545 **Pelexo de ovella ten a barba tesa.**³⁶¹
([Ms.: 523]).
- 546 **Perdendo tempo non se gaña diñeiro.**
(A. de las Casas, *Refranero Ultraya*. [Ms.: 524]).
- 547 **Peso que vai e vén, ao seu dono mantén.**³⁶²
- ([Ms.: 525]).
- 548 **Pita que cacarexa, menos pesa.**³⁶³
Por que se ha librado del peso de un huevo. ([Ms.: 527]).
- 549 **Pita que come os ovos aunque lle creben o bico, sempre se botará a eles.**³⁶⁴
([Ms.: 528]).
- 550 **Pobo que a súa verba esquece é treidor á natureza.**³⁶⁵
(M. Lugrís Freire, *Vida Gallega*, 1915. [Ms.: 529]).
- 551 **Pola Asu[n]zón as derradeiras xeadas son.**³⁶⁶
([Ms.: 530]).
- 552 **Pola lei que che teño non te coidara, que os meus gasallos é que me fas falta.**³⁶⁷
([Ms.: 531]).
- 553 **Polo san Outel as primas augas de outono se ven.**³⁶⁸
(San Eleuterio, día 6 septiembre. [Ms.: 532]).
- 554 **Polo san Urbán, nogueiros a abalar.**³⁶⁹
(Rodríguez Marín, *Refranes de Almanaque* pag. 140 [Ms.: 534]).
- 555 **Polo san Urbán, o gavián na man.**³⁷⁰
-
- ³⁵⁹ *bó.*
³⁶⁰ *n'un.*
³⁶¹ *tén.*
³⁶² *ven / ...e ven ao seu....*
- ³⁶³ *...cacarexa menos....*
³⁶⁴ *croben? / botaráse?.*
³⁶⁵ *á.*
³⁶⁶ *Pol-a Asuzón.*
³⁶⁷ *Pol-a / ...que os meus gasallos....*
³⁶⁸ *Pol-o / San / Outel.*
³⁶⁹ *Pol-o / San / Urban.*
³⁷⁰ *Pol-o / San / Urban / gavian.*

- ([Ms.: 533]).
- 556 **Pombal i alciprés, un pazo é.**³⁷¹
(R. Cabanillas. [Ms.: 535]).
- 557 **Por abril, zarroutas mil; e por maio, zarroutas a carros.**³⁷²
Zarroutas, uno de los muchos nombres de la seta comestible. ([Ms.: 536]).
- 558 **Por detrás e por didiante, garde Dios ao almirante.**
(Daniel R. Novás, *Algunas voces marineras*. [Ms.: 537]).
- 559 **Por moito lata-la escola moitos paran na gaiola.**³⁷³
Lata-la escola, hacer novillos. ([Ms.: 538]).
- 560 **Por san Augusto o labrego salva o susto.**
San Augusto, 7 de octubre, cuando ya se ha acabado la recogida del grano y de la cosecha. ([Ms.: 539]).
- 561 **Por san Martiño, abilla a roupa que vén o frío.**³⁷⁴
([Ms.: 540]).
- 562 **Por san Nicolau, chuvias a vau.**
([Ms.: 541]).
- 563 **Por san Pablo o inverno alonga o rabo.**³⁷⁵
San Pablo Hermitaño, 15 de enero. ([Ms.: 542]).
- 564 **Por san Xoán o vinteún, o día máis longo que ningún.**³⁷⁶
([Ms.: 543]).
- 565 **Por san Xoán rapa o mourillán.**³⁷⁷
Mourillán, pulgón de las leguminosas, especialmente parásito de las habas. ([Ms.: 544]).
- 566 **Pra facenda que voa, unha abelleira.**³⁷⁸
(Ledo Gonzalez, *O cura das abellas*, Lugo 1927. [Ms.: 546]).
- 567 **Pra labrego non s'estudia, mais...se ten que saber.**
([Ms.: 545]).
- 568 **Pra o xantar culler nunha man e garfelo na outra, e prá cea ca culler abonda.**³⁷⁹
Las cenas conviene hacerlas muy ligeras y a base de sopas o puré. ([Ms.: 548]).
- 569 **Pra orquesta de orneos, contraponto de fungueiros.**
([Ms.: 547]).
- 570 **Prá xente moza non hai mal cociñado.**³⁸⁰
([Ms.: 549]).
- 571 **Puchiño con liñaceira non debe levarse á feira.**³⁸¹
Liñaceira, enfermedad bovina contagiosa. (Xavier Prado Lameiro. [Ms.: 550]).
- 572 **Que cante, que chore, primaveira nunca vén sen froles.**³⁸²
([Ms.: 553]).
- 573 **Que importa que o muiño ande se non hai grao na moega.**³⁸³

³⁷¹ y / alcipres.

³⁷² Por abril zarroutas mil e por maio zarroutas a carros..

³⁷³ latal-a / escola..

³⁷⁴ ven.

³⁷⁵ San.

³⁷⁶ San / Xoan / ...o vinteún o día... / mais / ningún.

³⁷⁷ San / Xoan / mourillan.

³⁷⁸ vóa.

³⁷⁹ xantar, / n'unha / prá / cá.

³⁸⁰ ai.

³⁸¹ á.

³⁸² ...cante que chore...

³⁸³ ande, / ai.

- (J. Sesto, *El Refrán y su sombra*. [Ms.: 552]).
- 574 **¿Que se entende por inferno? - Sogras, cuñadas e xenros.**³⁸⁴
([Ms.: 568]).
- 575 **Quéimese a túa casa, mais que fume non saía.**³⁸⁵
([Ms.: 551]).
- 576 **Quéixome porque me doi, que se non non me queixara, ¿quen é aquel que se queixa sin que non lle doia nada?**³⁸⁶
Es variante del núm. 528 [Ms.: 506]. (J. Sesto, *El Refrán y su sombra*. [Ms.: 554]).
- 577 **Quen cas mans non podese, acoda aos dentes.**³⁸⁷
(J. Sesto, *El Refrán y su sombra*. [Ms.: 556]).
- 578 **Quen chora polo Aninovo, chorará polo ano todo.**³⁸⁸
([Ms.: 557]).
- 579 **Quen da boa colleita non garda, chorará na mala.**³⁸⁹
([Ms.: 555]).
- 580 **Quen mal canta ben reza.**
(Figura en *Adagios Rollandiana* 1780. [Ms.: 558]).
- 581 **Quen moito vai á igrexa, algunha boa ten feita.**³⁹⁰
- (Leiras Pulpeiro, *Rev. Galicia* 1892-93 pag. 639. [Ms.: 559]).
- 582 **Quen n'Aninovo non estría, todo o ano fía.**
([Ms.: 560]).
- 583 **Quen naceu para rial, anque entre pesos o poñas.**
([Ms.: 561]).
- 584 **Quen no baile morreu ¿afellas que diverteu!**
([Ms.: 562]).
- 585 **Quen non se queira queimar, non vaa cabe do forno.**³⁹¹
(*Paremia S. XVII* segun A. Gonzalez Besada. [Ms.: 711]).
- 586 **Quen non sintiu máis que a campán da sua aldea, apenas sabe dun son.**³⁹² FRANCÉS: *Qui n'entend qu'une cloche n'entend qu'un son.*
([Ms.: 563]).
- 587 **Quen quer saber o que lle val o seu boi, véndao na feira e mérqueo despois.** LATÍN: *Semper seni iuveniculum subijce.*
([Ms.: 565]).
- 588 **Quen quera, vaia; quen non quer, manda.**
(J. Ramon Fernandez Oxea, Orense. [Ms.: 564]).
- 589 **Quen vaia poñer capoeira ten que contar ca pebida.**
([Ms.: 566]).

³⁸⁴ *Que.*

³⁸⁵ *tua / ...casa mais que....*

³⁸⁶ *por que / ...me doi que... / senon / ...me queixara ¿quen... / nada.*

³⁸⁷ *cás / ...non podese acoda....*

³⁸⁸ *pol-o / pol-o.*

³⁸⁹ *bóa.*

³⁹⁰ *a / bóa.*

³⁹¹ *...queimar non... / váa.*

³⁹² *mais / campan / de un / són.*

- 590 **Quer polo roncón quer polo punteiro, o que sal da gaita todo é vento.**³⁹³
([Ms.: 567]).
- 591 **Quixo o cacho castigar á pedra i-embicou nela.**³⁹⁴
([Ms.: 569]).
- 592 **Quod natura non dat, Sant-Iago non prestat.**
(Lugrís Freire, *Los proverbios gallegos*. [Ms.: 570]).
- 593 **Rapás con almallos novos, rego dereito e fondo; home vello con bois novos, nin dereito nin fondo.**³⁹⁵
([Ms.: 571]).
- 594 **Rapazas hai como estrelas, xuventú nos peitos fortes, ¡quen pensa en penas entr'elas!**³⁹⁶
(Evaristo Martelo Pauman, *Ruada*. [Ms.: 572]).
- 595 **Refaixo que arrabea e vergoña moita, píntanas roxas.**³⁹⁷
([Ms.: 573]).
- 596 **Rega á mañán, orto louzán.**³⁹⁸
([Ms.: 712]).
- 597 **Rega á mañá, leira louzá.**³⁹⁹
([Ms.: 713]).
- 598 **Remache que non rebique, rapariga que non chorar e peito que non se abre non se deben percurar.**⁴⁰⁰
([Ms.: 574]).
- 599 **Rincón por rincón, a ría de Corcubión.**⁴⁰¹
(Daniel R. Novas, *Algunas voces marineras*. [Ms.: 575]).
- 600 **Role a boliña prá miña casiña.**
([Ms.: 576]).
- 601 **Rombas ti porque n'hai outro.**⁴⁰²
LATÍN: *Praecipua poematis vel fabulae persona*.
([Ms.: 577]).
- 602 **Safa, arreda e arruma son tres cousas nunha.**⁴⁰³
([Ms.: 578]).
- 603 **Sagredo de dous queda en Dios, sagredo de tres pola rúa a ves.**⁴⁰⁴
([Ms.: 579]).
- 604 **San Marcos, aos cinco, maio.**⁴⁰⁵
([Ms.: 581]).
- 605 **San Xurxo, que en besta branca andou, algunha toca ll'atopou.**⁴⁰⁶
([Ms.: 580]).
- 606 **Semear gorga é ufizo do demo.**⁴⁰⁷
Gorga, cizaña. ([Ms.: 714]).
- 607 **Sempre é millor falar moito que traballar pouco.**
([Ms.: 582]).

³⁹³ *pol-o / pol-o.*

³⁹⁴ *Quiso / â / n'ela.*

³⁹⁵ *nóvos.*

³⁹⁶ *ai / ...peitos fortes ¡quen....*

³⁹⁷ *as pintan?.*

³⁹⁸ *â / mañan / ...mañan orto... / louzan.*

³⁹⁹ *â / ...mañá leira....*

⁴⁰⁰ *abre,.*

⁴⁰¹ *Ría.*

⁴⁰² *por que / n'ai.*

⁴⁰³ *cousas, / n'unha.*

⁴⁰⁴ *pol-a.*

⁴⁰⁵ *mayo / ...cinco mayo..*

⁴⁰⁶ *...Xurxo que en....*

⁴⁰⁷ *e.*

- 608 **Sendo a froita doce e sana, ¡que importa que sexan feas as raigañas!**⁴⁰⁸
([Ms.: 583]).
- 609 **Si a mentira pandara sisa poucos mintirás habería.**⁴⁰⁹
([Ms.: 586]).
- 610 **Si abril vén manso nunca hai mal ano.**⁴¹⁰
Abril siempre abre las puertas al año agrícola. (*Bol. Sind. Agra.* [Ms.: 585]).
- 611 **Si de cedo minte a semente, de serodio sempre.**
Mas veces se acierta sembrando temprano que tardiamente. ([Ms.: 587]).
- 612 **Si en maio rula a perdís, ano felís.**⁴¹¹
([Ms.: 591]).
- 613 **Si está mal fiado o fío, súas son as mazarocas.**
(J. Sesto, *El Refrán y su sombra.* [Ms.: 588]).
- 614 **Si foran leás os vermellos, o demo estaría no ceo.**⁴¹² LATÍN: *Si ruber est fidelis, diabolus est in caelis.*
Luzbel, antes de ser lanzado al Averno fulminado por el rayo de Dios, era un angel bueno. ([Ms.: 589]).
- 615 **Si hai brétema en Valga non se fai a matanza.**⁴¹³
Son gente muy reparona en cuestión de la matanza del cerdo que habrá que hacerla en día de muy buen tiempo sin calor, ni
- frio, lluvia, viento o niebla. (Potel Pardal, *Cuadernos Estudios Gallegos.* Valgo, Puente Caldelas. [Ms.: 584]).
[N. dos eds.: Valgo, Puente Caldelas (sic), quizais por P. Cesures].
- 616 **Si no maio non fas traballo, andarás co saco debaixo do brazo pidindo por todo o ano.**⁴¹⁴
(J. Sesto, *El Refrán y su sombra.* [Ms.: 590]).
- 617 **Si non podes travar, non arregañe-los dentes.**⁴¹⁵
(Avelino Rodríguez Elías, *Chistes gallegos.* [Ms.: 592]).
- 618 **Si o garabano do ceu esbarrifa e o labrego bota bo esterco, de viño enche-las pipas, de palla a meda e de grau o celeiro.**⁴¹⁶
Garabano do ceu, regadero del cielo; *esbarrifar*, asperger. ([Ms.: 593]).
- 619 **Si por sománs vas contando, trece meses ten o ano.**⁴¹⁷
([Ms.: 595]).
- 620 **Si queres saber o que custa o diñeiro, métete a pescador ou mineiro.**
([Ms.: 715]).
- 621 **Si queres ter paz na horta, tapa o buraco da porta.**⁴¹⁸
([Ms.: 716]).

⁴⁰⁸ ...e sana ¡que...

⁴⁰⁹ *mintirans / abería.*

⁴¹⁰ *ven / ai.*

⁴¹¹ *perdis.*

⁴¹² *céo / diabolus.*

⁴¹³ *ai.*

⁴¹⁴ *có.*

⁴¹⁵ *arregañel-os.*

⁴¹⁶ *enchel-as.*

⁴¹⁷ *somans.*

⁴¹⁸ *tér / orta / pórtta.*

- 622 **Si queres ver ao rei no seu reino,
olla ao labrego traballar no seu
leiro.**
([Ms.: 596]).
- 623 **Si súas por maio terás pan pra o
ano.**⁴¹⁹
(J. Sesto, *El Refrán y su sombra*. [Ms.:
597]).
- 624 **Si tes fillas na casa e froita na
horta, non deixar aberta a porta.**⁴²⁰
([Ms.: 718]).
- 625 **Sin terras nin mañas non se ten
nada.**
(Angel Lázaro, poesía *Lonxe*. [Ms.: 594]).
- 626 **Susto mexado, millor que
sangrado.**
([Ms.: 598]).
- 627 **Talliscas pequenas acesan o fogo,
foupas e cepos o manteñen logo.**⁴²¹
([Ms.: 719]).
- 628 **Tamén a mouriña dai-o leite
branco.**⁴²²
Mouriña, vaca de piel prieta. ([Ms.: 599]).
- 629 **Tan malo é traspasar como non
chegar.**⁴²³
([Ms.: 600]).
- 630 **Tan verdiña é a herbiña do
cimiterio como a do regado
lameiro.**⁴²⁴
(Fray Aurelio Pardo, O. P. [Ms.: 601]).
- 631 **Tanto val a mabela como dan por
ela.**
([Ms.: 721]).
- 632 **Tecedeira e bailladeira nunca
teñen pés á queda.**⁴²⁵
([Ms.: 605]).
- 633 **Tecelán e bailladeiro non poden ter
os pés quedos.**⁴²⁶
([Ms.: 606]).
- 634 **Tempo contado logo pasa.**⁴²⁷
(M. Valladares, Rev. *Galicia* 1887. [Ms.: 602]).
- 635 **Ten cen anos miña avoa
compridos, e ben compridos cicais
polo pan de broa.**⁴²⁸
(Xavier Montero, *Triadas*. [Ms.: 607]).
- 636 **Ten dúas grorias o tenreiro, zugar
e berrar no cortello.**⁴²⁹
([Ms.: 608]).
- 637 **Ten máis conta ser labrego do que
artesán sin facenda.**⁴³⁰
([Ms.: 609]).
- 638 **Tenda de meia tixela, cagada das
moscas nas zarrapelas.**
Tenda de meia tixela, tienducho de poca
parroquia; *zarrapela*, ornatos de papel.
([Ms.: 604]).
- 639 **Tenda sin siara, nin regalada.**
Siara, parroquia acreditada. ([Ms.: 603]).
- 640 **Teño tres vaquiñas: dúas son
alleas, a outra non é miña.**⁴³¹

419 *prao-o*.

420 *tés / órta / ...órta non... / deixal-aberta a porta*.

421 *lómo*.

422 *Tamen / mouriña, / leita / branca*.

423 *e*.

424 *...cimiterio como a do...*

425 *á*.

426 *bailladeiro*.

427 *contado*.

428 *aboa / ...compridos e ben... / pol-o / bróa*.

429 *Tén*.

430 *Tén / mais*.

431 *...vaquiñas, dúas... / alléas / ...alléas a outra...*

- ([Ms.: 610]).
- 641 **Terra boa, terra mala, cada unha ca súa anada.**⁴³²
([Ms.: 611]).
- 642 **Testo ten que ser o vrao que pasa alén san Bernardo.**⁴³³
([Ms.: 612]).
- 643 **Ti labrando e moendo i-eu mercando e vendendo.**
(R. Lois, *Ditos da xente*. [Ms.: 613]).
- 644 **Tintureiro, carreta auga e tira diñeiro.**
([Ms.: 720]).
- 645 **Tío que non dá, nin é tío nin é na.**⁴³⁴ *Como o tío de Meirás que nin é tío nin é ná.*
([Ms.: 614]).
- 646 **Tio que non dá, tanto me ten, tanto me dá.**⁴³⁵
([Ms.: 615]).
- 647 **Tocando a cousa de amores, dan moito promo por prata.**⁴³⁶
(Avelino Rodríguez Elías, *Vida Gallega*. [Ms.: 616]).
- 648 **Toda frol quer ser froito.**
(Francisca Herrera, *Mulleres*. [Ms.: 617]).
- 649 **Todo non anda no ter e no querer, se non máis ben no saber.**⁴³⁷
([Ms.: 619]).
- 650 **Todo o dos outros semella millor que o noso.**⁴³⁸ LATÍN: *Domestica negligimus, transmarina quaerimus.*
([Ms.: 620]).
- 651 **Todo o que non trai morte fai forte.**⁴³⁹
(Alvaro Cunqueiro, derivado de un pensamento de Nietzsche. [Ms.: 621]).
- 652 **Tódolos camiños levan á porta.**⁴⁴⁰
CASTELÁN: *Todos los caminos conducen a Roma.*
(J. Sesto, *El Refrán y su sombra*. [Ms.: 618]).
- 653 **Todos nascemos ispidos, logo nos imos vistindo, uns con pano picote, outros con pano fino.**⁴⁴¹
(J. Otero Pimentel, *Xan d'Outeiro*. [Ms.: 622]).
- 654 **¿Tres cregos? Nó ao lenzo.**⁴⁴²
([Ms.: 623]).
- 655 **Troca de meiciñas empez a curanza.**⁴⁴³
([Ms.: 624]).
- 656 **Un burro carregado de libros non é doutor.**
([Ms.: 631]).
- 657 **Un día de obra, un mes de basoira.**
([Ms.: 632]).
- 658 **Un home, de neno, é rei; e de mozo, capitán; de casado, pasa a besta e, de vello, queda en can.**⁴⁴⁴

⁴³² *bó*a / ...*bó*a terra... / *cá*.

⁴³³ *sel-o*.

⁴³⁴ *llé* / *llé* / *ná*.

⁴³⁵ *tén*.

⁴³⁶ ...*amores dan moito*...

⁴³⁷ *tén??* / ...*querer se non*... / *mais*.

⁴³⁸ *Nó*so / *Doméstica*.

⁴³⁹ *morte*, / *fó*rte.

⁴⁴⁰ *Todo*-os / *à* / *pó*rta.

⁴⁴¹ ...*picote outros*...

⁴⁴² *Trés*.

⁴⁴³ *meiciñas*,

⁴⁴⁴ *Un home de neno e rei e de mozo capitán, de casado pasa a besta e devello queda.*

- ([Ms.: 722]).
- 659 **Un tallo non fai escola.**
(V. Risco, *Notas para un refranero popular*.
[Ms.: 633]).
- 660 **Unha barruza non fai inverno.**
Barruza, lluvia pesada y lenta que empapa
los terrenos. ([Ms.: 625]).
- 661 **Unha folla pouco tapa.**
Alude a la hoja de parra. (J. Rodríguez
Lopez, *O liño*. [Ms.: 626]).
- 662 **Unha mala hora leva o que nun
ano se logra.**⁴⁴⁵ *VARIANTE: O que n'un ano
se logra, pérdese n'unha mala hora.*
(Couceiro Freijomil, *Do meu feixe*). *LATÍN:*
*Labitur exiguo, quod partum est tempore
longo.*
[Ms.: 627]).
- 663 **Unha noite sola é pasadoira.**
([Ms.: 628]).
- 664 **Unha zoca é comadre da outra.**
([Ms.: 630]).
- 665 **Unhas bodas compón outras.**
([Ms.: 629]).
- 666 **Vaca chocalleira colle a dianteira.**
Vaca chocalleira, vaca madrina de un ható,
que lleva *chocallo* o *cencerro*. ([Ms.:
634]).
- 667 **Vaca remoedora, leite é toda.**
Remoedora, rumiadora. ([Ms.: 635]).
- 668 **Vaca suiza, corna cornicha; vaca
galega, corna gallardeira.**⁴⁴⁶
([Ms.: 636]).
- 669 **Vaquíñas de Deus, ementas de
balde, pró ano que vén outro tarallo
vos garde.**⁴⁴⁷
En boca de un pastor despedido que se
separa con sentimento del ható que
cuidaba. *Ementas*, salario pastoril; *tarallo*,
monigote, testafarro de quien se abusa.
([Ms.: 637]).
- 670 **Vella que zuga os grelos, zuga os
dedos.**
*VARIANTE: Vella que proba os grelos, zuga
os dedos.* (*Sabiduría popular* de Noriega
Varela. [Ms.: 723]).
- 671 **Vén a morte e non diz día.**⁴⁴⁸
(*El Proverbio filosófico Cuad. Estudios
Gallegos*. [Ms.: 724]).
- 672 **Vento das illas Ons nunca son
bons.**
(Sampedro y Folgar, *Refranero de
Pescadores*. [Ms.: 638]).
- 673 **Vento e soalla, xeira da farna.**
Soalla, solanera; *farna*, fecundación
vegetal. ([Ms.: 639]).
- 674 **Vento mareiro, nunca bo horteiro.**⁴⁴⁹
([Ms.: 640]).
- 675 **Vento quente, sempre falagueiro,
lévase o grao e deixa o pallugueiro.**
Pallugueiro, paja semipulverizada que deja
la espiga cuando se malogra por
sofocación. ([Ms.: 641]).
- 676 **Verba leva nome de muller.
(femia)**⁴⁵⁰
([Ms.: 642]).

⁴⁴⁵ *n'un / exiquo.*

⁴⁴⁶ *Vaca suiza, córna cornicha, vaca galega córna
gallardeira.*

⁴⁴⁷ *ven.*

⁴⁴⁸ *mórte / día.*

⁴⁴⁹ *...mareiro nunca... / bó / orteiro.*

⁴⁵⁰ *Verba.*

- 677 **Verbas mainas, demos train nas raigañas.**
([Ms.: 646]).
- 678 **Verbas mansas, train o demo nas entranas.**
([Ms.: 645]).
- 679 **Verbas vaas roxen como bolercas de avelás.**⁴⁵¹
Bolercas de avelás, avellanas hueras.
([Ms.: 643]).
- 680 **Vergoña de demo, rápea o demo.**
([Ms.: 644]).
- 681 **Vinte anos e vinte pesos duran pouco tempo.**
(Avelino Rodríguez Elías, *Chistes gallegos*. [Ms.: 647]).
- 682 **Vólvese o d'atrás pra diante, o pobre do labrador ha ter quen lle cobre e mande.**⁴⁵²
(Couceiro Freijomil, *Miudenzas*. [Ms.: 648]).
- 683 **Vran na montaña empeza en Santiago e acaba en santa Ana.**⁴⁵³
Santiago Apostol y santa Ana, respectivamente 24 y 25 de Julio. Es decir, que en la sierra solo se goza de cuarenta y ocho horas de verano efectivo. (Alvarez Limeses, *Clima de Pontevedra*. [Ms.: 649]).
- 684 **Xa pasou o día qu'eu riscaba e cusía.**
([Ms.: 650]).
- 685 **Xaneiro lle tira o sebo, febreiro o desuca e marzo panda ca culpa.**
(Estación Pecuaria Regional de Fingoyo. [Ms.: 725]).
- 686 **Xastre de chasco, mendrello o pano.**⁴⁵⁴
([Ms.: 651]).
- 687 **Xenros e noras, dos meus fillos son familia, mais non da miña.**⁴⁵⁵
([Ms.: 653]).
- 688 **Xente agastadiza n'entende de deligras.**
Deligras, cosquillas. ([Ms.: 652]).
- 689 **Xente latarenga, sexa pobre sexa rica, atópase de feira en feira.**
Xente latarenga, feriantes, chalanes. (Noriega Varela, *Refranes brañegos*. [Ms.: 726]).
- 690 **Xiada con brétema, logo neva.**
VARIANTE: *Neboeiro e xiada, en nevada para*.
([Ms.: 654]).
- 691 **Xolda de onte, cotadas de hoxe.**⁴⁵⁶
Las juergas del víspera, traen estas cabezadas de sueño. ([Ms.: 655]).
- 692 **Xordas andan as pitas polas vindimas.**⁴⁵⁷
Xordas, atendiendo a que no cacarean, pues estan en el período de la muda y dejan de poner. ([Ms.: 656]).
- 693 **Xuncras te valla, pastor alleeiro, a túa maiola ao lobo fai carniceiro.**⁴⁵⁸
(J. Vidal Lois, *Expresiones y modismos Alto Miño-Lea*. [Ms.: 727]).

⁴⁵¹ váas.

⁴⁵² prá / tér.

⁴⁵³ Vrán / Santa.

⁴⁵⁴ ...chasco mendrello....

⁴⁵⁵ ...noras dos....

⁴⁵⁶ oxe?.

⁴⁵⁷ pol-as.

⁴⁵⁸ ...valla pastor... / tua.

- 694 **Xuvenco gordeiro antes vai ao matadeiro.**
([Ms.: 657]).
- 695 **Zapateiro aos teus chancos.**
([Ms.: 658]).
- 696 **Zapateiro de primeira é morrer á derradeira.**⁴⁵⁹
(Fig. en *Refr. Gral Ideológico* Martínez Kleiser num 64996. [Ms.: 729]).
- 697 **Zapateiro mal calzado, xaste mal traxado.**
([Ms.: 661]).
- 698 **Zapateiro mendeiro come tripas de carneiro.**⁴⁶⁰
([Ms.: 662]).
- 699 **Zapateiro solón, bótame aquí un tacón.**
([Ms.: 665]).
- 700 **Zapateiro, dentes negros de tirar tanto cerol.**⁴⁶¹
([Ms.: 659]).
- 701 **Zapateiro, gado reles, tende sempre conta deles.**⁴⁶²
([Ms.: 660]).
- 702 **Zapateiro, pés dispidos, alfaiate mal vistido.**⁴⁶³
(De *Cofradía de Alfayates* de Betanzos. [Ms.: 663]).
- 703 **Zapateiro, ¿por que choras? - Porque non teño obras.**⁴⁶⁴
([Ms.: 664]).
- 704 **Zapatíño de charó, nin prá chuvia nin pra o sol, nin pra o frío nin pró calor.**⁴⁶⁵
([Ms.: 730]).
- 705 **Zoquiños noviños enfoncha ao neniño.**
Alude a los niños presumidos. (Méndez Brandón, *Frangullas*. [Ms.: 731]).
- 706 **Zreixa a zreixa s'esmocha a cerdeira.**
([Ms.: 666]).

8. Bibliografía

- ALONSO MONTERO, Xesús (1997): *Os poetas galegos e Franco (Estudio e antoloxía)*. Akal, Madrid.
- FERRO RUIBAL, Xesús (1997): “Centenario de Vicente Luís Llópez Méndez” en *Paremia* 6,1997,205-206.

⁴⁵⁹ e? / â.

⁴⁶⁰ mendeiro,.

⁴⁶¹ Zapateiro dentes... / ...negros de...

⁴⁶² Zapateiro gâdo... / gâdo / d'eles.

⁴⁶³ Zapateiro pés...? / alfayate.

⁴⁶⁴ Zapateiro ¿por....

⁴⁶⁵ pra-o / frío.

- FERRO RUIBAL, Xesús (1997): "Centenario de Vicente Luís Llópez Méndez" en *Paremia* 6,1997,205-206.
- LLÓPIZ MÉNDEZ, Vicente ⁴⁶⁶ (1935-1936): "Diccionario castellano gallego. Contiene todas las equivalencias de uso corriente en Galicia, Valle del Navia, El Bierzo y Sanabria, palabras del gallego antiguas tomadas de documentos históricos y formas castellanizadas que se emplean en el lenguaje popular" en *Galicia en Madrid*, 37, 1935:1-4 [*ab-abducción*]; 38, 1935:5-12 [*abducir-accidental*]; 39, 1935:13-20 [*accidentalmente-afección*]; 40, 1935:13-20 [*accidentalmente-acrebite*]; 41, 1935:21-28 [*acrecencia-adnotación*]; 42, 1936:29-36 [*adobado-agarraderas*].
- (1955): "La abeja en la paremiología" en *Boletín de la Real Academia Gallega* XXVI, 301-308, 1955, 107-130 ⁴⁶⁷.
- NÚÑEZ SEIXAS, Xosé M. (2006): "Identidade e propaganda na Galicia dos sublevados. 'Mariscos' en pé de guerra" en *Grial* 170,2006,64-81.
- RODRÍGUEZ FER, Claudio (1994): *A literatura galega durante a guerra civil (1936-1939)*. Xerais, Vigo.

⁴⁶⁶ BILEGA (<http://www.cirp.es/bdo/bil/bilega.html>) informa de que ten paxinación propia, independente da que lle corresponde á revista; que se repiten as páxinas dos núms. 39 e 40 porque o autor decidiu incluír novas voces e que quedou interrompido na voz agarraderas.

⁴⁶⁷ Publicado como se dixo no ap. 1 co nome de V. López M. Esperante.

Frases feitas do Cachafeiro (Forcarei)

Margarita López Barreiro

O Cachafeiro, lugar do concello de Forcarei duns cento vinte veciños na actualidade, está situado nun punto privilexiado do interior de Galicia onde se xuntan as estradas que comunican Lugo con Pontevedra e Ourense con Santiago de Compostela. As distancias aproximadas que separan o lugar destas catro poboacións son de trinta e oito quilómetros a Pontevedra, sesenta a Ourense, noventa a Lugo e cincuenta a Santiago. Debe ser por iso que ao estar o lugar ben comunicado foron chegando aquí miles de verbas entretecidas doutras tantas formas que deron lugar a numerosas expresións das cales ofrezco aquí esta pequena mostra¹.

A maioría destas frases foron recollidas dos meus familiares e veciños e espero que este traballo poida servir para que se difundan, aínda que só sexa unha miguiña, polo resto da xeografía do noso país. Quero aproveitar para agradecer a axuda que me prestaron os meus pais, Áurea Barreiro Rivas e Xaime López Varela, na explicación de moitas expresións, e, en especial, o seu fermoso agasallo de me transmitiren dende que nacín esta maneira de comunicar e de vivir.

O galego que se fala no Cachafeiro pertence ao chamado bloque central, do que podemos destacar os seguintes trazos: a) Plural dos nomes acabados en *-n*: *ladrós, cas, xardís*. b) Terminación *-ao(s)* no masculino de palabras como *irmao, vrao* ou *chao*. c) Ditongo *oi* en palabras como *moito, escoitar, loita, troita, noite, oito* ou *coiro*. d) Existencia de gheada (*ghato*) e ausencia de seseo, mesmo parcial (*luz, dez, rapaz*). e) Formas verbais *colliches, vendiches*. f) Formas dos demostrativos neutros con *e-* (*esto, eso, aquilo*). Por outra parte, hai unha serie de formas que o achegan ao galego occidental: a terminación *-án* para o feminino en palabras como *miña irmán, ran* ou

¹ Este traballo inscríbese nun proxecto do Departamento de Galego da Escola Oficial de Idiomas de Vigo que consiste en recoller expresións e refráns da fala actual coa intención de espallar o seu coñecemento. Comecei a recolla no ano 2002 cando cursaba 4º de galego e desde entón ata hoxe non deixei de incorporar novas expresións ao meu traballo.

lan e o pronome *ti* no lugar de *tu*. Outros trazos característicos da nosa fala son, nos verbos acabados en *-ir*, formas como *subeu, parteu, viveu*, etc., ou o uso do verbo *caír*. En relación con este aspecto, manteño nos lemas os escasos trazos dialectais non coincidentes coa norma actual, aínda que non fago o mesmo nos exemplos. En concreto, esas formas son *caír, lan, pareu, ran, vrao* e o demostrativo *eso*. Neste último caso, manteño a forma tamén no exemplo na expresión *todo eso por medio peso*, que loxicamente perdería a “rima” se se substituíse *eso* por *iso*..

Abreviaturas e símbolos:

COL.: coloquial

fór.: fórmula rutineira

HUM.: humorístico

IRÓN.: irónico

loc. adv.: locución adverbial

loc. adx.: locución adxectiva

loc. sub.: locución substantiva

loc. ver.: locución verbal

PEX: pexorativo

VUL.: vulgar

#: forma como foi oída a expresión

(A) cada un o seu (-dixo o que roubaba) *fór.* COL. [Dise cando alguén se equivoca (a favor ou en contra) pagando algo ou cando desconfiamos de que se nos queira beneficiar ou prexudicar con respecto aos máis. Tamén cando se colle algo que non é dun. A segunda parte pode dicila outra persoa. Úsase tamén xogando ás cartas cando se fai ao final o reconto e hai dúbidas canto a que estea ben feito]. *Vaia, xa me dabas de máis! Ai, non ho, cada un o seu dixo o que roubaba!* | *-Que flores máis fermosas ten Marica no xardín. -Non llas collas que non lle gusta. -Bah, bah, a cada un o seu, dixo o que roubaba.*

a contragusto *loc. adv.* Contra a vontade ou o desexo propio ou doutra persoa. *Deixou de ir a balonmán porque ía a contragusto.*

a darlle co zoco *loc. adv.* COL. En abundancia, en moita cantidade. *Este ano houbo patacas a darlle co zoco.*

A fame voando *fór.* COL. [Dise referido a quen presume de saber facer algo para o que non está capacitado]. - *Hoxe fixen eu a comida. -A fame voando.*

a pé 1. *loc. adv.* Andando, camiñando. *Fomos a pé deica a praia e tardamos unha hora. 2. loc. adx.* Levantado, sen estar deitado. *Cando chegamos era noite pecha mais aínda os atopamos a pé. | Inda andades a pé a estas horas?*

A que santo se lle reza? *fór.* COL. [Úsase para preguntar sobre a causa de algo que non é moi frecuente, equivale a “cal é o motivo?”]. -*Hoxe convidáronme a xantar á súa casa. -Anda! E a que santo se lle reza?*

Abaranta pernas, abaranta zancas, que neste mundo son todas trampas *fór.* COL. [Díselle normalmente a un neno ou nena para que se levante].

Abernuncio, san Silvestre, meigas fóra! *fór.* COL. [Úsase para dar a entender que se detesta algunha cousa ou expresa un sentimento de horror e aversión con que se protesta dalgún feito. Tamén se di cando alguén espirra]. *Abernuncio, san Silvestre, meigas fóra! Que foi ese ruído?*

Agora si que (a) foi! *fór.* IRÓN. [Expressa asombro, desgusto, desaprobación ante algo que se considera absurdo]. *Agora si que che foi! Iso non é certo, que estaba eu alí e vino cos meus ollos!*

Ai hoxe! *fór.* COL. [Expressa contrariedade ou desgusto leve, úsase xeralmente cando algo sae mal repetidas veces]. *Ai hoxe!, xa me trabuquei outra vez no mesmo!*

aos biosbardos / nos biosbardos *loc. adx.* COL. Moi distraído, moi despistado, sen decatarse do que ocorre. [Úsase con verbos como *andar* ou *estar*]. *Anda aos biosbardos, non pensa no que lle mandaches.*

arder nun candil *loc. ver.* COL. Ser de calidade, bo. [Aplícase sobre todo ao viño, a licores ou a comidas]. *Aquel cocido do domingo ardía nun candil, a ver cando comemos outro igual.*

Arre carallo! *fór.* VUL. [Expressa admiración ou sorpresa]. *Arre carallo, se che parece pide máis aínda!*

Arre demo! *fór.* COL. [Expressa admiración ou sorpresa]. *Arre demo! A ese prato haslle ter que poñer ladrails. Moito botaches!*

Arriba, cu de media libra! *fór.* COL. [Díselle normalmente a un neno ou nena ao axudalo a erguerse]. *Arriba, cu de media libra, que xa son horas!*

Benia a nai que te/o... pareu/fixo! *fór.* [Expressa louvanza ou agradecemento cara a alguén]. *-Hoxe acompañoa eu ata a casa para que non vaia soa. - Benia a nai que te fixo, miña filla, que xeitosiña es.*

bo para ir buscar a morte *loc. adx.* COL. IRÓN. Moi lento en facer algo. *Este meu fillo era bo pra ir buscar a morte. Non acaba nunca!*

botar soberbias *loc. ver.* COL. Vangloriarse, alardear; falar mal doutros ou facer críticas doutros que poden chegar a facer de nós ou que poden volverse contra nós. *-O fillo do Xosé este ano suspendeu todas as materias. -Que parviolo é. -Non botes soberbias que che poden caer na boca.*

buscar un da capa negra en Santiago *loc. ver.* COL. Procurar algo moi difícil de achar. *-Marchou para a cidade e non o damos atopado. -Si, buscade un da capa negra en Santiago.*

buscar unha agulla nun palleiro *loc. ver.* COL. Procurar algo moi difícil ou imposible de encontrar. [Úsase a miúdo en comparacións]. *Despois dun bo espazo de tempo, deime conta de que buscaba unha agulla nun palleiro. | Iso é coma buscar unha agulla nun palleiro.*

caír as aves do ceo *loc. ver.* COL. Ir moita calor. *Ata as seis da tarde polo menos non saio da casa, que agora caen as aves do ceo.*

caír/ir [a alguén] **ao lombo** *loc. ver.* COL. Recaer [unha cousa, xeralmente

un pagamento, un traballo ou unha responsabilidade] en [alguén], terse que facer cargo de todo [unha persoa]. *Si, xa me dixeron que fostes cear, pero polo visto a conta foiche a ti ao lombo, coma sempre, claro.* | *Decidiron facer o traballo xuntos pero Xoán fixo o parvo e a quen lle foi todo o traballo ao lombo foi ao Paulo.*

caír os ollos [a alguén por algo] *loc. ver.* COL. Ollar con desexo [algo], devercer [por algo]. *Deixa o réxime por un día, que che están caendo os ollos por ese pastel!* | *Caíanlle os ollos vendo comer ao seu avó as sopas de cabalo cansado.*

cambiar os ollos polo rabo *loc. ver.* COL. Saír perdendo [nun troco, nunha escolla], facer un mal negocio. *Deixou a carreira de medicina no último curso para facer maxisterio, fíxate ti!, cambiou os ollos polo rabo!*

cando san Xoán baixe o dedo *loc. adv.* COL. Nunca. *–Eses din que van ir a París este ano. –Xa levan falando diso desde hai quince anos, eses van ir a París cando san Xoán baixe o dedo.* # san Juan

cerrar unha chousa *loc. ver.* Dar unha volta, facer unha camiñada [xeralmente grande]. *Como teu pai ten que camiñar fun con el e a esta hora da mañá xa che cerramos unha boa chousa.*

chamar o demo as vacas [a alguén] *loc. ver.* COL. [Úsase cando a alguén lle pasan varias desgrazas seguidas]. *Ese rapaz acaba de ter un accidente co coche e agora enriba está saíndo con esa rapariga tan pouco asisada. Nin que o demo lle estivese chamando as vacas.*

coa canga baixa *loc. adx.* COL. **1.** Coa cabeza baixa ou inclinada. *Sempre pasa coa canga baixa e abstraído a pensar nas súas cousas.* **2.** Decaído, triste ou avergoñado. *Anda coa canga baixa coma decote nos últimos tempos.*

coma o can que lle cortan o rabo *loc. adx.* COL. Amolado, desgustado, contrariado. [Úsase con verbos como *ir* ou *quedar*]. *Miña nai supoñía que ía quedar a durmir o día da festa e quedou coma o can que lle cortan o rabo cando lle dixen que non o faría.*

coma un bazuncho *loc. adx.* COL. Moi gordo. *Púxose coma un bazuncho.* # bocencho, bezuncho

coma un secante *loc. adx.* COL. Moi bebedor [Úsase xeralmente co verbo *ser*]. *O teu irmán é coma un secante. Moito bebe.*

coma un verdoallo / **coma o verdoallo** *loc. adx.* COL. Moi verde, sen madurar [vexetal]. *Mira eses tomates, están coma verdoallos.*

comer a figura [a alguén] *loc. ver.* COL. Rifar [a alguén], intimidar [alguén]. *Viña tan cabreado co que lle dixeron que cando chegou á casa comeulle a figura ao fillo.*

comer lume *loc. ver.* COL. Aguantar unha situación que non agrada, sufrir. *Moito tiveron que aguantar naquela reunión, como non podía falar moito lume común.*

cortar o que ve e deixar o que encontra *loc. ver.* COL. Non cortar ben [arma ou obxecto cortante]. *Estes coitelos que che tocaron na tómbola non valen un can, cortan o que ven e deixan o que encontran.*

cun pé aquí e outro alá *loc. adx.* COL. Próximo da morte. [Úsase xeralmente co verbo *estar*]. *Estiven moi mal, estiven cun pé aquí e outro alá, case non o conto.*

de rabo de rula *loc. adx.* COL. Pouco de fiar, perigoso, que require cautela. *Non llo contes a ese que é de rabo de rula.*

de rebimba o mallo *loc. adx.* ou *adv.* COL. Moi bo, magnífico, excelente; moi ben, magnificamente. *O domingo imos comer á casa da miña sogra que fai uns callos de rebimba o mallo. | Que tal o pasastes onte na ruada? - Pasámolo de rebimba o mallo. # de rebimbía o mallo*

deitarse no rego *loc. ver.* COL. Renderse, darse por vencido, non ser capaz de facer ou de acabar algo. *Ese empezou a traballar con moito entusiasmo mais ao final deitouse no rego. | Dixo que me ía axudar mais na metade do labor deitouse no rego.*

Deus diante (e o carro cante) *fór.* COL. **1.** [Expresa asombro ou incredulidade]. *-Dixéronme que viron o teu fillo fumando. -Deus diante! 2* [Utilízase, en sentido irónico, cando non se acepta a proposta que fai outra persoa]. *-Mañá convidote a cear á miña casa e se queres podes durmir alí. -Non ho, Deus diante e o carro cante!. # Dios*

Deus o faga mellor *fór.* COL. [Expresa desexo de que algo mencionado (polo que fala ou por outro) non suceda]. *-Non quixen ir con el porque levaba unhas copas de máis. Espero que non lle pase nada. -Deus o faga mellor! # Dios*

dicir amén [a algo] *loc. ver.* COL. Dar aprobación [a algo], consentir [algo]. *Se non se lle di amén a todo o que di, non está á vontade.*

Dígocho, fillo; enténdeme, nora / dígocho, filla, enténdeme, nora *fór.* COL. [Úsase para referirse a unha situación na que alguén reprende ou di algo a unha persoa coa que ten confianza, coa intención de que, indirectamente, outra ou outras presentes entendan]. *Díxenlle ao neno que non empezase a comer antes ca os máis, que é de mala educación, quería que tamén collese a mensaxe o meu pai, ¿non sabes? dígocho filla, enténdeme nora.*

Dígocho, Xan; enténdeme, Pedro *fór.* COL. [Úsase para referirse a unha situación na que alguén reprende ou di algo a unha persoa coa que ten confianza, coa intención de que, indirectamente, outra ou outras presentes entendan]. *Díxenlle ao neno que non empezase a comer antes ca os máis, que é de mala educación, quería que tamén collese a mensaxe o meu pai, ¿non sabes? dígocho Xan, enténdeme Pedro.*

Dous días nun vrao *fór.* COL. [Aplícase a algo que se cre que vai durar pouco]. *-A filla da Paca botou mozo. -Si, dous días nun verán, xa verás ti o que lle dura.*

dun tempo *loc. adx.* Da mesma idade. [Úsase xeralmente co verbo *ser*]. *Meu irmán e mais ti sodes dun tempo, nacestes o mesmo ano.*

(duro) coma un ferrote / máis duro ca un ferrote *loc. adx.* COL. Moi duro, moi forte fisicamente. *Está coma un ferrote.*

É bo milagre! *fór.* COL. IRON. [Expressa que algo non é de estrañar ou non sorprende]. –*Hoxe dóenme as costas. –Éche bo milagre, levas todo o día a traballar...!* # milagro

É como se di *fór.* COL. [Emprégase antes ou despois de dicir unha frase ou dito coñecido]. *Si, xa chegamos de vacacións, agora hai que empezar a traballar de novo. É como se di.*

en ran *loc. adx.* COL. Espido, sen roupa. *Esa anda pola casa sempre en ra.*

entre a cruz e o calvario *loc. adx.* COL. Nunha situación moi difícil [Úsase con verbos como *estar, poñer, verse*]. *Esa ten na casa o irmán e a pobre está entre a cruz e o calvario porque el lévase moi mal co marido.*

Eso e nada é todo un *fór.* COL. [Dise cando alguén se considera pouco ou insignificante]. –*O avó deulle dez euros polo día dos anos. -Iso e nada é todo un.* | –*A veciña agasalloume cun puñado de mazás -Iso e nada é todo un.*

estar/andar na horta e non ver as verzas *loc. ver.* COL. Estar moi despistado, non darse conta de algo moi evidente. *Se o tes diante, muller. Hoxe estás na horta e non ves as verzas.*

facen un pan coma queixo *loc. ver.* COL. Conxeniarse [dúas ou máis persoas de características parecidas (en sentido negativo, especialmente se é para faceren trasnadas)]. *Eses dous fan un pan coma queixo.*

feo coma un corno / máis feo ca un corno *loc. adx.* COL. Moi feo. *O noivo dela é máis feo ca un corno.*

(fino) coma a lan de gato *loc. adx.* COL. **1.** Moi agudo ou vivo. [Ás veces en sentido irónico]. *Cando lle toca pagar a el, sempre pide cousas baratas, ese é fino coma a la de gato.* **2.** Moi fino, esixente. [Ás veces en sentido irónico]. *Non lava as mans para comer e despois quere que lle cambien o prato. É fino coma a la de gato.*

haber pata con allo *loc. ver.* COL. Celebrarse algo cunha comida ou cun banquete. *Mañá na casa do Paulo hache de haber pata con allo; celébrase o día dos anos do seu avó.*

haber que ir ao libro / ter que ir ao libro *loc. ver.* COL. [Dise do que é moi difícil ou custa moito]. *Pra te levantar da cama hai que ir ao libro. | Para entender a ese tes que ir ao libro. | Onte pra vos atopar tiven que ir ao libro.*

ir coma o rato ao mollo *loc. ver.* COL. Non poder resistir o desexo de comer un alimento determinado [xeralmente a deshora]. *Eu non podo ter chocolate na casa, porque cando o teño, sempre vou coma o rato ao mollo.*

irse do verbo *loc. ver.* COL. Dicir algo que non se debe. –*Non entendo como Xan puido saber iso. –É que o teu irmán foise do verbo.*

lavarse por parroquias *loc. ver.* COL. Lavarse por partes [non o corpo todo dunha vez]. *Alí teñen o costume de se lavaren por parroquias, eu prefiro facelo dunha vez.*

Madia levas/leva...! *fór.* COL. [Dise de quen ten ou tivo boa sorte]. –*Veu o seu primo e axudoulle a rematar todos os traballos que tiña empezados. –Madia che levou!*

(Malia) a nai que te/o... pareu/fixo!

fór. COL. [Expressa desgusto, reproche, recriminación, rexeitamento, desacordo ou admiración]. *Malia a nai que te fixo que non sabes vir aquí máis que para quentarme a cabeza. | A nai que os pariu! Non me volveron a facer outra vez o mesmo?*

Malpocado, miña xoia, barbas tristes

fór. COL. [Expressa compaixón por alguén]. -*Que mal o fai!, e aínda pensa que o fai ben!* -*Malpocado, miña xoia, barbas tristes!*

mesturar papas con verzas *loc. ver.*

COL. Confundir ou mesturar cousas ou feitos totalmente diferentes. *Iso non vén ao caso, non mestures papas con verzas.*

meter ao cinto [algo] *loc. ver.* COL.

Comer e (ou) beber [algo] [Xeralmente en moita cantidade]. *Metinlle ao cinto unha cunca de caldo.*

meterse en camisa de once varas *loc.*

ver. COL. Implicarse en asuntos difíciles ou dos que é difícil saír. -*Comprometeuse a axudar a esa xente, e agora non ten tempo para nada. -Si, iso pásalle por meterse en camisa de once varas.*

Miña peneiriña nova! *fór.* COL.

IRÓN. [Dise cando alguén está moi contento con algunha cousa nova para indicar que xa se cansará dela]. -*É tan riquiña a rapaza coa que estou saíndo... -Miña peneiriña nova...!*

mundo e cocido *loc. adx.* COL. Feito,

limpo, preparado de xeito que sexa fácil de facer. *Os seus pais traballaban arreo e sempre lle deron todo mundo e cocido.*

na fura dianteira *loc. adx.* COL. Ben

vestido, elegante; cheo de orgullo, querendo destacar, ser o protagonista, de primeiro, diante. [Úsase con verbos como *andar, estar e ir*]. *O meu veciño hoxe á mañá ía na fura dianteira, debía ir a algún acto importante.*

nas piras *loc. adx.* COL. Moi

arranxado. [Úsase con verbos como *ir ou poñerse*]. *Como sabe que vai ver esa rapaza que lle gusta, púxose nas piras.*

necesitar coma o pan de comer [algo]

loc. ver. COL. Ter moita necesidade [de algo], facer moita falta [algo]. *Sen falta tes que compralo xa, necesitas ese pantalón coma o pan de comer.*

nin pola veiga da porta *loc. adv.*

COL. Absolutamente por nada, de maneira ningunha. [Úsase en frases negativas con diferentes verbos, como *dar, deixar, facer, etc.*]. -*Voulle pedir o coche a meu avó, a ver se me deixa ir dar un raite. -Non cho deixa, non; nin pola veiga da porta.*

Nin tanto acá nin tanto alá *fór.* COL.

[Expressa que non se debe esaxerar, equivale a "nin excederse nin ficar curto"]. -*O ano pasado non lle merquei nada pero este ano botei a casa pola ventá. -Pois nin tanto acá nin tanto alá.*

ninguén que vai para ningures *loc.*

sub. COL. PEX. Persoa sen importancia, persoa insignificante. *Ese ninguén que vai para ningures pretende darnos a nós leccións. # ninguén*

no medio da merenda *loc. adv.* COL.

No medio dun acontecemento (xeralmente unha lea ou conflito).

Viuse no medio da merenda e só pasaba por alí.

non caber o pan no corpo [a alguén] *loc. ver.* COL. Estar intranquilo; ter que reaccionar por non poder aguantar a impaciencia ou por non admitir ou tolerar algo. *Este rapaz na cama ata a unha. Eu á súa idade xa estaba a pé había ben tempo. Xa non me cabía o pan no corpo.*

non dar pancada *loc. ver.* COL. Non facer nada, non traballar. *Esa empregada é ben traballadora, pero hoxe non sei que lle pasou que non deu pancada, non fixo branca, debe estar algo enferma.*

non dar puntada sen nó *loc. ver.* COL. Actuar de forma premeditada para acadar os propios obxectivos, non facer nada sen procurar o interese propio. *Díxolle que o axudaba cos deberes pero se o convidaba ao cine, ese non dá puntada sen nó. # nudo/nó*

non estar o alcacén para gaitas *loc. ver.* COL. Non ser propicio o momento [para facer ou dicir algo, por causa do estado de ánimo de alguén]. *Para quieta co teu pai que hoxe non che está o alcacén pra gaitas.*

non poder cunha galiña polo rabo *loc. ver.* COL. Estar moi débil, moi canso ou con moi pouco ánimo. *Estivo moi enfermo e aínda non pode cunha galiña polo rabo.*

non (se) pousar unha mosca [a/en alguén] *loc. ver.* COL. Ir moi ben vestido e axeitado e moi limpo [unha persoa]. *Que elegante ía! Non se pousaba unha mosca nel. | Non se lle pousa unha mosca.*

non saber da misa amén *loc. ver.* COL. Estar mal informado, descoñecer algo determinado. *-Aquela mestra dixo que non era obrigado falarlles aos nenos en galego na escola. -Esa non sabe da misa amén.*

non ser ollo de santo (nin compás de carpinteiro) *loc. ver.* Non ser [unha cousa] tan importante como para ter que acadar a perfección. *Non fai falta que te esmeres tanto ao pasar o ferro a esa camisa, non é ollo de santo.*

non ter papas na lingua *loc. ver.* COL. Falar con claridade e sen medo, dicir o que se pensa sen rodeos. *Non, Chávez non ten papas na lingua. # lingua*

non ter traza nin xeito *loc. ver.* Non ter lóxica ou sentido, non ter orde nin fundamento, non ter razón aparente. *Pasáchesme uns apuntamentos que non teñen traza nin xeito, non hai quen os entenda.*

o ollo do paxariño *loc. sub.* COL. O mellor sitio, un sitio privilexiado. *Fixo a casa mesmo no ollo do paxariño. | Antes moraba nun barrio mais agora foi vivir para o ollo do paxariño.*

Oullo ao can que a cadela é miña *fór.* COL. [Dise como advertencia a alguén para que trate ben a outra persoa. Xeralmente dío o pai dunha rapaza ao pai do rapaz co que sae ou do que é noiva]. *Dilles que non veñan tarde, eh?, e ollo ao can que a cadela é miña.*

para sacramentos *loc. adx.* COL. Moi enfermo, con moi pouca saúde. [Úsase xeralmente co verbo *estar*]. *Eu naquel momento estaba pra sacramentos, mais ao final salveime.*

Parece que todo o mundo che/lle... debe e ninguén che/lle... *paga fór.*

COL. [Dise de persoas de mal carácter, que sempre se mostran incomodadas ou teñen malos modos e tamén das que se teñen por superiores]. *Os fillos da María son cariñosos, educados, responsables, non coma os meus que parece que todo o mundo lles debe e ningún lles paga.* # ningún

pasar as de Cristo *loc. ver.* COL. Estar en situación difícil e comprometida. *No hospital pasei as de Cristo.*

pensar na morte da becerra *loc. ver.* COL. Estar abstraído, estar despistado, non prestar atención ao que o rodea. *Escusas falar que non te atende, está a pensar na morte da becerra.*

peso falso *loc. sub.* COL. Persoa falsa. *Aquel garda civil novo era un peso falso, tiñas que ter moito coidado con el.*

Piro Chosco *loc. sub.* COL. O sono [Dise sobre todo falando cos nenos pequenos cando comezan a topenear]. *Voume pra a cama que me está vindo o Piro Chosco.*

plantar salgueiros *loc. ver.* COL. Querer imponer a [súa] opinión, querer mandar, entremeterse. *Non ho, vai vir ese aquí agora plantar salgueiros, diso nada. | Que vaia plantar salgueiros a outro lado, aquí os que decidimos somos nós.* [Nota: Era costume plantar salgueiros nos lindes das veigas, e ás veces alguén plantaba un na terra que non era súa para apropiarse dela. De aquí proviría esta expresión].

pola vella *loc. adv.* En cantidade, con abundancia. *Foi un acontecemento pouco frecuente na vila: había coches pola vella.*

poñer o cu ás azoutas *loc. ver.* COL. Aguantar, resignarse ante as adversidades. *-Este ano foiche ben malo, todo foron desgustos. -Pois si, pero hai que lle poñer o cu ás azoutas.*

poñer (os) ladrais [a algo] *loc. ver.* COL. HUM. [Dise para expresar que o prato, a cunca ou algo similar, está tan acugulado de comida que xa non cabe máis nada, que está a punto de bordar]. *Arre demo! A ese prato haslle ter que poñer ladrais. Moito botaches! | Fáltache poñerlle os ladrais! # ladrales*

poñer os ósos nun feixe [a alguén] *loc. ver.* COL. Bater [a alguén], golpear [alguén]. *-Hoxe o rapaz deixouche escapar as vacas. -Pois déixao vir que lle vou poñer os ósos nun feixe.*

por non cagar n' o comer *loc. ver.* VUL. Ser moi avaro. *Non sabes ti ben como é, ese por non cagar n' o come.*

Poucas as grazas! *fór.* COL. [Expresa que algún feito non é para admirarse ou non é de estrañar, senón que é o normal ou natural, que hai razóns para que sexa así]. *-Levoulle un agasallo ao que lle meteu o fillo na Citroen. -Home, poucas as grazas! # pouca-las grazias*

cheirar que alcatrea COL. [Úsase co verbo *cheirar* para ponderar o mal cheiro]. *Ao pasar por esa froitaría non se para, cheira que alcatrea.*

(Que) Deus o/os... descanse! *fór.* [Dise cando se menciona unha persoa morta]. *Mañá vai ser a misa da miña irmá, Deus a descanse.* # Diolo descanse

que non paran nin os cas (atados) *loc. adx.* COL. [Pondera a intensidade do frío]. *Nese parque vai un frío que non paran nin os cans atados.*

saber que relouca COL. [Úsase co verbo *saber* para ponderar o sabor]. *Estas vieiras que fas saben que reloucan.*

Que te/vos vexo polo cucurexo! *fór.* COL. HUM. [Dise ao ver a alguén, especialmente cando non quere que o vexan. Úsase en diferentes situacións e xeralmente con nenos]. *Non collas máis chocolate, que te vexo polo cucurexo.* (Presqueiras, Forcarei)

quedar no seo da manta *loc. ver.* COL. Quedar sen facer algo que se esperaba que fixese. *–Iamos ir todos de paseo, pero eles os dous ao final non viñeron. –Si, eses sempre quedan no seo da manta.*

que lle ronca o caravillo/prexegueiro *loc. adx.* COL. Moi bo, magnífico, excelente. *Os veciños de en fronte compraron un coche que lle ronca o caravillo.*

saber a resolío *loc. ver.* COL. Saber moi ben. *O xantar de onte sóubome a resolío.*

sacar as entradas *loc. ver.* COL. HUM. Limpar o interior do nariz cos dedos. *E logo hai cine? Estás a sacar as entradas?*

ser da horta do tío Pedro *loc. ver.* COL. Non ser de fiar. *Aos homes non lles fagas caso que todos son da horta do tío Pedro.*

ser mellor ir á corte e matalas todas *loc. ver.* COL. [Expresa desaprobación]. *–Para as festas vou convidar a cinco amigos a durmir á casa. –Si, home! Entón aínda é mellor ir á corte a matalas todas. | –Teño que ter coidado co coche que é do meu pai, non sexa que me pase algo. –Dígocho*

eu! Entón aínda é mellor ir á corte e matalas todas.

ter a carne no espeto *loc. ver.* COL. Ser persoa pouco indicada para criticar por ser moi posible que lle vaia pasar o mesmo que critica, estar na mesma situación [ca outro a quen critica]. *–O fillo do Xosé este ano suspendeu todas as materias, que parviolo é! –Non botes soberbias que tes a carne no espeto.*

ter a lingua na boca *loc. ver.* COL. Ter apetito. *Imos cear que ti xa tes a lingua na boca.* # *lengua*

ter bo mal *loc. ver.* COL. Non estar nada mal, non haber queixa. [Úsase habitualmente en frases exclamativas]. *Esa cea ten bo mal, non sei por que non a quere.*

ter boa antona *loc. ver.* COL. Ser egoísta ou aproveitado, facer o que lle convén en cada momento. *Non, ti tes boa antona, comes ti o melloriño sen fixarte se queda para os demais.*

ter boa saia / ter unha saia que che/lle... arrastra *loc. ver.* COL. Ser egoísta ou aproveitado, facer o que lle convén en cada momento. *Chega e non axuda nada e despois quere ter todo feito, ten unha saia que lle arrastra.*

ter de ollo [alguén/algo] *loc. ver.* **1.** Vixiar [alguén/algo] de preto, observar, controlar os movementos [de alguén]. *O meu consello é que desconfíes deles e os teñas de ollo.* **2.** Sentir antipatía por [alguén]. *O veciño do quinto tenvos de ollo desde a discusión que tivestes.*

ter o ás para matar o tres *loc. ver.* COL. Ter unha resposta pronta para todo, ter sempre a última palabra. *A ti*

non se che pode dicir nada que sempre tes o ás pra matar o tres.

ter o sangue mesturado coa merda *loc. ver.* VUL. PEX. Ser de pouco ánimo, de pouca iniciativa, ser excesivamente tranquilo, pasivo ou calmoso. *E non fixeches nada ante tal inxustiza? Tes o sangue mesturado coa merda! # sangue*

ter pouco sangue *loc. ver.* COL. PEX. Ser de pouco ánimo, de pouca iniciativa, ser excesivamente tranquilo, pasivo ou calmoso. *Ese rapaz, que pouco sangue ten! Eu no canto del xa tería feito algo. # sangue*

ter un cu coma unha cesta *loc. ver.* COL. Ter un cu grande. *Mira ese que cu ten. Ten un cu coma unha cesta.*

ter unha leira en Toledo *loc. ver.* COL. Ter un defecto, non ser de fiar. *Aos homes non lles fagas caso que todos che teñen unha leira en Toledo.*

Tó demo, tó! *fór.* COL. [Expresa asombro, incredulidade, desaprobación ou desacordo. Ás veces en sentido irónico]. *-E non sabes que o teu fillo onte chegou bébedo á casa? -Tó demo, tó. | -Mamá, hoxe vou ir á festa. - Ogoul, tó demo, tó!*

Todo eso por medio peso *fór.* COL. [Dise cando se acaba de contar algo]. *-E que máis? -Todo eso por medio peso.*

(torto) coma abeaca *loc. adx.* COL. Moi torto [xeralmente dise das pernas]. *Mira esa moza que pernas máis feitas ten, e cando era pequena tiñaas tortas coma abeacas.*

Tres veces nada: cousa ningunha *fór.* COL. [Expresa que algo é moi pouco ou que non paga a pena]. *-O seu relatorio*

seica non foi moi afortunado. -Que ía ser! Tres veces nada: cousa ningunha. | -A túa amiga fíxoche algún agasallo? - Fíxo, fíxo, tres veces nada: cousa ningunha.

verde coma un allo / verde coma o allo / máis verde ca o allo / máis verde ca un allo *loc. adx.* COL. Moi verde, sen madurar [vexetal]. *Mira eses tomates, como están, verdes coma allos.*

(Xa) podes ir para o palleiro *fór.* COL. [Dise a quen queda moi farto, despois de comer]. *Con todo esa comida que metiches ao cinto xa podes ir pró palleiro.*

ALMELA, R., RAMÓN, E. E WOTJAK, G. (eds.) (2005): *Fraseología contrastiva. Con ejemplos tomados del alemán, español, francés e italiano*. Universidad de Murcia: Servicio de Publicaciones, 368 páxinas.

En outubro de 2003, o profesor Gerd Wotjak foi o organizador de dous importantes congresos internacionais en Leipzig: o *VI Congreso de Lingüística Hispánica* e o *V Congreso de Lingüística Contrastiva*. Destes dous congresos editáronse tres libros de actas en 2005: o volume que é tema desta recensión, en colaboración coa Universität Leipzig, e dous volumes de *Studien zum romanisch-deutschen und innerromanischen Sprachvergleich*, editados por Christian Schmitt e Barbara Wotjak na editorial Romanistischer Verlag de Bonn. O traballo que aquí nos ocupa recolle 19 dos relatorios que se expuxeron nos ditos congresos: 14 do Congreso de Lingüística Hispánica e 5 do Congreso de Lingüística Contrastiva.

Como se di no prólogo da obra (12), os traballos que nela se publican “abordan desde distintos ángulos lingüístico-cognitivos los problemas inherentes y resultantes de los componentes y mecanismos propios del comportamiento verbal”. Sen dúbida, trátase dunha importante achega á fraseoloxía en lingua castelá¹, que vén confirmar a vitalidade e dinamismo desta disciplina tanto no noso país como en gran parte dos países europeos. En concreto, en España, a obra de Gloria Corpas Pastor (2003): *Diez años de investigación en fraseología: análisis sintáctico-semánticos, contrastivos y traductológicos* (Vervuert: Lingüística Iberoamericana) sérvenos de referencia para avalia-lo impresionante labor fraseolóxico levado a cabo por parte de lingüistas españois entre 1993 e 2003. Deste xeito, podemos constatar que o noso país se sitúa entre os primeiros postos da investigación fraseolóxica en Europa, xunto ós países xermanófonos e outros de fala eslava como Rusia, a República Checa ou Eslovenia.

¹ Os traballos incluídos na obra que aquí nos ocupa (agás “Petite sémantique des proverbes avec une vue spéciale sur leur status de dénomination”, de Georges Kleiber) ou están relacionados directamente coa fraseoloxía española, algúns deles realizados por fraseólogos de fala non hispana (como Kazumi Koike, Universidade de Takushoku, Tokio, que trata sobre “Colocaciones complejas en español actual”), ou son froito de investigadores de fala hispana, entre eles tamén de ámbito hispanoamericano (como o traballo de Marina Luz Roa Arancibia, de Santiago de Chile, ou de Silvia Kaul de Marlangeon e Ofelia Duo de Brottier, ambas de universidades arxentinas).

Na obra *Fraseología contrastiva* trátanse con profundidade aspectos como as relacións entre fraseoloxía e formación de palabras (traballo de Pérez Vigaray e Batista Rodríguez), a variación tanto sintópica como diatópica (traballo de Ortega Ojeda e González Aguiar), o uso dos fraseoloxismos en distintos tipos de textos e contornos comunicativos (traballo de Duo de Brottier) e a súa función como marcadores do discurso (traballo de Ruiz Gurillo). Tamén se aborda a análise das características estruturais das colocacións e das perífrases verbais dende diversos puntos de vista (traballos de García-Page, Koike, Bustos Plaza, Blasco Mateo, Duo de Brottier e Kaul de Marlangeon), así como cuestións de tradución de idiomatismos do castelán co francés e o alemán (respectivamente, traballos de Sierra Soriano e Tabares Plasencia) e faise unha reflexión teórica verbo da noción de “hapax” en fraseoloxía aplicándoo ó francés e ó castelán (traballo de M^a Isabel González Rey).

Trátase, na súa maioría, de traballos ben documentados e estruturados que reflicten os resultados de investigacións empíricas feitas polos seus autores en grupo ou individualmente a partir de córpora de diversa índole. Con certas reservas canto ó traballo de Zurdo (“Panorama de los estudios fraseológicos en Alemania”), con significativas lagoas bibliográficas e de actualización de datos (p. ex. páx. 46 en relación cos encontros celebrados de EUROPHRAS), o resto dos artigos recollidos constitúe unha boa referencia de documentación e sistematización da investigación de cada tema tratado.

Do conxunto de temas que achega a obra, especialmente dous deles reflicten as correntes que na actualidade están a cobrar forza no panorama fraseolóxico europeo. Por unha banda, trátase do estudo das colocacións e estruturas afíns como perífrases verbais e locucións verbonominais (traballos de García Page “Colocaciones simples y complejas: diferencias estructurales”, de Koike “Colocaciones complejas en el español actual”, de Esther Blasco Mateo “Similitudes entre perífrasis verbales de infinitivo con enlace y locuciones verbales de infinitivo”, de Alberto Bustos Plaza “*Poner en movimiento / in Bewegung setzen*: ¿verbos pseudocopulativos españoles frente a verbos funcionales alemanes?” e de Silvia Kaul de Marlangeon “Evaluación de clichés del discurso paraepimónico”). Nestes artigos expónse a necesidade de sistematización que require a tipoloxía estrutural destas construcións e aprofúndase en cuestións metodolóxicas relacionadas coas restricións combinatorias no discurso. Sen dúbida é o tema das colocacións un dos máis frutíferos na investigación fraseolóxica dos últimos dez anos, entre outras causas 1) pola súa enorme aplicabilidade práctica no ensino de linguas estranxeiras, 2) pola imperante necesidade de seren recollidas sistematicamente nas obras lexicográficas, e 3) polas conexións que revelan coa investigación en voga do discurso repetido e das concorrencias léxicas.

Neste contexto, a investigación actual da fraseoloxía discorre de maneira clara cara ó eido da lingüística de corpus, cara á análise do comportamento real das unidades fraseolóxicas no nivel falado e textual e cara á busca de interconexión e traballo en común con outras disciplinas lingüísticas (como a lexicografía, a pragmática, a lingüística de corpus, a psicolingüística, a tradución ou a lingüística diacrónica) e

outras de carácter non estritamente lingüístico como a etnoloxía ou a antropoloxía². Só mediante a elaboración e análise sistemática de grandes cónpora textuais se pode chegar a descifra-la función específica e os trazos semánticos propios de cada fraseoloxismo, o que poderá, por outra banda, reverter positivamente na elaboración e actualización das definicións dadas nos dicionarios.

No marco da lingüística de corpus, está a cobrar forza en Europa a investigación dos idiomatismos como marcadores de discurso e portadores de trazos pragmáticos e ilocutivos (véxase no volume o importante traballo de Ruiz Gurillo sobre “Las locuciones marcadoras del español: análisis y aplicaciones”³), isto sobre todo no nivel da lingua falada (véxase o artigo de Roa Arancibia “Fraseología oral en Chile: una propuesta metodológica”), así como a aplicación de cónpora para desenvolver mecanismos de tradución en linguaxes especializadas. Neste punto, destaca no volume de *Fraseología contrastiva* o orixinal traballo de Encarnación Tabares Plasencia e José Juan Batista Rodríguez (“Notas sobre fraseología jurídica comparada español-alemán”), onde os autores expoñen, a partir dun nutrido corpus, a finalidade última de confeccionar un dicionario castelán-alemán, alemán-castelán que sirva de ferramenta a tradutores e intérpretes en materia xurídica.

O outro importante eido da investigación actual representado neste volume é o dos modelos cognitivos en fraseoloxía. Sobre este tema versa a contribución de Antonio Pamies e Olena Potápova (“Metaphoric competence and the recognition of idioms: an experimental approach”), que se fai eco dos últimos resultados obtidos no eido da lingüística cognitiva deseñando un mecanismo para analiza-las estratexias de recoñecemento de fraseoloxismos ingleses, franceses e alemáns por parte de falantes ucráinos e españois. Neste contexto, o estudo da iconicidade e as imaxes metafóricas dos idiomatismos a partir de presupostos da lingüística cognitiva é, sen dúbida ningunha, un dos campos máis dominantes da investigación fraseolóxica actual, como o testemuñan os traballos, entre moitos outros, de D. Dobrovol’skij, E. Piirainen, Z. Kövecses / P. Szabo e R. W. Gibbs dos últimos 15 anos.

A este propósito, e como os mesmos editores do volume *Fraseología contrastiva* sinalan, son os aspectos de semántica e lingüística cognitiva os menos abordados nesta obra (só a contribución de Pamies / Potápova), o que, ó meu entender, pon de manifesto unha clara deficiencia neste eido dentro do noso panorama investigador, deficiencia que esperemos poida solucionarse nos anos vindeiros.

Carmen Mellado Blanco⁴

Universidade de Santiago de Compostela

² Conclusións extraídas da asistencia ó último congreso de fraseoloxía EUROPHRAS (*Phraseologie disziplinär und interdisziplinär*), celebrado entre o 9 e o 11 de xuño de 2006 na Universidade de Veszprém en Hungría.

³ Este artigo dá a coñece-lo proxecto de elaboración do *Diccionario de Partículas Discursivas del Español*, dirixido polo profesor Antonio Briz, e integra resultados da investigación fraseolóxica da última década canto á descrición lexicográfica.

⁴ Tradución de Cristina Veiga Novoa

DOBROVOL'SKIJ, D. e PIIRAINEN, E. (2005): *Figurative Language. Cross-cultural and Cross-linguistic Perspectives. Current Research in the Semantics/Pragmatics Interface*, volume 13. Elsevier Ltd., 419 páxinas.

Segundo os mesmos autores de *Figurative Language* indican no prólogo (2), o estudo desenvolvido nesta obra cingúese ás “unidades figuradas convencionais” (*conventional figurative units*), sendo o seu obxectivo último a elaboración dunha teoría lingüística capaz de ter en conta a compoñente da imaxe e o contido cultural incluídos nestas.

Na introdución fórmulanse as preguntas concretas ás que se pretende dar resposta, que poden resumirse na seguinte e definitiva cuestión: “*Is it possible to verify the assumption that some basic principles of human cognition are responsible for the creation of figurative units on the basis of literal ones, principles that are modified by relevant cultural factors?*” (3). Como a mesma pregunta implica, o enfoque dado ó estudo é cognitivo, xa que se abordan distintos tipos de coñecemento como base para explicar fenómenos lingüísticos.

No inicio do capítulo 1, Dobrovol'skij e Piirainen formulan unha premisa básica da que se derivarán as seis hipóteses das que parte a súa investigación:

“The image component, i.e. a specific conceptual structure mediating between the lexical structure and the actual meaning of figurative units, is a relevant element of their content plane”. (5)

De seguida preséntanse as ferramentas de traballo empregadas. En primeiro lugar, os datos empíricos: locucións, refráns, colocacións figuradas e metáforas monoverbais, é dicir, o que os autores consideran unidades figuradas, que deben ser expresións pluriverbais fixadas ou “convencionalizadas”. Neste punto argumentase con detalle a escolla das linguas analizadas, dez linguas que presentan, a priori, diferenzas lingüísticas e culturais considerables: inglés, alemán, sueco, neerlandés (catro linguas xermánicas estándar), “Westmünsterländisch” (WML, lingua xermánica non estándar, un dialecto westfaliano falado nunha pequena área da fronteira noroccidental de Alemaña con Holanda), francés (unha lingua románica), ruso (unha lingua eslava), lituano (unha lingua báltica), grego moderno, finés e xaponés (estas dúas últimas non indoeuropeas e aglutinantes). As fontes serán, obviamente, dicionarios xerais e fraseolóxicos, cörpora e outras fontes escritas para as linguas estándar; mentres que os datos do WML proveñen dun traballo de campo baseado en cuestionarios.

As segundas ferramentas de traballo son dous criterios establecidos polos autores para distingui-las unidades figuradas convencionais (UFC) doutros fenómenos semellantes. Para a distinción entre os fenómenos de literalidade, non literalidade e figuratividade apóianse na noción de compoñente da imaxe (*image component*) como unha estrutura conceptual situada entre a estrutura léxica e o significado real das unidades figuradas. Así mesmo, empregan a noción de denominación adicional (*additional naming*) para identifica-las UFC, que entenden como outra forma de dicir algo que se pode dicir dun xeito máis directo e primario.

Unha vez definido o ámbito e ferramentas do seu estudo, Dobrovól'skij e Piirainen dedican o segundo capítulo a trata-las UFC dende a perspectiva da fraseoloxía, desenvolvendo unha tipoloxía das mesmas en canto frasesmas. Así, ofrécese unha explicación pormenorizada do concepto de locución, colocación restrinxida e refrán botando man de exemplos dun amplo abano de linguas.

No capítulo 3 analízanse algúns aspectos específicos da linguaxe figurada convencional dende unha perspectiva interlingüística facendo uso de locucións de distintos idiomas. En concreto, esta análise céntrase naqueles factores que deben ser considerados na procura dun equivalente e que dan conta das diferenzas semánticas, sintácticas e pragmáticas existentes entre locucións similares de linguas distintas. Os autores demostran que a compoñente da imaxe é determinante aínda que non definitiva no tocante á equivalencia de locucións semanticamente moi próximas. Da comprobación anterior extráese a conclusión de que o concepto tradicional de “equivalente absoluto” non é máis ca unha ficción lexicográfica froito dunha análise semántica incompleta e inexacta. Por iso, os autores substitúen este concepto polo de “equivalencia funcional” (*functional equivalence*) e afirman que atopar equivalentes funcionais sería o único obxectivo razoable da análise fraseolóxica contrastiva para satisfacer as necesidades da lexicografía bilingüe, a tradución e a aprendizaxe dunha segunda lingua (78). De novo, todo se reduce a unha simple pregunta: “*given an L1-idiom, which L2-equivalents (if more than one) are possible under which contextual conditions?*”.

O capítulo catro é fundamental para a comprensión de capítulos posteriores, xa que se estuda en detalle o fenómeno da motivación. O primeiro apartado analiza brevemente a correlación entre etimoloxía e motivación. No segundo márcanse claramente as fronteiras entre o concepto de motivación e os de descompoñibilidade e ambigüidade semántica. A seguir, explícanse os tipos de motivación principais (motivación baseada no índice ou indicio, icónica e baseada no símbolo), outros casos especiais de motivación (estereotipos, metáforas xestuais, xogos de palabras...) e a frecuente “fusión” de varios destes tipos de motivación nas UFC. Para os autores a utilidade desta tipoloxía da motivación está moi clara: partindo dela será posible analiza-las UFC segundo o seu tipo motivacional e describilas coa axuda das ferramentas metalingüísticas que máis se axusten a cada tipo dado (105).

A noción de falsos amigos fraseolóxicos é o tema do seguinte capítulo. Demóstrase que, no marco da linguaxe figurada convencional, os falsos amigos esixen unha análise semántica e conceptual distinta á dos “falsos amigos do tradutor”. As diferenzas entre os significados secundarios de dous fraseoloxismos considerados falsos amigos poden explicarse, segundo os autores, polas diferentes “imaxes ricas” ou “metáforas conceptuais” nas que estes se basean, ou ben polas diferenzas entre o significado secundario ou figurado dun dos constituíntes actualizado en cada un dos fraseoloxismos. Deste xeito, o fenómeno da paronimia queda relativamente regularizado e reducido a estes tres factores.

O exame e crítica da Teoría Cognitiva da Metáfora e a súa aplicación na análise das UFC dende diversas perspectivas, entre elas a da lingüística e a da antropoloxía, son o obxectivo do capítulo 6. A conclusión é contundente e ambiciosa: non é posible

explica-lo funcionamento das UFC apoiándose unicamente nas metáforas conceptuais subxacentes, deben terse en conta tamén certos conceptos baseados na cultura, que en moitos casos resultan cruciais no proceso de inferencia do literal ó figurado (144).

O capítulo 7 consiste na aplicación dalgunhas das ideas expostas nos capítulos precedentes, especialmente no relativo á Teoría Cognitiva da Metáfora. Aclárase que os instrumentos de análise son modelos baseados nas metáforas e metonimias ó mesmo tempo, seguindo as teorías de Goossens e Geeraerts (145). O campo semántico elixido para a dita análise é o do MEDO, posto que os autores o consideran apropiado para investiga-las correspondencias entre fenómenos semánticos e propiedades conceptuais, entre a compoñente da imaxe do plano do contido e o significado real. En contra da tradición, os resultados empíricos deste capítulo proban que as teorías semánticas cognitivas son compatibles coas ideas de descomposición semántica desenvolvidas na semántica estrutural. A consecuencia práctica máis relevante desta análise é que *“the same emotion expressed by different means can invoke different parts of people's conceptual knowledge and therefore does not remain completely the same emotion”* (159). Dito doutro xeito: ó analiza-las locucións relacionadas co medo (e outras emocións) debe terse en conta non só o seu significado figurado ou real senón tamén as estruturas conceptuais que se esconden detrás desa emoción.

No capítulo 8 desenvólvese e aplícase o modelamento cognitivo á análise das UFC de acordo coa Semántica Marco de Fillmore. Máis especificamente, os autores delimitan os elementos e operacións da metalinguaxe do modelamento cognitivo e ilustran o funcionamento desta metalinguaxe analizando algúns aspectos da motivación da locución *ovella negra (black sheep)*. Unha vez máis, o que se pretende é descubrir unha relación motivacional entre a composición e o significado das UFC.

As técnicas analíticas do capítulo 8 son aplicadas novamente no capítulo 9, aínda que de forma máis ampla, ó concepto CASA empregado en locucións de varias linguas europeas estándar, no WML e no xaponés. Tratan, en consecuencia, este concepto como base dunha descrición interlingüística e intercultural. Os autores identificaron diferenzas conceptuais e culturais que explican as diferenzas semánticas e pragmáticas existentes entre as locucións analizadas.

O capítulo 10 profunda no complexo tema da importancia da cultura na linguaxe figurada. Os autores tentan sistematiza-la análise cultural das UFC mediante a identificación de cinco clases de coñecemento baseado na cultura aplicables ás mesmas: as interaccións sociais e os patróns de conduta, a cultura material, os fenómenos intertextuais, as referencias a dominios conceptuais ficticios e modelos precientíficos do mundo e, por último, os símbolos culturais. Ademais, analizan a coocorrência destes fenómenos e as “connotacións culturais” nas UFC. A aplicación da tipoloxía anterior permite decidir que fenómeno cultural está presente nun fraseoloxismo concreto e emprega-los métodos de análise que correspondan.

No capítulo 11 Dobrovol'skij e Piirainen detéñense no estudo dunha das clases de coñecemento cultural definidas no capítulo 10: os símbolos culturais. Despois de facer un breve repaso do concepto de “símbolo” en diversas disciplinas, examinan máis polo miúdo este concepto dende a perspectiva da lingüística e a semiótica. Con este pano de

fondo crean un concepto propio de “símbolo cultural na linguaxe”, que ilustran a través de exemplos moi diversos. Neste proceso resulta particularmente relevante a distinción que establecen entre metáfora e símbolo como recursos da linguaxe figurada, da que se extrae que este está máis “embebido” de cultura ca aquela.

Nos capítulos seguintes (12 e 13) preséntanse dous estudos, un relacionado cos números e outro cos animais, nos que se aplica a teoría desenvolvida ó longo de toda a obra. Os autores consideran que estes dous campos semánticos son axeitados para demostra-la significación da correspondencia entre a linguaxe figurada convencional e a cultura. En efecto, a análise interlingüística e intercultural levada a cabo resulta considerablemente informativa e reveladora neste sentido.

O capítulo final dedícase á síntese, reformulación e posibles aplicacións futuras da teoría lingüística que, como se indicou no inicio desta recensión, tentan desenvolver Dobrovol'skij e Piirainen, denominada por eles mesmos “Teoría da Linguaxe Figurada Convencional”. A súa conclusión final ó respecto é a seguinte:

“...the Conventional Figurative Language Theory is a theory designed to analyse certain parts of the lexicon rather than a grammar-like theory. It provides principles and methods of analysis, reasonable heuristics, and ways of description, rather than productive rules.” (360)

Todo o tratado teórico-práctico comentado ata agora complementábase cunha extensa lista de referencias bibliográficas, un índice do corpus fraseolóxico empregado ordenado alfabeticamente por (a) idioma e (b) palabra chave, un índice temático e, finalmente, un índice dos autores citados.

Figurative Language é un traballo baseado nun corpus importante no que se aprecia en todo momento, por unha banda, o rigor e exhaustividade dos seus autores na síntese de conceptos, metodoloxías e puntos de vista procedentes de eidos ás veces moi distantes entre eles; e, por outra banda, claridade, precisión e fundamentación na exposición das novas ideas achegadas por eles. Esta obra representa, sen dúbida, un paso teórico importante para a lingüística cultural e contrastiva.

Cristina Veiga Novoa

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

LUQUE DURÁN, J. de D. e PAMIES BERTRÁN, A. (eds.) (2005): *La creatividad en el lenguaje: colocaciones idiomáticas y fraseología*. Granada Lingüística, Granada, 484 páxs.

Baixo o atraente título de *La creatividad en el lenguaje: colocaciones idiomáticas y fraseología*, Juan de Dios Luque Durán e Antonio Pamies Bertrán, directores da colección *Collectae* de Granada Lingüística, ofrécennos unha miscelánea de 25 traballos de recoñecidos especialistas no campo da fraseoloxía de ámbito nacional e

internacional. Neste compendio de artigos, que se insire no ronsel de anteriores publicacións da mesma serie como *Léxico y fraseología* (1998), *Trabajos de lexicología y fraseología contrastivas* (2002) e *Fraseología y metáfora* (2002), e que ve a luz coa vontade, en palabras dos editores, de “*avanzar un poco por los agrestes senderos de las colocaciones, locuciones, paremias y otras unidades que constituyen el objeto de esta disciplina lingüística*”, atopamos colaboracións de diferente natureza, pero que comparten a fraseoloxía como campo de estudo: no ámbito da paremioloxía, **Julia Sevilla Muñoz** e **M^a Teresa Barbadillo** (*El máximo y el mínimo paremiológicos y sus implicaciones didácticas*) reflexionan sobre a pertinencia e a utilidade da obtención do mínimo e do máximo paremiolóxicos do español, así como as súas posibles aplicacións na didáctica da lingua, mentres que **Olga Tarnowska** (*El mínimo paremiológico en la lengua española*) ofrécenos os resultados dunha súa enquisa verbo deste tema, realizada como parte da súa tese de doutoramento; **Mirella Conenna** demóstranos a relevancia da descrición minuciosa das transformacións cronolóxicas dun refrán en *Acerca de la historia de los proverbios* e **Frantisek Cermak** ofrécenos un estudo estatístico nas linguas inglesa e checa sobre *Introdutores textuales en paremias y otras unidades fraseológicas*. De raíz tamén estatística, aínda que referido a colocacións e modismos, é o estudo de **Antonio Pamies Bertrán** e **José Manuel Pazos Breña** *Extracción automática de colocaciones y modismos*⁵, que toma como corpus de traballo o texto do Quixote.

A pertinencia da análise fraseolóxica para outros campos da lingüística –neste caso, a gramática–, queda patente en *La relación de consecutividad en español desde la óptica fraseológica*, de **Esteban Tomás Montoro del Arco**, artigo que se enmarca dentro da reflexión metalingüística, á que tamén se adscriben *¿Qué significado podemos atribuir a las unidades fraseológicas?*, de **Gerd Wotjak**, profunda disertación teórica sobre a clasificación das unidades fraseolóxicas dende unha perspectiva semántica; *Formas rutinarias en los diccionarios didácticos*, de **Barbara Wotjak**, no que atopamos unha análise detallada sobre os tipos de fraseoloxismos e as posibles organizacións internas dos dicionarios, ou *Intertextemas y texto en las lenguas eslavas*, de **Valerii Mokienko**, no que amais da reflexión terminolóxica o autor ofrécenos unha serie de exemplos tirados dos textos bíblicos e de Pushkin e confrontados entre diferentes linguas eslavas.

A comparación interlingüística é a cerna de varios artigos, como no caso de *La oralidad del discurso escrito: la traducción de unidades fraseológicas en Während meine Schöne schläft* de **Gloria Corpas Pastor** e **Jorge J. Leiva Rojo**, en que se explican diferentes estratexias adoptadas polos tradutores fronte a problemas de orde fraseolóxica, ilustrando a explicación con exemplos tirados dunha tradución do italiano ao alemán. En *Europa bajo un mismo techo. La fraseología de los textos europeos* **G. Greciano** estuda un texto trilingüe da Unión Europea poñendo especial atención nas estratexias de creación de metáforas conceptuais en francés e alemán, mentres que en *Convergencias idiomáticas en alemán y español desde una perspectiva cognitivista* **Carmen Mellado Blanco** realiza unha análise exhaustiva dende os postulados da Semántica Cognitiva das similitudes e diverxencias de diferentes estruturas

⁵ Publicado por primeira vez no núm. 6 de *Cadernos de Fraseoloxía Galega*.

fraseolóxicas do alemán e do español. O artigo de **D. Dobrovolskii** *Acerca de la equivalencia translingüística de los fraseologismos* afonda no tema da análise contrastiva dos fraseoloxismos, e nel exemplifícase o uso dos parámetros de comparación fraseolóxica que o autor propón entre unidades fraseolóxicas do alemán e do ruso. Outras achegas coma *Metáfora y fraseología en portugués: cuando la lengua se pretende intraducible* de **Maria-João Marçalo** ou *Colocaciones en árabe y español* de **Nader Al Jallad** e **Isabel Alijo Martínez**, insírense tamén no grupo dos estudos contrastivos: o primeiro dá noticia dun documento portugués do século XVII repleto *ex profeso* de unidades fraseolóxicas intraducibles, e o segundo é unha lista de colocacións da lingua árabe co seu respectivo equivalente en español.

